

Algunhas catas fraseolóxicas nas Cantigas de Santa María¹

Some Phraseological Tastings in the Cantigas de Santa María

María Rosario Soto Arias²

IESP Eusebio da Guarda, A Coruña (España)

ORCID 0000-0002-2689-0828

sotoarias@edu.xunta.es

Resumo: No presente artigo estudaremos 777 unidades fraseolóxicas, incluídas colocacións, tiradas das Cantigas de Santa María de Afonso X o Sabio. Procederemos á análise do seu significado, documentaremos a súa concorrencia noutros textos medievais peninsulares e, especialmente nos casos dúbidosos, rastreamos a súa presenza nos corpus do portugués e brasileiro modernos. A existencia, hoxe en día, de variantes fraseolóxicas próximas e o alto índice de conservación de frases afonsinas en galego actual permítenos non só constatar o grao de conservadorismo lingüístico do noso idioma, senón tamén corroborar a idea de que o texto das Cantigas é un óptimo modelo literario en que a lingua de Galicia se ve espellada, un modelo de grande riqueza léxica e de viva expresividade.

Palabras clave: Unidade fraseolóxica, cantiga, léxico, variante fraseolóxica, conservadorismo lingüístico.

Abstract: In this article we will study 777 phraseological units, including collocations, extracted from the Cantigas de Santa María by Alfonso X el Sabio. We will proceed to the analysis of their meaning, we will document their concurrence in other medieval iberian texts and, especially in doubtful cases, we will trace their presence in the corpus of modern Portuguese and Brazilian. The existence, nowadays, of close phraseological variants and the high survival of Alfonso's phrases in current Galician allow us not only to confirm the degree of linguistic conservatism of our language, but also to corroborate the idea that the text of the Cantigas is an excellent literary model in which the language of Galicia is reflected, a model of great lexical richness and lively expressiveness.

Keywords: Phraseological unit, song, lexicon, phraseological variant, linguistic conservatism.

¹ Data de recepción: 10.02.25. Data de aprobación: 14.10.25.

² A Luis González García, en agradecemento pola súa inesgotable paciencia á hora de revisar este artigo e axudar a resolver as dúbidas filolóxicas importantes xurdidas na elaboración do mesmo.

1. Introducción³

Estudaremos 777 unidades fraseolóxicas (UF) tiradas das *Cantigas de Santa María* de Afonso X o Sabio. Unha cifra tan elevada só é posible obtela se aplicamos un criterio amplo, xeneroso, tolerante ata certo grao coa inclusión de casos problemáticos, suxeitos a posibles discrepancias, sempre teoricamente enriquecedoras do debate científico.

Deste grande conxunto de UF, algunhas son colocacións; tal é o caso, por exemplo, de *aver dereito de, aver mester de/que, aver sabor, luz chãa, vinno botado* etc. Algunhas son fórmulas:⁴ *ben venna(de)s, bon dia vosco, mal pecado* etc. Outras son casos dubidosos: a falta de documentación —fóra do texto afonsino— non nos permite asegurar ao cento por cento o grao de idiomaticidade. Son 21 as UF nas que deixamos indicadas as nosas dúbidas: supoñen un 2,7 % do total. Desas 21 algunhas son comparanzas e a dúbida xorde á hora de sabermos a ciencia certa se estamos diante dunha auténtica UF ou se estamos diante dunha imaxe, dun símil literario (*come caldeira, (de noite) come ladrón* etc.). Outras veces, aínda sendo conscientes de que a construción é inusual en fraseoloxía —caso de *quedo quedo*, formado pola repetición literal da mesma voz—, optamos por integrala á vista das variantes combinatorias próximas do galego moderno (*quedo quediño, quediño quedo* etc.).

A permanencia, a subsistencia dun alto número de UF afonsinas na lingua actual é un factor clave no noso estudo: non só nos permite darlle carta de natureza real a unha posible UF medieval, senón que tamén nos reafirma en algo que é sinal de identidade do idioma, o seu grao de férreo conservadorismo. A forza xeratriz do idioma galego (ou galego-portugués, se enfocamos o uso do noso idioma na corte real afonsina como unha derivación lóxica ou unha continuidade natural dunha lírica profana poderosa e brillante que usa esa lingua común occidental ibérica, a chamada galaico-portuguesa) que acha no século XIII un momento de esplendor, proxéctase cara ao futuro e fai que o idioma chegue ao século XXI case diríamos que milagrosamente igual a si mesmo. E iso é así aínda sendo moitas das UF construcións que pivotan arredor dun núcleo léxico e, como sabemos ben, o léxico é un compoñente altamente permeable ás influencias foráneas.

Contabilizamos 245 UF procedentes das cantigas sacras afonsinas que chegaron ata os nosos días, é dicir, que permanecen idénticas en galego moderno. Por exemplo: *a furto, a hũa/unha voz, a eito, a feito, a jornal/xornal* etc. É verdade que o uso a día de hoxe de moitas desas UF varía. A frecuencia de uso dalgunhas delas é moi baixa: *a desmesura, a lecer* (só se documenta no TILG en Blanco Amor), *a pouco tempo, acá nin alá, caendo e levantando, mal nin ben, pobo miúdo* etc. E temos tamén un subgrupo cuxo uso é case que exclusivamente literario: *en poridade, lume dos meus ollos*,⁵ *quer... quer, ter soidades* etc.

³ Neste traballo utilizaranse as seguintes abreviaturas: cast. = castelán, gal. = galego, p. = páxina, port. = portugués, R = refrán, s. = século, s. v. = sub voce, UF = unidade fraseolóxica.

⁴ Para os conceptos fraseolóxicos básicos de *colocación, fórmula, locución* etc. remitimos a Corpas, 1995 e Álvarez, 2003.

⁵ Álvarez Blázquez (2008 [1964], p. 26) estuda a presenza na historia do idioma desa frase (*lume dos meus ollos*), tirada segundo o erudito tudense do romanceiro tradicional.

Estes 245 casos de *permanencia-case-absoluta* supoñen un 31,6 % do total, algo menos dun terzo. Se lles sumamos as que podemos etiquetar como *variantes fraseolóxicas* (UF actuais que implican unha variación mínima a respecto da forma medieval), en número de 97, obtemos unha porcentaxe de *proximidade* ou *permanencia próxima* dun 44,5 %, preto xa da metade do total.

Son exemplo de *variantes fraseolóxicas*: *a cabo de/ao cabo de, a destro/a destra, a la fe/a fe, en maneira de/á maneira de, non lle aver proveito/non lle facer proveito, traer a mal/tomar a mal* etc. Tamén integramos neste apartado UF que cambiaron de significado: *a ollo* ‘á vista’ (lingua medieval) / ‘aproximadamente, a vulto’ (lingua actual), *a poder de* ‘baixo o dominio de’ / ‘a base de’, *a vao* ‘con facilidade’ / ‘en abundancia’, *abrir as orellas* ‘devolver a audición’ / ‘estar atento’ etc.

A lingua das *Cantigas de Santa María*, obra destinada a un público variado pero predominantemente culto,⁶ é unha lingua viva, altamente expresiva a pesar de estar suxeita á métrica e ás necesidades da música. Sempre, ao longo dos anos en que exercemos a docencia, a consideramos un bo modelo de galego literario, antigo pero atraente e eficaz para o autoconecemento de nós, para o coñecemento da idiosincrasia do pobo ao que pertencemos. En certos aspectos identificámonos, os galegos de hoxe en día, na vella lingua do XIII. Velaí as expresións altamente definitorias da morfosintaxe galega: as construcións propias con posesivo (*de seu*), o chamado dativo de solidariedade (*aque-vo-la*) etc. E se hai un eido onde a fala e a creatividade do pobo brilla con forza especial, ese eido é a fraseoloxía.

Na fraseoloxía das *Cantigas* contabilizamos un número alto de núcleos léxicos (entendendo por tales a posición nuclear ocupada por palabras léxicas: substantivos, adxectivos, verbos e adverbios). Dentro dese léxico fraseolóxico hai gran variedade e hai préstamos procedentes doutras linguas europeas; algo esperable, porque neste período histórico os esforzos para recristianizar o sur da península, a forte atracción que exerce a literatura occitana, o Camiño de Santiago e os matrimonios entre nobres e reis cristiáns facilitan un continuo tránsito de persoas e de idiomas polo occidente europeo en xeral, e polo occidente hispano en particular.

Así, na fraseoloxía estudada atopamos provenzalismos (*en baylia, facer-lle o bocin, mais grosso ca de bren, têer en car, en cos, en desden, de dur, come estruz, non fazer falla, seer fis, ben leu, apoer-lle mal prez con, aver todo seu sen, en solaz* etc.), galicismos (*a baldon, hũa billa, mais verde... que dun canbrai, en gage, mais branco ca lis*), arabismos (*a açoutes, de ravata*), xermanismos (*sen guisa*), leonesismos (*tirar de dulta*). Como atopamos tamén fraseoloxía común á lírica profana que vén ao dereiro da ideoloxía do Amor Cortés. Ese é o caso, por exemplo, das UF onde temos como núcleo léxico a *mesura*.

Un caso particular está constituído por determinadas UF, contabilizamos unha vintena, que só se documentan, fóra do texto afonsino, no dominio central peninsular, é dicir,

⁶ Para a cuestión dos destinatarios das *Cantigas de Santa María*, vid. Montoya (1991, p. 105 e ss.) e Fidalgo (2002, p. 87).

en castelán medieval. Vexamos media ducia de casos: *a açoutes* (gal.)/*a açotes* (cast.), *a denodadas* (gal. e cast.), *a dias contados*, *a door/a dolor*, *a grandes pëas/a grandes penas*, *a seu sinal/a su señal*.

Cales son as implicacións deste último caso? Caben catro consideracións: 1. Afonso X ou os autores correspondentes toman neses casos como modelo o castelán; serían castelanismos fraseolóxicos. 2. O feito de que esas UF non figuren nos corpus que manexamos para o galego-portugués pode deberse simplemente ao tamaño dos propios corpus.⁷ 3. O que chamamos castelán medieval xérase nunha conxuntura histórico-política tal que necesariamente se nutre tanto do galego-portugués e do astur-leonés pola banda de occidente como de navarro-rioxano-aragonés pola banda de oriente. É lóxico e esperable que haxa leonesismos, galeguismos ou galego-lusismos en textos casteláns medievais. Ao cabo, a lingua que logo se estandarizará como castelán nace no vello reino astur-galaico-leonés e está en xermolo avanzado antes do 1230 en que Castela se une a León, hai documentación leonesa en lingua romance anterior a esa data.⁸ 4. Hai un substrato común a toda a metade occidental peninsular, un substrato cultural en sentido amplo que xustifica que moitas imaxes fraseolóxicas e moita fraseoloxía en xeral sexa compartida. Na combinación destes factores —minimizando, case que descartando o número 1—⁹ debe xacer a verdade relativa a este punto que acabamos de formular.

Un último aspecto que debemos ter en conta á hora de valorar esta aproximación lingüística ás *Cantigas* é a datación dalgunhas voces. Caso paradigmático é *en gage*. No que nós sabemos para o castelán a datación primeira da voz *gaje* ou *gage* lévanos á década de 1290: a presenza da verba no texto galego adianta a datación nunha década como mínimo.¹⁰

⁷ Sumémoslle os factores histórico-políticos que causaron o silenciamento do galego na escrita durante varios centos de anos a partir da Idade Media. Sen obras malamente se nutrirán os corpus medievais. En calquera caso, os números son os que son: no CGPA hai uns 5.400.000 rexistros (entre prosa notarial, non notarial mais verso) no período que vai entre o s. VIII ao s. XVII (ano 1600); no CORDE, só ata 1492 hai 52.500.000 rexistros, case dez veces máis.

⁸ *escaescer*, *regacho*, *esculca*, *lixos* (*lixos suzios*: Carrasco, 2020, p. 520, nota 12) etc. son voces do galego actual e aí están, en obras do dominio central como *La gran conquista de ultramar*, obra anónima de fins do XIII, principios do XIV. A idea da variación dialectal como factor importante na xénese dun idioma, neste caso do castelán e a idea emparentada de «continuum lingüístico» son manexadas por eminentes lingüistas expertos na historia do español. Hai un bo resumo do estado da cuestión en Montero, 2007.

⁹ É difícil falar de «castelanismos fraseolóxicos» neste período. É moi plausible a hipótese do fondo cultural común. Incluso naqueles casos onde o núcleo léxico non é unha voz derivada do latín, como por exemplo na UF *a açoutes* onde temos un arabismo, non se pode asegurar nada ao cento por cento, toda vez que *açoute/açoutes* se documenta ben en gal.-port. aínda no XV (Fernão Lopes, *Crónica de D. Pedro I*; Dom Duarte I de Portugal, *Leal Conselheiro*, CGPA).

¹⁰ Segundo Corominas (DCECH, s. v. GAJE), *gaje* ‘prenda’ —‘garantía’ no glosario de Carrasco (2020, p. 896) — documéntase por vez primeira na obra *La Gran Conquista de Ultramar*, publicada en 1503 e redactada con toda probabilidade na derradeira década do s. XIII, no reinado de Sancho IV. Para o tema da datación desta obra medieval hai un bo resumo en Carrasco (2020: 33). Con respecto á datación deste galicismo, *gage*, en galego-portugués, atopamos a colocación *prender gage* nun escarnio de Fernán Soarez de Quinhones, datable na primeira metade do s. XIII (1240 é a datación dada por Brea, 1996, p. 332).

2. Unidades fraseolóxicas

De seguido procederemos á identificación e análise das máis de setecentas unidades fraseolóxicas. A edición que utilizamos é a de Walter Mettmann (1986-1989). As citas, entre parénteses, identifícanse polo número da cantiga seguido do número dos versos correspondentes, salvo no caso dos versos que funcionan como refrán (R).

1. **A açoutes** ‘a base de azoutes’: *tan astroso || o fezeran a açoutes | os mouros* (227: 37–38). No cast. medieval do s. XIII documéntase (*echar*) a *açotes* (Afonso X, *Primera partida*, 1256-1263, CORDE). A UF chega aos nosos días.
2. **A baldon** ‘con liberalidade, libremente’: *assi que o leixou entrar a baldon || [...] En ssa casa* (265: 38–40). Documentamos a UF no cast. do XIV co sentido de ‘en abundancia’ (*Todas amortecidos cairán a baldon*: Anónimo, *El poema de José*, c 1370, CORDE), un valor que xa dá C. Michaëlis (DDGM, s.v. BALDON).
3. **A boc’aberta**¹¹ ‘abertamente, sen reparo, de maneira ben audible’: *o padr’a boc’aberta fillou-sse Deus a loar* (337: 43). Na lingua actual a UF perdura con verbos específicos, como por exemplo *rir*.
4. **A (cabo de) + EXPRESIÓN DE TEMPO** ‘despois de (ese tempo), transcorrido ese tempo’: *a quaraenta dias, qual sinal || de lei y acharen, tal a dev’aver* (27: 32–33); *a cabo de seis dias* (43: 77); *a cabo dun ano* (53: 25), (226: 1–2); *A vint’e seis dias tal fever aguda || fillou log’a Musa, que jouve tenduda* (79: 42–44); *a cabo de tercer dia* (193: 26); *a cabo d’ũa (gran) peça* (202: 39), (203: 20); *a cabo de X anos* (247: 1); *a quatro dias guarida || foi* (321: 60–61); *o min’yo morto || foi depois ben a tres anos* (347: 31–32); *depois ben a üu ano / fez oste* (348: 41); *naçeu || e a treze dias des en || aos tres Reys apareçeu* (424: 8–10). Na cantiga nº 353 temos un caso ambiguo: *Depois ben a quinze dias | o menyyno esto fez || cada dia* (353: 61–62); aí parece significar ‘durante quince días’ ou ‘ata quince días’, é dicir, temos unha variante de significado con respecto ao valor xeral estudado.
5. **A cabo/cima do ano** ‘ao finalizar o ano’: *na cima do ano foy-o consigo levar* (16: 83); *Pois ben a cabo do ano | foron aa grand’eigreja* (338: 31). A UF *ao cabo do ano* chega aos nosos días.
6. **A ciente** ‘a sabendas’: *aa Virgen pesa | de quen erra a ciente* (174: R); pode cobrar un valor enfático, de conciencia plena: *a todo seu ciente || deven de bõa mente || dar-lle grandes loores* (409: 38–40).

¹¹ Na ordenación alfabética das palabras con apóstrofo seguimos o criterio informático, é dicir, as formas con apóstrofo preceden as formas ou palabras completas. Para a ordenación non se teñen en conta as parénteses nin os guiños e tocante ás barras verticais considerárase que forman unha especie de composto e irán despois da primeira palabra dese «composto». Por exemplo: *seja* vai antes ca *seja/fosse*. Esa primeira palabra do «composto» feito de barras verticais sempre ten preferencia sobre a mesma forma con guiño; así, *fazer/ prender* vai antes ca *fazer-lle*.

7. **(A) como quer (que seja/fosse/ podesse)** ‘sexa como sexa, en calquera maneira posible, sen reparar en esforzo ou medios’: *Como quer que seja*, || *bõa será esta* (9: 110–111); *e te vaas | comigo a como quer* (42: 69); *Con ele que sse foss’a como quer* (58: 20); *Esta missa, a como quer que seja*, || *oyrei eu toda* (78: 51–52); *seendo fis || que Deus dar-ll-ia como quer* (146: 84); *como quer que lle fosse* (127: 42); *e queria | cobra-lo ja como quer* (216: 12); *como quer que podesse*, // *a ssas costas ou na mão / o levasse*’ (253: 27–28). Outros casos: (265: 77), (356: 17), (382: 52).
8. **A costas** ‘ao carrello, sobre as costas’: *andou*, || *a costas seu velociço* (147: 43–44); *un bordon levasse | de ferro [...]* *a ssas costas* (253: 26–28). Hoxe en día a UF *ás costas* é a máis usada e a única con cabida no dicionario académico.¹² Ese artigo en plural aparece xa en documentación do s. XIII na prosa (*leuar aas costas*: TC, XEL).
9. **A costume (de)** ‘seguindo o modo, a tradición ou as normas (de)’: *diz missa consagrando || a hostia a costume romãa* (69: 42–43); *un mōdesteir’a costume [...]* *D’ordin de San Beeito* (304: 9–11).
10. **A data** ‘ao momento’: *queno rogasse || pola Virgen, contasse || que feit’era a data* (182: 33). A UF indica a inmediatez con que o malfeitor cumpría os rogos en nome da Virxe. No gal. moderno hai contextos específicos onde *a data* equivale a *este momento*.¹³
11. **A denodadas**. Mettmann (DDGM, s. v. DENODADO) dá como valor semántico ‘valentemente’, ao que nós engadiremos ‘con denodo’: *que nos valla || lle roguemos na batalla || do mundo que nos traballa*, || *e do dem’a denodadas* (140: 24–27). Tamén se documenta en cast. medieval (Anónimo, *Libro de Alexandre*, 1240–1250, CORDE, 6 concorrencias). A UF non chega aos nosos días, se ben presenta unha estrutura (preposición *a* + substantivo feminino en plural) recorrente en distintas UF galegas actuais: *a bandadas*, *a regazadas*, *a dentadas* etc. (DdD).
12. **A dereito** ‘recto, sen torcerse; directamente’: *dun cuitelo se feriu eno peito*; || *e non morreu do colbe, ca non foi a dereito* (201: 37). Rexistrámolo na península con este mesmo valor con verbos de movemento: *va a la Cabeça de las Ferrerías*, *e d’allí a derecho como sale a la fuente* (Anónimo, *Carta por la que Fernando III concede un término a la orden de Santiago*, 1248, CORDE); *commo se vay a dereito ao pescoço de Castro Mao, e ende commo diõ a dereito ao coytello vello de Soutullo (San Xoán de Caaveiro, 1252, XEL)*.
13. **A desmesura** ‘de forma desmesurada’: *Fol é a desmesura || quen dulta* (149: R); *ferindo-ss’a desmesura* (198: 16); *foi coitad’a desmesura* (312: 38). A UF é posible documentalada en gal. moderno.

¹² A variante *a costas* non desapareceu da nosa fala: presenta 26 concorrencias no TILG, desde Pintos, en 1853, ata Olga Gallego, en 2001. No CORGA rexistranse 6 concorrencias.

¹³ Así temos: *Até a data fono inútiles as chamadas; Poucas das que se veñen dando dun tempo á data foron tan gabadas (A Nosa Terra, 1917, TILG)*.

14. **Adesora** ‘fóra de tempo, nun momento inoportuno, intempestivamente’: *un vento tan forte | que as abriu a desora* (151: 26); *logo perdeu a fala, | ca Deus ouve del despeito, || que lla tolleu a desora* (163: 14); *ouver’a seer morto | a desora* (322: 18).
15. **A destro (de)** ‘no lado dereito, á man dereita’: *E a seu destro tragia || sigo San Johan* (66: 23–24); *E a destro viu estar da capela* (69: 49); *viu a destro | estar hñas seys donzelas* (75: 93). Na lingua actual diríamos *á (man) dereita* ou, con menor frecuencia, *á destra*.
16. **A Deus loado** ‘grazas a Deus’: *o demo, non pode nosc’, a Deus loado* (267: 58). A UF rexístrase tamén na lírica profana. Chegaron aos nosos días variantes próximas, co verbo *ser*, expresando agradecemento ou alivio (*Deus sexa loado, loado sea/sexa Deus*, TILG).
17. **A días contados** ‘en pouco tempo, pouco tempo despois’: *fogiu e, segund’aprendo, || chegou a días contados [...]* *A Sopetran* (83: 62–65). En cast. antigo documentamos a UF un par de veces: *Quien no se peyna: a días contados se peyna / a dientes regañados* (Pedro Vallés, *Libro de refranes*, 1549, CORDE); *E avn dezimos que podria prometer vn onbre a otro de dar o de fazer alguna cosa ante que finase a días contados* (Anónimo, *Siete Partidas de Alfonso X.*, 1491, CORDE). A UF chegou aos nosos días cun lixeiro cambio de forma e de significado.¹⁴
18. **A door** ‘de forma dolorosa, con dor’: *cuidaron todos morrer a door* (307: 28). Rexístrase tamén en cast. medieval: *morir más de çient vezes mill omes a martirio e a dolor* (Anónimo, *Cuento muy fermoso de Otas de Roma*, c 1300-1325, CORDE).
19. **A eito** ‘de principio a fin, por completo, sen omitir ou deixar nada’: *e atou-llas logo ben todas a eito* (114: 28); *contou-lles [...] com’estedera na forca / tres meses todos a eito* (175: 70–71); *passou ben pelo estreito || d’Algizira e a terra | de Sevilla tod’a eito* (323: 12); *este sonno | lle contava tod’a eito* (345: 92). A UF perdura na lingua actual.
20. **A engano** ‘con enganos, de maneira enganosa ou traidora’: *ca lle deu con un cuitel’a engano* (105: 60). No corpus medieval gal., quitada a UF *chamarse a engano*, ben documentada no XEL, só atopamos un caso máis, *jogadores aengano* (XH, XEL). En troques, a UF que nos ocupa rexístrase con certa frecuencia en cast. medieval: *comol prißiessen a enganno* (Anónimo, *El Nuevo Testamento según el manuscrito escurialense I-j-6*, 1260, CORDE); *matól a engaño* (Afonso X, *General Estoria*, 1275, CORDE) etc.
21. **A envidos, D’anvidos** ‘de mala gana, a contragusto’: *mui d’anvidos s’assanna* (55: R); *muit’a envidos | enton llo outorguei* (169: 48). Xa Carolina Michaëlis (DDGM, s. v. ANVIDOS) deixou dito que *anvidos*

¹⁴ Conserva o valor de ‘pouco tempo’ pero restrinxiu o uso: a día de hoxe só se usa baixo a forma de frase nominal, sen preposición *a*, para indicar o pouco tempo que falta para que algo remate: *ter (algo ou alguén)/ quedarlle (a algo ou alguén) os días contados*. Tamén pode aparecer en frase preposicional: *cos días contados*.

viña de *ad* + *invītus*.¹⁵ No que nós sabemos, a primeira documentación, con redución do grupo *mb*, en romance peninsular é do XII: *yo más non puedo e amidos lo fago* (Anónimo, *Poema de Mio Cid*, c. 1140). A UF rexístrase tamén na lírica profana e mais na prosa medieval: *mays a envidos ca de grado* (TC. Ápud XEL).

22. **A escuso/scusa/scuso** ‘ás escondidas’: *foi-sse per un logar || a’scuso* (212: 33–34); *pareceu non a escuso* (214: 47); *que non morresse de fame | a scusa polos rancões* (305: 53). A UF *a escuso* consérvase en gal. moderno (DdD).
23. **A fegura de** ‘a semellanza de’: *Deus a fegura de ssi / fez o ome* (293: 5). Vid. **En figura de**.
24. **A feito** ‘en gran número, en abundancia; moito’: *e ela logo ll’apareceu || con gran poder de Santos afeito* (15: 89–90); *porende loaron a Virgen afeito* (77: 43). Noutros casos o valor é ‘de principio a fin, por completo, sen omitir nada’: *Contando-lle tod’a feito* (309: 45). Vemos que a ortografía pode ser conxunta. Na lingua actual perduran estes valores: *temos parrafeado longo e a feito* (*O tío Marcos da Portela*, 1877, TILG), *pasar os anos a feito* (Pla Zubiri, *A tola de Covas*, 1917, TILG).
25. **A fita** ‘coa máxima velocidade’: *mando / que vaades tod’a fita* (386: 51). Concordamos con Mettmann (1989: 288) cando propón ese valor semántico para a UF e a relaciona coa construción máis ampla *a espora*

fit. Esta última documéntase na prosa afonsina en cast.: *E cavalgaron e, a espuela fita quanto pudieron fuéronse pora casa de su padre* (*General Estoria*, c 1275, CORDE). Nesa mesma obra volvemos atopar *a fita* mais cunha acepción lixeiramente distinta, cremos que de carácter secundario:¹⁶ *si a so thio auie y fincado algo todo lo leuo el dend a fita. cuemo qui rae alguna cosa* (*General Estoria*, 1275, CORDE). Aquí claramente o valor aproxímase ao da UF galega *a treo* ‘(arrasando) sen consideración ningunha’, é dicir, moi próximo este valor ao de ‘totalmente, por completo’ e esa é a noción que talvez se desprenda da documentación máis antiga que temos da UF: *perdió el sol la lumne, estido embargado, / de todo so oficio afito despojado* (Berceo, *Vida de San Millán de la Cogolla*, c 1230, CORDE).

26. **A fondo** ‘ata o fondo, ao fondo’: *non quis Santa Maria | per ren que sse foss’a fondo* (215: 51). Documéntase tamén na prosa medieval: *enviárõno a fondo* (CT. Ápud XEL).
27. **A forza** ‘á forza, contra a propia vontade’: *fez tirar a forza do sagrado* (164: 3); *a forza per cabelos | do caminno a sacara* (355: 77).
28. **A for(o) de** ‘segundo lei, estilo ou costume de’: *luitavan e fazian | gran festa, a for d’España* (198: 12); *grand’esforço fillou, a foro d’España* (225: 23). No segundo caso, Mettmann (DDGM, s. v. FORO) ve un valor semántico especial, unha especie de UF sinónima de *abofé*, valor aseverativo.

¹⁵ En latín había un adverbio *invītō* ‘contra vontade’ e un adxectivo de tres terminacións *invītus*, *-a*, *-um*, para referirse a quen actúa contra vontade ou a cousas feitas contra vontade (Gaffiot, 1934, p. 854).

¹⁶ Se *fit* < *ficta* (part. de FĪGĒRE) ‘fincada’ (R. Lorenzo, DDGM, s. v. FITO), a acepción primaria sería a máis próxima a *a espora fita/fincada*, é dicir, á acepción que implica velocidade.

Nas *Partidas* o rei Afonso X encadra o foro dentro das fontes do dereito, mais tamén xunto co uso e o costume. Son os valores básicos. Pero sen dúbida a UF *a foro de* tivo un uso polisémico que a día de hoxe non podemos asegurar que coñecemos ao cento por cento.¹⁷ Corominas (DCECH, s. v. FUERO) recolle o significado, emparentado co uso e costume, de ‘á maneira de’. Non vemos motivo para non interpretar así a expresión na cantiga nº 225. A raíz ESFORÇ- presenta 349 concorrencias no corpus medieval XEL. Cabaleiros, reis, personaxes relixiosos como Santiago, son esforzados ou se esforzan tanto na fe como nas guerras neste século. Así que, concluímos, o sacerdote compórtase coma un español digamos prototípico: bóttalle valor, fai un grande esforzo e traga o viño coa araña dentro (*E viu no caliz | jazer hũa grand’aranna || dentro no Sangui nadando, | e teve-o por estranna || cousa; mais mui grand’esforço | fillou, a foro d’Espanna, || e de consomir-lo todo | non vos foi mui vagaroso*). Dito con outras palabras, ao esforzarse con valentía adopta unha actitude propia dun español tal como se concibía na época.

29. A furto ‘ocultamente, ás agachadas’: *foran | a furt’ereges prender* (156: 10); *llo foi a furto meter* (212: 29); *a matara a furto* (213: 29); *passou el come a furto* (215: 11); *vender a furto* (366: 36).

30. Agran brio ‘con gran valor, con moita pompa’: *esta terra foi de meu poderio, || e meu linnage a mantev’a gran brio* (65: 200–201). Nas *Cantigas* é máis frecuente documentar *con gran brio* pero con *a* rexístrase tamén na prosa medieval: *et coroado a grãde onrra et a gram brio* (HT. Ápud XEL).

31. A (gran) maravilla, A maravilla fera ‘extraordinariamente, ata un punto inimaxinable’; [con verbos de lingua] ‘moi ben, con todo luxo de detalles’: *O meny’a maravilla | er’apost’* (6: 17); *contar-vos-ei end’a gran maravilla* (19: 8); *o amava / a gran maravil[l]a fera* (221: 17); *a maravilla fera || amava Santa Maria* (312: 16). Outros casos: (75: 68), (125: 15), (238: 4), (257: 5), (273: 43), (292: 93), (342: 17), (348: 50), (349: 11), (366: 16), (367: 27), (375: 21), (379: 40).

32. Agran pëa, A grandes pëas ‘con moito esforzo, con moito padecemento’: *sayron en por escapar [...] en un batel a gran pëa* (112: 28–30); *pera Santiago | ssas jornadas fillavan, || e a mui grandes pëas | alá con el chegavan* (218: 31–32); *pelos cabelos a tirou | do camy’a gran pëa* (237: 40). Non volvemos documentar a UF nos corpus medievais. Si se documenta *a grandes penas* 9 veces en cast. antigo, 6 na obra afonsina (complementando sobre todo verbos coma *morir* ou *matar*), 1

¹⁷ Na TC, por exemplo, lemos: *chegarõ a foro de Galliza, cõ muytas naues, os normães*: aquí alude á xurisdición de Galicia, ao territorio galego. E nestoutro caso atirado do CORDE (Afonso X, *Estoria de España*, 1270-1284): *Et si lo non fizieres seras assi como dizen a fuero de Castiella aleoso. Et al fuero de francia Bauzador & engannador*, estamos convencidos de que o valor fraseolóxico de *a(l) fuero de* se asemella moito á UF actual ‘na miña terra, na miña casa’, cast. ‘por mis pagos’. Desde este punto de vista resulta interesante constatar que ambas frases aparecen en correlación semántica no escarnio de Afonso Eanes: *Pero juro-vos que non sei | ben este foro de Leon, | ca pouc’á que aqui cheguei; | mais direi-vos ña razon: | en mia terra, per boa fê, | a toda molher que prenñ’é | logo lhi dizen: Ten baron!* (Afonso Eanes do Coton, 1240, XEL, subliñado noso).

- caso no XIV e 2 no XV. A medida que avanzamos no tempo vemos derivar o uso fraseolóxico cara ao valor do cast. actual *a duras penas*,¹⁸ perdendo algo do seu valor recto, de sufrimento físico; así por exemplo: *fue tan rustico e rudo de ingenio, que con toda diligencia e industria de sus maestros a grandes penas pudo aprender gramatica* (F. Pérez de Guzmán, *Mar de Historias*, 1455, CORDE).
33. **A (gran) tempo** ‘ao cabo de moito ou bastante tempo’: *E depois a gran tempo | avêo outra vez* (169: 33); *Mas depois a tempo lles avêo mal* (187: 34). A UF rexístrase tamén na prosa medieval: *Depoys, a tempo, leuoo dalj para Leõ seu fillo dõ Afonso* (TC. Ápud XEL).
34. **A (gran) traizon** ‘de maneira traizoeira, por medio da traizón’: *sacaron-ll’ os ollos a gran traizon* (138: 20). No gal. medieval só se documenta co cuantificador; en cast. do s. XIII rexistramos *a traizon* (4 concorrencias no s. XIV, CORDE). Na lingua actual, en troques, a UF *á traizón* non se pode cuantificar.
35. **A gran voz** ‘con voz alta’: *diss’a gran voz* (69: 101). Vid. **En voz alta**.
36. **A grand’ affan** ‘con moito afán’: *levando-os ambos a grand’affan* (275: 25).
37. **A grandes braados** ‘dando berros’: *a grandes braados ya* (383: 46).
38. **A guisa de** ‘á maneira de’: *muit’a guisa de chrischãos* (309: 66).
39. **A hũa parte** ‘separadamente, á parte’: *Quando foron ambos a hũa parte, fillou-s’a chorar* (5: 54).
40. **A hũa voz** ‘de común acordo’ (Barreiro, DDGM, s. v. VOZ), ‘ao unísono, ao mesmo tempo’: *todos a hũa voz || en terra se deitaron* (419: 150).
41. **A jornadas tendudas** [pondera a celeridade do movemento, así como o espazo percorrido]: *e correndo de randon || foi a jornadas tendudas, || come sse con aguillon || o levassen* (31: 51–53). A UF segue o modelo *a + jornadas + participio/adxectivo*, frecuente en cast. medieval: *a jornadas ssabidas* (1ª documentación: Anónimo, *Espéculo de Alfonso X*, 1260, CORDE), cuxo significado hai que sobreentender, xa que non atopamos por ningures unha explicación clara. Valéndonos dunha construción posiblemente sinónima na prosa medieval galega, *rrogandollis que ficassem y alguus dias; mais eles disserõ que o nõ podiã fazer, ca yam a muy grã pressa suas iornadas que tijnã postas* (TC. Ápud XEL), entendemos que son xornadas predeterminadas de antemán, o cal implica un tempo limitado que non permite demora, de tal xeito que os valores semánticos da UF integrarán, por extensión, unha acepción secundaria do tipo ‘sen máis dilación, rapidamente’, ao igual que *a jornadas contadas* (7 concorrencias no CORDE, ss. XIV e XV, con valor semellante). Esa mesma frase, a das xornadas *sabidas*, localizámola igualmente en gal. medieval: *Et tomou*

¹⁸ Unha UF (*a duras penas*) que penetra tamén, malia estar considerado un castelanismo fraseolóxico, na lingua galega. Hai 29 concorrencias no TILG e 101 no CORGA. En troques, as UF con *gran(des)* non chegaron aos nosos días.

- seu camño de jornadas sabud[a]s para Toledo* (TC. Ápud XEL). Con verbos de movemento documéntase, por último, *a muy grandes iornadas* (1ª documentación en gal.: 1295, TC)/ *a grandes jornadas* (1ª documentación en cast.: 1320-1322, Juan Manuel, *Crónica abreviada*, CORDE), UF que tamén pondera a celeridade. Rexistramos a UF antonímica: *[a] iornadas pequenas* (TC. Ápud XEL).
42. **A jornal** ‘recibindo un salario conforme ao traballo feito nun día’: *ouve de fillar || jornadas grandes no dia, | como quen and’a jornal* (235: 52–53). En cast. a primeira documentación que coñecemos é tamén do s. XIII: *qui labrara a iornal, en esse dia sea pagado* (Anónimo, *Fuero de Cáceres*, c 1234–1275, CORDE). Na lingua actual consérvase a UF (*andar*) *a/ao xornal*. Mettmann (DDGM, s. v. JORNAL) entende *jornal* ‘viagem’ nesta cantiga nº 235 pero non o vemos acertado.
43. **A la fe, Per (bõa) fe** 1. [valor exclamativo, admirativo e aseverativo] ‘en verdade volo digo’: *Alegria, alegría ... || Grand’alegria, a la fe* (425: 25), (162: 7).
2. ‘abofé, con certeza, en verdade’: *Sei por nos, pois que bẽeit ‘é || o fruito de ti, a la ffe* (80: 19–20). Outros casos: (103: 55), (121: 25), (125: 95), (135: 104), (142: 51), (185: 67), (230: 17), (245: 92), (251: 101), (265: 92), (281: 62), (292: 63), (296: 26), (311: 23), (400: 22), (415: 11), (418: 14). Na lingua actual rexístrase a UF *a fe*.
44. **A mea/meya noite** ‘arredor das doce da noite’: *a meya noite s’ergeu* (59: 55); *e a mea noite aque-vo-los santos* (65: 151). Na prosa medieval rexistramos catro concorrencias de *aa meya noyte* e un caso de *aa meyanoite* (TC. Ápud XEL). O criterio académico actual favorece a forma *á medianoite*.
45. **A medo** ‘con medo’: *E entrou en el a medo* (94: 78). A UF documéntase tamén en cast. medieval: *viste a alguno que esté a miedo* (Anónimo, *Calila e Dimna*, 1251, CORDE); *non me seas tu a miedo* (Afonso X, *General Estoria*, 1280, CORDE).
46. **A mēos de (+ INFINITIVO)** [valor adversativo] ‘agás que (+ SUBXUNTIVO)’: *non pude entrar na eigreja, a mēos de sse confessar* (217: 2–3). Na prosa medieval documéntase tamén a UF seguida de frase nominal: *que me nõ atreuj de chegar a el a mēos de seu mandado* (TC. Ápud XEL).
47. **A mesura de** ‘á medida de’: *vestidura || que trouxe de Parayso, || ben feyta a ssa mesura* (2: 11–13). A UF documéntase tamén en Berceo: *A mesura del cuerpo fue la peña tajada* (*Vida de San Millán de la Cogolla*, c 1230, CORDE).
48. **A meu/teu/seu prazer** ‘ao meu/teu/seu gusto’: *fez obras noit’e dia || senpr’a meu prazer* (11: 50–51); *dar-ch-ei quanto || quiseres, tod’a teu prazer* (25: 44–45); *era ben casad’e [a] seu prazer* (131: 14); *ambos deron || sa filla a marid’a seu prazer* (255: 26–27). Vid. **A seu talan**.
49. **A mui gran pressa** ‘á présa, con rapidez’: *a mui gran pressa vëera* (31: 70). En textos medievais en prosa documentamos a variante *a presa* (TC. Ápud XEL).

50. **A (mui) gran sabor** ‘moi a gusto’: *pelo mar yan | todos a mui gran sabor* (35: 45); *na eigreja u os outros | entravan a gran sabor* (217: 14); *e seend’a gran sabor* (361: 41).
51. **A (muy gran) viltança** ‘de forma deshonrosa ou vergonzosa’: *prende u poren morte a muy gran viltança* (136: 11). Documentase tamén na prosa medieval: *morrer longe de gente a desonra e a viltança* (Chrétien de Troyes, *A Demanda do Santo Graal*, 1245-1265, CGPA).
52. **A noite e (o) dia**: ‘todo o tempo, continuamente’: *que sempre por nos roga a Deus a noit’e dia* (201: 8); *a noit’e o dia*: (365: 12, 19), (370: R). Vid. **Noit’e dia**.
53. **A ollo** ‘á vista, ante os (seus) ollos’ (R. Lorenzo, DDGM, s. v. OLLO): *viian da nave / muitos a ollo morrer* (313: 29). Mettmann (DDGM) dálle o valor de ‘a ollos vistos’ pero non parece o caso. A UF ‘a ollos vistos’ modifica verbos que indican procesos graduais¹⁹ ou verbos que expresan accións que convén ocultar ou provocar. Non negaremos que un certo grao de énfase se percibe no uso da UF, quizais un valor fraseolóxico máis próximo a ‘(vian) cos propios ollos’. Un exame detido do uso de *a ollo* na prosa medieval confirma esta idea e incluso podemos engadir a acepción ‘a simple vista’: *nō quero aquí mayz rrazōar, ca o que a ollo parece nō a mester outras prouas* (HT. Ápud XEL); *Agora ueio que sōo preso et catiuo et a ollo ueio o meu grã dāno, ca eu quero amar quen me desama mortalment* (CT. Ápud XEL).
54. **A pan e agua** ‘sen tomar outro alimento máis ca o pan e sen beber máis ca auga’: *jajūava os sabados e as sas festas a pan e agua* (237: 4). En cast. a primeira documentación, no que nós sabemos, é *a pan et agua* (D. Juan Manuel, *Libro de los estados*, 1327, CORDE).
55. **A par** ‘á vez’: *à omagen enton / viu duas tetas a par* (46: 63–64); *entravan y os outros, dous e tres a par* (98: 21); *e o sangui lle sayiu / da lingu’e delas a par* (101: 36–37); *morreron eles a par* (353: 104).
56. **A par (de), Par de** ‘cerca de; en situación de cercanía e igualdade’: *foi nos Ceos por el corōada, || e a par dele see* (150: 19); *sobia || ao ceo, u sē con el a par* (180: 50–51); *a par dūa | vila [...] ay un [rico] mōesteyro* (222: 16–18); *viu-o par da eigreja* (228: 29); *Outra don’a par desta | morava* (241: 14); *a par da eigreja | pousaron* (344: 19); *seu Fillo quando a pōer || foi enos çeos a par de ssi* (427: 65).
57. **A pares** [valor ponderativo, abundancial] ‘de dous en dous’: *miñōs a pares, || que Erodes maldito || fez matar* (403: 14–15). A UF chega aos nosos días.
58. **A pe** ‘(camiñando) sobre os pés, apoiándose nos pés’: *E deceu dele a pe* (121: 27), *a pe sobelo mar | andou* (236: 4–5). Na lingua medieval a UF tamén se documenta con función adxectiva; frecuentemente cobra valor por oposición a ‘(de) a cabalo’: *gente a pe* (HT. Ápud XEL). Vid. **De pe**.

¹⁹ *Incha a ollos vistos, diminúe a ollos vistos, enfraquecía a ollos vistos* etc. (exemplos tirados do TILG).

59. **A pe de** ‘ao lado de, preto de’: e *San Basill’a pe dũa serra* || *sayu a el* (15: 27–28). Outros casos: (52: 15), (107: 46), (191: 16). Na lingua actual tamén a documentamos, xunto con estoutras variantes: *ao pé de*, *pé de*.
60. **A (per) poucas, Per poucas (que)** ‘por pouco, case’: *a per poucas dos pees* | *os dedos non lle queimou* (53: 16); *a poucas tornou sandeu* (64: 51); *e con pesar del per poucas morreu* (17: 16); *per poucas que de sanna sandeu tornou* (317: 46). Outros casos: (21: 27), (58: 37–38), (73: 41), (125: 59), (168: 29), (343: 30–31), (381: 8). Vid. **Per pouco**.
61. **A perfia**. Álvarez de la Granja (2005, p. 33) achega dous valores básicos: 1. A porfia, competindo, 2. Persistentemente, tenazmente. Son apropiados para os numerosos exemplos das *Cantigas*: *obrar* || *na touca a perfia* (18: 48–49); *rezaron [...] todos a muy gran perfia* (187: 26–27). Outros casos: (20: 20–22), (143: 52), (187: 27), (211: 48), (214: 15) (255: 105).
62. **A pesar de** ‘causándolle pesar a, contra o desexo de’: *Prijon forte nen dultosa* || *non pod’os presos tēer* || *a pesar da Groriosa* (106: 2–4); *encobriu os danos*, || *a pesar do dem’astroso* (273: 53); *a tornar o que fillaram* | *a pesar da Madr’* (379: 42).
63. **A poder de** ‘baixo o dominio de’: *eno día do joyzo* | *estarás a sseu poder* (238: 41). Vid. **En poder (de)**.
64. **A pouca (de) sazón** ‘pouco tempo despois’: *A mui pouca de sazón* || *catou seu irmão a ssa moller* (5: 33–34); *Santa Maria en vison* || *se mostrou a pouca sazón* || *a un prest’* (24: 29–30); *foi bispo a pouca sazón* (87: 52).
65. **A pouco pois que** ‘ao pouco de (+ INFINITIVO)’: *a pouco pois que naceu*, || *dũa forte fever mui cedo morreu* (21: 25–26).
66. **A pouco rato** ‘ao pouco tempo’: *Mas a pouco rato ouve de fñar* (123: 30); *A pouco rato pois esto* | *vyu gran peça de crischãos* (325: 59). En cast. esta UF non a documentamos ata o s. XIV (Juan Manuel, *El Conde Lucanor*, 1325-1335, CORDE) pero *poco rato* aparece xa no XIII (*ante de poco rato*, Berceo, *Vida de Santo Domingo de Silos*, c 1236, CORDE). R. Lorenzo (DDGM, s. v. RATO) considera ocasionais as concorrencias de rato²⁰ na lingua medieval (2 UF na obra afonsina en gal., 1 na TC).

²⁰ A día de hoxe nin *rato* (< RAPTUS) nin a súa fraseoloxía entran a formar parte do léxico estándar do gal. Todos os membros desta familia léxica son cualificados de castelanismos. Porén, hai que ter en conta, dunha banda, que a súa presenza está documentada en territorio portugués: J. Leite de Vasconcellos, estudando dialectos alentejanos, deixou dito no s. XIX: « *Rato, pedaço, bocado*. – *Em Tras-os-Montes é mui vulgar dizer-se um rato, por “um momento”* » (Leite de Vasconcellos 1896: 72). E doutra banda, vemos un uso ricaz no TILG, un uso avaliado por plumas maxistras (Risco, Carré Aldao, Fole, Ferrín...): *A/Ao pouco rato* (17 concorrencias), *a ratos* (9), *D’eilí outro rato* (1), *Despois dun rato* (3), *este rato* (1), *fai rato* (2), *hai rato* (3), *longo(s) rato(s)* (1), *mal(os) rato(s)* (10), *matar o rato* (1), *millores ratos* (1), *nun rato* (2), *ó cabo dun rato* (4), *os malos ratos botá-los de présa* (1), *os peores ratos* (1), *outro rato* (1), *(quedar/ter) para rato* (5), *pra rato* (3), *pasar o/pasa-lo rato* (4), *ratos amargos* (1), *ratos de lecer/leser/vagar* (3), *tanto rato* (1), *todo o rato* (3), *un bo/bon rato* (21), *un ratiño* (23), *un rato* (51), *on rato largo* (1). Total: 181 concorrencias da voz *rato* (< RAPTUS) no TILG. E aínda que algunha UF si que nos parece claro calco fraseolóxico do cast., como é o caso de *un rato longo ganas* ‘moitas ganas’, tamén percibimos expresións que teñen o celme da lingua popular: *hai eiqui menos un rato qu’estou quentand’as canelas* (Schubart / Santamarina, *Cancioneiro popular galego*, 1988, TILG).

67. **A pouco tempo, A poucos (de) dias** ‘pouco tempo despois’: *o moç’a pouco tempo | ña gran fever morria* (331: 20); *log’a poucos de dias | ela se sentiu prennada* (43: 27); *a poucos dias* (25: 78), (64: 86), (189: 22), (218: 55), (312: 56), (345: 106).
68. **A pregon** ‘anunciando publicamente algo de maneira que todos o oian e saiban’: *e fez chamar a pregon, | e gentes foron vñudas* (31: 72–73). Vemos no corpus medieval que a UF se constrúe xeralmente cos verbos *andar* e *chamar*. Non perdura a UF na lingua actual, aínda que si se usa o substantivo (*botar o pregón, facer (o) pregón* etc.).
69. **A preto (de)** ‘a carón (de), cerca (de)’: *E log’y a preto | un leon, u jouve, || achou* (9: 78–79); *Vila-Sirga, || que a preto de Carron || é duas leguas* (31: 8–10); *viu a preto do altar seendo || a Virgen* (69: 87–88); *muit’a preto de Xerez* (371: 7).
70. **A redro** ‘para atrás, cara a atrás’: *nunca irá adeante, || ante tornará a redr[o]* (297: 45–46). No que nós sabemos, as primeiras documentacións en romance peninsular da UF *a redro* aparecen nos foros como o de Castelo Rodrigo, escritos en romance noroccidental ibérico.²¹ En gal. moderno *a redro* dá lugar á unidade léxica de tipo sintético, o adverbio *arredro* ‘atrás, detrás’, que se documenta desde Sarmiento ata Pintos e Cotarelo (TILG).
71. **A sabor de** ‘a gusto de’: *deu-ll’end’a seu sabor* (102: 30); *reyn’a seu sabor* (401: 46).
72. **A saluçadas** ‘dando grandes saloucos’: *chorando a saluçadas* (323: 33).
73. **A’scodudas** ‘ás escondidas’ ou ‘a golpes, dando sacudidas’: *sen ferilo de baston || nen d’aguillon a scodudas* (31: 67–68). *Ás escondidas* é a interpretación de Álvarez de la

²¹ Para Cintra (1984, p. 503) os foros foron escritos por un galego con influencia do leonés ou que tentaba escribir en leonés, para Monteagudo (2007, p. 285) «unha mestura máis ou menos borrosa, segundo o texto, entre o latín notarial, o galego e o leonés». Así documentamos a frase no Foro de Castelo Rodrigo, datado en 1235, se ben Adolpho Coelho (1874, p. 68) o data en 1209; en calquera caso non cabe dúbida de que os foros como o de Castelo Rodrigo, dados na zona de Riba de Coa, son dos primeiros debidos ao celo organizativo e codificador de Afonso IX. Velaquí a frase: *Tod omne que a redro parte prindare o parare fiel, sillo poder firmar, peyte* (XEL; Cintra, 1984, p. 37). Esa fórmula xurídica, *a redro parte*, tamén se documenta no foro de Salamanca, Coria e Usagre, sempre en territorio occidental ibérico. Nestes textos *a redro* chega en ocasións a formar parte dunha composición, *redro parte*, con significado propio, ‘volta atrás, reconvenção ilegal’, o cal ao noso modo de ver implica que a UF *a redro* xa existía de antigo na lingua xeradora en cuestión, galego-leonesa ou galego-portuguesa/leonesa. A composición (*a redro parte*) entra en relación paradigmática con outros compostos que perduran no dominio central ibérico como son: *a retro tiempo* ‘volvendo a vista atrás’, unha UF moi rara en cast. (pero que se pode documentar, por exemplo, en Unamuno e en Diego Catalán [1974, p. 6]; Unamuno úsaa nun artigo de prensa publicado en 1934, https://gredos.usal.es/bitstream/handle/10366/102221/CMU_11-133.pdf?sequence=1&isAllowed=y e na obra teatral *El otro*, https://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/el-otro-785995/html/1a509dc7-280e-4bd1-9b0a-44c0849919e7_2.html), *a redro pelo* (Juan Manuel, *Libro de la caza*, 1337-1348, CORDE), *a(l) redopelo* (UF que acha a súa correspondencia no gal. *a rodopío*, rexistrable en Sarmiento).

Canto á UF *a redro*, tal como aparece nas cantigas afonsinas, en cast. medieval documéntase *a redro* desde o XIV ata o XVII, especialmente na fórmula esconxuradora *Vaya Satanás a redro* (Sor Juana Inés de la Cruz, *Inundación Castálida*, 1689, CORDE, derradeira documentación nos corpus académicos para a devandita fórmula en cast.), expresión que en gal. actual se enuncia cun latinismo (*Vade retro*), rexistrable no CORGA.

- Granja (2005, p. 26). A variante con *s* líquido documéntase en cast. do XVII: *de noche, a scondidas* (San Juan Bautista de la Concepción, *Algunas penas del justo en el camino de la perfección*, 1613, CORDE). Porén, a acepción ‘a golpes’ cádralle mellor ao contexto. En textos medievais fábase precisamente das varas *escodidoyras* (A. López Ferreiro, *Foros municipais de Santiago*, 1400, XEL), o cal parece un argumento non nimio, tendo en conta que tamén na cantiga nº 31 se fala dunha vara ou aguillón. Eligio Rivas, s. v. ESCUDIR ‘sacudir, varear’ (DdD) dá como étimo lat. *excutere*, como fixera tamén García de Diego (1943, p. 77).
74. **A semella de** ‘parecido a, á maneira de’: *un vermen a semella / destes de sirgo* (68: 56–57); *a semella / dũa anguia* (368: 52–53). A lingua actual apenas conservou o substantivo *semella*.²²
75. **A semellante de** ‘de maneira semellante a’: *fora feita / a semellante dela* (264: 31–32); *A primeyra era ouro, coor rica e fremosa / a semellante da Virgen* (384: 16). Documéntase a UF tamén en cast. do XIV e XV: *a semeiante del gobernado* (Anónimo, *Sevillana medicina de Juan de Aviñón*, 1381, CORDE); *vno es vitreo por quanto sea a semeiante del vedrio* (Anónimo, *Arte complida de cirugía*, 1450, CORDE). Na lingua actual rexístrase *a semellanza de* (77 concorrencias no TILG).
76. **A seu colo, Ao colo** [modificando o verbo *trager*] ‘colgado do pescozo’: *que ao colo trouxera* (158: 30); *tragia || a seu colo* (299: 16).
77. **A seu dano** ‘para o seu mal’: *que o fillou a seu dano* (2: 61).
78. **A seu mandar** ‘baixo o seu dominio’: *Egito e Alapa | avia a seu mandar* (165: 11). A UF documéntase ben na península e chega unha variante próxima aos nosos días.²³
79. **A seu sen** ‘a súa vontade’ (Mettmann, DDGM, s. v. SEN): *non tñyan que era ren, || se daquele bõo vño | non bevessen a seu sen* (351: 25–26).
80. **A seu sinal** ‘conforme as indicacións de’: *en ricos mōimentos | os fez ambos sepelir, || obrados mui ricamente | cada ùu a seu sinal* (292: 53–54). Mettmann (DDGM, s. v. SINALE) entende ‘(obrados) segundo os trazos corporais de cada un’. Porén, cabe pensar que o rei Afonso deu indicacións concretas para a amentada obra en honra dos seus pais. Esta interpretación vese apoiada por algúns exemplos da documentación medieval peninsular: *ueniessen a su signal* (Anónimo, *Relación de capitulares [Documentos de la catedral de León]*, 1270, CORDE); *que por señal del capitán peleen e a su señal se retrayan* (Alfonso de

²² Só documentamos un caso: *tirémo-la touca derradeira qu’encobre aínda a ialma da muller galega, e a semella do que tira a cubrición dun cadro, corrámo-lo lenzo* (revista Nós, 1921, TILG).

²³ En cast. baixomedieval: *pertenece a su mandar e non al tuyo* (Anónimo, *Crónica de Sahagún*, c. 1255, CORDE); *touieron toda la tierra a su mandar* (Afonso X, *Estoria de España*, 1270, CORDE) etc. En port.: *tiinha ja toda Castella a seu mandar* (Fernão Lopes, *Crónica de D. Pedro I*, 1434 en adiante, CGPA); *E teve a seu mandar dezoito lugares* (Fernão Lopes, *Crónica de D. João*, c. 1450, CGPA). En gal. moderno hai 6 concorrencias da variante *ao seu mandar* no TILG.

Cartagena, *Respuesta a la Questión fecha por el marqués de Santillana*, 1444, CORDE). Exemplos nos que a UF significa ‘segundo as ordes ou indicacións de’.

- 81. A seu talan** ‘á súa vontade, ao seu gusto’: *Assi ambos estiveron | viçosos a seu talan* (285: 96). Na prosa afonsina en cast. é doado documentar a *su talante* e rexístrase tamén, no XIII e no XIV, a *talán*, dando por sobreentendido quen é o que ten esa disposición de ánimo ou gusto: *auia este feyto* [o matrimonio] *muyto a talant et a voluntad* (Anónimo, *Capítulos de la embajada de Domingo García de Echauri*, 1310, CORDE).
- 82. A seu tempo** ‘no tempo ou momento oportuno, no tempo en que se cumpre un prazo ou sazón’: *Log’o que pediu lle foi outorgado, / e pois a seu temp’aqueu fillo nado* (21: 20–21). A UF perdura en gal. moderno.²⁴
- 83. A tento** ‘con coidado, con cautela para pasar desapercibido’: *Húa omage [...] furtar foi un judeu a tento* || [...] *de noit’* (34: 10–13). A UF documentámola por vez primeira na península en Berceo (*a tiento*, en *Vida de San Millán de la Cogolla*, c. 1230, CORDE) e perdura nos nosos días, co valor semántico predominante de *con coidado*.
- 84. A todo seu poder** ‘con toda a súa capacidade, poñendo da súa parte todo o posible’: *punnava de pintar* || *ela mui fremos’a todo seu poder* (74: 8); *a onrravan e servian* | *a todo o seu*

poder (361: 33). A UF documéntase tamén na lírica profana (*me servyu senpr’a todo seu poder*, Johan Baveca, XEL etc.).²⁵

- 85. A torto** ‘sen razón, de maneira inxusta’: *mancebo // que enforcaron a mui gran torto* (175: 1–2); *o guardaria | de non prender mal a torto* (213: 2, 41, 51); *a gran torto*: (255: 35), (355: 92). En cast. a primeira documentación de *a tuerto* é do s. XII (Anónimo, *Fuero de Soria*, c. 1196, CORDE); en documentación lucense *a torto* aparece xa en 1112 (*incartauit eum a torto*, CODOLGA).
- 86. A vao** ‘con facilidade’: *E meteu-ss’enton a vao | en aquel rio* (245: 95). Ofrecemos ese significado con valor aproximativo. A UF adoita aparecer co verbo *pasar*: *passouos el ao váao de Jacob* (XH, XEL) e así tamén na lingua moderna: *e pasei polo riu a vau, e nun me muyei* (Dámaso Alonso, *Narraciones orales gallego-asturianas*, TILG) e o significado neses casos é o de pasar un curso de auga por un vao, sen apenas mollarse, é dicir, facéndoo con certa comodidade ou facilidade. Dese sema de ‘conseguir algo con) facilidade’ pásase ben ao valor fraseolóxico secundario, moi doado de documentar en gal. moderno, de *a vao* ‘en abundancia’.
- 87. A vegadas** ‘ás veces, en ocasións’: *castiga | a vegadas ben de chão* (157: R); *a vegadas nos estorva do mal*

²⁴ *Cada cousa a seu tempo* (Rosalia de Castro, *Follas Novas*, 1880, TILG). Convive coa variante *Ao seu tempo*.

²⁵ Pla Colomer e Vicente Llavata (2020, p. 79), no seu estudo fraseolóxico da materia troiana na península, din que a frase en cast. *fazer todo su poder* é adaptación fraseolóxica do francés *face son pöeir* (eles aluden á obra de Sainte-Maure). Esa frase tamén aparece en pleno s. XIII na nosa lírica profana: *ca já hy fezo todo seu poder* (Pero Mendiz da Fonseca, 1240, XEL).

- (363: 23); *Que os achan a vegadas* (366: 35). No galego moderno a UF considérase un arcaísmo.²⁶
- 88. A + X días/meses/anos** ‘dentro de X días/meses/anos, X días/meses/anos despois’: *e depois ben a tres || meses entrou na cidade de Roma* (5: 161–162); *Serren a igrexa, u non aja al, || e a quaraenta dias, qual sinal || de lei y acharen* (27: 31–33); *Esto foi feit’; e a moça | a quatro dias guarida || foi* (321: 60); *porend’o minyo morto || foi depois ben a tres anos* (347: 32); *de Santa Maria naçeu || e a treze dias des en || aos tres Reys apareçeu* (424: 9). Vid. **D’oj’a + EXPRESIÓN DE TEMPO**.
- 89. A/De (gran) lezer** ‘con alegría, pracer ou gusto’: *oyde-mio a lezer* (104: 9), (351: 8), (371: 8); *cantavan | vesperas a gran lezer* (156: 38); *de mui gran lezer* (204: 26).
- 90. (A/De) madrugada/madurgada** ‘ao amencer’: *Jesu, que vês buscar, || resurgiu madurgada* (1: 51–52); *O Bispo levou-sse / mui de madurgada* (32: 49); *vernes madurgada* (69: 75); *Outro dia madurgada* (197: 47), (331: 39), (344: 36); *A Caliz atan taste | que for a madurgada* (368: 40).
- 91. A/De pran** ‘realmente, verdadeiramente, con certeza; con sinceridade; completamente, con intensidade’: **AVER + de pran** (17: 61–62), (313: 14), (418: 33); **COIDAR + a/de pran** (16: 12–13), (162: 41); **DIZER/MAEFESTAR + a/de pran** (5: 133), (255: 65); **IR + de pran** (146: 66), (208: 36), (249: 12–13); **SABER + de pran que** (B: 34), (125: 65); **TER + a/de pran** (94: 117–118), (258: 27), (423: 33); **ADJECTIVO + de pran**: *cheos de pran* (187: 30); *morto de pran* (223: 25). Outros casos: (66: 50–51), (235: 10), (237: 82), (240: 279), (245: 76), (259: 53), (266: 11), (292: 78), (298: 69), (313: 43), (326: 51), (418: 33), (419: 52). Con verbos de movemento como *ir*, a UF parece connotar, amais da certeza ou verdade, un certo valor de decisión e intencionalidade. Con verbos de vista, como *catar*, o sema parece ser a intensidade e incluso a fereza: *e assi os catou de pran || que a non ousaron per ren sol tanger* (27: 72–73). Vid. **De chão**.
- 92. (A/Dentro/En) essa ora** ‘nese (preciso) momento’: *E log’a tormenta | quedou essa ora* (9: 142); *E logo mandou a saeta fora || tirar do ollo, e en essa ora || guariu de todo logo sen demora* (129: 21); *Quantos eran enton || dentro essa ora* (134: 48–49); *log’o arcediogo | a essa ora guaryu* (204: 41). Outros casos: (15: 131), (85: 43), (174: 13), (193: 36), (194: 37), (325: 44), (422: R). Na lingua actual podemos dicir, con este mesmo valor, *na/naquela/nesta mesma hora*.
- 93. A/En derredor, A/En redor (de), Redor si** ‘Na volta de algo ou alguén, no espazo que rodea algo ou alguén, arredor de’: *o fez apregõar || pela terra toda en derredor* (44: 18); *Sant Estevão tod’a derredor || lle vên çercar* (63: 28–29); *andaron || tant’a redor do covil* (115: 287–288); *quantos y estavam, || en redor* (154: 32); *como*

²⁶ Non figura no DRAG mais goza de vitalidade na variante co artigo en plural, *ás vegadas* (276 concorrencias no TILG e 22 no CORGA). *A vegadas* conta con 2 concorrencias no TILG.

- quer que o fogo queimasse* || *en redor da omagen* (39: 15–16); *buscando redor si pedra* (399: 29). Outros casos con *a derredor*: (82: 18–19), (125: 34), (142: 37), (212: 52), (228: 44), (245: 58), (329: 45), (344: 32). Outros casos con *a redor (de)*: (326: 41), (337: 17). Outros casos con *en derredor*: (77: 13), (102: 70), (160: 4), (185: 70), (186: 65), (188: 38), (398: 36). Outros casos con *en redor (de)*: (63: 13), (154: 32), (157: 35), (161: 37), (255: 108), (279: 20), (307: 8), (329: 13, 16), (332: 68), (342: 20–21).
- 94. A/En essa sazon** ‘daquela, naquel tempo’: *mayor prez* || *ouve dos que eran en [e]ssa sazon* (265: 18); *era Sevilla muy cara* | *de tod’a essa sazon* (382: 29). Vid. **(En) aquela sazon**.
- 95. A/En pouca d’ora** ‘pouco tempo despois’: *começou de ss’ir*; || *e a pouca d’ora vyu a Emperadriz* (5: 63); *é guarid’en pouca d’ora* (346: R). Outros casos: (9: 89), (322: 27).
- 96. A/En prezes** ‘en actitude orante’ [con verbos como *deitar* e *jazer* entendemos que o orante se prostra no chan; con verbos como *meterse* o valor é incoativo, ‘poñerse a orar’]: *en prezes sse meteu* (212: 42); **DEITAR-SSE** + *a prezes* (208: 53), (308: 19), (332: 68); **ESTAR** + *en prezes* (202: 27), (274: 71); **JAZER** + *a/en prezes* (18: 40–41), (286: 16).
- 97. A/En salvo** [valor adxectivo] ‘protexido de todo dano ou perigo’, [valor adverbial] ‘de maneira segura, quita de todo perigo’: *en salvo teër* (35: 93); *a nave sacou* || *fora do rio a salvo* (271: 49). Outros casos: (35: 38, 113), (49: 67), (57: 10), (106: 15), (112: 2, 18, 43), (176: 27, 32), (271: 3), (287: 38), (291: 52, 55), (313: 77), (345: 99), (359: 3, 33), (383: 26).
- 98. A/En semellanza de** ‘en forma de, de modo que se semella a’: *omagen de çera, a semellança de seu Fillo* (12: 3); *omagões a ssa semellança* (29: 2); *Maria se mostrou en semellança da muller do cavaleiro* (216: 1–2); *a omagen* | *fezo mui ben entallada* || *en semellança da Virgen* (312: 26); *omagen* | *feita a ssa semellança* (345: 63). A UF chega aos nosos días (132 concorrencias da UF con *a* e 2 da UF con *en*, TILG).
- 99. A/Por honra de** ‘en honor de’: *Cinco salmos que dizia a onrra das cinco leteras* (56: 2–3); *A missa foy cantada* | *logo depo-la luz* || *a grand’onrra da Madre* (251: 90–91); *Prometeron que leixassen* || *d’en sabado comer carne*, | *e que o muito guardassen* || *por onrra da Virgen santa* (277: 21–22, 51–52). Outros casos: (308: 55), (309: 43, 71), (313: 68), (316: 25), (329: 18), (367: 22). Ás veces, o valor semántico é lixeiramente distinto: o suxeito executa unha acción punitiva porque alguén lle faltou á honra doutra persoa; a lingua medieval segue usando *a onrra de* pero realmente habería que entender ‘por causa da honra de’ ou, se se quere, ‘como acto de desagravio de’. Así parece entenderse nestes casos: *Como o crucifisso deu a palmada a onrra de sa madre aa monja de Fontebrar* (59: 1–2); *E porque en aquel dia* | *de San Quírez segava*, || *Deus, por onrra daquel santo, a mão [...] se ll’apertava* (289: 15–16).

- 100. Aa cima, Na cima** ‘ao fin, finalmente’: *e aa cima disse, | mui triste* (284: 23); *andou muito revolvendo, || mais pero na cima vëo | ant’eles* (67: 82–83). A UF, nas dúas variantes, documéntase doadamente na lingua medieval: *ante que lles outorgado fose, mays pero ena cima outorgárõllelo* (CT. Ápud XEL). Con este valor non se usa, en troques, hoxe en día.
- 101. Aa noyte** ‘durante a noite’: *Dizend’esto aa noyte, | outro dia o vilão || quis ir vende-lo almallo* (31: 49–50). Vid. **De noite**.
- 102. Aa outra noite** ‘á noite seguinte’: *mais aa outra noite ll’apareceu* (138: 54).
- 103. Aa tornada** ‘á volta’: *foi-ss’a Santiago, | u avia prometudo; || e depois aa tornada | non lle foi escaecudo || d’ir* (175: 46); *e depois aa tornada || topou en seus ãemigos* (213: 57); *E depois aa tornada, | quando chegou a Carron* (278: 23). En gal. moderno documentamos *na tornada* (2 concorrencias no TILG).
- 104. Abrir(-lle) as orellas** ‘facer que alguén oia, corrixir a xordén’: *E as orellas ll’abriu, || assi que tan tost’oyu* (101: 34–35); *e quando foi ena sagra, começou-ss’a correger || a ling[u]a daquele moço | e as orellas d’abrir* (234: 27–28). Na lingua actual a UF *abrir as orellas* significa ‘prestar atención’.
- 105. Acá nen alá, Alá nen acá** ‘por ningunha parte, ningún lugar’: *que perdera, com’aprix eu || que non vii’acá nen alá* (92: 11–12); *non viron alá nen acá* (186: 73). En gal. actual é posible documentar a UF: *as grandes loitas non teñen acá nin alá* (Revista *A Peneira*, 1997, TILG).
- 106. Achar/Ver mēos** ‘botar en falta; notar a ausencia (de alguén)’: *que a nunca mēos vira || ben des que do mōesteiro | sen ssa lecença sayra* (55: 26–27); *mas de [que] a non achavan | mēos sse maravillava* (55: 31); *Os outros seus companheiros | cataron-s’a derredor || e acharon este mēos* (329: 45–46).
- 107. Achar-se en mal** ‘estar nun apuro, ter problemas’: *O que a Santa Maria | der algo ou prometer; || dereit’è que ss’en mal ache | se llo pois quiser toller* (35: R); *e pois s’en mal achar* (401: 28).
- 108. Alçar a mesa** ‘retirar da mesa, despois de comer, os restos de comida e o servizo utilizado; recoller a mesa’: *Tod’aquesto foi cuidando | mentre siia comendo; || e poi-ll’alçaron a mesa, | foi catar logo correndo* (45: 37).
- 109. Alçar as mãos (a Deus/aos ceos/ contra o ceo), Erguer as mãos contra o ceo** ‘orar, implorar, dar grazas a Deus ou á Virxe’: *alçaron a Deus as mãos | que os de morte guardasse* (205: 58–59); *aos ceos as mãos || alçaron* (264: 51–52); *aos ceos as mãos || alçou* (268: 25–26); *as mãos contra o ceo | de [con]sũu as alçavam* (393: 41); *todos alçand’as mãos, [...] loand’a Virgen* (409: 88–92); *Quando os viu, foi as mãos erger || contra o ceo* (261: 63–64).
- 110. Ambos e dous** ‘os dous’: *ficou tolleito | d’ambos e dous los lados* (218: 13); *ontr’ambos e dous os mares* (328: 20). Rexistramos *aambos e dous* en textos notariais do XV (*San Domingos de Viveiro* (XIV-XV), 1474, XEL). A día de hoxe as formas con cabida no dicionario académico son *ambos a/os*

dous, aínda que a variante medieval aparece no TILG (54 concorrencias).

111. Amolgar o corazón ‘facer que alguén se volva máis sensible e compasivo’: *a Virgen, de Deus Madre, | ll’amolgou o corazón, || per que entrou na eigreja | e começou de chorar* (272: 22–23). Na lingua actual conservamos a UF con este mesmo valor, se ben os verbos que entran na composición son estoutros: *abrandar* e *amolecer* (DFGC, s. v. CORAZÓN).

112. Andar con mal sen ‘obrar con pouco xuízo’: *andou || con mal sen* (94: 62–63); *andan con mal sen* (192: 127). Vid. **Fazer mal sen**.

113. Andar/ir por + NOME ‘ser aquilo que indica o nome’: *Que ll’andava por vasalo* (67: 56); *en salvo o pos e diz: Vai por meu // ome* (291: 52–53; aquí a Virxe pídelle ao home liberado que sexa o seu servidor, trátase dunha especie de fórmula vasalática). Tamén se rexistra este uso na prosa medieval: *Este que anda por nosso señor he fillo del rrey Priamos* (CT. Ápud XEL). Na lingua actual temos UF paralelas, co significado máis restrinxido, ‘chamarse’: *andar polo nome X* e *atender por + NOME PROPIO/ALCUME*.²⁷

114. Ante (d)a luz, Ante que vëess’a luz ‘pouco antes da alba, antes de que amencese’: *un dia ante da luz || moveron do porto Doura* (35: 115); *Enton s’ergeu a mesquinna || por s’ir logo ante da luz* (59: 68–69);

O hermitan ant’a luz || as oras foi dizendo (115: 273–274); *ante que vëess’a luz, || entrou dentro* (245: 100–101). Outros casos: (135: 120), (276: 55), (326: 30), (353: 101). Nunha cantiga de Pero Garcia d’Ambroa documentamos a variante *ante luz* (XEL).

115. Apoer-lle mal prez con (alguen), Aver (mao) preço con (alguen) [co verbo *apoer*] ‘atribuírlle a unha persoa mala conduta moral con outra’, [co verbo *aver*] ‘ter mala sona unha persoa (por relacionarse) con outra; ter comprometida unha persoa a súa honra con alguén’: *fezera matar seu genro polo mal prez que lle apoy[n]an con el* (255: 2–3); *mao preço || a sogra avia [...] Con seu genro* (255: 32–35). *Preço* é aquí sinónimo de *prez* ‘honra, fama’. Rodrigues Lapa (DDGM, s. v. PREZ) dá para *apoer mal prez* o significado de ‘difamar’, un valor que lle cadra cando non leva o complemento introducido por *con*: *se vós sodes i de mal sen, / de que lh’apoedes mal prez?* (Pero da Ponte). E porén, nós pensamos que para entender plenamente esta construción, tal como aparece na cantiga nº 255, hai que ter presentes as implicacións. A preposición *con* é decisiva: son as relacións que se sobreentenden con esoutra persoa as que provocan a fama do suxeito. As implicacións son amorosas ou íntimas. A UF presenta frecuentemente nos corpus medievais un uso sexista, é a muller o obxecto da sona (e tamén da sorna) por relacionarse con outro(s):

²⁷ *A xilbardeira [...] nos Ancares e Cebreiro, anda polo nome de xardón ou sardón* (<https://costaartabra.blogspot.com/2010/11/mezquita-xilbarda-azoutacristos.html>). A construción *atender por + NOME PROPIO* presenta 16 concorrencias no TILG. Por exemplo: *persoaxe que atende por Arturo Cuadrado* (X. L. Méndez Ferrín, *Dosinda Areses. Prosas completas*, 1998).

Estoutro cantar fez a ùa dona casada que avia preço con ùu seu homen, que avia nome Franco; Outrossi fez outra cantiga a outra dona a que davan preço con ùu peon que avia nome Vela (ambos textos son anónimos, 1300, XEL). Certo que hai casos paralelos en que é o home o que cobra a fama, aínda que neste casos non está clara a connotación negativa: *pois que vos já con outra preço dam, | com'ousastes [vós] viir ant'os meus | olhos* (Juião Bolseiro, 1240, XEL). Rexistramos novos exemplos discriminatorios no CORDE: *si algun ifançon quisiere casar su fija por escossa e ha precio con otro uaron* (Anónimo, *Fuero de Navarra*, 1250-1300, CORDE). Hoxe en día esta construción non se usa; o seu valor aproximase ao das UF actuais: *andar en boca da xente ou ter botada de perda a conduta*.

- 116. Aque + VOS + NOME/PRONOME PERSOAL EN ACUSATIVO (+ COMPLEMENTO LOCATIVO ADVERBIAL)** [locución adverbial²⁸ enfática: valor actualizador, presentativo e dinamizador] ‘aquí a/o tedes diante vosa, védela/-lo aquí (vén)’: *aque-vo-la aqui* (13: 27); *aque-vo-los santos* (65: 151); *e aque-vos hũa dona | mui pobre a ela ven || e*

diss’ (212: 22–23); *áque-vo-la Virgen ven* (274: 59).²⁹

- 117. (As/De/En) mão(s) de ‘o poder, arbitrio ou dominio de’:** *e tanto ll’andou o dem’en derredor; | que o fez nas mãos do juyz viir* (76: 14); *livrou ùu ladron da mão dos diaboos* (182: 1); *Santa Maria nos valla || e livre de vossas mãos* (254: 27–28); *Que me livrou de sas mãos* (311: 55); *que nos tolleu || das mãos do ãemigo* (356: 9); *dos reys as voontades | enas mãos de Deus son* (382: R); *ante terçer dia | enas sas mãos tornasse || do alcayde* (392: 35–36). Vid. **De mão de**.
- 118. Asse Deus m’ajude/anpar, Assi Deus m’ajude/anpar** [úsase para impetrar e para afianzar un aserto asemade]: *bõa será esta, | asse Deus m’ajude, || en Costantinoble* (9: 111); *porend’, a[s]se Deus m’ampar: || Tod’ome debe dar loor* (230: 7–8). Outros casos: (141: 7), (159: 20), (221: 36), (223: 8), (399: 8). Vid. **Se Deus m’ajude**.
- 119. (A)sse Deus me/vos perdon** 1. [valor atenuante ante un erro ou atrevemento posibles]. 2. [Valor impetrante]: *Mas cras, asse Deus vos perdon, / ide por el con procisson* (24: 39–40); *Se Deus me perdon, || no castelo á quiz’omes*

²⁸ Álvarez (2003, pp. 5, 7) fala de *locución adverbial*, un subtipo de UF que funciona coma un adverbio.

²⁹ Esta construción está nun territorio fronteirizo entre a gramática, a pragmática e a fraseoloxía. É un caso límite e, xa que logo, discutible. Porén, a presenza do receptor, do vos, fai que exceda o dominio da gramática pura e, desde outro punto de vista, *aque-vos-la* non se presta a unha interpretación literal, do tipo **velaqui que vós ela, *velaqui ela a/para vós*. O seu valor fraseolóxico vincúlase á súa esencia sincrética: a locución combina expresividade, forza actualizadora —coma se unha cámara de cine nos presentase nun primeiro plano e de forma súbita, inesperada, os personaxes que entran en acción— e dinamismo. A forma do pronome persoal en acusativo (*la* en *vo-la*) explicárase por unha asociación posible cunha construción verbal, tal como se percibe en gal. moderno, nas formas adverbiais *velaqui, velaí*, onde algúns lingüistas perciben o verbo *ver* (Ferreiro, 1999, p. 354). A proximidade (cantigas n° 212 e n° 274) do verbo *vir* fai que poidamos analizar o nome (*dona, Virgen*) coma se fose o seu suxeito. Sintacticamente estamos diante dunha construción «anómala», atípica. Canto á forma *vos*, está en dativo e é un máis que posible precedente do chamado *dativo de solidariedade* da lingua moderna.

(185: 57); *Treides, se Deus vos perdon, || albergar mais adeante | a hñas choças* (278: 24). Outros casos: (29: 14–15), (230: 12). A lingua moderna conserva esta UF.³⁰ Vid. **Se Deus m’ajude/anpar**.

120. (Asse/se) Deus me/te/vos/lle valla 1. [valor atenuante: precede á enunciación de algo negativo sobre alguén ou algo que semella hiperbólico]: *Mesq[u]fyo, || e como non levas, | a[s]se Deus te valla, || a omagen tigo | e vas teu camyo?* (9: 55–57); *o bordon fazer taste | mandou, assi Deus me valla, || de viint’e quatro livras* (253: 32–33); *Obra d’aranna // E, Sennor, sse Deus nos valla, | aqesto que vos fazedes* (386: 43–45). Outros casos: (355: 30), (365: 22), (403: 56).

2. [valor impetrante, esconxurador]: *Deron con el no navio, oy mais Deus lle valla!* (95: 39); *E poren, se Deus vos valla, | amigos, ben m’ascoitade* (214: 15); *A nav’alongada foi, se Deus me valla, || del hña gran peça pelo mar* (267: 50); *e porend’un seu miragre | oyde, se Deus vos valla* (268: 7). A UF chega aos nosos días.

121. (A)tan taste ‘inmediatamente’, ‘rapidamente’ (Mettmann, DDGM, s. v. TOSTE; García-Sabell 1991, s. v. TOSTE): *o fezera porende tan tost’en un carcer deitar* (5: 57); *qualquer que o oya tan taste o fillava* (6: 28); *tan taste sen tardada fez-lo na forca pøer*

(13: 12); *atan taste ss’apercebeu / que pelo dem’era* (16: 36–37). Outros casos: (155: 33), (158: 25), (197: 43), (256: 31), (282: 32), (306: 27), (331: 51), (369: 39).

122. (A)tan taste que ‘tan pronto como, no mesmo momento en que’: *tan taste que foi morto, o dem’a alma fillou* (14: 21); *atan taste que viron / os diabos a cogula, / todos ant’ela fugiron* (45: 81–82). Outros casos: (103: 25), (115: 152), (368: 40).

123. Ate nas cachas ‘a máis non poder’: *un cuitelo [...] pela boca o chantar || foi ben ate enas cachas* (157: 20–22). Integramos a UF con dúbidas porque neste contexto o uso é literal nun alto grao, pero cabe a posibilidade de termos un certo valor enfático, fraseolóxico. Como UF úsase no gal. moderno.³¹

124. Atro os dentes [pondera a violencia e intensidade dun golpe asestado na cabeza]: *e deu-lle tal dña acha, | que ben atro enos dentes || o fendeu* (6: 44–45). Documentase a UF na prosa medieval un par de veces: *que o fendeu atõe os dentes* (TC. Ápud XEL); *que o fendeu fasta os dentes* (HT. Ápud XEL). A UF perdura en gal. moderno con outros valores.³²

125. Aver amor con 1. ‘ter unha boa relación de amizade con’: *Este grand’amor avia | con un mouro de Belmez* (185: 15).

³⁰ *Canto xurara de palabra e asinara coa penna —¡así Deus llo quixera perdoar!—, fora mentira e falsidade* (Dario X. Cabana, *Morte de Rei*, 1996, TILG).

³¹ *É sagastino astra as cachas* (Lamas Carvajal, *A musa das aldeas*, 1890, TILG)

³² O sema de intensidade consérvase no uso moderno, frecuentísimo, *armar/armado ata os dentes*. Menos común é o uso de *estar astra os dentes de algo* ‘estar farto, canso, ata arriba’ (só 1 concorrencia no TILG). En brasileiro documentamos a UF cun valor paralelo (=‘ata arriba’): *estavam endividados até os dentes* (CPW).

2. ‘manter relacións amorosas con’: *seu marid’ amor || avia con outra* (68: 10–11).
- 126. Aver amor de (alguen)** ‘amar esa persoa, sentir amor por ela’: *Quand’ aquesto viu el Rey Don Affonso, [...] ouve des i da Virgen tan grandes amores, || que cuido que o corazón nunca ende mude* (257: 25–28).
- 127. Aver antollos** ‘ver visións ou fantasías que causan temor’: *ouv’y’ outros antollos* (75: 150, aí o clérigo ve moitos demos pavorosos). A correlación case que sinonímica entre o antollo e o temor atopámola a principios do XIII en cast.: *cuidó que fuese alguna antoiança ho alguna espantança* (Anónimo, *Vida de Santa María Egipcíaca*, c 1215, CORDE). Con máis clareza explica Afonso na súa prosa enciclopédica que a fantasía é *cosa que sse ffaze e sse desffaze ayna en manera de antoiança. Et en ésta veen ssienpre las cosas temerosas* (Afonso X, *Setenario*, 1252-1270, CORDE).
- 128. Aver as entenções en (alguen)** ‘confiar plenamente en alguén, depositar en alguén todas as esperanzas’: *atanto que en Deus ajan / ben firmes as entenções* (305: 68). Vid. **Põer/Seer a vontade en**.
- 129. Aver (bon) grado** ‘agradecer; recibir agradecemento’: *de que devedes aver || end’aa Virgen bon grado* (99: 12–13); *Sennor, á-ti grado [...] que rogass’eu a teu Fillo / que de meu marid’ouvesse // linnag’* (247: 19–22); *miragre provado, || que mostrou Santa Maria, | ond’aja ela bon grado* (254: 5–6). Rexístrase a UF tamén na lírica profana, ás veces co valor de ‘recibir satisfacción’ (*de tal vida non poss’eu aver grado*, Fernan Rodriguez de Calheiros, XEL).
- 130. Aver dereito de (alguen)** ‘recibir unha persoa doutra aquilo que lle corresponde’: *cuidand’ela seu dereyto || aver del* (132: 138–139). A UF documentámola tamén na lírica profana: *Deus me leixe dereito d’ela aver* (Johan Airas, XEL). J. J. Nunes (DDGM, s. v. DEREITO) dá como valor para *aver dereito d’alguem* ‘ter poder sobre alguén, vingarse’ mais non é o caso da cantiga nº 132, onde claramente o *dereito* que a ela lle correspondería é o débito conxugal.
- 131. Aver mercee (de), Aver-lle mercee** ‘gozar do favor de; ter piedade ou compaixón de’: *deve | a seer mui deseioso | d’aver a sua mercee* (161: 44–45); *da coita de seu padre | sol mercee non ouveron* (175: 41); *pera aver mercee | nunca a ssa porta serra* (199: 49); *mui mais morta ca viva, || se mercee non ll’ouvesse | a comprida de bondade* (45: 23–24). Outros casos de *aver mercee de*: (218: 48), (293: 40–41), (305: 16–17), (349: 12), (354: 48). Outros casos de *aver-me/aver-lle mercee*: (77: 26), (336: 37). Ocasionalmente a *mercee* está especificada, é dicir, a UF alude a un favor ou graza concreta: *te rogo [...] que esta mercee aja [...] que de Mafomet a seita | possa eu deitar d’Espanna* (360: 24–27).
- 132. Aver mester (de/que)** 1. ‘cumprirille algo a alguén, convir, ser necesario’: *A-che mester || que o leixes* (125: 110–111). Outros casos: (42: 68), (175: 68), (186: 53), (200: 42), (240: 41), (316: 56).

2. ‘ter necesidade (de), haber necesidade, necesitar’: *são mui pobr’e coitada, e de vosso ben ei mester* (5: 77); *e lle déss’o que ouvesse mester* (58: 22); *bon vento | avian muito mester* (271: 19); *mester á que lle valla* (276: 30). Outros casos: (107: 29), (115: 46), (187: 32, 62), (194: 10), (203: 28), (212: 8–9), (246: 48), (263: 14–15), (269: 8), (274: 41–42), (296: 43), (328: 37), (356: 16), (367: 24), (372: 26), (385: 14), (386: 37), (401: 85), (423: 7).

133. Aver (mui) pouco [a expresión aparece xeralmente fixada na 3ª persoa de singular do presente de indicativo] ‘haber pouco tempo desde que sucedeu algo’: *desta guisa avêo | pouc’á a un cavaleiro* (45: 6); *fez pouc’á en Catalonna* (48: 6); *con outros, que pouc’avia eran y metudos* (119: 39). Outros casos: (149: 14), (185: 5), (202: 7), (274: 5). A UF subsiste en gal. moderno.

134. Aver parte en (alguen) ‘ter que ver con (alguén), manter unha relación ou vínculo con (alguén)’: *nunca ja parte Deus en el ouvesse* (137: 15); *Que non ajan en min parte* (238: 50). Mettmann (DDGM, s. v. PARTE) dá como valor *aver parte*, é dicir, ‘ter parte’ pero a día de hoxe nós non podemos usar esa expresión (*ter parte (en) = tomar parte (en)*) cando o suplemento é unha persoa.

135. Aver por manna [as connotacións adoitan ser negativas] ‘ter por costume’: *xo avia por manna* (194: 17). Tamén na prosa medieval: *nunca esto ouuestes por manña* (CT. Ápud

XEL). No cast. do s. XVI rexístrase varias veces *ter por maña* co mesmo valor.³³

136. Aver sabor (de/en/onde/que/y) ‘gustar, desfrutar; ter gana, apetecer’: AVER + (*gran*) *sabor*: *O moç’ouve gran sabor || pois entrou na capela* (115: 229–330), (307: 13); AVER + (*gran*) *sabor de* (4: 18), (8: 7–8), (14: 17–18, 43), (15: R), (16: 55), (26: 42), (41: 8), (54: 20), (79: 32), (80: 7), (87: 15), (96: 14), (103: 29), (109: 51–52), (124: 3, 13), (129: 37), (131: 6–7), (135: 17–18), (137: 50), (142: 35), (146: 36), (202: 5), (204: 9), (206: 40), (211: 5–6), (235: 32), (245: 33), (251: 23), (287: 26), (291: 58), (298: 12), (303: 48), (313: 19), (314: 15), (350: 56), (359: 18–19), (384:), (385: 16), (410: 4); AVER + *sabor en/ende* (14: 18, 43), (45: 72), (127: 57), (178: 8), (203: 10), (209: 12), (292: 91), (293: 11), (362: 11), (366: 63–65); AVER + *sabor onde* (42: 7), (44: 38), (130: 37), (207: 6), (334: 5); AVER + *sabor que* (328: R); AVER + *sabor y* (278: 11), (314: 36–37).

137. Aver soydade (de) ‘sentir saudade (por)’: *Venna logo, | ca de ver-l’ei soydade* (67: 79). Aquí máis que ‘saudade’ tal como o entendemos hoxe en día, o valor aproxímase a ‘desexo’. Sabemos polo contexto que o suxeito de *ei* (o bispo) non coñece o personaxe que quere ver, oíu falar del e ten moito interese e curiosidade por velo diante. Este significado, ‘desexo’, é o que lle dá Mª del C. Barreiro á voz *soydade* tal como aparece no contexto *eu avia de moy*

³³ *Que tiene por maña Amor; / por mantener mi dolor; /mantenerme en un estado* (Juan Boscán, *Poesías*, 1514–1542, CORDE).

*grãde amor et soydade de veer a sua
façe (Miragres de Santiago, DDGM,
s. v. SOYDADE).*

138. Aver todo seu sen (como), Seer todo o seu sen (en) ‘afanarse en, vivir só para’: *todo seu sen || era como lle fezesse prazer (144: 23–24); en Santa Maria todo seu sen || avia ena servir (186: 12–13).*

139. Aver un sinal de vida en (alguen) ‘haber indicios de que a persoa (indicada polo pronome) está viva’: *Ca el era tan coitado | que non avia en ssy || nen sol un sinal de vida (204: 14–15).* Na lírica profana atopamos a variante (*ser*) *sinal de morte*. A UF non volvemos documentalada nos corpus medievais galegos, mais si no CORDE: *non vimos en Él fermosura nin señal de vida* (Anónimo, *Un sermonario castellano medieval*, 1400-1500). Hoxe en día a UF correspondente é *dar sinal/sinais de vida*.³⁴

140. Aver voontade de ‘querer, ter intención de facer algo’: *avia voontade | d’ante seu sennor trage-lo (352: 21); el Rey ouv’enton mui gran voontade || d’ir (367: 32–33).* Vid. **Entrar-lle en/na voontade.**

141. Aver/Coidar a morrer [pondera un estado extremo de malestar ou sufrimento; forma parte de estruturas consecutivas]: *tal amor ouv’a hũa dona, que de pran || cuidou a morrer (16: 12–13); inchou tan muito que a morrer ouvera (201: 47); en ssi*

fillado | tal mal ond’ouv’a morrer (334: 13); tan forte braadou, || come se ferida fosse | ou que cuydass’a morrer (391: 17–18); come tolleito se parou, atal || que cuidou log’a morrer (407: 23–24).

142. Aver/Ter gasallado ‘obter gusto ou satisfacción’: *a hũa sa druda ya || con ela tẽer || seu gasallado (11: 20–22); Desto vos quero dizer [...] un miragre, ond’aver || podedes gran gasallado (135: 8–11); con ela seu gasallado || quis aver (135: 83–84).*

143. Aver(-lle) mayça (a alguen) ‘sentir animadversión por alguén, terlle zuna’: *ca, porque lles non sofrer || queria de mal fazer, || avian-lle mayça (7: 25–27).* Mettmann (1972: 180) dálle a *mayça* o valor ‘malicia, malquerencia’ e á UF *aver mayça a alg.* (1989: 388) ‘estar enojado con alg.’, pero ten máis sentido a acepción que nós propoñemos. A voz *mayça* é o resultado esperable do latín *malitia* ‘maldade’. As formas con perda do *-l-* alternan no corpus medieval con aquelas outras, as máis, que o conservan.³⁵

144. Aver(-lle) prol ‘aproveitar(lle algo a alguén)’: *non quedava de tentalo, || macar lle prol non avia (67: 58–59); Nulla prol || non ei de mais combatermos (185: 85–86); tan gran prol ll’avia | fazer mal come ben (284: 27); nihũa prol || non ouv’y (316: 52–53); nen prol lles ouve | quanta fisica fezeron (321: 21).* A

³⁴ 20 concorrencias no TILG, desde 1891 ata 2007, 88 no CORGA. Frecuentemente, na lingua moderna, a UF ten o valor semántico de ‘deixar saber da vida e vicisitudes de un, enviar novas’.

³⁵ As formas sen *-l-* son 2, a das cantiga nº 7 e un escarmio de Martín Moxa: *E posfaça d’el a gente sandya | e non-no fazem se non com meyça* (1240, XEL). As formas con *-l-* (*maliça/mallyça/malyça*, XEL) cóntanse por dúcias e son de finais do XIII e do XIV.

UF non chegou aos nosos días. Na lingua actual dicimos *tirar proveito*, colocación que recorda a medieval *tirar prol* (*duidaria* | *que non tiredes gran prol*, Estevan da Guarda, 1300, XEL). Vid. **Non lle aver proveito**.

145. Ben leu ‘facilmente’ (Mettmann, DDGM, s. v. LEU; UC: *Non me queredes, mia sennor*, Joan Nunez Camanez, nota 7): *M’ide polo que fez a meezinna*, || *ca ben leu e maestre de Meçinna* (69: 71–72: aquí máis ben significa ‘probablemente, seguramente’); *ben leu* || *pode-l-an en cas del Rei connocer* (97: 25–26); *mais dar-ll-ia dous capôes* | *ou ben leu dous ansarin[n]os* (389: 33). Na lírica profana temos media ducia de concorrencias (*ben leu/bem leu/ben lheu*, XEL).

146. Ben venna(de)s [fórmula de saúdo] ‘benvido’: *Mia Sennora, ben vennades* (269: 33); *Ben vennas, Mayo* (406: R, 2, 8, 13, 18, 23, 28, 33, 38, 43, 48, 53, 58, 63, 68); *Ben vennades*, | *Sennor muí desejada* (420: 64). Na lingua actual consérvase na paremioloxía e en expresións estereotipadas.³⁶

147. Bestias d’arada ‘animais domésticos (bois, vacas ou mulas) que se usan para traballar na terra’: *e foy-o deytar* [...] *no presev*, e *apousentar* | *ontre*

bestias d’arada (1: 28–32). A UF non a volvemos documentar en gal., si en cast. medieval e mais no latín medieval.³⁷ Hoxe en día rexistramos *cantigas de arada* (TILG) e *boi de arado* (D. Cortezón, *Pedro Madruga*, 1881, CORGA).

148. Boa morte [para un crente é a morte que ten lugar estando a persoa en graza de Deus] ‘morte con auxilio espiritual, morte en paz’: *Os que bõa morte morren* (233: R). A UF chega aos nosos días.³⁸

149. Bon dia vosco [fórmula de saúdo]: “*Sennor, tan bon dia vosco*” (235: 57). Documentábase tamén na lírica profana.

150. (Braadar) come cabron [pondera a intensidade do berro]: *mais braadou come cabron* (283: 56). Aínda que non logramos documentar noutros textos medievais esta comparanza, vemos que en cast. do XIV aparece caracterizada a voz forte con este mesmo animal.³⁹ Na lingua actual este uso non é común. Para ponderar o berro as comparanzas prototípicas con animais a día de hoxe son co becerro, porco ou cabra.

151. Britar camiños ‘asaltar (os) camiños’: *britava camiños*, || *demaes pães e vÿos* || *roubava* (182: 15–17).

³⁶ En Vázquez Saco (2003) rexistramos as seguintes paremias: *Ben veñas mal, se vés soilo* (p. 476); *Dixolle o touciño ó viño*: “*Ben veñades, meu amigo*” (p. 255); *Ben veñas morte, si vés soila* (p. 565). Tamén é tradicional a fórmula propiciatoria *Ano Novo con ben veñas*.

³⁷ *Debet etiam habere duas bestias de arada cum suis apparatusibus*, no Foro de Huesca de 1247 (Du Cange 1733, s. v. ARADA). No CORDE hai 15 concorrencias de *bestias de arada* desde 1286 a 1512. Tamén en valenciano: *bèsties de arada* (Lairón, 2001, p. 38).

³⁸ *Buena muerte* figura no DLE. Como exemplo de uso en gal. moderno citemos [oración] *a San Xosé, para que nos deia unha boa morte* (A. Ribalta, *O derradeiro amore*, 1931, TILG).

³⁹ *Uoz intelixible, mas fuert & aspra a manera de relincho de cauillo mesclado con uoz de cabron. Por la qual cosa, Silla se spanto* (J. Fernández de Heredia, *Traduccción de Vidas paralelas de Plutarco, II*, 1379–1384, CORDE).

- 152. Buscar carreira(s)** ‘buscar remedio ou a maneira de lograr algo, trazar un plan’: BUSCAR + *carreira pera...* (16: 38), (115: 55), (336: 6); *buscarnos carreiras | que non fiquemos fora* (71: 6); BUSCAR + *carreira(s) per que ...* (74: 22–23), (312: 50); *busca / a Virgen esperital / carreyras en como garde / os seus* (121: 3–4); BUSCAR + *carreiras e vias* (151: R), (300: 63); *Carreiras e semedeiros || busca a Virgen* (243: R); *buscou e busca carreiras | com’ajamos aquel ben* (353: 17). Vid. **Dar carreira(s)**. hoxe é posible documentar a variante *a cada que*.⁴⁰
- 155. Cada u (que)** ‘onde queira que’: *acorre-| nos cada u é mester* (318: 13); *cada u viia seu altar [...]* // *Agẽollava-sse* (404: 28–30).
- 156. Caend’elevantando** ‘conalternancias, con cambios de estado’: *cono demo luitando, // non estand’en un estado, / mais caend’e levantando* (336: 31–32). A primeira documentación, no que nós sabemos, en cast. é do XV. Na lingua moderna a UF apenas ten uso.⁴¹
- 157. (Caer) de mal en peor** ‘empeorar’: *e quen sse desto non guarda | cae de mal en peor* (217: 9). Na prosa medieval rexistramos a UF co verbo *yr* (*todos ýam de mal en peor*, CT. Ápud XEL). O verbo *ir* é o único que, salvo contadas excepcións, chegou aos nosos días como rexente desta UF.
- 158. Caer en cativo** ‘entrar en cativerio’: *Fora caer en cativo* (83: 15). Outros casos: (176: 7–8), (227: 13).
- 159. Caer en peyor** ‘ir a peor, empeorar’: *busca e via || que non caia ome dun err’en peyor* (96: 8–9). Rexistramos a UF tamén en cast. medieval.⁴²
- 160. Caer en sanna de (alguen)** ‘ser vítima da ira ou furia de alguén’: *non ouv’y quen non vëesse | por non caer en sa sanna* (386: 18). Documentase tamén a UF nos textos lexislativos en

⁴⁰ *A cada que se mencionaba o problema, citábanse as opcións* (*A Nosa Terra*, 1993, TILG); tamén en brasileiro: *A cada que passava parecia que eu estava vivendo um sonho* (CPW).

⁴¹ *E así va cayendo e levantando* (E. de Villena, *Traducción y glosas de la Eneida*, 1427-1428, CORDE). Hai media ducia de concorrencias de *caendo e erguëndose/levantándose* nas redes sociais. Un caso no CORGA, da man de Xabier Quiroga. Non é mellor a sorte en cast. actual (*cayendo y levantándose*: 2 concorrencias no CREA dos anos 70, 2 no CORPES, as dúas en América).

⁴² *si non te guardas, caerás en peor* (Berceo, *Los Milagros de Nuestra Señora*, 1246-1252, CORDE); *que este tu pueblo non desespere de ti e caya en peor* (Afonso X, *General Estoria*, 1275, CORDE) etc.

prosa: *si alguno [...] rronper aquesta donacion, caya enla yra de Deus e enla sanna del rey (Foros de Castelo Rodrigo, 1280, XEL).*

161. Caer en vergonna ‘pasar vergonza, sufrir unha humillación’: *atal cousa per que caer || en gran vergonna o faria (25: 37–38); Que non caia en vergonna, | Sennor (55: 45).* Outros casos: (63: 5), (63: 92–93), (73: 45).

162. Campãa tamanna qual conven ao concello [frase proverbial⁴³, probablemente refeita sobre un refrán; expresa proporcionalidade]: *Ali á hũa igreja | [...] de todo menguadosa, || e campãa á tamanna | qual conven ao concello (273: 10–13).* Na lírica profana documentamos o refrán: *qual concello, tal campana* (Afonso Lopez de Baian, XEL). Chega aos nosos días.⁴⁴

163. Çen vezes ‘moitas veces’ [valor ponderativo]: *os gẽollos ant’o altar || meu e çen vezes saudar (68: 34–35).* Documentase tamén na lírica profana (*cen vezes*, 3 concorrencias, XEL). Excepcionalmente aparece **duzentas vezes** (16: 46). Vid. **Mil vegadas/vezes**.

164. Chegar a noite ‘anoitecer’: *foi-ss’a noite chegando (65: 120); poi-la noite chegou (106: 41).* A UF perdura no gal. actual.

165. Chegar-lle o tempo de/que, Chegar seu tempo que ‘ser o momento oportuno para facer algo (alguén)’:

foi-sse-ll’o tempo chegando || que avia d’aver fillo (55: 36–37); chegou-ll’o tempo de parir (86: 42); quand’o tempo chegada || foi de catar sas colmẽas (128: 29–30); chegou o tempo | que aas colmẽas van (208: 35); chegou seu tempo | que en religion || meteron a minyã (251: 35–36).

166. Cheirar mellor que nullas especias d’Ultramar [pondera o bo olor]: *mellor cheirar || que nullas especias d’Ultramar (261: 80–81).* Integramos a comparanza con certas dúbidas porque non a documentamos fóra desta cantiga. Porén, na prosa afonsina en cast. é frecuente referirse ás *especias de (las) buenas oluras*⁴⁵.

167. Cheirar peor que a caavrãa [pondera o mal cheiro]: *ouv’enfermidade || tan maa que, com’aprix en verdade, || peyor cheirava que a caavrãa (54: 31–33).* Variantes desa voz, *caavrãa*, con *-l-* documéntanse en cast. medieval, por exemplo, no s. XIII: *non queriẽ luengamente morar en la sentina, / ca era toda llena de mala calabrina* (Anónimo, *Libro de Alexandre*, 1240–1250, CORDE). No s. XVI rexístrase a colocación *calabrina fedionda* (Anónimo, *Libro de las oraciones. Ferrara ladino siddur*, 1552, CORDE). M. Alvar (1978) estuda a verba *calabrina* e propón un cruzamento de *cadaver* e *calvaria*, ou da forma xa románica, *calavera*.⁴⁶

⁴³ Álvarez (2005, p. 8) integra as *frases proverbiais* dentro dos *enunciados fraseolóxicos*.

⁴⁴ *Tal concello, tal campana* (D. Cortezón, *A vila sulagada*, 1981, TILG). Outras variantes paremiolóxicas próximas rexístranse en Vázquez Saco (2003): *A concello ruín pregoeiro tatexo* (p. 758), *Cal é a campana tal é a campanada* (p. 759), *Tal é a campana, tal é a badana* (p. 760).

⁴⁵ Con distintas variantes (*(las) especias de (las) buenas oluras, las muchas especias e de muy buenas oluras...*), dúas ducias de concorrencias desde 1275 a 1280, na *General Estoria* afonsina (CORDE).

⁴⁶ Pregúntase Alvar se *cadaver* puido pasar a **calaver* en época latina. No bable de occidente, B. Acevedo e M. Fernández documentan *calabre* ‘cadáver, cosa pestilente’ (DdD).

- 168. Chorar dos ollos (seus)** [valor ponderativo, intensificador]: *Chorando dos ollos (seus)/dos seus ollos* (5: 141), (8: 18), (9: 32), (15: 69–70), (21: 15), (44: 46), (51: 71), (59: 63), (64: 36), (75: 149), (118: 18–20), (131: 82–83), (231: 36), (232: 36), (291: 28), (319: 55–56), (333: 35), (341: 77), (348: 22), (355: 85). Pode ir acompañado dun ‘moito’ intensificador redundante: (3: 34–35); (73: 50), (131: 82–83), (268: 25), (301: 16).
- 169. Chus branco que é neve, Com’a neve** [pondera o brancor]: *chus brancos son e craros | que é neve nen cristal* (165: 58); *hũa poomba entrou // branca en aquela nave, / com’a neve* (313: 68–69).
- 170. Chus negro que Satanas** [pondera o negror]: *chus negros que Satanas* (185: 82). Na iconografía cristiá do demo é frecuente o uso da cor negra (Barral, 2003), en boa medida porque o negro é o contrario da luz, símbolo divino por excelencia. Esta comparación non a documentamos na Idade Media, fóra desta cantiga. Rexistrámola na lingua moderna.⁴⁷
- 171. Chus/Mais negro ca pez** [pondera o negror]: *mais negro ca pez* (58: 31), (74: 47); *Demo foi, / chus negro ca pez* (68: 44); *mui mais ca pez || tornou negra* (146: 78–79). Outros casos: (3: 47–48), (115: 112–113), (245: 47), (298: 65), (329: 70), (404: 87), (423: 28). Documentase tamén o grao positivo da comparación: **(negro) come (o) pez**, con idéntico valor ponderativo: *negra come pez* (5: 126); *negro come pez* (47: 33), (186: 63); *negra ben come o pez* (313: 28). Neste tipo de comparación o adxectivo pode estar sobreentendido: *tornou tal come pez* (147: 30); *a omagen | do demo tan come pez || fez tornar* (219: 33–34); *tal era come pez* (311: 41). A UF perdura no gal. actual (9 concorrencias no TILG de *pez* en comparacións con valor ponderativo e 2 no CORGA). Trátase dunha comparación prototípica: Ferro (2006, p. 241) rexistra *mouro coma pez*, xunto con outras estruturas comparativas sinónimas. Vid. **Tornar come pez**.
- 172. Chus/Mas craro que é cristal** [pondera a clareza]: *ca chus brancos son e craros | que é neve nen cristal* (165: 58); *a mas crara | que é rubi nen cristal* (235: 98). Vid. **Mais (craro) ca o sol**.
- 173. Cobrar/Dar/Perder lume (dos ollos)** ‘recobrar a vista, conceder ou perder a visión’: *lum’ao cego dar* (177: 3, 7); *se te praz seu serviço, | dá-lle lume con que veja* (247: 1, 28); *Perdeu // o lume d’ambo-los ollos* (314: 45); *cobrou // logo o lume dos ollos* (314: 59–60). Outros casos con *dar*: (313: 61), (340: 60), (361: R). Casos con *perder*: (318: 31).
- 174. Cofonder Deus** [valor imprecatorio; úsase na modalidade imperativa]: *Deu-lo cofonda* (130: 27); *Deus muito cofonda | quena non quiser loar* (155: 70); *Deus lo cofonda* (318: 35). Este uso chega aos nosos días (hai numerosas concorrencias no TILG).

⁴⁷ En cast.: *Eres más fea que Picio, / más mala que Barrabás, / más negra que Satanás* (Fernando Villalón, *Andalucía la Baja*, 1926, CORDE). En gal. moderno temos *era máis negro que o demo* (Semnario *O tío Marcos da Portela*, 1918, TILG), *negro coma o demo* (Ferrín, *Arraianos*, 1991; Novo Salgado, *Barman*, 1998, TILG).

175. Coller amor con (alguen)

‘encariñarse moito con’: *tal amor || con esses moços collia* (4: 20–21); *amor colleu con eles* (251: 22); *à omagen | colleu tan grand’amor* (251: 32); *amor colleu || con el* (251: 47–48).

176. (Coller) por feito

‘(tomar) como algo feito, (dar) por feito’: *A Virgen Santa María | tant’è de gran piedade, || que ao peccador colle | por feito a vontade* (45: 4–5). A Virxe salva a alma dun malvado porque na hora da súa morte tiña na vontade construír un mosteiro e facer o ben no resto da súa vida. Documentamos un caso paralelo en cast. do XVI.⁴⁸

177. Coller/Fillar camynno

‘emprender a viaxe, poñerse en camiño’: *O camynn’enton colleu* (115: 218); *E u seu camynno fillou || por ir aa Madre de Deus* (146: 54–55); *pera Terena fillou // o camynn’* (197: 47–48). Vid. **Meter-sse ao/en/no camño.**

178. Com’a vida

[pondera o moito que alguén ama algo]: *que tant’amava / com’a vida que vivia* (323: 15–16). En gal. actual, no que nós sabemos, esta comparanza ten uso na comparanza

de superioridade: *máis cá vida dun* (Ferro, 2006, p. 190).⁴⁹

179. Com’è ssa usança

‘como é o (seu) costume’: *jogavan ant’a Majestade || dados omees e molleres, com’è ssa usança* (136: 20–21). A comparanza non a documentamos, fóra desta cantiga, nos textos medievais.⁵⁰

180. Com’en trebello, (Meter) a trebello (algo), (Dizer/Tēer) en trebello

1. ‘(facer, considerar ou dicir) de forma pouco seria algo, coma se ese algo fose chacota, xogo ou escarnio’: *ouveron tal consello que no rio a deitassen, | todo come en trebello* (215: 45–47); *muit’è gran dēosto || d’o feito da Virgen santa | seer metud’a trebello* (273: 22–23); *nunca me casarei vusco, | non vo-lo digo en trebello* (355: 66). Na lingua actual non se conservou esta expresión. Corresponderíase aproximadamente coas UF actuais *tomar a broma* ou *correr a chacota con* (TILG).

2. ‘(considerar) un engano ou trampa’: *E o moç’en trebello | nono tev’e por Paris | foi* (115: 144–146).⁵¹

181. Com’era

[xeralmente modifica adxectivos: valor aseverativo, reforzador]: *e tod’enteiro com’era*

⁴⁸ *La voluntad Dios recibe por hecho quando no ay facultad para la obra* (Francisco de Osuna, *Primera parte del Abecedario espiritual*, 1528, CORDE).

⁴⁹ Nos corpus (TILG e CORGA) 0 concorrencias para a comparanza de igualdade co verbo *amar/querer*. A UF quizais máis próxima á medieval é *gustarlle pola vida* (DFCG, s. v. VIDA, oída a falantes de Trasdeza, Pontevedra), referida especialmente a cousas ou alimentos.

⁵⁰ En cast. do XV documentamos *como es usança / como es usança de aquella tierra* (Anónimo, *La corónica de Adramón*, c 1492, CORDE). A frase tamén se rexistra nun autor moderno: *botan moitos aturuxos, como é usanza galega* (Vázquez Pintor, *Os vellos oficios*, 1996, TILG). Moito máis común, a día de hoxe, é a UF *á antiga/vella usanza*.

⁵¹ Na península non é difícil documentar *trebello* ‘enredo, embrolla, trampa’ na Idade Media, por exemplo: *Aquesto semella-me trebello, || que poi-lo Papa nen todo seu conçello || en este feito non me deron consello, || como mio dará o que é fol provado?* (cantiga nº 65: 80–83); *Ya, varones, caemos en trebejo* (Anónimo, *Libro de Alexandre*, 1240-1250, CORDE). En gal. actual *trebello* ‘trampa’ documéntase doadamente, tanto no DdD como no TILG. Sobre a voz *trebello* e os seus valores na lingua medieval, resulta imprescindible o exposto por R. Lorenzo (DDGM, s. v. TREBELLO).

| *ena boca o levou* (208: 22). A UF consérvase na lingua moderna.⁵²

182. Com'espiga [pondera a longura]: *hũa agulla | longa com'espiga* (399: 30). Integrámola con certas dúbidas. En gal. moderno a comparanza é inusual. Documentámola dúas veces, referida ao corpo, *largo como espiga*, no español de América.⁵³ Pénsese no verbo *espigar*, tamén referido por antonomasia ao crecemento en longura do corpo humano.

183. Com'hũa escarlata 'moi vermello': *mal o doitëaron, || e atal o pararon || com'hũa escarlata* (182: 48). A comparanza documéntase tamén en cast. medieval e chega aos nosos días.⁵⁴

184. Com'irmãaos [pondera a unión, a fraternidade] *com'irmãaos, || todos alçand'as mãos* (409: 87–88). A comparanza chega aos nosos días (39 concorrencias no TILG).

185. Com'ouro [pondera o moito que algo se aprecia]: *tan preçadas com'ouro*

(358: 27). As UF ponderativas con *ouro* chegan aos nosos días.⁵⁵

186. Com'un león [pondera a bravura ou a fereza]: *tornou bravo com'un leon* (265: 83). A bravura do león é proverbial. Documentamos a comparanza na prosa medieval: *andaua tâ brauo et tâ sañudo en esta batalla cõmo (vn) leon* (HT. Ápud XEL) e en gal. moderno: *fero coma un león* (Ferro, 2006, p. 220).

187. Come caldeira [pondera a presteza e/ou potencia con que algo ferve]: *E aquel poço fervia ben come caldeira* (119: 41). A imaxe da caldeira fervendo é prototípica e non é difícil documentalala na península.⁵⁶

188. Come can [pondera o moito que unha persoa morde e/ou ladra]: *mordia come can* (276: 25); *mordia as gentes | e come can ladrar* (372: 13).

189. Come can bravo [pondera a bravura ou fereza]: *que sse fillavan a morder || come can bravo que guarda seu*

⁵² *A ouropéndula amarela tan bonita como é* (Pintos, *Perseverancia*, 1859, TILG); *e sendo Rei de reises como era* (Mirás, *Compendio de gramática gallega-castellana*, 1864, TILG); *feliz e probe como era* (Semenario *O tío Marcos da Portela*, 1885, TILG) etc.

⁵³ *Cuerpo largo como espiga* (https://www.clarin.com/ciudades/dandis-Cochabamba_0_rJalh15nDQx.html?srsId=AfmBOorKiwdn8pTtF-SVzHvUphTMsZ8y9tZr6USjb_Bu5xjOMC9XBEDu); *Este hombre desgarbado y largo como espiga* (Mejía, 2014, p. 84).

⁵⁴ *Los oios & el pico ha uermeios como ell escarlata* (Afonso X, *Libro de ajedrez, dados y tablas*, 1283, CORDE); *bermejo como de escarlata* (Anónimo, *El baladro del sabio Merlin con sus profecias*, 1400, CORDE); *púxenme com'unha escarlata* (Semenario *O tío Marcos da Portela*, 1884, TILG).

⁵⁵ As comparativas de igualdade documéntanse en cast. do s. XV: *preçiado como oro* (Anónimo, *Biblia ladinada*, 1400, CORDE); *muy precioso tanto como oro* (Fray Vicente de Burgos, *Traducción de El Libro de Proprietatibus Rerum de Bartolomé Anglicus*, 1494, CORDE). En gal. Ferro (2006, p. 192) rexistra *estimar coma o ouro no pano*. Moito máis frecuentes son as comparativas de superioridade: *muito mais precioso do que o ouro* (Brasil, blog, CPW), *máis precioso/prezado/valioso que o ouro* (TILG) etc.

⁵⁶ *Así como la caldera que fierva* (Villena, *Traducción y glosas de la Eneida*, 1427, CORDE); *fierva allí el agua a borvullones, como una caldera* (Díaz de Games, *El Victorial*, 1431-1449, CORDE). Chámanse caldeiras as pozas de auga fervente nas Illas Azores. En gal. moderno a comparanza pódese documentar: *ferve coma unha caldeira a toda presión* (Freixanes, *O triángulo inscrito na circunferencia*, 1982, TILG); *fai bulir as profundidades mariñas como unha caldeira* (X. Penas, *A arca de Noé. Elementos de oceanografía e bioloxía mariña*, 2006, TILG) pero cremos que a día de hoxe carece de idiomaticidade, é un símil máis ca unha UF propiamente dita. As comparanzas fraseolóxicas tradicionais para ponderar o fervor no XIX e XX fanse coa *ola* ou co *pote*.

currel (275: 13). Para render esta idea na lingua actual son frecuentes as comparanzas do tipo *coma un can da rabia/doente/arrabiado/danado*.

190. Come castanna [pondera un certo grandor]: *a pedra sigo na cama, | tan grande que verdadeiramente' || era come castanna* (173: 22–23).

191. (Come) en lugar de ‘en substitución de (o que se expresa), cumprindo a función que lle correspondería á persoa citada’: *vos seede-ll'en logar de madre* (5: 29); *Como santa Maria serviu en logar da monja que sse foi do mōesteiro* (94: 1–2); *e tu seerás || come en logar de fillo* (125: 74–75). Documentábase tamén na prosa medieval: *ca uos teemos coño en lugar de padre* (TC. Ápud XEL), *et a tijna en lugar de madre* (TC. Ápud XEL).

192. Come estruz [pondera a fealdade e tamén a velocidade na carreira]: *tan feo come estruz* (5: 176); *corre*

mais que estruz (135: 122). Sobre o primeiro punto achamos tópicos antigos que reforzan dalgunha maneira esa consideración negativa.⁵⁷

193. Come fol [pondera a desmesura, o desaforo, a excesiva excitación ou furor violento]: *O marñeiro, poi-la ena barca meteu, ben come fol || disse-lle que fezesse seu talan* (5: 110); *o judeu ben come fol || mui de rrijo lle demandava || que lle dèss'* (25: 133–135); *o hermitan come fol || s'ouv'a tornar pedindo* (115: 319–321); *Tol-ll' || a mão destra, por que fez come fol || aquela carta* (265: 110–112).

194. Come madeiro duro [pondera a inmovilidade e insensibilidade]: *tan yrto se parou // come madeiro duro, / que non se pode mover* (329: 42–43). A comparanza, sen gozar dunha alta frecuencia, mantense viva a día de hoxe.⁵⁸

⁵⁷ Di Fray Luis de Granada: *porque privó Dios esta ave [a avestruz] de sabiduría, y no le dio inteligencia* (*Introducción del simbolo de la fe*, 1583, CORDE); *El avestruz es ave muy grossera* (Juan de Arfe, *Varia Commensuración...*, 1585, CORDE). En *Pipá* de Clarín, cando critican a López chamándolle bruto e paquidermo, Bustamante engade *¡Es un avestruz!* (1886, CORDE); seguindo esta liña, procede igual Galdós cando comparan a Chamorro cun estúpido, unha besta para logo chamarlle avestruz (1875, *Memorias de un cortesano de 1815*, CORDE, p. 180). A fealdade parece entreverse nesta frase: *¡Vaya usted enhoramala, cara de avestruz!* (E. Carrere, *La torre de los siete jorobados*, 1923, CORDE). Como insulto tamén aparece en *Aturuxos* de Salgado (TILG), cando para referirse a Euxenio o narrador di *respondeull' o avestruz*. O segundo valor semántico é máis doado de documentar; sen ser moi alta a súa frecuencia (por exemplo, no CPN, de case 700 concorrencias da voz *avestruz*, só atopamos 3 comparanzas ponderando a velocidade; en Google, para gal., cast. e port., as concorrencias que nos interesan non superan a ducia en cada idioma), podemos dicir que é unha UF con certa fixación.

⁵⁸ *Secos & fízose como madero* (Alfonso X, *General Estoria*, c 1280, CORDE). Pondera aí a materia que antes foi viva e agora é inerte. Con ese valor documentábase ben en port. actual: (*ficar*) *como um madeiro seco* expresa a mesma idea de insensibilidade. Unha comparanza exitosa é *teso como um madeiro* (por exemplo en Aquilino Ribeiro, *Quando os lobos uivam*), tamén doada de documentar en cast. Cando Lourenço Ramires *tombou por fim direito como um madeiro* (en *A Ilustre Casa de Ramires*, de Eça de Queirós, CPH), a tradución ao cast. –ed. de Rosa Eugenia Montes– di que quedou *teso como un madero*. Máis comparanzas co madeiro en cast.: *inmóvil como un madero* (Blasco Ibáñez, *Traducción de Las mil y una noches*, c 1916, CORDE), *el movimiento resulta penoso y hay que arrastrar la pierna como un madero* (Luis Mateo Díez, *La soledad de los perdidos*, 2014, CORPES), *muy quieta, como un madero petrificado* (E. Cabañas, *Atajo*, 2012, CORPES). En gal. moderno as comparanzas tradicionais para ponderar algo seco ou teso están ocupadas por outros núcleos léxicos (a palla, a verga, o virote etc.). Documentamos só 4 concorrencias de *coma/como un madeiro* para aludir á inmovilidade, á materia totalmente inerte: *prefería xacer ali coma un madeiro* (tradución de Ana Rozados de *Agnes Grey*, de A. Brontë), *non respondía, esvaraba xa coma un madeiro a mercede das augas* (Xosé A. Moreno, *O cable inglés*), *teso como un madeiro* (Pablo García, *Relato dun estalido xordo*), *como un madeiro./ guindouno na charca* (*A Nosa Terra*, 1947, poema asinado por “Verduguillo”).

- 195. Come morto** [pondera a inmovilidade ou o silencio de alguén]: *Desta guisa come morta* || *jouve* (59: 82–83); *jouve tal come morto* (276: 54); *a madre come morta* | *de sobr'ele a tiraron* (331: 35); *non quera* | *comer e tal come morto* || *era* (352: 36–37); *jazia tendudo* || *ja come mort'* (375: 45–46).
- 196. Come navalla** [pondera o ben que algo corta]: *fendend'as ondas per meo ben come navalla* (95: 81). A comparanza chega aos nosos días (9 concorrencias no TILG).
- 197. Come per canudos** [pondera a abundancia con que mana un líquido]: *deitar* || *leite come per canudos* (46: 68). Malia non documentar esta comparanza, exactamente igual, en todo o corpus medieval, percibimos un certo valor fraseolóxico.⁵⁹
- 198. Come pez.** Vid. **Chus/mais negro ca pez.**
- 199. Come sal, Como desfaz (a) agua (o) sal** [pondera a facilidade e presteza con que algo se desfai]: *assi llo desfez da mente / como desfaz agua sal* (42: 55); *que assi nos desfaria / ben com'a agua o sal* (121: 48); *desfez seu feito | como a agua o sal* (197: 55); *Deus desfez o seu feito, | com'agua desfaz o sal* (235: 68); *desfeito [...] come sal* (282: 34). A comparanza chega aos nosos días. En port. documéntase co mesmo verbo, *desfacer*.⁶⁰
- 200. Come se con aguillon o levassen** [pondera a forza ineludible con que algo ou alguén é impelido ao movemento, á acción]: *correndo de randon* || *foi a jornadas tendudas, || come sse con aguillon || o levassen de corrudas* (31: 50–54). Con este valor, ou semellante, a UF segue a ser usada na lingua moderna.⁶¹
- 201. Come se fosse de pallas** [pondera a levidade ou lixeireza]: *leve come se de pal[l]as | fosse* (371: 43). Tamén na prosa medieval en cast.: *atan livianos le parecían como si fuesen pajas* (Anónimo, *Libro del cavallero Cifar*, 1300-1305, CORDE). A comparanza chega aos nosos días: (*leve/pesar*) *coma a palla* (Ferro, 2006, p. 245).

⁵⁹ *Por canudo* documéntase, tanto en gal. como en cast. medieval, con verbos como *echar*, *lanzar* e sinónimos, pero con valor literal: *llançalle nos ollos sutilmente por canudo o sal mudo* (Jordanus Rufus de Calabria, *Tratado de Albeitaría*, 1409, XEL). A imaxe da auga deitando por un tubo, cano ou canudo, esténdese, de forma case universal, a un uso fraseolóxico para indicar abundancia. En port. do XV rexístrase, por exemplo, unha UF moi próxima: *recebemos per canos a graça* (Ludolfo Cartusiano, *O Livro de Vita Christi em linguaagem português*, á p. R. Lorenzo, 1977, p. 275). En cast. actual é moi común a UF *por un tubo*. En gal. moderno rexístramos a *canadas* (Emilio Canda, *¡Olla...!*, 1898, TILG) e a *canados* (Carlos G. Reigosa, *A lei das ánimas. A novela da santa compañía*, 2010, CORGA), referido á cantidade de chuvia que cae.

⁶⁰ *Este mal se desfaça como o sal na água* (é un recitativo popular, en: http://freguesia-mejinhos.blogspot.com/2012/10/rezas-populares_14.html). Caben outros verbos sinónimos: *que me derreto por ela, com'o sal na auga fría* (Blanco, *A poesía popular en Galicia 1745-1885*, 1881, TILG); *Dio-los desmenuia com'o sal na auga fría* (Risco, *Folklore de Melide*, 1933, TILG).

⁶¹ No TILG rexístramos: *Esto foi coma un aguillon que lles fixo apertar o paso* (López Ferreiro, *O castelo de Pambre*, 1895); *Como empurrado por un aguillon irresistible, levantouse* (Villar-Rábade, *Morrer en Vilaquinte*, 1980); *coma se nos desen cun aguillon nas costelas que nos fixo entrar en acción* (Laxe Freire, *Loita e morte*, 1986); *coma se o tivesen espetado cun aguillon* (Bernárdez, *No ano do cometa*, 1987). No CPH: *o pungia, como o aguilhão* (José de Alencar, *Til*, 1872), *pulsar em minhas veias, como um doce aguilhão* (Alvaro Cardoso, *Os Rios Inumeráveis*, 1997); *como um aguilhão que lhe espetassem; como se um aguilhão tivessem; funcionar como aguilhão perante a indiferença* (Internet).

- 202. Come se fosse (feito) de pedra, Com'hũa pedra** [pondera o estatismo ou a inmovilidade]: *non se podían mover*; || *ben come se fossen feitos | de pedra* (248: 28–29); *atal com'hũa pedra* (329: 57). Esta comparanza, con distintos matices, rexistrámola en gal. moderno: *Eu non tremaba, como si fose de pedra* (Blanco-Amor, TILG). Ferro (2006, pp. 214, 231) documenta *ser coma unha pedra* para ponderar a insensibilidade e tamén a dureza, semas moi próximos ao estatismo.
- 203. Comer come can** [pondera a voracidade]: *E ja sa lingua [...] comeu come can | e os seus beiços* (404: 75–77). A comparanza, que non é estraña á lírica profana de escarnio, rastréase en gal. moderno.⁶²
- 204. Como carr'en pedregal** [pondera a estridencia]: *sôavan || como carr'en pedregal* (179: 37–38). O carro intervéñen moito na fraseoloxía (case dúas ducias de entradas na DFGC). A imaxe do carro ruidoso documéntase en gal. moderno. A comparanza pasou ao español de América.⁶³
- 205. (Como) en jogo** ‘a modo de brincadeira, de broma’: *El lle repos, com'en jogo* (84: 41); *Nen fez en jogo* (255: 75). Rexístrase tamén na prosa medieval: *pregũtauã os ricos omes cada dia, coño en jogo, como lli acaesçeran* (TC. Ápud XEL); *leuades en jogo tal feyto coño este* (TC. Ápud XEL); *esto nêgũ entêdese en jogo* (HT. Ápud XEL). En gal. moderno a semántica da UF *en xogo* cambiou e é difícil documentar o uso medieval.⁶⁴
- 206. Como fumo** [pondera a inconsistencia, o carácter efémero ou a rapidez con que algo ou alguén desaparece]: *Quand'eles oyron aquesta razon, / como fumo se desfizeron enton* (82: 46–47); *e que se desfazia / come fum'* (365: 14). No TILG documentamos a UF, *como fume*, con distintos verbos (*pasar, desaparecer* etc.) desde Añón, en 1862, ata os nosos días.
- 207. Como nunca (+ ESTRUTURA VERBAL)** [valor ponderativo, indica un grao superlativo]: *tan fremos'e tan são || como nunca mais fora* (201: 57–58); *tan são | como nunca foi*

⁶² Tamén en cast. do XV: *comer como perro* (F. López de Villalobos, *Sumario de la medicina con un compendio sobre las pestíferas bubas*, 1498, CORDE). Na lingua actual a frase *comer coma un can* ‘comer vorazmente’ témola oída a falantes dezaos (DFGC, s. v. CAN). E documentamos *comer coma can famélicos* (J. M. Parcerro, *Sangue no ollo*, 2011, CORGA), moi próxima á comparanza medieval *come can que á fome | come* (D. Denis, 1240, XEL).

⁶³ No TILG: *rinchan todos como un carro* (Fernández Morales: *Ensayos*, 1861); *renxen como carros* (Cotarelo, *Trebón*, 1922); *cantando coma carros deseixados* (E. Araúxo, *Cinsa do vento*, 1996); *Rensex coma un carro vello* (X. Lama, *O serodio remordemento do amor*, 1996, CORGA). No español de América: *provocó que la designación del supuesto “candidato natural” [...] temblara como carro en pedregal* (http://priinfo.org.mx/BancoInformacion/files/Archivos/PDF/7220-1-11_41_06.pdf). En autores murcianos: *se atascaba como un carro en un pedregal* (Castillo-Puche, *Trilogía de la liberación*, 1990, p. 313); é precisamente en Murcia onde está viva a frase *echar el carro por el pedregal*, cos mesmos núcleos léxicos ca a frase afonsina (<https://www.laopiniondemurcia.es/opinion/2015/03/22/echar-carro-pedregal-32248374.html>).

⁶⁴ A día de hoxe (*entrar/estar/poñer*) en *xogo* aluden á intervención de novos factores ou a un risco ou perigo. Con todo e iso, é posible documentar o uso medieval: *¡Qué rapaza lagarteira, fachuqueira, baralleira, sempre en xogo!* (Castillo-Elejabetiá, *Lirios de Compostela*, 1949, TILG); *referirnos en xogo a tempos tremendamente inxeles* (Méndez Ferrín, *Crónica de Nós*, 1980).

mellor (244: 41); *fremos 'e são | como nunca mais ouvera* (357: 27). En gal. moderno a UF *como nunca* pondera de forma autónoma, sen a presenza da cláusula; así, en Rosalía lemos: *prendados quedaron como nunca 'quedaron moi prendados'* (*Follas Novas*, TILG). Vid. **Qual nunca**.

208. Como pedra con cal [pondera o fortemente trabado que está algo]: *aprendudos ben como pedra con cal* (189: 20–21). Integramos esta comparanza con dúbidas porque non a documentamos fóra desta cantiga. Con todo, debía ser unha realidade constante a combinación destes elementos na construción daquel tempo. Rexistramos posteriormente en gal. e cast. varios exemplos ponderativos con estes núcleos léxicos que nos permiten considerar a posibilidade de que a comparanza tivese xa no s. XIII un certo valor idiomático.⁶⁵

209. Como quer que 1. [Valor causal] ‘dado que’: *E como quer que o fogo queimasse || en redor da omagen quant 'achas[s]e, || Santa Maria non quis que chegasse || o fum 'a ela* (39: 15–18). Outros casos: (262: 30).

2. [Valor concesivo] ‘aínda que’: *El, como quer que lle fosse | esto de fazer mui greu, [...] feze-o* (127: 42–44). Outros casos: (174: 12–13), (197: R), (237: 64), (253: 17).

210. Como tições [pondera unha combustión activa]: *as fazian arder assi como tições* (85: 49). Documentábase tamén en cast. medieval: *la ssu ssaluacion commo tizon arda* (Anónimo, *Biblia romanceada*, c 1400, CORDE). A UF comparativa chegou aos nosos días (media ducia de casos *coma/-o un tizón* no TILG).

211. Con graça [úsase como fórmula de cortesia para pedir autorización á hora de chegar ou de saír] ‘con permiso’: *Con graça, Sennor* (59: 62). Documentámolo tamén na lírica profana: *con graça, mia senhor!* (Johan Soarez Coelho, XEL).

212. Con paravoas doces ‘de boa maneira, afectuosamente’: *Repos a Virgen con paravoas doces* (65: 170). A colocación *palabras doces* perdura a día de hoxe e documéntase tanto na lingua literaria como na lingua popular.⁶⁶

213. Con tod'esto [valor concesivo] ‘a pesar desto’: *pero, con tod'esto, o coraçõ non partiu / de querer seu ben* (16: 27–28). Documentábase este valor na lingua actual.

214. Contra costume ‘fóra do acostumado, excepcionalmente’: *outrossi foi esto que contra costume || foi madre e virgen* (413: 32–33). A UF chega aos nosos días.⁶⁷

⁶⁵ *Más dura que piedra y cal* (Urrea, Miguel de Urrea, *Traducción de la Arquitectura de Marco Vitruvio Pollión*, 1582, CORDE); *cerrada a piedra y cal* (M. Azuela, *Los de abajo*, 1916, CORDE; J. Fernández Santos, *Extramuros*, 1978, CREA); *pechado a cal e pedra* (Bieito Iglesias, *O mellor francés de Barcelona*, 1999, TILG).

⁶⁶ Nos corpus (TILG e CORGA) contabilízanse 20 concorrencias. A frase aparece na paremioloxía: *Obras son amores e non palabras doces* (Vázquez Saco, 2003, p. 620) e no cantigueiro popular: *as tuas palabras doces para min son falsedás* (Pérez Ballesteros, *Cancionero Popular Gallego*, 1886, TILG).

⁶⁷ *E seu pai, contra costume, deixoulle escoller muller* (Cunqueiro, *Merlín e familia*, 1955, TILG); *O cura, contra costume, mandounos subir á solaina* (José Tobío, *O seminarista*, 1999, TILG).

- 215. (Correr) como cervá** [valor ponderativo, pondera a rapidez]: *Enton corrend'o monge como cervá* (69: 65). Na lingua moderna é posible documentar a comparanza pero máis ben nun uso literario.⁶⁸
- 216. Cumprir o preito** ‘satisfacer ou solucionar un asunto ou negocio’: *O ome non quis per ren | leixar seu fol deleito, | nen catou y mal nen ben; | mais pois conpriu o preito, | ela con sanna poren | diz* (115: 97–102). A UF procede da linguaxe xurídica: *El aduocado non deve deseparar la sententia que es mandada que se cumpla, el pleito aun conplido* (Anónimo, *Vidal Mayor*, c 1250, CORDE). Neste exemplo da lingua do XIII a UF equivale a *cumprir unha sentenza*; noutro texto afonsino equivale a ‘cumprir un pacto’: *e así se cumplió el pleito que Nuestro Señor pusiera con Abraham* (*General Estoria*, c 1275, CORDE). No texto que nos ocupa hai un uso metafórico, desviado da idea de dereito ou convenio, porque o que se cumpre é un desexo persoal e unilateral.
- 217. Cumprir o tempo** ‘satisfacer un prazo, completar un determinado período’: *Esto fez a Santa Virgen, | pois que o tempo conpriu* (417: 10). A UF chega aos nosos días.
- 218. Cuspír quer suso contra o ceo e vai-lle na faz caer** [expresa o inútil, soberbio e contraproducente que un acto pode ser]: *com'ê om'atrevudo | de pensar nen comedir || de furtar ren do da Virgen, [...] tal é como quen cospír || quer suso contra o ceo, | e vai-lle na faz caer*. (329: 5–8). Temos aquí, enmarcada dentro dunha estrutura modal-comparativa, unha frase proverbial moi antiga e amplamente difundida.⁶⁹
- 219. D'obra de** ‘(feito) á maneira de’: *mas hũa cela faria d'obra de Paris, || u se metesse por mays o mund'avorrecer* (5: 184–185). Esta expresión, *de obra de*, que indica como ou de que maneira se fai algo, podémola documentar en cast. medieval.⁷⁰ A respecto de *obra de Paris*, verosimilmente se refire ás celas ou pequenos habitáculos en que se emparedaban moitas mulleres

⁶⁸ En gal. unha única concorrencia nos corpus para ponderar a rapidez ou axilidade: *co seu pé infatigábel e veloz coma o da cervá* (Ferrín, *Estirpe*, 1994, TILG). Na literatura documentamos *corría coma unha cervá* en A. Cortizas (*Tenrura*, 2019). En port. actual son escasas tamén estas concorrencias: *veloz como uma cervá* (tradución das obras de Anselmo de Canterbury (<https://pdfcoffee.com/as-obras-completas-de-santo-anselmo-de-cantuaría-santo-anselmo-de-pdf-free.html>)).

⁶⁹ O proverbio rexístrao, entre outros, Ferro (1987, nº 6039): *Quen ao ceo cospe, na cara lle cae*, Vázquez Saco (2003, p. 776): *Contra o ceo non cuspas, que na cara ten de che caer* e mais tamén Pérez Ballesteros encadrado nunha cantiga popular: *Non hai que cuspír ó ceio que che caerá na cara* (Cancionero Popular Gallego, 1886, TILG). No *Refranero multilingüe* do Centro Virtual Cervantes (<https://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/Ficha.aspx?Par=59346&Lng=2>) este refrán aparece vertido a 14 idiomas.

⁷⁰ *Todo era lavrado de obra de grafil* (Anónimo, *Libro de Alexandre*, 1240-1250, CORDE); *guardar que las casas de las abejas non sean de obra de tierra* (Ferrer Sayol, *Libro de Palladio*, 1380-1385, CORDE); *los faga de obra de figuras de cherubin* (Anónimo, *Biblia Escorial I-j-4*, c 1400, CORDE). En gal. moderno a frase *de obra de* só se usa cando vai seguida de número de anos: *o rapaz era de obra de quince aniños* (A. Angueira, *Iria*, 2012, TILG). Con este valor hai 20 concorrencias no TILG.

en xeral na Europa medieval, e en concreto as emparedadas ou reclusas de París.⁷¹

220. D'oj'a + EXPRESIÓN DE TEMPO

[indica os límites dun prazo de tempo]

1. 'durante ese tempo seguido a partir do día de hoxe': *duzentas vezes digades, sen mentir* || "Ave Maria", *d'oj'a un ano, sen falir* (16: 46–47). Na prosa profana documentamos variantes desta UF, canto á forma e canto ao significado.⁷²

2. 'Dentro de X tempo (sendo X= o tempo indicado)': *O emperador lles pos praz'atal: || "D'oj'a tres dias, u non aja al, || venna provar o maestr'este mal* (17:j 50–52); *se non, | d'oj'a trinta dias || morte prenderias* (32: 42–43); *d'oj'a trinta dias | sabiades que morrerey* (53: 67);

d'oj'a quinze dias serei sen contenda || no Parayso (65: 226–227); *d'oj'a trinta dias || serás comigo* (79: 26–27). Nos exemplos das cantigas afonsinas sempre son días pero vemos na prosa profana medieval que poden ser meses.⁷³

221. **Da primeira** 'ao principio, antes': *que llo dera || con sa cera como ll'ela | prometera da primeira* (43: 43); *E porend'aqueste | que vos dixi da primeira* (196: 22). A UF tamén pode ter outro valor, 'de primeiras, primeiro', estudado por Álvarez de la Granja (2005, p. 34). No sentido que nós documentamos, é sinónimo da expresión **De primeiro** (vid. abaixo).

222. **Dacá e dalá** 'nun sitio e noutro, por todos os lados ou por varias partes': *e viron sa posta | dacá e dalá saltar*

⁷¹ O fenómeno das reclusas medievais está suficientemente estudado e hai serias publicacións ao respecto. É común referirse á obra de Berceo sobre a burgalesa emparedada, Oria. Un dos casos máis cedos de documentación na península é do XII: *ad cuius ecclesie alam tu [Urrace] nunc, in parvula cellula inclusa, Deo mente devota servis* (Anónimo, *Donación de la iglesia de San Vicente de la Peña a San Millán*, 1131, CORDE). En Galicia tamén hai documentación temperá: *ego, dompna Marja, inclusa intra parjetes de Sancto Iacobo de Monte* (ano 1209, documentación do mosteiro ourensán de Montederramo, CODOLGA). En Francia sabemos que ao seu paso por Lión, en 1097, o santo Anselmo fora visitar as dúas mulleres reclusas en Marie-Madeleine (L'Hermitte-Leclercq, 1988, p. 228). Centrándonos en París, V. Hugo, en *Notre-Dame de Paris* alude ás reclusas parisienses e cualifica a irmá Gudule de «esqueleto vivente». L'Hermitte-eclercq (1988, pp. 229, 230) cita media ducia de reclusarías só na cidade de París na Idade Media, alude a un dos primeiros reclusos coñecidos da capital francesa, Jean, no ano 1070 e fala tamén da protección que os reis —especialmente Henrique V e Carlos V— conceden a certas reclusas famosas na vila parisiense. As relacións entre o rei Afonso X e o rei francés Luís son tamén suficientemente coñecidas. Relembramos que Fernando III, pai de Afonso, era curmán de Luís IX de Francia. Afonso casou o seu herdeiro, Fernando de la Cerda, coa filla de Luís IX, Branca de Francia. Quérese dicir con isto que o coñecemento das cousas de París tiña o carreiro aberto para chegar á corte afonsina.

⁷² No canto de *a* é frecuente que apareza *ata*: *d'oje ata dous anos segintes; d'oje este día ata tres anos conpridos primeyros seguintes* (documentación de San Bieito do Campo, 1457, CGPA); *encomendaron a scripuania do coro [...] d'oje este día ata hñu ano a Pero Afonso de Pallares (O Tombo H da catedral de Santiago. Documentos anteriores a 1397. Valga: Concello de Valga, 1394, CGPA)*. Canto ás variantes de significado, hai casos en que a acción indicada polo verbo rexente se pode cumprir en calquera momento do prazo marcado polos dous límites temporais: *prometeu que d'oje a XV días primeiros sigintes dese o dito Afonso Migelles outorgamento (O Tombo H da catedral de Santiago. Documentos anteriores a 1397. Valga: Concello de Valga, 1396, CGPA)*. Neste último exemplo enténdese que se dará ese outorgamento en calquera momento dentro dos límites dos quince días marcados.

⁷³ *E o prazo seera d'oje a tres meses. E dizede ao Cide que venha hy cõ quantos tever* (Afonso X, *Crónica Geral de Espanha de 1344*, 1344, CGPA).

(159: 31); *A moça teve mentes | e
dacá e dalá, || e poys viu a Ostia |
alçar, disso* (251: 95–96).

223. Dalend'e daquende, Daquend'e dalen [referido ao mar ou a un río] 'dunha e doutra ribeira', [por extensión] 'por todos lados': *que o andava busca[n]do | e dalend'e daquende* (6: 50); *ja buscado || fora daquend'e dalen* (111: 53–54); *por vee-la ya || gente daquend'e dalen* (153: 52). Documentábase tamén no cast. afonsino e chega aos nosos días.⁷⁴

224. Dali/Daqui/Dende adeante, Des ali/aquí/i/adeante, Dessa ora adeante, D'oje/adeante 'a partir do momento que se indica': *dali/daly adeante* (8: 49–50), (149: 69), (152: 37), (193: 62), (195: 199), (288: 39), (427: 53); *daqui adeante* (42: 34, 70); *dend'adeante* (325: 87); *des ali adeante* (31: 63), (42: 39), (48: 39), (163: 29), (197: 44), (225: 58), (262: 47), (295: 62), (303: 46), (393: 95); *des aquí adeante* (163: 23), (316: 58); *des i adeante* (164: 49), (295: 62); *dessa or'adeante* (216: 58); *d'og' / d'oj'adeante* (82: 52), (401: 87).

225. Dar a alma a Deus 'falecer': *e a alma foi dar a Deus* (284: 53).

Documentábase tamén na prosa medieval: *o nobre barõ defu] sua alma a Deus* (TC. Ápud XEL). A UF perdura tanto no gal. como no port. de hoxe en día.⁷⁵

226. Dar a/hũa palmada 'dar unha labazada': *Como o crucifisso deu a palmada aa onrra de sa Madre aa monja* (59: 1–2); *O padre, con coita dele, | en sas faces deu palmadas* (323: 18). A UF chega aos nosos días.⁷⁶

227. Dar ao demo 'importarlle pouco ou nada (algo a alguén)': *dou ao demo os outros amores* (10: 22). Perdura en gal. moderno.⁷⁷

228. Dar camño 'facilitar os medios': *roguemos, | [...] que nos dê camño || por que sejamos | con ela* (406: 54–56). Vid. **Dar carreira(s)**.

229. Dar carpynnas 'dar mostras de gran dor ou desesperación, rabuñando o rostro, xemendo en voz alta ou tirando polo cabelo ou barba': *Assi gemendo e dando carpynnas / adormeceu* (105: 98–99). Mettmann (1988, p. 23, nota 98) dá como significado *desenredar el cabello* pero é inexacto. Parece evidente que entre os trazos que definen a verba *carpiña* entran en xogo dous básicos: a xesticulación e

⁷⁴ *Amas partes de la linna de mediel dia daquende. & dallende* (Afonso X, *Cánones de Albateni*, 1276-1277, CORDE) e, sempre en cast., persiste no XVI: *daquende y dallende cercados se vieron* (García Rodríguez de Montalvo, *Las sergas del virtuoso caballero Esplandián*, 1504, CORDE). Documentámola en gal. e port. de hoxe en día pero co sentido restrinxido, tendo sempre como referencia o río ou o mar: *de aquén e de alén mar/ Miño* (TILG); *A quem me quiser contactar de aquem e alem mar* (Internet, CPW).

⁷⁵ En gal. (TILG, CORGA) e port. (CPW) actualmente o verbo *dar* é menos usado nesta UF ca o verbo *entregar*. Tamén se usa *render*.

⁷⁶ En gal. actual é pouco usada para significar 'golpe na cara ou nas nádegas', úsase máis cando se dá no ombreiro ou nas costas, co valor de 'afagar, animar, felicitar'. Pero si é moi usada en Brasil: *quando ele tinha 3 anos eu dei uma palmada, dar uma palmada em o filho* etc. (Internet, CPW) e incluso se fala da «Lei da Palmada» (CPW).

⁷⁷ *Dou ó Demo a casta deles* (Anónimo, *Segundo diálogo dos esterqueiros*, 1807, TILG) e tamén no refraneiro: *Cegos, pegas e choias, dou ó demo estas tres xoias* (Vázquez Saco, 2003, p. 22) etc.

os trazos auditivos. Os semas deben ser concordantes cos do verbo *carpir*, base de derivación de *carpiña*, tal como aparecen trazados no DRAG. Ao noso entender, o significado de *dar carpiñas* abrangue tanto os xestos (arrabuñarse, tirarse dos cabelos) como os berridos ou choros ruidosos.⁷⁸

230. Dar carreira(s), (Meter/Pöer) en carreira ‘facilitar os medios (para lograr algo)’: DAR(LLE/NOS) + *carreira per que* (192: 93–94), (415: 32); *Como nos dá carreiras | a Virgen que façamos...* (368: R); *Eu vos porrei en carreira / [...] com’ajamos algun fillo* (43: 8–10); *e o metess’en carreira || per que abellas ouvesse* (128: 14–15). Na lingua moderna estas colocacións perdéronse, se ben parece que a UF medieval algunha relación garda coa actual *ter o carreiro aberto* ‘ter os medios a man (para facer algo)’ (DFGC, s. v. CARREIRO). Vid. **Dar vías**.

231. Dar cento por ñu ‘dar con suma xenerosidade’: *vos dara Deus por un çento* (75: 40); *ca lle dá por ñu cento* (355: 7); *ca por un don, esto sey ja, || que ll’eu dé, çento me dará* (400: 25). Chega aos nosos días.

232. Dar con (alguen) (a/dentro/fora/en) ‘conducilo a, ir parar alguén a’: *aquel*

mançebo preseron || e, sen saber a verdade, | aa forza con el deron (355: 81–82); *conssello preseron || que eno mar o deitassen [...] e dentro con ele deron* (193: 15–17); *da vila con el deu || for’* (291: 51–52); *deron con el no navio* (95: 39); *con el deu || na riba do rio* (245: 82–83); *deron con el no carcer* (291: 21); *dar con ela | foron nas chamaz ardentes* (294: 39). Na lingua actual a UF *dar con alguén* ten un significado distinto, ‘atopar’.

233. Dar dereito (de) ‘fazer xustiza (en algo ou con respecto a alguén)’: *por quanto mal nos ele buscava || dá-nos dereyto del* (15: 99–100); *Ca en lugar de me dereito dar, || diste-me fogo que tan mal queimava* (105: 94–95); *pediu || aa Virgen groriosa | que del gran dereito dar* (127: 14–15); *ca dereito de ssi grande | dá aquel que sse desmente* (174: 35); *aa jostiça mostra ta razon, || e veerás que dereito che dará* (186: 37–38); *Ai, Sennor, destes judeus || me dá, se te praz, dereito* (286: 30–31).

234. Dar en arras ‘dotar’: *foi-lles pedir || sa filla por casamento, | e prometeu-lles sen falir || que lle daría en arras | gran riqueza* (125: 70–71).

235. (Dar) en fialdade ‘(dar algo) para ser custodiado ou administrado por

⁷⁸ Se repasamos outras concorrencias medievais de *carpiña* decatámonos da importancia do son: *Aquela logo entendeu que era seu padre morto, deu ña tam gram carpinha que a ouïrom quantos jaziam derredor* (Chrétien de Troyes, *A Demanda do Santo Graal*, 1245-1265, CGPA); *oyrō os braados et carpiñas que faziã* (HT. Ápud XEL); *ouvirom gram volta no Paaço da Rainha que era hi açerca, e carpinhas de molheres, com gramdes vozes de gemtes pellas rruas darredor; braadamdo todos que matavom o Meestre* (Fernão Lopes, *Crónica de D. João I*, 1400-1460, CGPA). Tamén o verbo *carpir* combina ambos trazos: o da xesticulación-acción coas mans (=rabuñarse) está claro no verso *sas faces fillou-ss’a carpir* (cantiga n° 21: 28), e mais neste texto: *ordenaraō que homē nē molher naō se carpise nē bradase sobre alguñ finado* (Lopes, Fernão: *Crónica de D. João I*, 1400-1460, CGPA); o trazo do son, de lairse ou chorar ruidosamente, percíbese nestoutro texto: *Eu acordei cando sentín aquel ferro ardendo no peello da perna. E carpin que se oiu en toda a freguesia* (A. Angueira, *Pensa nao*, 1999, TILG). Algúns dicionarios recollen *carpiña* ‘rabuñada’ (DdD).

unha persoa fiel' (Mettmann, DDGM, s. v. FIALDADE): *aver a guardar* || *deu a outr'en fialdade* (239: 10–11). Documentábase tamén na prosa medieval.⁷⁹

236. (Dar) en/por don 'doar, conceder coma un favor, privilexio especial ou presente; consagrar': *se non por Santa Maria, | a que Deus lo* [o poder de resucitar] *deu en don* (14: 49); *dá-mia viva | e sãa ora en don* (84: 59); *cen cravos darei en don* (106: 31); *a Virgen, a que te dei en don* (122: 37); *à Virgen dei en don | meu corpo* (135: 93–94); *pois que cho por don ei dado* (257: 24); *que logo sen al llo enviass'en don* (265: 48); *dela* [da arca-relicario que vendeu] *dera en don* (362: 16). Son variados os complementos directos de *dar* nesta UF: poden ser cousas materiais ou inmateriais (como dereitos sobre as augas, por exemplo, ou a alma), poden ser terras mais tamén poden ser persoas: *alto de generación, / de Boadrís natural, / el rey (ge)lo dio en don / a (aqu)el rey de Portugal* (Anónimo, *Poema de Alfonso Onceno*, 1348, CORDE). Aquí, no texto peninsular do s. XIV, ao ser entregada unha persoa *en don* a outra, a interpretación normal é que aquela vai servila, a esta, como escravo ou servente. En troques, se a persoa se ofrece ou dá *en don* a Deus ou á Virxe, entendemos que se consagra, ou que consagra a vida a El ou a ela. E se o que se lles dá *en don* é o corpo, entendemos que se procurará vivir en

castidade ao servizo de Deus ou da Virxe.

237. Dar (grande(s)) apelido(s), Meter grande/forte apelido 'chamar en voz alta, berrar': *dando grandes apelidos* (45: 88); *deu apelido / chamand'a do Salvador* (102: 64–65); *metendo grand'apelido* (175: 26). Outros casos: (148: 36), (255: 50–51), (355: 73).

238. Dar moitas 'dar moitos golpes ou moitas pancadas': *ataron-ll'as mãos || e os pees e deron-lle muitas con bastões* (85: 13–14). Integrámola con dúbidas. É posible que teñamos aquí unha documentación ceda da serie de UF, tan comúns na lingua actual, onde aparece *moitas*, sempre en feminino plural, sempre con valor negativo: *facer moitas* (DFGC), *levar moitas*,⁸⁰ *pasar moitas* (DFGC) etc.

239. Dar (un) cabo 'acabar, poñer fin': *el dar non lle podia | neun cabo* (202: 24). Na prosa profana medieval documéntase varias veces *dar-lle(s) cabo*, referido a riquezas ou a multitudes: *Mays tãtos erã (de) moytos os mouros que nõ lles podiã dar cabo; muy grande auer, assi que llj nõ podiã dar cabo* (TC. Ápud XEL). Neses casos a UF pondera a cantidade, dá idea de ser algo ilimitado, sen fin. A UF *dar cabo* 'acabar' chega aos nosos días.

240. Dar vias 'facilitar os medios': *Santa Maria, que desse vias || per que saissen daquel pavor* (15: 83–84).

⁷⁹ *Que a teuisse en fialdade* (TC. Ápud XEL); *colleron en Renda ou en fialdade* (López Ferreiro, *Galicia Histórica*, 1375, XEL)

⁸⁰ *¡Teño levado moitas!* (X. L. Regueira Fernández, *Terra Cha*, 1989, TILG). Aquí o significado é precisamente 'golpes ou malleiras'.

- 241. Dar/Dizer fazfeiro** ‘reprender’: *le davan mui gran fazfeiro || do muito mal que fazia* (45: 26–27); *Pois que Santa Maria lle diss’este fazfeiro, || leixó-o* (85: 67–68). *Fazfeiro* é unha palabra composta estudada, entre outros, por Michaëlis e Corominas.⁸¹
- 242. Dar/Fillar feridas** ‘dar/recibir golpes’: *viu log’a Madre de Deus, || coberta de seu veo, || sobela vila estar || con seu manto tendudo, || e as feridas fillar* (28: 97–101); *E buscaron pela casa | pola poderen achar, || chamando Santa Maria | que lla quisesse mostrar; || e oyron en un’arca | a posta feridas dar* (159: 25–28).
- 243. Dar/Meter (grandes) vozes** ‘berrar’: *cuidando sen outra ren / que lle no forno ardia, / deu grandes vozes* (4: 72–74); *meteu mui grandes vozes* (355: 75). Outros casos con *dar*: (193: 31), (212: 37), (369: 124).
- 244. Dar/Poñer recado** ‘prestar axuda, poñer remedio, coidar, explicar, informar’, [co verbo poñer] ‘planificar’: *que mostra-lo possa per mi e non ande || demandand’a outre que me dé recado* (65: 7–8); *que lle troxe tal mandado || da vella como morria, | e que lle dêsse recado || com’ouvesse maenfestu | e que fosse comungada* (75: 54–56); *entrou || e deu a todo recado || de quant’ouv’a recadar* (94: 67); *Dest’un mirage vos darei recado* (96: 11); *nas tas coitas / porrei eu recado* (399: 49); *ponnamos logo recado // como seja a eigreja / feita* (309: 57–58). Outros casos: (355: 63), (398: 6). En ocasións o valor é case literal ‘dar ou traer un recado, unha mensaxe’: *Dar-ch-ei recado: || eu sôo Santa Maria, | e venno-teu estado || mostrar* (152: 27). *Dar recado* perdura en gal. moderno.
- 245. Dar/Render (muitas) graças** ‘agradecer’: *A ti graças damos* (9: 138); *e vos muitas graças lle dade* (123: 52); *renderon || graças a Santa Maria* (224: 57–58); *graças lle rendeu || e loores aa Virgen* (382: 66–67). Outros casos: (21: 57), (37: 42), (53: 70), (57: 5–7), (117: 38), (131: 89), (135: 148–150), (157: 36), (166: 20), (198: 37), (204: 36), (209: 34), (241: 95), (244: 42), (291: 56), (318: 48), (339: 51–52), (345: 112), (399: 58).
- 246. Dar-lle boa/mala vida (a alguen)** ‘tratar moi ben ou mal (unha persoa a outra)’: *pera dar-nos bôa vida | aquí* (235: 106); *En coidando que ll’errara, | dava-lle mui maa vida* (341: 15). Estas UF chegaron aos nosos días.
- 247. Dar(-lle) mala noite (a alguen)** ‘facer que alguén durma mal ou non durma’: *deu mui maa noite | a sa madre* (6: 49). A UF chega aos nosos días.⁸²

⁸¹ Carolina Michaëlis (1895, p. 166) tratou do étimo de *fazfeiro*: viría de *facere* + *ferire*. Xa con anterioridade (1873, pp. 86–88) facía derivar *zaherir* e *fazferir* de *facere* (= *faz ferir*). Tallgren (1907, p. 81) trata de novo sobre esta voz, *fazfeiro*, e ofrece a etimoloxía *faciem ferire*, sen citar a Michaëlis. Si que a cita Corominas. O mestre catalán (DCECH, s. v. HERIR) traza a equivalencia entre gal. *fazfeiro* e cast. *çaherio/fazerio*. Equivalencia indiscutible, ao noso entender: fixémonos nas correspondencias entre o gal. medieval *davan mui gran fazfeiro* e o cast. *darà en çaherio* ‘reprochará’ (Anónimo, *Libro del conde Partinuplés*, c 1500, CORDE), entre o gal. afonsino *dizer fazfeiro* (*lle diss’este fazfeiro*, cantiga nº 85: 67) e o cast. *palabras* [...] *de fazerio* (Afonso X, *General Estoria*, c 1280, CORDE), entre *toller fazfeiro* (cantiga nº 303: 7) e o cast. *desembargasse de tan maño fazerio* (Berceo, *Vida de San Millán de la Cogolla*, c 1230, CORDE).

⁸² *Onte doume moi mala noite* (X. Lesta Meis, *As abellas de ouro*, 1930, TILG).

248. Dar(-se) por + ADJECTIVO PARTICIPIAL [a construción ten un certo valor resultativo] ‘considerar que o estado ou a condición acadada é a que expresa o adxectivo’: *por salva poss’esta dar* (7: 68); *Enton se deu por culpado* | *muit’e fillo-ss’a chorar* (88: 92–93); *dizer* || *yan que quen os creya*, | *que o davan por perdudo* (208: 12–13).

249. De ben en mellor [expresa ponderación e intensidade de algo bo] ‘a mellor, para mellor’: *indo de ben en mellor* (410: 34). Rexístrase igualmente na prosa do XV: *benes a el pertenescentes seian abmentadas de ben en mellor* (*Vilar de Donas*, 1457, XEL). Aínda que se rexistra na península con posterioridade, non é doado documentar a UF a día de hoxe.⁸³

250. De (bo/bon) prez, De mui bon prez, De (mui) gran prez, De todo prez, Mui de prez [función adxectiva, valor ponderativo] ‘de boa fama, moi honrado, de excelente reputación, merecedor de alta estima’: *de bon prez*: (47: 34), (59: 20), (92: 49), (94: 54), (122: 67); *de gran prez* (35: 11), (42: 54), (73: 57), (76: 42), (103: 51), (125: 85), (162: 15), (168: 48), (169: 34), (209: 43), (362: 31), (378: 64),

(391: 6); *de mui bon prez* (353: 62); *de mui gran prez*: (275: 62), (361: 10); SUBSTANTIVO + *de prez* (27: 61), (84: 72), (86: 50), (104: 62), (118: 15), (126: 6), (131: 37), (133: 21), (144: 63), (146: 74), (155: 59), (177: 21), (188: 12), (192: 88), (276: 7), (291: 40), (293: 45), (307: 6), (326: 12), (329: 72), (371: 6), (419: 86); *Senhor de todo prez* (121: 6); SUBSTANTIVO + *mui de prez* (15: 154), (235: 87).

251. De bõa mente ‘con gusto, voluntariamente’: DAR + *de bõa mente* (35: 128), (258: 15), (322: 47), (364: 12); DIZER/LOAR/ROGAR + *de bõa mente* (355: 10), (299: 7), (409: 39); FAZER/LAVRAR + (*mui*) *de bõa mente* (67: 28 e 52), (125: 109), (269: 34), (303: 37), (364: 12); IR/VIIR + *de bõa mente* (67: 52), (267: 27), (269: 34, 36); *levou sigo a livra* | *da cera de bõa mente* (166: 16).

252. De (bon) grado ‘voluntaria / ou gustosamente; de boa gana’: CANTAR + *de grado* (65: 158), (313: 67); CONTAR/DIZER/RESPONDER + *de grado* (11: 24), (88: 8), (102: 7), (195: 8), (267: 8), (269: 44, 49), (316: 57), (336: 14), (384: 7); DAR/OUTORGAR/VALER + *de grado* (127: 28), (135: 150), (145: R), (203:

⁸³ En cast., no que nós sabemos, a primeira documentación é do XIV: *van de bien en mejor* (Anónimo, *Libro del cavallero Cifar*, 1300-1305, CORDE), ten un uso rico no período áureo e documéntase escasamente, a día de hoxe (só 2 concorrencias no CORPES). Unha evolución paralela dáse coa lingua portuguesa; rexistramos a frase desde o s. XIV ao XVI: *acrescentasse de bem em melhor* (Fernaõ Lopes, *Chronica do Senhor Rei D. Pedro I*, 1400-1459, CGPA), *crecendo quanto poder de bem em melhor* (D. Duarte, *Leal Conselheiro*, 1437, CGPA), *emcaminhara seus feitos de bem em melhor* (Fernaõ Lopes, *Crónica de D. João I*, 1400-1460, CGPA), *prouuesse a Deos lhe prosperar seus negocios de bem em melhor* (Damian de Goes, *Chronica do felicissimo rey D Emanuel*, 1566) e documéntase raramente en port. actual. Non se rexistra nos corpus do gal. moderno; só documentamos un caso na tradución, publicada en 2015, sobre o orixinal italiano de 1851, de *Memorias históricas sobre a Australia*, de Rosendo Salvado (*Adquirir de ben en mellor*) e outro en redes sociais (*Esto vai de ben en mellor!*), pero ao ser unha UF de significado transparente, e tendo en conta tamén que se constrúe facilmente por simetría coa súa frase antónima —*de mal en peor*—, vixente a día de hoxe, a súa documentación esporádica non indica necesariamente idiomaticidade na lingua moderna.

2), (266: 13), (315: R), (335: 36), (400: 17), (404: 21); *FACER + de grado* (64: 61), (71: 40), (182: 67), (194: 17), (207: R), (325: 40), (335: 36), (338: 15), (355: R), (366: 55); *IR/VIIR + de grado* (125: 69), (197: 35), (268: 12), (343: 25), (383: 13); *OIR/ESCOITAR + de grado* (205: R), (225: 7), (296: 36); *QUERER + de grado*: (54: 42), (82: 22), (269: 44, 49), (426: 23); *SERVIR + de (bon) grado* (116: 18), (147: 10), (188: 14), (193: 62), (253: R), (268: 31), (355: R, 5). Outros casos: (B: 44), (35: 60), (55: 4), (111: 21), (132: 104), (141: 41), (241: 24), (253: R, 83), (271: 29), (289: 36), (305: 21), (313: 34), (315: R), (337: 18), (338: 15, 21), (341: 22, 45), (355: 106), (364: 27), (382: 21), (384: 10), (411: 47). Rexistramos tamén o uso da UF como resposta afirmativa curta, conmutable por un *con mil amores*: “Ven [...], / ven para mi toste.” *Respos-lle*: “De grado.” (79: 45–47).

253. De bon parecer ‘de aspecto físico agradable á vista’: *aposta e ninna foi, e de bon parecer* (64: 12). Consérvase este uso en gal. actual, referido a persoas e cousas.

254. De (bon) sen 1. ‘asisado’: *ome/omees de bon sen* (5: 21), (27: 25); *SER + de bon sen* (32: 8), (63: 32), (131: 16), (155: 14), (192: 60), (271: 51), (314: R). En ocasións a acepción é algo así como ‘no tocante ao sentido común’ ou ‘en sentido común’: *Mas un desses marxeiros | fillou-ss’a escarnecer || da gente que y entrava, | e começou a dizer: || “Ir quer’eu aa taverna | ante do vinno beber; || e en aquesto ben tenno | que os vencerei de sen* (244: 25–28). Aquí entendemos que o descrido mariñeiro pensa que

bebendo viño demostra ter máis sentido común que indo rezar.

2. ‘con razón’ (Mettmann, DDGM, s. v. SEN; García Sabell 1991, s. v. SEN): *quen Deus troux’en seu corp’e de seu peito || mamentou, [...] poren de sen me sospeito || que a quis avondar* (26: 7–11); *muito a preçava de sen* (285: 18).

255. De bon talan ‘con gusto’: *Esto farei de bon talan* (64: 66); *de bon talan || te saudava* (404: 75–76).

256. De cabo são. Mettmann (DDGM, s. v. CABO): ‘totalmente, inteiramente’; Álvarez de la Granja (2005, p. 20): «Emprégase como elemento ponderativo: moi, totalmente»: *a ssa ospeda foi-lles | mui maa de cabo são* (157: 8); *u sse matar cuidavan, | ben assi de cabo são || fez que fossen ius d’outros | muit’amigos* (198: 23–24). Na lingua medieval o adxectivo *são* pode modificar núcleos marcados polo sema ‘non humano’. Por exemplo: 1. *faser çerto e são o dito padroádego*, 2. *escripturas [...] sãoas*. Para casos como (1), F. R. Tato Plaza (DDGM, s. v. SÃO) dá estes valores: ‘seguro, sen risco’ e, para casos coma (2), ‘enteiro’. Esas acepcións cádranlle ben á UF *de cabo são*. A UF *de cabo* pode expresar de seu o valor de ‘totalmente, desde o inicio ou desde a raíz’ (*De cabo = plenamente, totalmente*, en Rodrigues Lapa, DDGM, s. v. CABO). Se lle engadimos *são*, o valor queda marcado con énfase, como ben di Álvarez de la Granja. Teríamos que a hospeda é malvada enteiramente, con seguridade, sen lugar a dúbidas e, no tocante á outra cantiga, as intencións de matárense eran esas, seguras, ben enraizadas.

257. De camño ‘de paso; por un breve espazo de tempo, camiño de outro lugar’: *el Rei, que a ssa casa vëera de camño* (23: 13). A UF chegou ata os nosos días.

258. De camño a ‘en dirección a’: *e a Seixon de caminno | começou taste d’andar* (53: 33); *logo se foi de camño | a Onna en romaria* (221: 63).

259. De certo ‘con certeza, certamente, sen dubidar’: *de certo sey* (122: 51). Outros casos: (36: 13), (102: 74–75), (108: 47), (170: 26), (173: 23), (175: 51), (188: 9), (213: 98), (235: 105), (263: 30), (313: 13), (336: 19), (341: 47), (368: 53), (409: 12), (419: 71), (423: 31).

260. De chãõ. Álvarez de la Granja (2005, p. 21) dá tres valores semánticos:

1. Sinceramente, francamente.
2. Claramente, realmente,
3. Completamente.

Exemplos para 1: AMAR + *de chãõ*: (376: 16); CRER + *de chãõ* (25: 77–78), (105: 112); *que logo de chãõ || o seu altar beijasse* (141: 37–38); *loaron poren de chãõ* (163: 27); *roguemos | a Virgen de chãõ* (406: 49).

Exemplos para 2: DIZER + *de chãõ* (132: 57), (208: 12); VER + *de chãõ* (69: 81); *a Virgen santa ll’apareceu de chãõ* (201: 55). Exemplos de 3: *eu te faço certãõ || ben de chãõ* (115: 333–334); *sãar-t-ei ora de chãõ* (174: 37); *do demo de chãõ || t’ás a departir* (192: 100); *derribou todo de chãõ* (196: 53).

Algúns dos contextos parecen esixir a matización que propón Mettmann

(1989, p. 384): *sen rodeos*, é dicir, ‘sen contemplacións’. Este é o caso de: *castiga | a vegadas ben de chãõ* (157: R); *E quantos aquesto viron | fillaron logo de chãõ || a moller e dar con ela | foron nas chammas ardentes* (294: 38–39).

261. De cima en fondo, De fond’ a cima [valor ponderativo] ‘de parte a parte, de arriba abaixo, totalmente’: *de fond’a cima fendeu* (35: 85); *era o que a mezcra feita / ouvera e toda de fond’a çima treita* (78: 60–61); *caeu de çima dũa muít’alta pena en fondo* (241: 2). Unha variante doada de documentar na prosa medieval é *de çima ata fondo* (CT, HT. Ápud XEL). A UF *de çima en fondo* ten un valor próximo á literalidade; posúe, porén, un valor igualmente ponderativo. A lingua actual mantén vivas as dúas: *da cima ao fondo* e *do fondo á cima* (DFGC, s. v. CIMA e FONDO).

262. De (con)sũu ‘xuntamente, en unión, de común acordo; formando un todo’: *ambos enserrados / de ssuun* (105: 46–47); *[ontr’o corp’e a verilla] || juntado de ssũu* (224: 32–33); *as mãos contra o çeo | de [con]sũu as alçavam* (393: 41); *viu o gãad’u estava || de consũu* (398: 35–36). Outros casos con *de sũu*: (65: 230–232), (233: 50), (255: 28), (277: 12), (311: 18), (343: 31), (413: 15), (427: 16, 24). A UF chega aos nosos días.⁸⁴

263. De coraçõ. Álvarez de la Granja (2005, p. 23) establece catro valores: 1. Con empeño, con gana: *lavrava / ali mui de coraçõ* (249: 16); DEMANDAR / PEDIR + *de coraçõ* (223: 6), (296: 17); ROGAR + *de coraçõ* (27: 37–38),

⁸⁴ Hai dúas ducias de concorrencias nos corpus (TILG e CORGA) para a UF *de consũn*. Non figura no DRAG.

(30: 27), (62: 31), (121: 30), (138: R), (157: 30), (169: 18), (177: 31), (206: 37), (227: 16), (265: 33), (271: 41), (286: 12), (295: 38), (333: 46), (401: 10), (407: 37).

2. Sinceramente: AMAR/(A) COMENDAR/QUERER + *de corazón* (5: 35), (17: 11–12), (94: 43), (125: 24), (146: R), (188: 1–2, 13), (206: R), (259: 27–28), (267: 26), (282: 23), (314: 10), (336: 16), (359: 9–11); CHAMAR + *de corazón* (89: 42), (313: 46), (333: R); CHORAR + *de corazón* (18: 44), (21: 15), (81: 42), (92: 19), (168: 38), (197: 28), (232: 42), (262: 46); (CON)FIAR/CREVER + *de corazón* (44: 5), (84: R), (124: 25), (216: R); LOAR/ONRRAR + *de corazón* (170: 14), (217: 37), (235: 10), (239: 76), (242: 36), (245: 27) (248: 38), (270: R), (283: 56), (333: 67), (361: 32); PARCIR ‘perdoar’ + *de corazón* (272: 52); PESAR + *de corazón* (287: 30), (316: 30).

3. Gustosamente, de boa vontade: *aquesto que tu queres // farei eu mui de corazón* (25: 24–25); IR + *de corazón* (31: 18), (332: 22); SERVIR + *de corazón* (73: 11), (125: 16), (226: 13), (334: 11), (361: 32). Máis casos: (28: 6–7), (59: 27), (400: 15).

4. De memoria: *todos ben ditos // de corazón* (65: 160–161).

Estes valores son suficientes para render conta das numerosas concorrencias nas *Cantigas*, se ben podemos engadir a acepción ‘con intensidade, fundamente’ cando complementa os verbos *amar* e *pesar*. Documentábase tamén a UF máis enfática *de todo corazón* ‘con todas

as forzas ou potencias’: *Quen ben fiar na Virgen / de todo corazón* (284: R), que chega, ao igual que *de corazón*, aos nosos días.

264. De costa ‘a un lado’: *Que non caesse ben juso (...) mas en [un] logar escuso* || *de costa* (102: 52–55). Mettmann (DDGM, s. v. COSTA) dá como valor *ao lado*. A Virxe evita que o seu protexido chegue, na caída, ao cabo da profunda cova: fai que quede nun lugar oculto, fóra da vista dos ladróns, situado nun lateral da cova.

265. De costas ‘ofrecendo as costas, poñendo as costas no sentido da marcha ou da caída’: *caeu daly // de costas* (282: 18–19).

266. De costume [co verbo *ser* cobra valor adxectivo, refírese a aquilo que é habitual] ‘por norma’: *cataron, com ’er é de costume, | contra o masto* (36: 31–32); *como an de costume* (116: 13); *pagou-sse da menyynna, || e com ’é de costume, | por moller a pedia* (241: 16–17). A UF perdura na lingua actual. Vid. **Por costume**.

267. De dereit’en dereito [con verbos de lingua ou entendemento] ‘dereitamente, sen faltar un punto á verdade ou á razón; en dereitura’: *E ela lle respondia | ben de dereit’en dereito* (345: 93). Álvarez de la Granja (2005, p. 24), con certas dúbidas, dá como valor ‘inmediatamente’, seguindo neste punto a Mettmann (DDGM, s. v. DEREITO). No CORDE documentamos exemplos a través dos cales se confirma estoutro valor de ‘en dereitura, sen desviarse da verdade, rectamente’ que ofrecemos: *assí es el traidor: quando quiere fazer la traición, no habla con los hombres en los fechos de su señor de derecho en*

derecho (Anónimo, *Libro del cavallero Cifar*, 1300-1305, CORDE).⁸⁵

268. De dur ‘dificilmente, con esforzo’ [con verbos de lingua pondera o indicible, inenarrable ou o numericamente incontable e pode ter un puro valor enfático]: *Poderia-vos de dur || dizer as grandes dōas || que aquel Soldan de Sur || deu* (28: 131–134); *Contaria-vos de dur || as mui grandes tormentas || que sofreu* (115: 174–176); *e con cantos || ela foi tantos || levada, quantos || mui de dur diria* (255: 141); *de todo deleitosa || tant’è, que de dur seria | en un gran dia contado* (328: 18). Outros casos: *E el meesmo non foi y de dur || en pos deles* (326: 45–46, aquí temos unha lítote). Na lingua actual esta expresión non existe.⁸⁶

269. De faz ‘amosando a cara e a parte dianteira’: *na riba do mar estava / escontra ele de faz* (183: 13). Na lingua actual a UF adverbial é *de face*.

270. De femença ‘con atención e/ou fervor’: *Quen quer que na Virgen*

fia | e a roga de femença (167: R). Documentábase tamén en cast. medieval.⁸⁷

271. De fronte ‘amosando a cara e a parte dianteira’: *d’outra parte de fronte || avia un mōesteiro* (48: 13–14).

272. (De) gran barata ‘(que facía) gran negocio’ (UC, s. v. BARATA): *un vilão de gran barata* (61: 12). Este vilán, bo negociante ou cambiador, como home acostumado a facer tratos e sufrir ou cometer enganos á hora de *baratar* ‘negociar’, é un descrido, dato fundamental no desenvolvemento da cantiga, de aí que sexa importante esa caracterización, *de gran barata*. A UF *gran barata* é polisémica e documentábase cinco veces na lingua medieval peninsular.⁸⁸

273. De gran maneira [modificando un adxectivo] ‘moi’: *fremoso de gran maneira* (43: 28). Hai variante próxima en gal. moderno.⁸⁹

⁸⁵ O DLE (s. v. DERECHO) recolle a UF *de derecho en derecho* ‘en dereitura’ como forma en desuso.

⁸⁶ A UF documentábase no cast. do XIII (5 concorrencias no CORDE), por exemplo en Berceo: *de dur seriẽn contadas* (*Poema de Santa Oria*, c 1252-1257, CORDE). En cast. actual temos *a duras penas* pero non acompaña verbos de lingua con este valor.

⁸⁷ *As gestas que los buenos fizieron [...] / los que tan de femença en livro las metieron* (Anónimo, *Libro de Alexandre*, 1240-1250, CORDE); *catalla lo más que podía de femença* (Anónimo, *Los miraglos de Santiago*, c. 1400, CORDE).

⁸⁸ Nun par de poemas de Johan Fernandez d’Ardeleyro da primeira metade do XIV: *mais o que me del máis mata / é que no meu des[barato] / [ele] faz i gran barata* ‘negocio, ganancia’ (UC); *Tem que no meu del / iaz hi gram barata*: Rodrigues Lapa (1970, p. 307) interpreta ‘vantajoso negocio’; *En Tudela los metieron / Todos (a) muy gran barata* (Anónimo, *Poema de Alfonso Onceno*, 1348, CORDE; aquí *gran barata* significa ‘gran barullo’) e dúas veces na CT. Unha é esta: *En tã grã barata —‘algarada, liorta’— forõ anbos, Achilles et Toas, que nũca foy home que os y uisse que coydasse que ende uiuos podessen escapar*. A outra concorrencia é estoutra: *hũ moymento [...] feyto por tan gran maestria et por tan gran barata. que esto era hũa marauilla de contar*: Parker (DDGM, s. v. BARATA) entende aquí ‘habilidade’ pero nós preferimos unha interpretación máis literal, ‘gran negocio’, entendendo que a obra monumental puxo en movemento —*baratou*— moitos cartos e/ou moito material. No caso específico que nos ocupa, Corominas (DCECH, s. v. BARATAR) di que a voz tende cara a un valor pexorativo; é innegable que subxace o concepto de negocio non sempre limpo.

⁸⁹ *En gran maneira*, susceptible de usarse tamén como modificador dun adxectivo: *belicoso en gran maneira* (Antonio de la Iglesia, *Poesías*, 1860, TILG).

- 274. De (gran) randon** ‘violenta e impetuosamente; rapidamente’: *correndo de randon* (31: 51), (258: 41); *correndo | entrou y de gran randon* (84: 54); *ali u eles yan | polo matar de randon* (121: 32); *o touro leixou-ss’yr de randon* (144: 42); *foi de randon* (146: 88); *correndo à eigreja | o levaron de randon* (293: 33); *E eles de gran randon / [...] Foron logo sen tardança* (359: 44–46).
- 275. De ligeiro** ‘con facilidade, doadamente’: *pode-o Santa Maria mui de ligeiro fazer* (242: R). En documentación galego-portuguesa posterior vemos a UF co significado próximo a ‘con lixeireza’.⁹⁰
- 276. De longe** ‘desde gran distancia’: *un mui gran mont’á || que veen de longe* (307: 16); *mandou trager de mui longe* (342: 18); *foi mui de longe veuda* (358: 23); *de mui de longe | foi end’oydo* (359: 49); *de longe o foron veer* (424: 14).
- 277. De maa maneira** [valor enfático, intensificador de semas negativos] ‘de forma moi fea, moi mala’: *ond’el espantand’estava de maa maneira* (119: 42); *vermell’e ampolado || mui’t’e de maa maneira* (346: 22). Este valor perdura na lingua actual.⁹¹
- 278. De mannãa** ‘pola mañá’: *Outro dia de mannãa* (125: 68), (302: 15). Hai casos en que a preposición é prescindible: *outro dia mannãa* (125: 79).
- 279. De mão de** ‘polo poder ou mandato da persoa que se indica’: *a terra / tãa acomodada // [...] De mão del rei don James* (164: 14–16). Vid. **En mão, Na mão**.
- 280. De menñez** ‘sendo un meniño, na nenez’: *un frade mēor, que de menñez || entrara na orden* (123: 11–12). Documentábase tamén en Berceo.⁹²
- 281. De mesura** ‘(por unha cuestión) de agradecemento e/ou cortesía’: *resorgiu a mort’enton, | braadando de mesura* (224: 53). Mettmann (DDGM, s. v. MESURA) pensa que aquí o significado é ‘comedidamente’ mais nós cremos que é o agradecemento polo gran favor recibido o que motiva o brado. Na prosa medieval hai casos en que *de mesura* implica cortesía ou agradecemento: *de mesura seria que a desedes a m̃j* (HT. Ápud XEL).
- 282. De natura** ‘por natureza’: *se el non é ben louco de natura* (65: 117). A UF chega aos nosos días.⁹³
- 283. De noit’e de dia** ‘continuamente, todo o tempo’: *Estas loores e outras / a Santa Maria dando // muitas de noit’e de dia* (55: 35–36); *sempre de noit’e de dia / Santa Maria chamava* (158: 11). Outros casos: (367: 14). Vid. **Noit’e dia**.
- 284. De noite** ‘á noite, durante a noite’: *de noite lles fez tēer vigias* (15: 81). Outros casos: (34: 15), (55: 23), (83: 23), (84: 29), (131: 67), (288: 21), (372: 2).

⁹⁰ *Nom era cousa pera começar assi de ligeiro* (Fernão Lopes, *Crónica de D. João I*, 1400-1460, CGPA).

⁹¹ *Arruinado de mala maneira, moi mal aviado vou* (Iglesia Alvariño, *A comedia da oliña*, 1962, TILG).

⁹² *En Sant Millán de Suso fue de niñez criado* (Berceo, *Vida de San Millán de la Cogolla*, c 1230, CORDE).

⁹³ *Non é a muller bonita a máis limpa de natura; ben bonita é a bubela i o niño fai de vasura* (F. Salgado, *Cantares d’a Terra*, 1923, TILG).

- 285. (De noite) come ladrón** ‘con sixilo, a furto’: *andando senpre de noite, | come sse fosse ladrõa* (55: 23); *U ides assi, marido, | de noite come ladrón?* (84: 29). A idea de que o ladrón actúa de noite e sen avisar aparece xa no Evanxeo (San Mateo, 24: 42–46). A comparanza faise tópica e documéntase ben na literatura dos últimos séculos.⁹⁴
- 286. (De) oi/oy mais, Des oge mais** ‘desde agora, de aquí en adiante’ (R. Lorenzo, DDGM, s. v. OGE): *d’oy mais ena mia vida | non é senon amargura* (392: 48); *d’oi mais mui ben te guarda* (235: 33); *Des oge/oi/oy mais:* (1: 3), (5: 87, 177), (6: 33), (58: 56), (105: 105), (115: 335), (247: 29), (297: 45), (301: 23), (372: 25), (401: 91), (417: 23); *quero seer oy mais seu trobador* (B: 19). Outros casos de *oi/oy mais:* (5: 28), (37: 28), (42: 30), (93: 34), (125: 48–49), (196: 49), (287: 45), (303: 38), (316: 56), (365: 24). Nalgún caso concreto o valor é de imediatez, ‘(agora) xa’: *e oi mais non vos movades / nen faledes, mais calade* (45: 64); *Eu daqui ir-me quero, | ca oy mais comer querrá O convent’* (103: 31–34); ou ‘hoxe mesmo’: *oy ma[i] s levar-me || queredes convosco sen tardar* (261: 66–67); *Sen ti mui soa | fico, e tu sen mi soo; || e oy mais jarás so terra* (331: 31).
- 287. De pe/pees** ‘en posición vertical, apoiándose nos pés’: *dar / foi de pees en xermentos / que y eran* (33: 33–34); *per çima das aguas andar de pe* (236: 3); *sobir // foi de pees* (353: 52–53). Na lingua actual dise *de pé*.
- 288. De peitos** ‘co peito apoiado (sobre algo)’: *na fëestra lavando, || e deitou-sse de peitos* (241: 45); *deitou-ss’em el de pram || de peytos* (371: 42). A UF chega aos nosos días.⁹⁵
- 289. De poder** ‘con forza’ (Mettmann: DDGM, s.v. PODER): *o rio corria de poder* (142: 21). Non rexistramos un uso semellante nos textos medievais. A única documentación paralela que atopamos está nos corpus do gal. contemporáneo.⁹⁶ Neles rexístrase a frase *boi de poder*, onde *de poder* significa que ten forza, coma o río.
- 290. De primeiro** ‘primeiro, en primeiro lugar’ (Álvarez de la Granja, 2005, p. 34): *Depos aquest’un seu conpanneiro || San Basilio logo chamou, || e catar foi logo de primeiro || u as sas armas ante leixou || de San Mercurio* (15: 122–126); *ouve pavor || de primeir’, e pois tornou-sse-l’en sabor* (21: 55–56); *e el en tanto, | assi como de primeiro, || fillou-ss’a jogar os dados* (154: 26); *tornou-sse log’aa outra | u jouvera de primeiro* (312: 71). A UF é posible documentalala en gal. moderno.⁹⁷

⁹⁴ *Escalar algum muro como ladrão noturno para roubar a honra de alguma família honesta* (Gonçalves Dias, *Leonor de Mendonça*, 1846, CPH); *vinham [...] como ladrões* (Almeida Garrett, *Arco de Sanct’Anna*, 1904, CPH); *aprovechándome de la noche como un ladrón, cogí el portante* (C. J. Cela, *La familia de Pascual Duarte*, 1942, CORDE); *e veño a ti de noite coma ladroa* (D. X. Cabana, *Galván en Saor*, 1989, TILG); *fixiu esa noite como un ladrón* (M. Regueira, *L’affiche rouge*, 2007, CORGA); *saíron [...] coma ladróns* (R. Caride, *Terra queimada*, 2017, CORGA).

⁹⁵ *Póndose de peitos no grande balcón* (Otero Pedrayo, *Os señores da terra*, 1928, TILG).

⁹⁶ *Que tire, sin atemod-la* [unha parella de animais de tiro], *Por catro bois de poder* (Amador Montenegro, *Fábulas galaico-castellanas*, 1927, TILG).

⁹⁷ *Adivirtirei, de primeiro, (...)* (Xornal *O tío Pepe*, 1913, TILG).

- 291. De raiz** ‘por inteiro, incluíndo a raiz ou o principio; desde o nacemento’: *de raiz / creceronll’ as mãos enton* (146: 114–115); *Pois os dous ben de raiz, || [...] ouveron todo contado*, (135: 144–147). Na lingua actual, no que nós sabemos, a UF non modifica verbos de lingua ou de coñecemento.⁹⁸
- 292. De ravata** ‘apañando ou collendo o que se espaxou polo chan’: *mandou que os fillasse come de ravata* (95: 64). Mettmann dá para *de ravata* o significado ‘á presa’ (DDGM, s. v. RAVATA), pero no contexto da cantiga nº 95 non lle acae: o *almiral* ponlle diante, literalmente *pos-lle deante*, a Abran panos, ouro e prata para que el colla: coma nunha *rebatina*.⁹⁹
- 293. De rijo/rigio/rrijo** ‘fortemente, violentamente’, [con vbos. como *rogar*] ‘encarecidamente’: *atou-a / muy de rrig’* (8: 34); BRAADAR/CHAMAR/CHORAR + (*mui*) *de rigio/rrijo* (47: 28), (53: 18), (77: 41), (174: 17), (337: 18–20), (366: 67); DEMANDAR/ROGAR + (*mui*) *de rrijo* (25: 134–135), (28: 41–43), (149: 24); FERIR + *de rrijo* (59: 73), (161: 28). Outros casos: (63: 34), (95: 48), (77: 36), (151: 24), (185: 70), (284: 16), (327: 29), (337: 20), (369: 70), (372: 15).
- 294. De sen** ‘con razón’ (Mettmann, DDGM, s. v. SEN; García Sabell 1991, s. v. SEN): *quen Deus troux’en seu corp’e de seu peito || mamentou, (...) poren de sen me sospeito || que a quis avondar* (26: 7–11).
- 295. De seu** ‘propio, da súa propiedade’: *Aquela dona avia | de seu un rico sartal* (212: 16). Documentámolo tamén na prosa medieval e perdura con idéntico valor na lingua actual.
- 296. De + SUBSTANTIVO + tro/trões ena + SUBSTANTIVO** [os substantivos indican extremos dun mesmo parámetro; a UF marca e pon a énfase nunha totalidade]: *tod’encendido || foi ben da cabeza tro ena verilla* (19: 27–28); *qual prijon açor fillar conven, || d’ave pequena tro ena mayor* (44: 12–13); *ficou todo britado | dos pees tro ena moleira* (213: 84). En gal. moderno úsanse variantes próximas.¹⁰⁰
- 297. De tod’en todo** ‘con toda certeza’, [co verbo *ter*] ‘certeza absoluta’: *viu que seria | de tod’en tod’enforcado* (355: 83); *Tiinna de tod’en todo |*

⁹⁸ Algún exemplo hai nos últimos séculos: *estoy deseando saber de raiz un caso de tanta importancia* (Fray Francisco Alvarado, *Cartas críticas del Filósofo Rancio*, 1811-1813, CORDE); *Se querei saber de raiz os efeitos e danos...* (Brasil, blog, ano 2012, CPW).

⁹⁹ No DdD figura *rebatina* ‘piñota’. No TILG hai exemplos de *á rabatiña, á rebatiña e arrebatina*. En Valdeorras, na nosa infancia nós recordamos cando se botaban ao aire caramelos e larpeiradas *á rebatiña* nos bautizos, por exemplo. Os rapaces arremuiñábanse e apañaban do chan os que podían. No norte de Portugal tamén se documenta *tirar á rebatina*, con significado semellante ao valdeorrés (TLPGP, s. v. REBATINHA). No Algarve din *atirar á rebanhita* (metástase de *rebatinha*), cun valor paralelo (Brazão, 1996, p. 160). Na zona de Coimbra había un sistema de semear *á rebatina* e así tamén se fala de diñeiro *atirado com a mão como quem semeia, o que o povo chama «à rebatina» (forma de espalhar as sementes nos campos)* (<https://lusophia.wordpress.com/2012/09/04/de-lagos-da-beira-a-regaleira-as-origens-de-antonio-augusto-carvalho-monteiro-parte-i-por-paulo-andrade/>, CPW).

¹⁰⁰ Hai numerosos exemplos documentables no TILG: *de pés a cabeza, dende os pés ata/astra a cabeza, dos pés á cabeza; de cabeza a/aos pés, dende a cabeza astra os pés* etc.

aquesto que assi era (365: 16). En gal. actual temos esta UF co valor ‘completamente, totalmente’.¹⁰¹

298. De todo seu sen ‘con toda a súa alma, cos cinco sentidos’: *de todo seu sen* || *lle rogava* (146: 30–31).

299. De voontade ‘de corazón, sinceramente’ (Álvarez de la Granja, 2005, p. 38); con verbos como *oir* e *dar* tamén lle acae o valor ‘de boa gana’: *fez que a quisesse* || *o novio de voontade* (132: 142–143). Outros casos: (138: 7), (200: 40), (249: R), (253: 19), (289: 6–7, 30), (335: 53), (379: 12), (384: 85), (405: 51). En gal. moderno documéntase ben *de vontade* ‘de boa gana’.¹⁰²

300. Deitar en vergonna ‘avergonzar, quitarlle o creto (a alguén)’: *por en vergonna deitar* || *a seu padre* (108: 74–75).

301. Deitar sorte(s) (sobre algo) ‘sortear (algo)’: *sobre seus panos sorte* | *deitaron* (403: 46–47); *E estando en perfia* | *de qual deles o matasse*, || *deitaron ontre ssi sortes* | *quen primeiro começas[s]e* (194: 30–31). Na lingua actual esta frase non se conserva, no que nós sabemos. A UF correspondente sería *botar a sortes*.

302. (Denteira) come con agraz [valor ponderativo, pondera a moita denteira

ou envexa]: *avian, sen mentir; / denteira come con agraz* (68: 51–22). O froito agraz fai estarreecer ou regañar os dentes, de aí o sentido da estrutura comparativa referido á denteira. En cast. do XIII documentamos algunha comparanza semellante.¹⁰³

303. Depenar os grannões [expresa desesperación]: *con sanna / depenava os seus grannões* (305: 58). Integramos esta UF con dúbidas porque é moi posible que o valor sexa literal, é dicir, o personaxe (un cambiador) depenaría ou tiraría das súas barbas en sinal de exasperación. A cuestión está en saber ata que punto son compatibles aquí os dous sentidos, o recto ou literal e mais o figurado.

304. Des en [valor aditivo] ‘e tamén, e amais; desde ese momento’: *En tal guisa, que pois nunca dise ren [...]. E des en // tolleit’ e sen sen* (317: 65–67); *de Santa Maria naçe* || *e a treze dias des en* || *aos tres Reys apareçeu* (424: 9). Vid. **Des i**.

305. Des i 1. [Valor consecutivo-aditivo] ‘a partir de aí/agora, (desde) entón, (e) en consecuencia, consecuentemente, por esa razón’: *e ar* || *querrei-me leixar de trobar des i* || *por outra dona* (B: 23–24); *e fez-ll’ en Deus descreer*; || *des i a ela negar* (3: 23).

¹⁰¹ 7 concorrencias no TILG. Esa acepción (‘totalmente’) tamén se rexistra na prosa medieval e así o recolle Álvarez de la Granja (2005, p. 37).

¹⁰² *Cartos que tampouco se lles diron de vontade* (Luis Moure, *Sempre matinando*, 1971, TILG); *que lle daban de vontade todo o que el solicitaba* (M^a Teresa Otero, *Relatos / A sorpresa de Manoel*, 1990, CORGA); *pero que lle pedira de vontade unha terza do total* (X. Rábade, *O viaxeiro invisible*, 1992, CORGA); *Collia o que me ofrecían de vontade* (H. Puentes, *O bandido Casanova*, 2000, CORGA). En port. e brasileiro consérvase ese sema de ‘gana’ na construción, moi frecuente, *morrer de vontade (de facer algo)* (628 concorrencias só para *morrando de vontade*, CPW).

¹⁰³ (*Crudo*) *commo agraz* (Anónimo, *Poema de Fernán González*, c 1250, CORDE). Tamén nun poema de Álvarez de Villasandino se alude á *dentera* [...] *de o agraz* (*Cancioneiro galego-castelán (1350-1450)*, 1355-1424, CGPA).

Outros casos: (18: 55), (42: 47–49), (88: 98), (91: 30), (96: 59), (122: 22), (125: 114), (129: 26), (135: 28); (171: 20), (174: 18), (182: 63), (183: 30), (221: 25), (229: 29), (251: 48), (253: 81), (257: 27), (283: 59), (295: 63), (307: 42), (313: 43), (319: 40), (334: 17), (418: 25).

2. [Valor aditivo] ‘e tamén, ademais’: *ca punna de nos guardar de falir; || des i dos erros nos faz repentir* (10: 16); *E des i ar cuidou logo | de meter y gran convento* (45: 31); *quer-nos encobrir || quando en erro caemos; || des i faz-nos repentir* (94: 10). Outros casos: (125: 18); (155: 49), (182: 27), (219: 42), (222: 37), (237: 85), (238: 7), (245: 22, 91), (253: 26), (265: 61), (275: 57), (292: 107), (295: 22), (298: 24), (311: 26, 41, 63), (313: 24, 27), (314: 21), (328: 22), (331: 25), (333: 6), (399: 14), (409: 51, 85).

3. [Valor de inmediatez no tempo ou de ordenación lóxica na secuencia dos feitos narrados] ‘Despois (diso), de inmediato’: *Dous monteiros, a que esto mandou, fillárona des i || e rastrand’a un monte a levaron mui preto dali* (5: 68–69). Outros casos: (8: 32–33), (25: 122), (34: 17), (53: 22), (57: 28), (65: 135), (65: 180), (97: 38), (103: 31, 37), (122: 46), (128: 23), (136: 35, 38), (141: 37), (149: 65), (150: 65), (159: 36), (172: 25), (185: 53), (186: 32), (204: 26), (206: 20), (208: 33), (214: 40), (215: 60), (216: 32), (221: 25), (241: 66), (243: 20), (255: 104), (277: 16), (278: 30), (298: 24), (305: 20), (313: 74), (317: 17), (319: 80), (339:

53), (344: 38), (353: 48), (355: 117), (399: 59), (408: 27).

Á parte destes valores fraseolóxicos tamén se rexistra algún caso de significación literal, ‘de/desde aí’: *mentes parou || de cima dun outeiro u assomou, || des i mui longe ante ssi devisou || a Terena* (275: 32); *e pois tornades des i* (424: 40); *cataron a nave des i // per u entrara a agua* (339: 36–37).

306. (Des) oi mais ‘desde agora en adiante’: *metamos-lle des oi mais o moç’en poder* (5: 87); *Este meu irmão receb’oi mais por fillo meu* (5: 28). Outros casos: (5: 177), (247: 29), (301: 23), (401: 91), (417: 23, 28).

307. Des quando ‘desde que’: *niun torto faço | nen fiz des quando vos vi* (84: 32). Outros casos: (198: 22), (402: 16), (419: R).

308. Deus tio demande [as implicación son relixiosas: en último extremo, a xustiza vén de Deus, quen pedirá contas a todos do feito en vida] ‘atente ás consecuencias; halo pagar, hache saír caro’: *e est’orgullo que mi ás mostrado, / Deus tio demande, que pod’e val* (15: 64–65). Vemos a UF tamén na lírica profana: *mays Deus, que sabe ben que est’assy, | poys eu morrer, demande-lho por mi* (Sancho Sanchez, 1240, XEL). A frase chega aos nosos días.¹⁰⁴

309. Dia do joyzo, O gran juyzio [concepto da escatoloxía cristiá] ‘derradeiro día no que Xesucristo vulgará vivos e mortos, selando o seu destino para

¹⁰⁴ *Deus lle perdoe e a min non mo demande* (H. Puentes, Aguillóns de Ortegá, 2005, TILG); *que Deus mo demande* (*O Correo Galego*, 1996, CORGA), *que Deus volo premie, se así non o facedes que el volo demande* (María Gándara, *Magog*, 1997) etc.

todo a eternidade’: *no dia do joyzo* (48: 8), (238: 41), (346: 7); *o dia forte* || *do juyzo* (360: 14–15); *gran joizo/juzio*: (341: 7), (401: 7). A día de hoxe pode recibir outros nomes: *día do xuízo final* ou *xuízo universal*.

310. Dia nen noite ‘decontino’, [en construción con dobre negación] ‘sempre (+ MODALIDADE AFIRMATIVA)’: *dia nen noite / non quedava de tenta-lo* (67: 58); *non foi dia nen noite / que non fose en oraçon* (274: 10). A UF é posible documental en gal. moderno.¹⁰⁵

311. Dizer a (mui) grandes vozes ‘exclamar en voz alta, proferir grandes gritos’: *diss’a mui grandes vozes* (35: 72), (42: 45), (178: 28), (341: 57); *diss’a grandes vozes* (194: 33). Outros casos: (43: 50), (165: 37), (337: 30), (404: 70).

312. (Dizer) contra/ontre ssi ‘razoar consigo mesmo’: *contra ssi dizia* (9: 158); *dizer* || *ontre ssi* (46: 36–37). Outros casos: (69: 32), (281: 15). Vid. **Dizer en sa vontade**.

313. Dizer de non/si ‘negar ou afirmar’: *Poren non lle diz de non, mas de si* (30: 20); *sol non lle dirá de non* (138: 10); *dizia-lle de non* (382: 14); *non me diga de non* (401: 6).

314. Dizer en sa vontade ‘dicir para si, pensar’: *non falava, | mais diss’en sa vontade* (376: 35).

315. Dizer mal de (alguen) ‘falar mal de (alguén), criticar’: *diz mal do judeu* (6: 25); *Quem diz mal* || *da Reyn[n]*

a Espirital (72: R, 7–8, 27–28, 43); *mais de mal diss’essa ora | da Virgen Santa Maria* (174: 13); *Tanto lle disse mal dele* (177: 15); *dizer mal do Salvador* (238: 35). A UF chega aos nosos días.¹⁰⁶

316. Dizer nemiga ‘difamar, calumniar’ (J. J. Nunes [DDGM, s. v. NEMIGA]: *nemiga* ‘palabra infamante’): *faz-lle que diga nemiga* (343: 45). Documentase tamén na lírica profana: *dirá nemiga* (Martin Soarez, 1240, XEL).

317. Dous figos. Vid **Un figo**.

318. Dous nen tres [pondera unha certa abundancia numérica; cando a modalidade é negativa, expresa negación absoluta]: *ss’ergeu e foi ssa via, | que non chamou dous nen tres* || *omêes que con el fossen* (42: 83–84); *macar de toller-lla provaron dous nen tres* (64: 83).

319. Du tollen e non pōen á sempr’a falecer [frase proverbial: dínos que se os gastos superan os ingresos o saldo será sempre negativo]: *aquesto sempr’aven: || que du tollen e non pōen | que á sempr’a falecer* (351: 28). A primeira parte consérvase case idéntica na lingua actual: *O que quita e non pon, logo chega ao fondón* (Vázquez Saco, 2003, p. 198).

320. Dũa parte... e da outra [conectores en correlación para establecer distintos puntos de vista ou consideracións opostas e/ou complementarias] ‘dunha banda... doutra banda’, ‘por

¹⁰⁵ *Arreo está no corazón, sin podé-la día nin noite quitar* (J. M. Pintos, *Poemas (Álbum del Miño)*, 1858, TILG).

¹⁰⁶ *Dices mal de todo cristo* (D. Blanco, *A poesía popular en Galicia 1745-1885*, 1884, TILG); *Oín dicir mal de ti* (J. Pérez Ballesteros, *Cancionero Popular Gallego*, 1886, TILG) etc.

unha parte... por outra parte’: *Ca dũa parte viyan | ssa grand’ enfermidade, || e ar da outra parte | a ssa gran pobridade* (218: 25–26); *dũa parte | a ferí’e castigava, || e da outra lle fazia | muit’ algu’* (303: 22–23). A UF chegou aos nosos días.

321. Dun corazón (e dũa vontade) ‘de maneira unánime e concertada’: *enton todos dun corazón e dũa vontade | chamaron a Virgen santa* (36: 26–27); *Acordados dum corazón || fezeron del sa esleyçon* (87: 50). No primeiro caso non temos absoluta seguridade de estarmos ante dúas unidades fraseolóxicas ou unha soa composta por coordinación, do tipo *uña e carne, en corpo e alma*. Inclinámonos, porén, por considerar que hai só unha UF. Documentamos no corpus medieval máis dunha ducia de casos en que *corazón* e *vontade* aparecen unidos.¹⁰⁷ A UF non perdura na lingua actual.

322. Dun en al ‘alternando nun lugar ou obxecto de atención e noutro, sen permanecer en ningún’: *cambiava / seus amores dun en al* (42: 10). Na lingua actual rexístrase con idéntico

valor *dun noutro* (6 concorrencias no TILG).

323. En apelido ‘dando voces, berrando’: *a gent’ assuada || sobr’el en apelido* (403: 40–41). A UF documéntase con outro valor semántico, un valor de chamamento, á guerra ou por convocatoria do concello, máis frecuente na documentación medieval que manexamos.¹⁰⁸ Pero neste contexto, o da cantiga afonsina, está claro que a xente, acirrante, bérralle a Xesús camiño do calvario.

324. En aquel tempo ‘daquela, entón’: *En aquel tempo morava | un ome bõo aly* (245: 20). Outros casos: (309: 10, 15).

325. (En) aquela sazón ‘daquela’: *e en aquela ssazon || foran y outras perdudas* (31: 23–24); *tÿya o logar en aquela sazón* (63: 22); *un tesoureir’ y era aquela sazón* (73: 12). Outros casos: (164: 11–12), (183: 7), (187: 14), (414: 14). *Naquela sazón* documéntase en gal. actual (TILG).

326. En az ‘en disposición ordenada; en ringleira; mirando frontalmente a’: *mais paremo-nos en az* (35: 52); *ant’ a porta paravan-ss’en az* (52: 21); *se*

¹⁰⁷ Exemplos tirados do CGPA: *de bon corazon et de boa vontade* (2 concorrencias, Santa María de Oseira, 1256); *de boo curazon e de boa vontade* (*Galicia Histórica*, 1272); *de meu boo cor et de minna boa vontade* (San Salvador de Pedroso, 1284); *de boa cor et de boa vontade* (San Salvador de Pedroso, 1289); *de bõo coraçõ et de bõa vontade* (Fontes documentais da Universidade de Santiago, 1306); *bom coraçõ et de boa vontade* (Santa María de Oseira, 1314); *de boon coraçõ et de boa vontade* (2, Santa María de Belvis, 1339); *de bõõ coraçõ et de boa vontade* (*Crónica Geral de Espanha de 1344*, 1344); *q(ue)brãto do coraçõ e cõ omildossa vontade* (*Primeyra Partida*, 1350); *de bo coraçõ [sic] et de boa vontade* (San Martiño de Vilourente, 1381); *de bon coraçõ et de boa vontade* (*Galicia Histórica*, 1384); *de todo coraçõ, toda vontade* (*Leal Conselheiro* [LC], 1437–1438); *poendo por ello nosso coraçõ e vontade* (LC); *desejo de sseu coraçõ e vontade* (LC); *amemos de todo coraçõ, vontade* (LC); *fraqueza de coraçõ e vontade* (LC); *tirar do coraçõ e da vontade* (*Livro da Ensinança de Bem Cavalgar Toda Sela*, 1437–1438).

¹⁰⁸ 8 concorrencias na lingua notarial galega, por exemplo: *in fossado uel apelido* (*Colección documental del Archivo de la Catedral de Ourense (800-1300)*, 1133, CODOLGA); *Qvando alkaldes saliren en apelido* (*Foro de Castelo Rodrigo*, 1280, XEL) e con ese valor aparece na primeira documentación peninsular: *et qui non fuerit en apelido, peitet* (Anónimo, *Pedro I concede carta de fueros a todos los pobladores de Caparros*, 1102, CORDE).

pararon log'en az, || u avia mil e çento || donas (59: 97–99); *todos en az || deron aa Virgen loores* (131: 91–92); *os crerigos se pararon en az || e loaron* (255: 143); *estand'ante mi todos come en az* (209: 40); *quadrava ben as pedras | e pōyas en az* (249: 22). O substantivo *az* significa na lingua medieval ‘á dun exército’ ou o propio exército visto coma un conxunto ordenado de individuos. Cando entra a formar parte da UF *en az* mantén esa idea de disposición ordenada, iso está claro cando o suxeito é plural. Cando o suxeito disposto *en az* é singular a cousa cambia. Nas *Cantigas* afonsinas hai dous casos: *Os mouros, pois viron esto, | fórona dali erguer e posérona no muro | ontr'as amêas en az* (183: 27–28); *Mui correndo || parou-ss'en az* (139: 34–35). Aquí o significado é lixeiramente distinto. Debemos ter en conta que cando as *azes* dos exércitos se preparan para o combate o seu posicionamento é o de dúas formacións enfrontadas: cara a cara. Este é un concepto básico para entender o desprazamento semántico da UF *en az* cando o suxeito é singular, nos casos indicados e noutros que se poden documentar en cast., de Galicia e de fóra de Galicia: *que ninguno antes de ser velado publicamente en haz de la santa madre Yglesia* (Anónimo, *Synodicon hispanum I. Galicia*, 1528); *Llevólo Dios en az y en paz de todo el pueblo* (J. Méndez Nieto, *Discursos medicinales*, 1606-

1611, CORDE). En tales casos o valor semántico é ‘de fronte (a)’ ou ‘mirando frontalmente a’. No texto da cantiga nº 183 pensamos que se nos brinda a confirmación, porque antes dísenos que a imaxe da Virxe estaba de costas ao mar: *na riba do mar estava / escontra ele de faz* (183: 13), en clara oposición á nova colocación: *no muro / ontr'as ameas en az*. A versión actual do DLE dá para *en haz* como desusado o valor ‘a vista, en presenza’, acepcións próximas ao valor que arriba propuxemos, ‘mirando frontalmente a (de maneira que pode ser visto)’.¹⁰⁹

- 327. En baylia** ‘en poder ou baixo a xurisdición (da persoa aludida)’: *u dem'os seus ten || na ssa baylia* (32: 45–46); *de o dare / ao dem'en baylia* (115: 28–29). A UF tamén se documenta na prosa medieval co valor ‘baixo a xurisdición dun territorio concreto’. Consérvase aínda na península no s. XVI.¹¹⁰
- 328. En bõa fe** [expresión de xuramento] ‘por ben, en verdade’: *jur'en bõa fe || que* (339: 12).
- 329. En bon son** ‘con boa entoación, melodiosamente; con boas palabras’: CANTAR + *en (mui) bon son* (24: 49), (84: 69), (103: 26), (262: 45), (270: R); DIZER + *en (mui) bon son* (82: 48–49), (135: 90), (410: 9).
- 330. En bon/mal ponto** ‘en boa/mala hora’: *En bon ponto vos fui connocer* (63: 64); *en mal ponto vimos seu solaz*

¹⁰⁹ Hai que ter en conta que en cast. conflúen na forma (*en*) *haz* dúas raíces distintas: *acies* e *facies*.

¹¹⁰ *Palaz de Rey, que est in bailia de Uilar de Donas* (Vilar de Donas, 1228, CGPA); *comendador daf'coufas do espital ena Bailia de Ribadauja* (Clarinda de Azevedo Maia (ed.) (1986), *História do galego-português*, 1287, CGPA); *que no trayga mas de çinco hombres estrangeiros en baylia ni en seruiçio de rey* (Anónimo, *Fuero reducido de Navarra*, 1530, CORDE).

- (5: 120); *en bon ponto naceu* (263: 5); *En bon ponto vimos esta Sennor* (363: R). Vid. **(En) bõo/mal dia**.
- 331. (En) bõo/mal dia** ‘en boa/mala hora’: *en bõo dia foi nado* (238: 8); *Mal dia vi || beldade daquesta dona* (206: 22–23). A UF úsase en gal. moderno.¹¹¹
- 332. En braço(s)** ‘tomando como base onde asentar un ou os dous brazos, sostido nun brazo ou nos dous’: *apareceu || con seu Fill’en braços* (138: 54–55); *têendo seu Fill’en braço* (293: 23). Outros casos: (128: 34, 45), (149: 39), (205: 2), (251: 38), (299: 18), (315: 18), (335: 31, 81, 88, 97), (345: 82).
- 333. En cabo de** ‘nun extremo (de)’: *en cima dũa gran pena, | ben en cabo da montanna* (191: 8); *que é en cabo da vila* (249: 12). Na lingua actual documéntase ben a variante *no cabo de*.¹¹²
- 334. En coita de morte** ‘en perigo inminente de morrer’: *Estava de parto en coita de morte* (89: 1–2); *quand’ouuer coita de morte* (204: R); *O que en coita de morte | mui grand’ou en prijon for* (245: R).
- 335. En comenda** ‘ao coidado (de), baixo a protección (da persoa que se indica)’: *A moller que o marido leixara en comenda a Santa Maria* (64: 1); *meteu-ss’en sa comenda* (172: 32); *têer en sa comenda* (323: 6). Outros casos: (94: 42), (129: 16), (419: 51). Unha variante desta UF chegou aos nosos días: *en encomenda* (TILG).
- 336. En cos** ‘sen abrigo, con pouca roupa’: *non levades aram / e ydes assi en cos* (186: 45).
- 337. En cruz** ‘cos brazos estendidos horizontalmente, formando co corpo a figura dunha cruz’: *tendud’en cruz* (265: 131–132), (295: 47); *parou-sse-ll’en cruz ena porta* (285: 72).
- 338. En dereito de** ‘en dirección a’: *e os calcannares ben en seu dereito || se meteron todos no corpo maltreito* (77: 12–13); *Esta aranna andando | per cima do espiaço || e depois pelos costados | e en dereito do baço* (225: 41–42); *foi con eles a caça [...] en dereyto da aldeia | que Coyra éste chamada* (366: 40–41). É posible documentar a UF en gal. moderno.¹¹³
- 339. En desden** ‘con indiferenza ou desprezo’: *un seu falcon foi matar || en el hũa garça mui’en desden* (142: 13). Hai que entender que a garza era pouca cousa, unha presa fácil, para o poderoso falcón e de aí a idea de ‘non ser digno contrincante’ para el. Noutros casos aparece a UF modificando o verbo *dizer*: [A Virxe] *lle diss’assi en mui gran desden* (299: 38). Neste caso a connotación é de displicencia e desagrado porque el a desobedeceu e desatendeu. Outros casos: (314: 37), (329: 37). Vid. **Têer en desden**.

¹¹¹ *Tamén che tiven que vir cair por aquí en bo día, ho...* (J. M. Martínez Oca, *Beiramar*, 1983, TILG); *Cheguei en mal día a Mozambique* (Luís Menéndez, *Toda a terra é dos Homes. Galegos no mundo*, 1993, CORGA); *en mal día caín onde agora me encontro* (X. Borrazás, *Criminal*, 1994, TILG) etc.

¹¹² Moi ocasionalmente rexístrase tamén a forma medieval: *e coa «oulibeira» que estaba en cabo da Horta do Concello* (Olga Gallego, *A cidade de Ourense. Unha visión a través dos séculos*, 2002, TILG).

¹¹³ *Enfiaba en dereito do San Agustín* (X. Neira Vilas, *Galegos no golfo de México*, 1980, TILG).

- 340. En dōado** ‘gratuitamente; inutilmente’: *ssequer o meu serviço | averedes en dōado* (67: 31); *se fillou pola querer || destruir; mas en dōado* (99: 33–34). Documentábase tamén escrito nunha soa palabra: *endonado/endoado/endōado* (XEL). A locución non chega aos nosos días. Na lingua actual dicimos *de balde* ou *en balde*, respectivamente.
- 341. En este meogo** ‘entre tanto, no ínterim’: *se en este meogo || morreres, morrerás de Deus perdōado* (65: 97–98). Documentábase tamén en cast. medieval.¹¹⁴
- 342. En ferros** ‘encadeado, preso’ [precedido normalmente dos verbos *deitar*, *meter*, significa ‘encadear’]: *o meteron e en ferros* (158: 8); *jazend’assi en ferros* (158: 15). Outros casos: (252: 28), (301: 10). A UF chega aos nosos días.¹¹⁵
- 343. En fiadoría** ‘en prenda, a modo de fianza’: *Sas omagões, que veer || posso, dou-t’en fiadoría* (25: 47–48). A UF tamén se documenta na prosa galego-portuguesa e cast. no medioevo.¹¹⁶
- 344. En figura/feitura de** ‘baixo a forma de, con aparencia de’: *ca nos disti* || *en nossa figura || o seu Fillo* (40: 25–27); *esta cera ti darei || en sa figura* (44: 30–31); *o dem’a sair || en figura de touro o foi* (47: 23–24). Outros casos: (47: 32, 38), (335: 30), (292: 43). A UF perdura en gal. moderno.
- 345. En gage** ‘en prenda’: *deu-lles en gage / seu fill’onde foi pois mui repentuda* (62: 17–19). Nin a voz nin a UF chegaron aos nosos días.¹¹⁷
- 346. En gēollo(s)** ‘coas pernas dobradas e os xeonllos apoiados no chan’: *en gēollos ant’o altar* (16: 48); *estava | ant’el en gēollo fito* (75: 129). Outros casos: (43: 61), (65: 162), (92: 21), (127: 22–23), (206: 18), (274: 20), (292: 81), (404: 73).
- 347. En (grã) balança** ‘en situación de grave inestabilidade, en perigo, en xaque’: *Con ajuda nos vene | e con ssa amparança | contra o que nos tene | no mundo en gran balança* (115: 9–12); *Aquesto que me tu rogas | farei eu de bõa mente, || tanto que oi mais teu feito | non[o] metas en balança* (303: 38). Documentábase tamén na prosa profana.¹¹⁸
- 348. En grand’amor** ‘en boa harmonía, amigablemente’: *Foron-s’ambos dali en*

¹¹⁴ *Acaesção en este medio que beniese la vigilia de la Asçension* (Anónimo, *Crónica de Sahagún*, c 1255, CORDE).

¹¹⁵ *Como nós en ferros, doente e prisioneira* (R. Cabanillas, *O Mariscal*, 1926, TILG); *que os seus criados puxeran en ferros a aquila fatutinada* (R. Otero Pedrayo, *O señorito da Reboraina*, 1960, TILG); *cando me prendeu e me meteu en ferros* (D. X. Cabana, *Morte de Rei*, 1996, TILG) etc.

¹¹⁶ *Tod ome que a otro metier en fiadoría* (Anónimo, *Fuero de Cáceres*, c 1234-1275, CORDE); *seruição que fizo al Rey en fiadoría* (Anónimo, *Repartimiento de Murcia*, 1257-1271 CORDE); *dos fiadores que entrã en fiadoría* (Afonso X, *Foro Real*, 1280, CGPA).

¹¹⁷ En cast. consérvase a voz na frase (*ser*) *gajes del oficio*. Neste dominio a primeira documentación da voz *gaje* ‘prenda de desafío’ aparece en *La Gran Conquista de Ultramar* (DCECH, s. v. GAJE), obra de principios do s. XIV.

¹¹⁸ *Ueemos estar todas nossas uidas et nossa soude et todo nosso ben et toda nossa alegría en tâ grã balança, que cada hũa de nós deue a temer que seremos perdidas* (CT, ápuđ XEL).

grand'amor (259: 36). Na lingua actual diríamos en (bo) *amor e compañía*.

349. En guisa de ‘á maneira de, coma se fose (aquilo que se indica)’: *pos com'en guisa de pano || branco* (193: 51–52). Tamén se documenta a locución na prosa profana.¹¹⁹

350. En guisa que 1. [valor modal] ‘de que modo, como’: *Parasse mentes en guisa que a guareçesse, || se non, que fezezz'assi per que çedo morresse* (77: 20–21).

2. [valor modal-consecutivo] ‘de modo que’: *meteu sa femença || en tira-lo del, en guisa que en descreença || non caesse* (137: 36–38); *por mi rogado'en guisa tal || que non cate mia maldade* (239: 71–72); *Tan feramente, en guisa | que [...] al Rey enviou logo | que o mandass'acorrer* (345: 26–29).

351. En mal son ‘de malos modos ou mal humor, de mala maneira’: *disse, / mui trist'e en mal son* (284: 23). M. Rodrigues Lapa (DDGM, s. v. SON) dá o valor ‘maliciosamente’ para a UF nun escarnio de Roi Queimado (*muitos oi eu oj' e[n] mal son | dizer por vós [atal]*). Sen negar que esa acepción é plausible, a documentación medieval hispana permite manter a interpretación que nós ofrecemos.¹²⁰

352. En maneira de ‘adoptando a forma ou modo indicados; como, coma se fose’: *tũa seus braços en maneira de bẽeizer* (38: 54). Esta locución preposicional

tamén se documenta na lírica profana.¹²¹ Hoxe en día diríamos *á maneira de*.

353. En mão, Na mão 1. [modificando o verbo *coller*] ‘(chegar) ao poder de, (caer) en poder de’: *Por Deus dava / quanto collia en mão* (67: 13); *non guarira se o collessen / na mão* (291: 15–16).

2. ‘na man’, ‘(ter algo) agarrado coa man’: *teendo sa fouç en mão* (289: 12).

354. En meyante de ‘a mediados de’: *Esto foi en agosto, | en meyante do mes* (419: 95).

355. En mia faz ‘perante, en presenza de (a persoa indicada polo determinante posesivo)’: *vaamos aa eigreja, | e se o disser en mia faz | a ta omagen, feito seja* (25: 150–152).

356. En nulla maneira ‘de ningún modo, para nada’: *en nulla maneira || non fica britada* (413: 27). Vid. **Per nehũa/nulla maneira**.

357. En ora de ‘no espazo de’ (Mettmann, DDGM, s. v. ORA): *en ora diu dia || guariu-a Santa Maria* (247: 8–9).

358. (En) outro dia ‘ao día seguinte’: *o vento moveu as ondas, || e outro dia pareceu || no porto* (25: 96–98); *Dizend'esto aa noyte, | outro dia o vilão || quis ir vende-lo almallo* (31: 49–50); *E logo en outro dia | entraron en seu camõ* (43: 45). Outros casos de *outro dia*: (64: 31), (105: 119), (119: 3, 72), (125: 68, 79), (128: 63), (135: 72, 120), (165: 40), (187:

¹¹⁹ *Andaua hũu ome en guisa de pescador pela ribeyra* (TC. Ápud XEL).

¹²⁰ *Todo se le iva poniendo en mal son* (Anónimo, *Libro de Alexandre*, 1240-1250, CORDE); *agora ydes le deserujr en muy mal son y en muy mala manera* (F. Sánchez Valladolid, *Crónica de Alfonso X*, c 1340-1350 CORDE) etc.

¹²¹ *Quer'eu em maneira de proençal | fazer agora um cantar* (Don Denis, 1240, XEL); *dizer-vos, en maneira de fronta* (Estevan da Guarda, 1300, XEL).

29), (197: 47), (219: 36), (246: 54), (278: 38), (285: 60), (293: 40), (302: 15), (303: 42). Outros casos de *en outro día*: (162: 37), (262: 35), (274: 71), (374: 24). Na lingua actual hai variantes próximas.¹²²

359. En par ‘de par en par, de forma que está completamente aberto ou pechado’: *que llas abriu [as portas] log’en par* (246: 39); *As portas e as fêstras | serraron-sse log’en par* (262: 20). Na lingua moderna a UF ‘de par en par’ úsase só complementando o verbo *abrir*, o adxectivo *aberto* ou sinónimos.

360. En paz ‘en estado de tranquilidade física ou moral; ben’: *estavan y todas mui quedas en paz* (52: 22); *a derredor || dele vos meted’, e non dórmiã en paz* (82: 18–19). Outros casos: (115: 266), (135: 153–154), (146: 96–97), (193: 33), (209: 30), (344: 21), (226: 18), (232: 48), (235: 96), (291: 52), (344: 32), (417: 23). En ocasións a UF cobra un valor próximo a *de paz* ‘sen discusión, sen guerra; sen máis problemas’ (M. C. Barreiro, DDGM, s. v. PAZ): *e adusseron en paz || aa See a capela* (208: 57–58); *A mi non praz || d’al senon de meu fillo, | e dade-myõ en paz* (251: 67); *Quero-t’eu en paz || põer desta prijon fora* (291: 47); *aqueste rapaz || foi furtar a offerenda, | que lle Deus [aqu] esto faz; || e catemos se a trage | e tornemo-la en paz || sobrelo altar* (329: 67); *sofriste teu mal e ta door || en paz* (407: 46–47).

361. En pe, En (seus) pees ‘en posición vertical apoiándose nos pés, de pé’: *o frade que era morto / foi-ss’en pees log’erger* (14: 47); *non podian || nen en seus pees s’erger* (91: 36–37); *adur pod’en seus pees estar* (105: 15); *en pe || sse levou* (135: 108–109); *virono en pe estar* (282: 27); *en pees estar non pode* (293: 31). Na lingua actual este esquema fraseolóxico (*en pés*), no que nós sabemos, subsiste só na UF, *andar en pés de la/de manteiga*.¹²³ Actualmente a unidade que se corresponde coa medieval estudada é *de pé e*, menos frecuente, *en pé*.

362. En pequena ora ‘en pouco tempo’: *juygará o mundo / tod’en mui pequena ora* (346: 8). A UF non chegou aos nosos días. Algo semellante témolo na UF *unha hora curta* que só se usa para aludir a un parto breve.

363. En perfia ‘discutindo, contendendo’: *E estando en perfia* (194: 30). Documentábase tamén na prosa medieval.¹²⁴

364. En poder (de) (alguen) 1. [cos vbos. *aver/caer/ser/ter*] ‘(estar/ter) na súa posesión, dominio ou tutela’: *en poder do novio era* (105: 51). Outros casos: (125: 29–30, 105), (165: 31), (185: 77–78), (270: 20), (311: 55), (404: 7). Cando o posuidor é o suxeito sintáctico pódese eliminar a preposición *de*: *Deus que o mund’en poder ten* (15: 145); son casos semellantes: (76: 23), (142: 48), (176: 6–7), (314: 27–29), (332: 43), (371: 52).

¹²² Documentáanse con este valor as variantes seguintes: *Ao outro día, de en outro día, pra o outro día, no outro día*, todas no TILG.

¹²³ *Andar en pés de lá, ou pés de manteiga* (Noriega Varela, *Como falan os brañegos*, 1928, TILG).

¹²⁴ *Andauã todo o dia en perfia os cristãos cõ esses mouros* (TC. Ápud XEL).

2. [co vbo. *dar*] ‘facer propietario daquilo que se dá’: *vos darei eu o castelo!* | *de Chincoya en poder* (185: 18).

3. [cos vbos. *deitar/ficar/meter*] ‘(deixar/quedar/poñer) baixo o coidado ou dominio de’: *metamos-lle des oi mais o moç’en poder* (5: 87); *que te foi deytar* || *en poder do ãemigo* (26: 45); *e ficou con rancura* || *pois en poder allõ* (403: 64–65).

365. En poridade ‘en secreto’: *En poridade vos quer’eu aqesto dizer* (5: 52); *levass’e o posesse* || *ant’o altar de San Jame*, | *e non foss’en poridade* (253: 29). Cun lixeiro cambio de significado a UF perdura en gal. moderno.¹²⁵

366. En pos de ‘detrás de, na procura de, en persecución de’: *non foi y de dur* || *en pos deles* (326: 45–46). A frase documéntase tamén na prosa medieval e chega aos nosos días.¹²⁶

367. En riba de ‘na ribeira de’: *en riba d’Aguadiana* (224: 16), (347: 11); *miragre* | *mui fremoso vos direi* || *que fez en riba de Limia* (245: 10–11).

368. En seu corazón [valor enfático, pondera a acción verbal ou a intensidade dun estado] ‘realmente, moito’: *nunca no seu corazón* || *outra moller ben quisesse* (42: 39–40); *meteu-sse ao camy’enton* ||

con mui gran med’en seu corazón (97: 30–31), *porque ss’en non doya* | *en seu corazón* (98: 11), *foi en seu corazón* || *muit’ende maravillada* (246: 27–28); *en seu corazón dultava* (365: 12). Na lingua moderna a UF experimenta un acrecentamento: *no fondo do (meu/teu/seu) corazón* (58 concorrencias no TILG).

369. En sinal ‘a modo de prenda ou como garantía’: *daqui adeante* | *serei eu dos servos teus*, || *e est’anel tan fremoso* | *ti dou porend’en sinal* (42: 34–35). Documentamos así mesmo a locución conxuntiva¹²⁷ *en sinal que* na lingua medieval: *un ramo de palma* | *lle deu log’en sinal* || *que* (419: 30–31). A UF *en sinal* con este valor non se rexistra en gal. actual.¹²⁸

370. En solaz 1. ‘en situación de descanso e procura de pracer’ *o novio fez como faz* || *novio a novia en solaz* (135: 156–157).

2. ‘por brincadeira, de broma’ (Mettmann, DDGM, s. v. SOLAZ): *disso com’en solaz / ao menyo* (353: 67–68). O rapaz fala co meniño Xesús e dille que lle dará el de comer porque o ve moi fraco; podía pensarse en que llo di por compaixón, por causarlle pracer e esa sería unha acepción posible da UF, pero é precisamente a xustificación que

¹²⁵ En textos medievais atópase a acepción ‘fidelidade’ para *poridade* (R. Lorenzo, DDGM, s. v. PORIDADE). A acepción con que se usa *en poridade/puridade* en gal. actual (‘a dicir verdade’, ‘[falando] claramente ou estritamente’) aproxímase a idea de ‘fidelidade á verdade’. R. Lorenzo di que a día de hoxe a voz ‘poridade/puridade’ é un arcaísmo pero a UF ‘en puridade’ figura no DRAG e non consta como tal. Nos corpus hai 12 concorrencias no TILG e 17 no CORGA.

¹²⁶ *En pos de* (coas correspondentes contraccións) presenta 21 concorrencias no TILG e 20 no CORGA.

¹²⁷ Corpas (1998, p. 47) e Álvarez (2003, p. 24) falan de *locucións conxuntivas* como un subtipo de UF.

¹²⁸ *En señal* (= ‘en prenda’) figura como UF no DEL. En gal. moderno temos *en sinal* (= ‘como proba, como indicación ou sinal’, 3 concorrencias no TILG) e *en sinal de* (90 concorrencias no TILG, das cales dúas son *en sinal de que*).

achega (*ca te vejo magr'andar*) o que nos permite concordar con Mettmann. Xa uns versos antes vemos o rapaz protagonista correndo pola igrexa *trebellando*. As brincadeiras son propias dun meniño. Esta acepción documéntase en cast. medieval: *quando le dezian alguna cosa con que le pesase echaua lo en solaz* (Anónimo, *Castigos*, 1293, CORDE).

371. En sonnos ‘en forma de figuración onírica, mentres soñaba’: *el dormindo, en sonnos | a Santa Maria vyu* (43: 64). Outros casos: (79: 18), (85: 23), (235: 16), (259: 16), (292: 87), (345: 68), (368: 17, 27, 38).

372. En sorte ‘no lote, porción ou dominio que lle corresponde (a alguén)’: *os demões a alma | fillaron del en sa sorte* (45: 43); *fillou pera sy en sorte* (325: 25); *levaria o demo | ta alma en sorte* (399: 43).

373. En tal que (+ SUBXUNTIVO) [valor entre condicional e final] ‘de maneira que, con tal de que’: *disse que llo queria probar, || en tal que fosse log'ela queimada* (17: 32–33); *Mas chorou logo dos ollos || a Madre do Salvador, || en tal que o pecador || se quisesse repentir* (59: 63–66). Outros casos: (85: 19–20) (158: 10), (197: 40), (321: 15), (341: 46), (343: 13), (376: 45), (377: 17), (379: 13), (393: 13).

374. En terra ‘no chan, no solo’, [ocasionalmente co verbo *deitar*] ‘tirar ao chan, derrubar’: *se leixou do palaffren en terra caer* (5: 59); *ant'o jograr en terra | se deitou || e lle pedyu || perdon* (8: 44–45); *en terra morto o deitou* (15: 109);

deitou-se tendudo || ant'o altar en terra (61: 30–31); *poend'en terra sa faz* (68: 37); *Pois aquel vento na ygrega entrou, || en quanto o pintor estava deitou || en terra* (74: 35–37); *os gēollos || teve ficados en terra* (75: 148–149). Outros casos: (106: 36–37), (108: 40–41), (117: 24), (141: 14), (143: 45), (144: 52), (201: 38), (208: 53), (209: 45), (232: 46), (255: 90), (284: 52–53), (293: 31), (295: 44, 46), (314: 45), (366: 48), (382: 43), (383: 57), (391: 31), (407: 28), (411: 101, 106), (419: 151).

375. En testimonio/testimōya ‘como proba, dando testemuño’: *falou en testimonio ontr'o crischão e o judeu* (25: 1–2); *os adus[s]'en testimōya* (227: 53).

376. En tod'esto ‘mentres’: *En tod'est'as seis galeas / non quedavan de viür* (35: 65). Na lingua actual dicimos a *todo isto* con este mesmo valor.

377. En toda maneira ‘de calquera forma posible; con toda seguridade’: *Amostrar-nos debes carreira || por gãar en toda maneira || a sen par luz e verdadeira* (100: 14–17). A UF documéntase tamén na prosa medieval.

378. En todas sazões ‘sempre’: *avedes mui gran desamor en todas sazões* (85: 34). Na lírica medieval profana documéntase a UF en singular, *en toda sazon*, e chega aos nosos días.¹²⁹ Vid. **En todo tempo**.

379. En todo tempo ‘en calquera época do ano, en calquera momento do día, sempre’: *en todo tempo | sempre sas*

¹²⁹ *Con boa horta e nela auga en toda sazón* (Otero Pedrayo, *Contos do camiño e da rúa*, 1932, TILG).

oras dizia (55: 11); *En todo tempo faz ben || a Virgen que nos manten* (111: R). Outros casos: (180: 21), (367: 14).

380. En vã ‘en van, en balde’: SAIR (algo) + *en vã* (157: 18), (213: 78), (273: 17); *non quis usar en vã || ssa vida* (196: 54–55); *en vã || non fazia seu serviço* (393: 37–38).

381. En verdade ‘realmente, verdadeiramente, de verdade; sen dubidar’: *com’achamos en verdade* (2: 18); *esto sabed’en verdade* (45: 9). Outros casos: (53: 72), (54: 32), (107: 6), (136: 18), (161: 35), (201: 6), (211: 12), (222: 17), (228: 15), (314: 5), (338: 11), (365: 14), (376: 37), (389: 17). Vid. **Por verdade**.

382. En vixon/vision/vison ‘mediante unha visión sobrenatural’: DIZER/MOSTRAR/VEER + *en vixon*: (53: 37), (58: 27), (68: 27), (138: 55), (292: 71), (295: 39), (336: 33), (337: 7); MOSTRAR/VEER + *en (sa) vixon* (15: 114), (24: 29–30), (131: 67), (307: 41), (309: R); VEER + *en vision*: (79: 33), (292: 1), (299: 1). A UF documéntase en gal. moderno.¹³⁰

383. En voz alta ‘con voz alta’: *começou logo | en voz alta e clara || a cantar* (6: 68–69).

384. En yvern’e en estade ‘todo o ano, en todo tempo, en calquera tempo’: *leitos en que jouvessen | en yvern’e en estade* (67: 19); *fez idas || per muitas vezes a Salas | en yvern’e en estade* (161: 39–40). Documéntase a UF tamén noutros autores posteriores, dentro e fóra da península.¹³¹

385. En(o) colo ‘(collido) nos brazos’ [para entender a UF hai que ter en conta que a persoa transportada, normalmente un meniño, bota os brazos ao colo de quen a transporta]: *que vos pes m’averedes | eno col’a soportar* (53: 28); *E ela o en seu colo | fillou, com’aprendi eu, || e a Seixon de caminno | começou taste d’andar* (53: 32–33); *fillou en seu col’agya || a mea[da]de dos ferros* (227: 50–51).

386. Eno pouco e no muito ‘en calquera circunstancia, nas cousas sen importancia ou naquelas de grande importancia’: *Eno pouco e no muito, | en todo lles faz mercee || aos seus servos a Virgen* (354: R). A UF apenas se rexistra a día de hoxe.¹³²

387. Enserrar/Meter na pilla ‘caer ou estar en poder de (alguén)’: *xo tian | enserrad’en sa pilla* (169: 26); *pediron / que os non metesse o dem’en sa pilla* (19: 32–33).

¹³⁰ *Veu en visión a catro anxos fermosísimos* (M. Fernández Barreiro, *Os catro cisnes brancos*, 1922, TILG); *Fóralle revelado en visión* (X. Cejudo Álvaro e C. Pardo López, *Primeiro Concurso de Obras Teatrais Inéditas “Camiño de Santiago”*, 1994, CORGA) etc.

¹³¹ *Vivién en grand lazerio invierno e verano* (Berceo, *Vida de San Millán de la Cogolla*, c. 1230, CORDE); *as folhas eram vermelhas todas em Inverno e em Verão* (Chrétien de Troyes, *A Demanda do Santo Graal*, 1245-1265, CGPA); *e enxabona blanco e sano en invierno e en verano* (A. de Villasantino, *Cancionero de Baena*, 1379-1425, CORDE); *das de continuo luz al cielo cristalino en invierno y en verano* (Fray Ambrosio Montesino, *Cancionero*, 1508, CORDE). Tamén en Arxentina, por boca dun personaxe de orixe portuguesa: *Eu quisiera qui vozé / me tumase pur su erno, / qui a fe, qui le servirei / en verano e en inverno* (Anónimo, *El amor de la estanciera*, 1778, CORDE).

¹³² Só se documenta en contextos relixiosos, facendo mención directa ou indirecta ao Evanxeo de san Lucas (*Quen é fiel no pouco tamén será fiel no moito*, Lucas 16: 10). Nos corpus do gal. actual só documentamos *Pécase no pouco igual que no moito* (Teresa Moure, *Unha primavera para Aldara*, 2008, CORGA).

Presentamos esta frase con certas dúbidas porque non hai certezas sobre a semántica nin a etimoloxía. Con todo, o substantivo *pilla* aparece noutras unidades fraseolóxicas que chegan aos nosos días, como *ir para a pilla* ‘ir moi acabado, estar próxima a hora da morte’.¹³³

388. Entrar en camiño ‘emprender unha viaxe’: *e tan toste se guisaron || de fazer sa romaria | e en seu camỹ’entraron* (43: 15–16); *E logo en outro dia | entraron en seu camỹo* (43: 45); *Pera Salas en camỹ’entrou* (109: 20); *Logo madr’e fillo en camỹ’entraron* (114: 51). No lugar do verbo *entrar*, cun valor puntual incoativo, pode aparecer *meter*: *Onde foi hũa vegada | que sse meteu en*

camỹo || pora veer o sepulcro (288: 16–17). Na lingua actual diríamos *poñerse en camiño*.

389. Entrar en/na orden, Fillar orden/ordin, Meter(-se) en/na orden, Prender orden ‘integrarse nunha comunidade monástica, recibir o sacramento da orde’: ENTRAR + *en orden* (13: 33), (123: 12), (125: 3), (154: 41), (241: 84), (399: 54); FILLAR/PRENDER + *orden*: (42: 50), (201: 67), (241: 89); METER(-SSE) + *en orden*: (76: 44), (156: 53), (125: 125), (241: 4), (251: 13).

390. Entrar-lle en coraçon, Propoer o coraçon en ‘empeñarse en facer algo, decidir facelo’: *en coraçon ll’entrou || que sse foss’a Vila-Sirga* (234:

¹³³ DFGC, p. 543, frase aboada por informantes da Ulloa, Lugo. Mettmann (1988, p. 173) confesa que o sentido de *pilla* na cantiga nº 169 non está claro e propón ‘dominio’: efectivamente, ‘dominio’ ou ‘poder’, algo próximo á idea de que á igrexa xa lle tiñan os mouros botado as gadoupas, porque as implicacións son negativas. Tamén, se nos guiamos pola documentación —escasa— en cast. antigo, vemos que ese dominio ou poder pode ser positivo: *El Señor aparejó en el cielo su pilla, y su reino tendrá señorío sobre todo* (Fray Luis de Granada, *Tratado de algunas muy devotas oraciones*, 1561, CORDE). A primeira vista e mentres non se demostre o contrario, tendo en conta as leis fonéticas do noso idioma, habemos de considerar *pilla* como membro da familia do verbo *pillar*, verosimilmente un substantivo regresivo. Sendo así hai que subliñar a ceda documentación desta familia no ámbito occidental hispano. Pénsese que Corominas dá como primeira documentación para o cast. o ano 1604 (DCECH, s. v. PILLAR). Do étimo non nos podemos ocupar, aínda que non deberíamos perder de vista o latín *pilāre* ‘saquear’ e *pilārius* ‘escamoteador, embaucador’ (Gaffiot, 1934, p. 1180), verbas con semántica axeitada para seren relacionadas co romance ‘pillar, pillo, pillabán etc.’ No século XV documentamos a voz nun contexto moi específico, *sardiñas de pilha* (*sardinhas de fumo e de pilha*: Fernão Lopes, *Crónica de D. João I*, 1400-1460, CGPA). Aparentemente podería pensarse nun cruzamento coa *plā, pío* (> latín *PILA*), pero cómpre aclarar que a semántica desa *pilha* se explica ben desde a base de *pillar*: as sardiñas debemos supoñer que fican presas, comprimidas, «pilladas». Esa é unha idea básica para entender tamén a frase afonsina. Na *pilla* quedamos pillados: coma no xogo infantil da *pilla*: agárrannos e xa non nos soltan. Percibimos, de todos os xeitos, unha especie de desprazamento conceptual, coma se desa acepción primeira de ‘agarrar e non soltar’ se pasase ao espazo onde se acumulan ou se xuntan os pillados, sexan almas no inferno, almas no ceo ou sexa o lugar onde se almacenen as *sardiñas de pilla*. *Apilla*, xa que logo, parece voz polisémica: *pilla1* ‘acción de pillar’, *pilla2* ‘resultado de pillar: acumulación/lugar onde se amontona o pillado, montón de seres ou cousas pilladas’. Así hai que entender outras documentacións da voz que nos ocupa: *Commo en el sinado general la clerizia prometio de cada pilla* [de cada vez que se *pilla* algo] *dos reales* (Anónimo, *Synodicon hispanum I*. Galicia, 1502, CGPA); *unha gran pilla* [montón] *de bosta* (G. Feixoo, *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño*, 1671, TILG). Digamos, á derradeira, que a frase, case idéntica á medieval, pasou desde o gal.-port. a América (Brasil): *E no fim de tudo, ele seguirá prevalecendo. Deus jamais entrou na pilha do diabo* (<https://www.diariodocentrodomundo.com.br/a-proposito-do-diabo-da-gavioes-da-fiel-jesus-de-fato-foi-derrotado-diz-pastor>); *Entrar na pilha do diabo* (<http://pt.allreadable.com>).

20–21); *mais o corazón proposo | e todos los sisos seus // en viltar Santa Maria* (238: 22–23).

391. Entrar-lle en/na voontade, Fillar en sa voontade, Meter ssa vontade (y), Põer en sua voõtade de (+ INFINITIVO) ‘empeñarse en facer algo, decidir facelo’:

entrou-lle na voontade || que en romeria fosse (213: 36–37); *entrou-ll’en voontade | que aquilo non fezesse* (312: 45); *ena voontad’entrava // d’iren* (383: 17–18); *en sa voontade | o fillou mui’ta amar* (353: 39); *Sa voz, e ssa vontade || e ssa punna y meteu* (156: 41–42); *pos en ssa vontade | de non fazer al senon || yr* (189: 23–24).

392. Entre dormindo ‘nun estado próximo ao sono pero sen caer de todo na inconsciencia’: *E jazend’entre dormindo, | antollouxe-lle assy* (212: 56). Documentase a UF ocasionalmente no cast. de América.¹³⁴

393. (Estalar) como madeira seca [pondera a facilidade e sonoridade con que algo estala]: *cada un nembro per si mui de rig’[e]stalava, | ben come madeira mui seca de teito* (77: 36–37). É unha comparanza prototípica, doada de documentar en gal., port. e cast.¹³⁵

394. (Estar) en seus pees ‘(manterse) en posición vertical, apoiándose nos pés’: *non podían || nen en seus pees s’erger* (91: 36–37); *Quando a viu ouv’enton tan gran medo || que adur pod’en seus pees estar* (105: 14–15). Na lingua actual diríamos ‘de/en pé’.

395. Estar ena fala ‘estar de charla, conversar’: *pera un dia porrei; || e estando ena fala, | ben ali o prenderei* (185: 21–22). Na prosa temos a variante co verbo *ser* (*Quantos y sijan ãna fala*, CT. Apud XEL) Documentase tamén en cast. antigo.¹³⁶

396. Estar na sazon de, Seer sazón (de) ‘ser o momento oportuno para facer algo ou para que algo se produza’: *E ja sazon || de nos irmos, ai marido?* (216: 37–38); *d’aver ela seu fillo estava ena sazon* (256: 21). Vid. **Seer tempo (de)**.

397. Estar-lle (algo) mal (a alguen) ‘non ser algo cousa boa para alguén; ser algo un baldón para alguén’: *ca mal ch’estaria || que, per obridança, || se a que amamos || monja non avia || da Virgen senbrança* (9: 59–63).

398. Falar en testimonio ‘dar alguén testemuño’: *Esta é como a ymagen de Santa Maria falou en testimonio ontr’o crischão e o judeu* (25: 1–2).

¹³⁴ *Oyendo / Estaba aquel sermón entre durmiendo* (J. J. Fernández de Lizardi, «Cierta Predicador», <https://www.iifilologicas.unam.mx/obralizardi/index.php?page=cierta-predicador>).

¹³⁵ *Cando estrala o madeiramen; mais daba a porta en renxer i a madeira en estralar* (Lamas Carvajal, *A musa das aldeas*, 1890, TILG); *estalarónlle as madeiras* (Vaamonde, *Paliques*, 1901, TILG); *Vña aquel estalar de leña seca* (Anxo Angueira, *Val de Ramirás*, 1989, TILG); *Sus huesos crujieron como madera seca* (J. I. Pomés, *Amarrados*, 2011, CORPES) (*crujir como madera seca* é facilmente documentable no español peninsular e de América); *estalar como madeira seca* (2 concorrencias en Internet, CPN, CPW) etc.

¹³⁶ *Non quisieron ellos que otro y estudiessse en la fabla sinon el çid* (Afonso X, *Estoria de España*, 1270–1284, CORDE); *estubieron en la fabla vien dos oras* (P. Carrillo de Huete, *Crónica del halconero de Juan II*, 1454, CORDE).

399. (Falar muito e toste) coma

(a) andorũa ‘(falar) moito e rapidamente’: *o que me consellades sol non val un mui mal figo, | pero que falades muito e toste com’andorũa* (321: 43). A connotación é negativa, próxima a ‘falar moito e de máis’. As andoriñas cando vén o bo tempo chían e rechouchían facendo moita leria. O algareo das andoriñas está presente en varios textos antigos e xustifica o epíteto *paroleira andoriña* dos nosos poetas.¹³⁷

400. Falir tempo/vida para (facer algo)

[encarece a necesidade de facer algo e/ou a frecuencia con que debería facerse algo]: *pera a loar tempo nos fal e vida* (110: 3). Na lingua actual a UF *faltarlle tempo para (facer algo)* ten outro sentido, expresa apresuramento en facer algo. Consérvase a semántica medieval na UF moderna *non chegar a vida/unha vida/os días dunha vida para facer algo*.

401. Faz a faz ‘en presenza de alguén, ante o(s) outro(s)’: *avia mil e çento*

|| donas, todas faz a faz (59: 98–99); *irás mui cedo || u verás meu Fillo e min faz a faz* (105: 18–19).

402. Fazedor d’algo ‘que fai o ben’.

Mettman (DDGM, s. v. FAZEDOR) dálle á UF o valor de ‘caritativo’:¹³⁸ *dona | de mui santa vida, || mui fazedor d’algu’e | de todo mal quita* (9: 11–12); *ome | mui poderos’e loução, || sisud’e fazedor d’algo, | mais tant’era bon crischão, || que tod’ele por Deus dava* (67: 11–13).

403. Fazer amores, Fazer (esse/este/un) amor ‘dar probas de afecto ou de amor, comprar’, [co determinante]

‘conceder un desexo, facer un favor’: *faz-nos ela sempr’amores* (174: 44); *amores || nos faz en muitas maneiras* (376: 61–62); *en esto me podedes muy grand’amor fazer* (5: 31); *tal amor lle fez* (188: 14); *vêeron morar sen falla | por nos fazeren amor* (202: 35); *Un amor // me farás* (281: 30–31); *e do que sabor avia fez-ll’end’amor* (303: 48); *E qual é aquel menyo | a que fazes ess’amor?* (353: 77); *con*

¹³⁷ *Respondiól que como quier que la golondrina da mayores voces, [...] que antes se querria parar al roýdo de la golondrina, maguer que es mayor: porque va et viene* (Juan Manuel, *El Conde Lucanor*, 1325-1335, CORDE); *non medre la golondrina / que assí chirla en alamedo* (J. Alfonso de Baena, *Poesías*, 1406- a 1435, CORDE); *más palabras baldías e oçiosas vos hablará que la golondrina, que non çessa de chyrriar en el tienpo del mayo* (San Vicente Ferrer, *Sermones*, 1411-1412, CORDE); *Más as chirriado que golondrina en abril: de tanto falar la cabeça deverias tener quebrada* A. Martínez de Toledo, *Corbacho*, 1438, CORDE); *Paroleira anduriña, sobr’o balcón pousada* (E. Pondal, *Queixumes dos pinos*, 1886, TILG); *A paroleira anduriña anda a falar* (F. Delgado Gurriarán, *Bebedeira*, 1934, TILG).

¹³⁸ Ese valor concreto, ‘caritativo’ vén avalado por algún texto do cast. do s. XVIII. Así, en San Pedro (1769, p. 65) lemos no epitafio de Don Fernan Gudiel do ano 1278 un verso que di que era *fazedor de algo* e en nota a pé de páxina hai unha especie de aclaración: *Fazedor de algo, hacedor de bien, ó de limosna*. Porén, hai un texto no cast. do XIII, onde atopamos ese atributo, *fazedor de algo*, tras especificarse xa virtudes coma a piedade e a bondade de corazón: *el rey, maguer sea bien mesurado, et enviso, et aperçebido, et de gran poder, et de noble coraçón, et pesqueridor de derecho, et de buena vida, et verdadero, et acuçioso, et esforçado, et de buen recabdo, et requeridor de las cosas que deve, et entendido, et çierto, et gradeçederó, et agudo, et piadoso, et misericordioso, et manso [...] et non enbidioso nin refez de engañar, fazedor dalgo a sus pueblos* (Anónimo, *Calila e Dimna*, 1251, CORDE). De onde deducimos a conveniencia de aplicarlle á frase un valor máis xeral, non tan concreto como ‘caritativo’, un valor aproximado a ‘capaz de facer o ben’, un ben talvez útil, produtivo para os máis.

razon lles fez est' amor || en que lles foi apareçer (424: R).

- 404. Fazer bo/mal sen** ‘actuar acertada/desacertadamente, obrar ben/mal’: *o bispo fez bon sen* (208: 47); *fezeran mellor sen* (277: 43); *farias bon sen* (299: 28), (382: 36); *fez y mal sen* (64: 77). Outros casos de *fazer mal sen*: (190: 7), (281: 65–66), (287: 13).
- 405. Fazer dereito** ‘obrar ben, xustamente’: *Dereito fazen de ss'ir perder || ant'a de que Deus quisu nacer* (109: 5). Outros casos con *fazer dereito*: (240: 11,12), (409: 7); FAZER + (mui) *gran dereito* (173: 26), (251: R), (270: 25), (295: 24), (343: 28), (376: 20).
- 406. Fazer (gran) razon** ‘facer ben, actuar acertadamente’: *Ena loar, e farán gran razon* (240: 34); *fazia gran razon* (359: 19).
- 407. Fazer (grand') amor** ‘demostrar amor, portarse moi ben (con alguén)’: *en esto me podeades muy grand'amor fazer* (5: 31); *Gran ben lle fez en est'e grand' amor* (41); *e porende | lle fezo tan grand'amor* (164: 8); *faz-nos ela sempr' amores* (174: 44); *qual é aquel menyo / a que fazes ess' amor?* (353: 77).
- 408. Fazer mingua** ‘producir ou supoñer perda’: *Tod'aquel que pola Virgen | quisier do seu ben fazer; || cousa que lle faça mingua | grande non á de perder* (212: R).
- 409. Fazer (muit') algo** ‘dispensar favores, facer cousas boas’ (C. Michaëlis, DDGM, s. v. ALGO): *E porend'as gentes algo | começavan d'i fazer* (278: 16); *E a ffreira dũa parte | a ferí'e castigava, || e da outra lle fazia | muit'algo'e muita criança* (303: 22–23); *e lles faria grand'algo* (325: 31); *non quer graçir / algo que ll'ome faça* (401: 54–55). Na cantiga nº 278 o valor de *fazer algo* cremos que é ‘pagar, recompensar’, un significado xa proposto por R. Lorenzo (DDGM, s. v. ALGO).¹³⁹
- 410. Fazer nemiga** ‘facer o mal, mostrarse ruín’ (Rodrigues Lapa, DDGM, s. v. NEMIGA): *faz mal aos meninos | polo seu poder mostrar || que é de ffazer nemiga* (378: 14–15).
- 411. Fazer peças (de alguen)** ‘destruílo, deixalo maltrato’: *peças del fezeron* (19: 18); *E pois que o eles peças feit'ouveron* (19: 20). Na lingua actual pode renderse esta idea coa UF *facelo papas* (DFGC, p. 502).
- 412. Fazer prazer** 1. ‘causar pracer físico; satisfacer os desexos propios’ [o valor fraseolóxico está no límite por encontrarse moi próximo ao significado literal]: *fez i gran seu prazer* (5: 115); *o gran prazer // que seu marido lle fazer // soya* (68: 20–22).
2. ‘compracer’: *por fazer prazer / aa Madre de Deus* (93: 23–24); *todo seu sen || era como lle fezesse prazer* (144: 23–24); *Quen Jesu-Crist'e ssa Madre veer || quisier, en ssa vida á de guardar || como punne de lles fazer*

¹³⁹ A Virxe empeza a facer grandes milagres en Vila-Sirga e a xente comeza por tal motivo a *fazer algo*: entendemos que a forma de recompensala é con exvotos ou enriquecendo a igrexa.

prazer (261: R); *fazer a Deus prazer* (418: 9).¹⁴⁰

413. Fazer sa ida, Fazer idas ‘facer unha ou varias veces a viaxe de ida (a un lugar)’: *fez idas* || *per muitas vezes a Salas* (161: 39–40); *fazian alá su yda* (385: 19).

414. Fazer un preito ‘facer un trato’. *Fas un preito*: || *ir-t-ei por fiador meter* (25: 35–36); *Un preito vosco farey*: || *dar-vos-ey a meyadade* (35: 102–103). Na lingua actual unha expresión coloquial sinónima pode ser: *fagamos/imos facer unha cousa* ou tamén *imos facer o seguinte*.

415. Fazer vida ‘vivir’. Esta UF documéntase sempre cunha especificación do tipo de vida que se fai. Desde o punto de vista semántico, temos exemplos tanto en sentido positivo como en sentido negativo. Desde o punto de vista sintáctico, a especificación exprésase mediante un adxectivo-modificador ou mediante un complemento predicativo do complemento directo *vida*. Iso é o máis frecuente mais non faltan casos en que a clase de vida se especificou antes e dáse por sobreentendida. Casos de semántica positiva: FAZER + (*mui*) *boa/santa vida* (15: 171–172), (77: 25), (296: 40), (310: 12), (359: 11–12); *fazia vida come religiosa* (78: 13); *nunca faça eu mia vida goyosa* (78: 73); *A vida que fazes* (82: 51); *El*

atal vida fazend’ en aquela montanna (95: 34); *ali senpre fazia* | *sa vida e ssa morada*, || *servindo a Groriosa* (288: 13–14). Casos de semántica negativa: *E esta vida fazendo*, | *tan brava e tan esquiva* (45: 21); *fazia* | *ssa vida lussuriosa* (151: 6); *vida mui cativa* || *fazer* (411: 82–83). A UF chegou aos nosos días en usos lixeiramente distintos.¹⁴¹

416. Fazer/prender jura(s) ‘facer unha promesa, voto ou xuramento’: *chamassen un capelan* || *que lles a[s] juras fezesse* (125: 65). Mettmann, (DDGM, s. v. JURA) di que neste caso *jura* equivale a ‘casamento’: estamos diante do que se chamou na España medieval un *matrimonio a yuras*, que viña ser unha unión de feito —vinculaba esponsais coa unión sexual— na que os afectados podían incoar un procedemento de proba testemuñal, sobre a realidade do xuramento matrimonial, que se sentenciaba polo bispo.¹⁴² Así que o significado máis preciso da UF en cuestión é o de ‘establecer promesas matrimoniais’. Un caso paralelo témolo co verbo *prender*: *Poi-la levou a ssa terra* | *e con ela juras pres* (285: 86). Outros casos con *jura(s)*: (185: 38), (239: 24–25), (392: R, 30).

¹⁴⁰ No seu estudo sobre a fraseoloxía da materia troiana na península Pla Colomer e Vicente Llavata (2020, p. 86) refírense a esta colocación (*fazer prazer*) nestes termos: «una estrutura locucional adverbial (*por les fazer plazer e honra*) que es adaptación ampliada de la estructura fraseolóxica *par bien* del francés». A frase documéntase ben na nosa lírica profana do s. XIII (*fazer prazer*: Johan Lobeira, Johan Servando, Johan Soarez Coelho, Pedr’ Amigo de Sevilha. Ápud XEL).

¹⁴¹ *Facer vida* + CCLugar; *facer vida* + CCCompañía; *facérselle (a alguén) a vida* + ADXECTIVO; *facer vida de* + NOME; [na modalidade interrogativa directa ou indirecta] (*saber/preguntar...*) *que vida fai alguén*.

¹⁴² <https://dej-enclave.rae.es/lema/matrimonio-a-yuras>

- 417. Fazer-lle forza** ‘obligalo; forzar a vontade de alguén’: *se lle non fizesse || ao demo forza per que llo toller podesse* (137: 16–17). A UF está amplamente documentada desde o latín ao romance na península.¹⁴³
- 418. Fazer-lle guerra** ‘facerlle mal’: *porend’o guardou ela | e feze-lle no mar vias || que o non tangess’a agua | e lle non fizesse guerra* (193: 47–48).
- 419. Fazer-lle nojo** ‘causar trastorno, molestar’: *nunca achou, | u quer que el estava, | quen lle fizesse nojo* (116: 28–30). En gal. moderno a UF ten un uso lixeiramente distinto.¹⁴⁴
- 420. Fazer-lle o bocin** ‘botar a lingua (a alguén)’: *foiss’o demo e fez-ll’o bocin* (17: 72). Trátase dun provenzalismo. Unha variante, *facer ó bocino*, chega aos nosos días.¹⁴⁵
- 421. Fe que devedes** [expresión exhortativa, cominatoria]: *Madre, fe que devedes, || des oge mais vos consello | que o pedir leixedes* (6: 32–33). Está implícito a *Deus* como complemento de *dever*. A UF documéntase tamén na lírica profana: *e moir’eu, amigo, | por vós, e, fe que devedes, | algun conselh’i ajamos* (Johan Airas, 1240, XEL).
- 422. Festa grande** ‘celebración principal para conmemorar feitos importantes e/ou lembrar un personaxe, civil ou relixioso’: *eno mes d’agosto, no dia escolleito, || na sa festa grande* (77: 27–28). A colocación chega aos nosos días.
- 423. Ficar a espinna no coraçon** ‘quedarlle a alguén un motivo de desacougo, insatisfacción ou preocupación’: *e el no coraçon fito | lle ficou end’a espinna* (132: 119–120). Variante *ficar coa espiña*: *a moller bõa | ficou en cona espyinna* (321: 23). A UF consérvase na lingua actual.
- 424. (Ficar) no conto de** ‘formar parte de, ser un máis de’: *Aquel mal do fogo atanto o coytava, | que con coita dele o pe tallar mandava; | e depois eno conto dos çopos ficava* (37: 16–18). No canto do verbo *ficar* documentamos na prosa medieval a UF con outros verbos.¹⁴⁶
- 425. Ficar-se como xe vëera** ‘quedar como estaba; permanecer igual,

¹⁴³ En latín temos un documento altomedieval de Sobrado: *a fortia qui ille feceram* (Pardo, 1959. Ápud CODOLGA). Fóra de Galicia atopamos dous textos en latín: *qui non fecit ea forza* (Anónimo, *Fuero de Marañón en Navarra*, 1134, CORDE) e *Homo qui forza, o birto fecerit ad aliquo homine* (Anónimo, *Fuero de Uclés*, 1179-1184, CORDE). Documentase igualmente na lírica profana (*nulho medo [...] non ei de forza que me vós façades*: Afons’Eanes do Coton, 1240, XEL) e mais na prosa medieval: *el rrey nõ llj quiso fazer forza en ello et foylles dizendo as cousas mansament* (TC. Ápud XEL) etc. O significado destes textos é o de ‘cometer actos violentos’, ‘utilizar a violencia’, ‘forzar, violar’; o valor que reflicte a cantiga afonsina é lixeiramente distinto na medida en que —en principio, salvo que imaxinemos un combate do tipo San Miguel contra o demo, pero daquela o suxeito do verbo *fazer* é outro— non podemos pensar que a Virxe sexa violenta: si torcerá a vontade do inimigo e esa é a acepción común.

¹⁴⁴ Un uso que implica trastornos físicos, de repugnancia ou semellantes: *o seu corpo, en lugar de facerlle noxo [...]* (García Sabell, *Ensaio*, 1963, TILG).

¹⁴⁵ Mettman: «provenzal *faire* (de la lenga) *bosin* ‘sacar la lingua’». No Bierzo E. Rivas (DdD) documenta *bocin* ‘boca estreita da nasa de pescar nos ríos’. A frase *facer ó bocino* ‘facer mofa’ abóaa Porto Rey (DdD).

¹⁴⁶ *Este rey dom Garcia, que aquy dizemos, nõ conta a estoria que elle jaça ãno conto dos reis* (Afonso X, *Crónica Geral de Espanha de 1344*, 1344, CGPA).

- sin que se logre un determinado propósito’: *pero en poder do novio era*, || *nunca per ren pod’a ela passar*; || *e tal xe ficou como xe vëra* (105: 51–53). Integramos esta UF con dúbidas, porque non a documentamos fóra desta cantiga; porén, o seu valor é idéntico ao das UF *foise como veu*, *volveuse como fora* etc. facilmente documentables na lingua actual (TILG).
- 426. Fillar dereito de (alguen)** ‘Cobrar unha persoa xustiza de quen a agraviou’: *Santa Maria fillou dereito do judeu* (34: 1). Esta UF documéntase varias veces na lírica profana: *queredes ora dereito filhar | de Mor da Cana* (Johan Airas, XEL), *se én dereito queredes filhar* (Roi Queimado, XEL), *nunca dereyto filhasse | dus que sse foron* (Pedr’Amigo de Sevilha, XEL).
- 427. Fillar façanna** ‘aprender unha lección exemplar, tomar como modelo para seguir’ (Mettmann, 1988, p. 61, di *tomar exemplo*): *Desto direi un miragre, onde gran façanna || fillaredes* (119: 6–7); *mui ben que vos eu conte || como ll’avëo u ya, | pera fillardes façayã* (191: 17–18).
- 428. Fillar guerra** ‘combater, contender’: *ca mui’t’é descomunal [...]* *Cousa de fillarmos guerra | cona Madre do Sennor* (121: 43–45); *guerra per nulla maneira | con ela non fillarey* (165: 67). A UF documéntase tamén co uso metafórico de ‘contender’ na lírica profana: *fui fillar comigo guerra | un ruissennor que cantando | estava de amor* (Alfonso Álvarez Villasandino, *Cancioneiro galego-castelán*, 1355, XEL).
- 429. Fillar lazeiro** ‘padecer traballos ou sufrimentos’: *e fillava lazeiro || en loar mui’ta Virgen, | ca un gran livr’enteiro || rezava cada dia* (71: 11–13). No cast. do XIII a UF correspondente é *prender lazerio*.
- 430. Fillar/Prender/Tomar carne (de/en/u), Prender encarnaçon** ‘encarnarse’: *en que Deus quis carne fillar* (1: 5); *tomar / carn’ en moller* (46: 40–41); *quis ena Virgen por nos carne prender* (50: 22). Outros exemplos de *carne fillar* (de/en): (29: 32–33), (30: 31), (50: 4), (54: 58), (110: 5–6), (180: 63–64), (208: 3–4, 5–6), (221: 6), (238: 3, 23), (246: 49), (312: 13), (313: 7–8), (331: 12), (342: 25), (360: 9), (404: 41–42), (422: 4). Máis exemplos de *carne prender* (de/en): (50: 22, 31), (210: 6–7), (221: 6), (231: 7), (238: 20), (239: 27–28), (245: 5), (263: 41), (267: R), (298: 56), (304: R), (309: 13, 72), (350: 17–18), (370: 6), (413: 8), (418: 10–11, 25). A variante con *encarnaçon* só se rexistra unha vez: *pres encarnaçon* (415: 8).
- 431. Fillar-se por mal con (alguen)** ‘desavirse, indispoñerse con alguén’ (Mettmann, DDGM, s. v. FILLAR): *Gran sandece faz quen se por mal filla || cona que de Deus é Madre* (19: R).
- 432. Folgar(-lle) o coraçon** ‘acougar; contentar’: *Esta era tan fremosa | e de tan bõa façon, || que quen quer que a viia | folgava-ll’o coraçon* (324: 15–16). Tamén se documenta a UF na lírica profana: *estava el chorando | e non folgava o seu coraçon* (Juião Bolseiro, 1240, XEL).

- 433. Fora de sen/de seu siso** ‘tolo’, [cos verbos *andar* e *ser*] ‘perder o xuízo, entolecer’: ANDAR/ SER + *fora de sen* (76: 21), (334: 40); *com’ome fora de seu siso* (16: 31).
- 434. Fora de seu sentido** ‘sen sentido, con perda do coñecemento’: *jouv’en terra | fora de seu sentido* (411: 101). Vid. **Perder os sentidos**.
- 435. Gran peça** ‘un período relativamente longo de tempo’: *gran peça / pelo mar singraron* (9: 121). Outros casos: (267: 51), (298: 35).
- 436. Gran sazon** ‘(durante) muito tempo’ (Rodrigues Lapa, DDGM, s. v. SAZON): *en Aroches gran sazon || morou* (334: 10–11). Outros casos: (3: 28), (104: 11), (206: 5), (314: 9), (317: 5). Na lírica profana documéntase a gran sazon con este mesmo valor.¹⁴⁷
- 437. Grand’algo** ‘algo moi valioso, moito diñeiro’: *Muitos gafos sãou a Emperadriz en aquele mes; || mas de grand’algo que poren lle davan ela ren non pres* (5: 159–160); *erdarás // mui grand’algo* (125: 75–76); *perdisti grand’algo* (311: 47). Outros casos: (105: 35–36), (165: 72–73), (216: 15).
- 438. Guardar a(s) festa(s)** ‘cesar toda actividade laboral e cumprir co culto establecido pola igrexa’: *guardou a sa festa* (195: 2); *Quena festa e o dia || da mui Groriosa || quiser guardar* (195: R); *nunca as festas guardava* (199: 1 e 18). A UF chegou ao nosos días, sobre todo na variante *festa de gardar*.
- 439. Guardar Deus de (algo)** [úsase para expresar o desexo de que algo non suceda]: *foi aquel ome de tan gran door, | de qual vos guarde Deus* (126: 22–23).
- 440. Hũa billa** [pondera o pouco valor de algo]: *non valeu hũa billa* (169: 31).¹⁴⁸
- 441. Hũa (folla de) col** [pondera o pouco valor de algo ou a pouca importancia que a algo se lle concede]: *e quant’hũa col | do seu non filles* (135: 116–117); *hũa folla de col hũa folla de col || non demos mais por ele* (419: 142).
- 442. Hũa garvança** [pondera o pouco valor de algo ou a pouca importancia que a algo se lle concede]: *tanto lle valrria / com’hũa garvança* (9: 150–151). A UF non chega aos nosos días.¹⁴⁹

¹⁴⁷ *Quen molher rafeç’, a gran sazon, / quer ben, non pode fazer se mal non* (Johan Baveca, 1240, XEL).

¹⁴⁸ Mettmann (DDGM, s. v. BILLA) e García-Sabell (1991, s. v. BILLA) aluden ao significado ‘bóla’ para *billa*, pero é posible que a voz xa cobrase na Idade Media o mesmo ou semellante valor ao que ten no gal. actual (*billa* ‘espita’, DdD). Fixémonos que un sinónimo de *espita*, *tarugo*, tamén posúe unha acepción figurada despectiva. Outro caso paralelo témolo na UF castelá con *taco*: *no valer (ni) para tacos de escopeta*. Se repasamos as distintas acepcións para *billa* do DdD só nun caso atopamos unha feita de ferro. O normal é que sexan feitas de madeira, de buxo (DdD) ou de xesta (*billa de xesta*: R. Otero Pedrayo, *Contos do camiño e da rúa*, 1932, TILG), material doado de atopar, nada valioso.

¹⁴⁹ Só rexistramos *máis ruín ca un garavanzo podre* (DFGC, p. 340) e un par de comparanzas para ponderar a pequenez, como por exemplo: *pequerrechiño coma un garavanzo* (A. Vilar Ponte, *Almas mortas*, 1922, TILG). En cast. de Canarias rexístrase *no valer un garbanzo de tajaricha* (<https://rbuenaventura.wordpress.com/2011/02/>); en cast. peninsular documéntase *importar un garvanzo* (*¡Bah! Eso me importa un garbanzo*: E. Jardiel Poncela, *Amor se escribe sin hache. Novela casi cosmopolita*, 1929, CORDE).

- 443. Hũa noz** ‘unha cantidade mínima de cartos’: *Vai, coz // carn’e pescado do meu aver, que te non cost’hũa noz* (5: 147–148). Con verbos como *dar* cobra o valor de ‘(non) importar’ (vid.: **Non dar nemigalla/(nulla) ren/unha figa/unha formiga/unha noz**). Rexistramos tamén a variante *duas nozes* con valor igualmente minimizador referido a persoas: *duas nozes non vales* (25: 107–108). Este tipo de UF (*dous* + SUBSTANTIVO MINIMIZADOR) é relativamente frecuente tanto en gal. como en cast.¹⁵⁰
- 444. (Hũa) palla** [pondera a pouca ou nula importancia que algo merece; tamén pondera o pouco que algo vale]: *nen preçou sa escomoyon hũa palla* (65: 26); *ca lles non valeu bon vento quant’é hũa palla* (95: 46); *Muitas físicas probaron en ela, que palla / non lle valveron* (117: 26–27); *Ca toda a ffremosura | das outras é nemigalla | nen toda ssa apostura | tanto come hũa palla | contra a desta* (132: 13–17). Na lingua moderna esta ponderación apenas ten uso.¹⁵¹
- 445. Hũa peça** ‘un segmento breve de tempo’: *folgar ora hũa peça* (216: 32). Outros casos: (222: 31), (243: 30), (325: 54).
- 446. Hũa sazón** ‘unha vez’: *cinco diabos hũa sazón || s’assūaron* (109: 16–17);
- Ena Gran Bretanna foi hũa sazón* (226: 11).
- 447. (Ir) a bõa ventura** ‘(irse) en boa hora, (ir) con Deus.’: *Yd’a bõa ventura* (312: 28). Tamén se documenta na lírica profana: *vaa-s’en boa ventura* (Estevan da Guarda, 1300, XEL).
- 448. Ir adeante** ‘progresar, desenvolverse satisfactoriamente’: *sa fazenda | nunca irá adeante* (297: 45).
- 449. Ir pera mal** ‘desenvolverse algo de forma insatisfactoria, decaer’: *seu preito todo pera mal ya* (264: 39). A UF documéntase tamén na prosa profana: *os troyãos ýan ja pera mal* (CT. Ápud XEL).
- 450. Ir sa/vossa via** ‘irse, marchar, continuar o camiño; largar, ciscar’ [co verbo en imperativo pode cobrar un valor expeditivo]: *foi-ss’enton sa via* (9: 77); *Ide daqui vossa via* (11: 47). Outros casos: (32: 30–31), (42: 82–83), (47: 30), (95: 80), (194: 50), (274: 17), (285: 55), (355: 21), (377: 54), (411: 96). Ás veces cobra o valor non de continuar o camiño, senón de ‘regresar por onde viñeron’: *deçeü a hũa fonte || con toda sa companna, || por y jantaren, || des i folgaren || e yren sa via* (57: 29–33).
- 451. (Ir/levar) dereit’a (un lugar)** ‘directamente a’: *foi-sse dessa vez || dereit’a Valedolide* (235: 86–87).

¹⁵⁰ A frase *dos higos* rexístrase 10 veces no CORDE; *dos cominos*, 17 concorrencias; *dos higas*, 16. En gal. actual temos *non dar/valer dous cartos* (7 casos no TILG), *non dar dúas cadelas* (1 casos no TILG, 1 no CORGA), *non valer dous beldros/peniques/reás* (1 caso cada unha das frases, TILG).

¹⁵¹ Malia ser *palla* o núcleo léxico de moitas UF en galego actual (26 entradas con *palla* no DFGC, pp. 494–495), é difícil documentar casos en que teña valor minimizador. De feito, só atopamos tres nos corpus: *non había cous’algunha do valor dunha palla* (Pla Zubiri, *A tola de Covas*, 1917, TILG), *foi por cousa de nada, polo valor dunha palla* (A. Conde, *A casa de Adara*, 1996, CORGA) e *menos có que vale unha palla* (H. Puentes, *O bandido Casanova*, 2000, CORGA). En port. só rexistramos un caso: *leituras que valem menos que palha* (2011, Internet, CPW).

- Outros casos de IR(SE) + *dereit'a* (9: 28–30), (12: 26–27), (47: 22–23), (89: 64–65); (185: 61), (287: 41), (335: 47). Casos con LEVAR + *dereit'a* (49: 64–65), (199: 34–35).
- 452. Ir-lle mal** ‘producirlle no ánimo un efecto negativo, sentirse ou encontrarse mal’: *Depois que ll'a Virgen santa | esto disso, foy-lle mal* (274: 34); *acorred'a vosso trobador, | que mal le vai* (279: R).
- 453. Ir-se deste mundo, Partir-se do/ deste mundo, Passar deste mundo, Sair deste/do mundo** ‘morrer; facer o tránsito deste mundo ao alén’: *en aquel dia | deste mundo m'irei* (419: 72); *Pois do mundo foi partido* (2: 57); *deste mundo | quis Deus que se partisse* (71: 66); *pois [que] deste mundo se partir* (290: 21); *a moller bõa | foi deste mundo passada* (75: 141); *como passou ela | deste mundo* (419: 10); *quando deste mundo sayu* (138: 74); *sairás cras do mundo* (274: 66); *quando do mundo saisse* (335: 103).
- 454. Ir-sse polo mundo** ‘saír da propia terra e marchar a outros lugares sen rumbo fixo nin predeterminado’: *ouveron-sse d'acordar || que sse fossen pelo mundo | conas relicas gãar* (35: 26–27). A UF subsiste en gal. moderno: *eu vou polo mundo pra ver de ganá-lo* (Rosalía de Castro, *Follas Novas*, 1880, TILG).
- 455. Ir(-se) seu camyo** [valor redundante] ‘irse’: *e como non levas [...] a omagen tigo | e vas teu camyo?* (9: 56–57); *eles seu caminno // se foron* (218: 46–47).
- 456. Ja quando** ‘algún día, algunha vez’: *que lle déss'algun poder, || per que ja quando podesse | a sua missa cantar* (206: 37–38); *preguntou-lle se ja quando | traballara* (281: 76). Na lingua actual documentamos *xacando* (19 concorrencias no TILG).
- 457. Ja quanto** ‘alguma coisa, um tanto, um pouco’ (C. Michaëlis, DDGM, s. v. QUANTO): *espantou-se ja quanto* (71: 30); *sejas ja quanto purgada* (75: 116); *ja quanto queixosos* (159: 23); *Esta ygrej'alongada / da vila ja quant'está* (246: 21); *logar ja quanto fragoso* (273: 7); *connoceria | ja quanto do seu poder* (291: 6); *muy bõos, | pero ja quanto ladrões* (374: 13).
- 458. Ja que** [valor próximo a *ja quanto*] ‘algo, algún(ha)’: *un rezar ordinnado || che mostrarei que faças | ca ja que en sabemos* (71: 40–43); *Sse y ficou || ja que pouca de farÿa, | dade-lla que y ouver* (203: 22–23); *Estev' o moç' o vaso | na fêestra lavando, || e deitou-sse de peitos, | e foi ja que pesando || mais de la cinta suso* (241: 44–46); *fõrono preguntar || se era ja que ferido | ou [se] sse ssentia mal* (282: 29). A UF *ja que* é polisémica. Aparece profusamente documentada na lingua afonsina.¹⁵²
- 459. (Jazer) en dereito** ‘ser xusto’: *que eu faça teu rogo, | aquest'en dereito jaz* (53: 52).
- 460. Jazer en torto** ‘persistir nun grave erro, vivir en culpa’: *en salvar punna / os que en torto non jazzen* (341: R);

¹⁵² Na lingua afonsina a frase acompaña partitivos: *Et dellas ya que son de color doro* (Afonso X, *Lapidario*, c. 1250, CORDE) ou indefinidos: *algunos ya que roncan muy derrezio* ‘(alg)úns cantos...’ (*Lapidario*), *otros ya que son cuemo Religiosos* ‘algúns outros’ (Afonso X, *Primera Partida*, 1256-1263, CORDE).

foi dela tan ceoso // como sse fezesse torto, / en que outras muitas jazem (341: 13). Outros casos: (341: 23, 35).

461. Jazer/ser en prazzer ‘querer, apetecer’: *filla-o, se te jaz en prazzer* (15: 46); *dá-m’este meu fillo mēor || vivo, se te jaz en prazzer* (168: 35); *eu o farei, pois vos en prazzer jaz* (105: 26); *fazer quanto ll’en prazzer for* (15: 12). Outros casos de *se vos/te/lle en prazzer for*: (279: 10), 307: R), (327: 33), (401: 48); *e que lle foss’en prazzer* (407: 39). Moitos destes usos son de cortesia.

462. Jurar en/nas mãos de ‘facer un xuramento solemne’: *le jurou en sas mãos | que con ele s’irya* (285: 38). Na Idade Media o xuramento de fidelidade do vasalo para co señor era un acto de forte simbolismo e consistía, entre outras cousas, en que o vasalo depositaba as mans nas mans do seu señor. Documentamos a UF tanto no cast. medieval coma na prosa galega do XV.¹⁵³

463. Leixar en paz ‘deixar tranquila ou tranquilo’: *o mar nona leixou en paz, || ante a vëo con grandes ondas combater* (5: 121–122); *leixemos-ll’aqueste seu logar en paz* (27: 57).

464. Leixar-se correr/ir a (alguen) ‘lanzarse contra alguén, botarse cara a alguén’: *viron ben seis galeas | leixar-ss’a eles correr* (35: 48); *quand’est’ome viron, se leixaron || correr log’a el* (96: 26–27); *a el correr-se leixaron* (233: 13); *mui sannudo a ela leixo-*

ss’ir (5: 64); *o touro leixou-ss’yr de randon || a ele polo ferir* (144: 42–43); *leixou-ss’yr log’a ela* (244: 17). Ocasionalmente, no canto da preposición *a* temos *depos* cando o que se lanza vai no mesmo sentido en que vai o perseguido: *leixou-sse depos ela ir* (317: 41).

465. Levantar-se o mar ‘encrespase ou picarse o mar’: *levantou-s’o mar* (267: 37). A UF chega aos nosos días (varias concorrencias no TILG).

466. Levar a mal (alguen) ‘conducilo á morte, á ruína ou á perdición’: *un cavaleiro poderoso levava a mal outro por un fillo que lle matara* (207: 1). A UF documéntase tamén no cast. medieval.¹⁵⁴

467. Levar Deus o espirito (de alguen), Levar Deus/Santa Maria (consigo a alguen), Levar (Santa Maria) a alma (de alguen) ‘morrer; facer o tránsito deste mundo ao alén’ [pondera unha boa morte para un crente]: *mais Deus verdadeiro || levó-o consigu’* (65: 252–253); *No[n] me leixes mais no mundo | e leva-me ja contigo* (75: 113); *Ja levar quero / a alma desta menguada* (75: 136); *seu espirito ouve Deus levado* (79: 49); *depois lle levou // aos ceos a alma* (296: 37–38); *Des quando Deus sa Madre | aos çeos levou* (419: R); *vëo levar-ll’a alma* (419: 87).

468. Levar o demo (a alguen), Seer levada a alma do demo ‘morrer alguén en pecado mortal, ir ao

¹⁵³ *Iuren en las manos* (Anónimo, *Vidal Mayor*, 1259, CORDE); *Alberte de Vilela, cura da dita ffr[e]igresia, jurou en maos do dito abade* (Álvaro Pérez de Ponteuedra, escriuano de terra de Rianjo e Postomarcos, *Libro de notas de Álvaro Pérez*, 1457, XEL).

¹⁵⁴ *Et engañanse en esto atanto, que los llevan a mal* (Anónimo: *Calila e Dimna*, 1251, CORDE).

inferno’: *o pecado de luxuri’ assi o vencia || que o demo o levará* (137, 12–13); *sa alma agora | será do demo levada* (75, 121).¹⁵⁵

469. Lume dos meus ollos [valor ponderativo] ‘persoa pola que se experimenta o maior dos cariños’: *por amor da Santa Virgen, | que é lume destes meus || ollos* (258: 37–38). Esta UF documentámola case dúas ducias de veces nas cantigas profanas (XEL). Na lingua actual pódese documentar na poesía.¹⁵⁶

470. Luz chãa ‘luz clara, luz do día’: *ate ena manñã || que direi eu, se lle praz, || missa pela luz chãa* (115: 263–265). É esta unha colocación interesante e única, non logramos documentala fóra desta cantiga. Porén, non dubidamos deste valor do adxectivo *chãa*.¹⁵⁷

471. Maa cima ‘mal remate’, [co verbo *dar*] ‘impedir que algo conclúa con éxito’: *dá-lles tu maa cima desto que começaron* (264: 123).¹⁵⁸

472. Maa morte [a UF acha o seu significado por oposición á *boa morte*, a que ten lugar —desde o punto de vista da ortodoxia católica— estando en graza de Deus]

‘morte sen auxilio espiritual, morte violenta’: *non nos leixes perecer || nen de maa morte morrer* (113: 24–25); *per que prendesse || eu morte crua e maa* (175: 75–76); *Os maos feitos, dar-t-ia | porende maa morte* (399: 42).

473. Maas linguas ‘persoas murmuradoras’: *ca ll’aposeran un furto | linguas maas mentireiras* (151: 32). A metonimia volvémosla documentar en gal.-port. do s. XV.¹⁵⁹

474. Mais (bela era) que (non est’) a nev’e a graa [valor ponderativo: pondera o branco e a coloración encarnada]: *hũa donzela, / que de faizon e de coor mais bela / era que non ést’a nev’e a grãa* (69: 47–48). Pondera dúas calidades, seguindo o modelo de beleza feminina medieval e tradicional, ata ben entrado o s. XX: a coloración branca en xeral e encarnada en particular (fazulas e beizos). Un modelo de beleza que fica ben descrito naquel verso antolóxico da cantiga chamada da Ribeiriña ou da Guarvaia da autoría de Pai Soares de Taveirós: *mia sennor branca e vermella* (XEL). A UF *branco coma a neve* recóllea Ferro (2006, p. 198) e nese mesmo

¹⁵⁵ As UF *levado do demo* (‘moi furioso’) e *levárate o demo!* [especie de maldición] perduran na lingua actual pero a semántica variou.

¹⁵⁶ *Ven lume dos meus ollos* (Francisco M^a de la Iglesia, *D’o mar e d’a terra*, 1930, TILG).

¹⁵⁷ Gaffiot (1934, s. v. PLANUS), recolle o valor *claro* e cita a Cicerón, *narrationes planae*. Paralelamente temos o adverbio *chãamente* (192: 139–40) usado con verbos de lingua onde tamén está presente o sema ‘clareza’.

¹⁵⁸ A frase documéntase en cast. medieval: *ouo mala çima* (Anónimo, *Calila e Dimna*, 1251, CORDE), *él le da mala çima* (Juan Ruiz, *Libro de buen amor*; 1330–1343, CORDE). Na prosa profana documéntase a expresión contraria, *boa çima* ou *çima de ben* (CT, ápu^d XEL).

¹⁵⁹ *As maas linguas julgarom mal* (Christine de Pizan, *O Livro das Tres Vertudes. A Insinança das Damas*, 1430–1455, CGPA), *maas linguas maliciosas* (Anónimo, *Tratado de Confissom*, 1489, CGPA). A frase *malas linguas/linguas* goza de vitalidade en gal. actual (máis dun cento de concorrencias nos corpus, TILG e CORGA).

lugar achega sinónimos. Tamén rexistra *colorado coma a grana* (2006, p. 204).¹⁶⁰

475. Mais bela que nulla flor [pondera a fermosura]: *cona Madre do Sennor, || que veemos cabo dele | mais bela ca nulla flor* (121: 45–46). A ponderación co substantivo *flor* admite variantes: *tant'era fremosa, que foi das belas flor* (5: 15); *Fror das frores* (10: R). A comparanza que nos ocupa perdura na lingua actual.¹⁶¹

476. Mais belas que (son) lilios nen rosas [pondera a fermosura]: *mais belas || que son lilios nen rosas* (75: 94–95). A comparanza coa coordinación parece prototípica porque se rexistra varias veces na península no medievo.¹⁶²

477. Mais branco ca lis [pondera o brancor]: *vi o seu corpo | mui mais branco ca lis* (419: 137). Tamén esta

flor (o lirio ou lis) pode simbolizar a pureza. Construcións comparativas semellantes rexistrámolos na prosa medieval.¹⁶³

478. Mais branco que un armño [pondera o brancor]: *se le foi mostrar | mais branco que un armño* (26: 30–31). Este mamífero, o armiño, tamén intervéen en comparanzas para ponderar a limpeza ou a pureza.¹⁶⁴

479. Mais bravo foi que Judas Macabeus ‘pondera a valentía e a bravura’: *enton / mais bravo foi que Judas Macabeus* (22: 22–23). O grao de idiomaticidade desta frase é discutible; porén, hai datos suficientes para falar dunha certa fixación se temos en conta a relativa abundancia de casos en que se toma un Macabeu como modelo de valentía.¹⁶⁵

¹⁶⁰ A voz *graa* aparece tamén en prosa medieval: *hũa capa de féuera tinta engraa* (CT, ápuo XEL) pero en gal. actual non se documenta. *Grana* é un castelanismos. Para ponderar a día de hoxe a cor encarnada hai moitas outras UF.

¹⁶¹ *Garrida coma unha flor* (X. Lorenzo, *Cantigueiro popular da Limia Baixa*, 1973, TILG), *máis bonita que unha frol* (A. Paz, *Da emigración. Notas d'un galego*, 1936, TILG), *bonito coma unha flor* (Ferro, 2006, p. 196) etc.

¹⁶² *Fue mucho más bella que nin lilio nin rosa* (Berceo, *Poema de Santa Oria*, 1252–1257, CORDE). E hai casos paralelos: *alcanzó vestidura tan hermosa como la del lilio é de la rosa* (Fray Hernando de Talavera, *De vestir y de calzar*, 1477–1496, CORDE). Na lingua actual documentamos doadamente esa coordinación: *lirios e brandas rosas* (Pondal, *Queixumes dos pinos*, 1886, TILG), *relocía de rosas e de lirios* (Cabanillas, *Samos*, 1958, TILG), *guirlandas de lilios e de rosas* (Méndez Ferrín, *Bretaña Esmeraldina*, 1987, TILG) etc.

¹⁶³ *Mays brãca foy que a neue nẽ que frol de lilio; tã brãco cõmo hũa frol de lilio* (CT, ápuo XEL). A ponderación da brancura co lirio chega aos nosos días: *Era unha nena branca como un lirio* (Cabanillas, *No desterro*, 1913, TILG).

¹⁶⁴ Ponderando a pureza documentámolo en gal. moderno (TILG). Para ponderar o brancor a lingua actual prefere outros termos (*coma a esperma/la neve/o leite/unha estriga*).

¹⁶⁵ Da fama heroica dese Macabeo dá fe a prosa medieval: *Outrosi de Judas Macabeu, que foy bispo et bõ caualleyro d'armas et bom lidador* (TC. Ápuo XEL). No cast. áureo tamén hai referencias: *Los fuertes Macabeos valerosos* (B. Cairasco, *Obra poética*, 1590–1610, CORDE), *Valeroso capitán fue Judas Macabeo* (A. de Villegas, *Fructus sanctorum*, 1594, CORDE), *Aquel Judas Macabeo, [se toma] por un valiente* (F. Cascales, *Tablas poéticas*, 1617, CORDE). En gal. moderno temos tamén alusións ao valor prototípico do Macabeo: *Mais figuraba pouco doado facer un Macabeu do Doncos comesto pola dona choromiqueira* (Otero Pedrayo, *Os señores da terra*, 1928, TILG), *Necesitamos un home forte, algo así como un Xudah Macabeo* (B. Graña, *Protoevanxeo do neto de Herodes*, 2006, CORGA). En port. actual non faltan casos: *Judas Macabeu, homem corajoso desde moço; comparavam-no a Judas Macabeu pelo valor; Não se deixem desencorajar. Tornem-se um Matatias Macabeu dos dias de hoje* (as 3 concorrencias son tiradas de Internet, CPW).

480. Mais ca cen, Mais ca/decen mil, Mais ca/de cento [pondera a cantidade]: *E os que aquest'oyan | de mais longe ca cen millas* (349: 22); *Que mais de çen mil maneiras as almas pëavan* (85: 47); *Loemos sa mesura [...] mui mais ca cen mil vegadas* (140: 4–7); *Devemos-lle dar mais de cen mil loores* (370: 4); *eran y ajuntadas | de monjas mui mais ca cento* (55: 76); *mui ben feita, de Santa Maria, || que non podian achar ontr'outras mais de cento || tan fermosa* (34: 11–13). A UF documéntase tamén na lírica profana.¹⁶⁶

481. Mais ca (outra) ren, Mais d'al (ren), Mais d'outra cousa (do mundo), Mais d'outra ren, Mais de todas outras cousas, Mais que al (ren), Mais que outra ren (que fosse), Mais que quantas cousas son, Mellor d'outra ren [valor ponderativo: poden modificar un verbo ou un adxectivo] ‘moito, moi’: *un fillo ouve que amava / mais ca ren* (114: 11–12); *mais d'al (ren)*: (5: 17), (16: 28), (131: 17), (135: 50), (144: 14), (186: 11, 15), (192: 23), (197: 15), (261: 1), (380: 20), (390: 25), (404: 26); *mais d'outra cousa (do mundo)* (84: 42–43), (235: 11), (269: 12), (272: 8), (282: 24), (285: 13), (352: 22), (359: 11); *mais fremosa / d'outra ren* (206: 15); AMAR + *mais/mays de todas outras cousas* (67: 14); AMAR/QUERER BEN + *mais que outra ren* (5: 20), (78: 16), (146: 26–28); *mais que outra ren que fosse* (75: 20–21); AMAR + *mais que quantas cousas son* (314: 11); (DES)AMAR + *mais que al (ren)* (132: 102), (165: 8), (265:

22); QUERER + *mellor d'outra ren*: (285: 26); VERBO + *mais d'outra ren* (55: 10), (84: 12, 17), (116: 15), (132: 31), (138: 69), (150: 11), (161: 12), (170: 19), (197: 17), (209: 10), (242: 17). Na lingua actual para expresar este concepto rexistramos unidades fraseolóxicas do tipo: *máis ca (a) nada (no mundo) ou (amar/querer) pola vida*.

482. Mais ca ssi, Mayor ben ca ssi [con verbos que expresan afecto, estimanza ou amor, ten valor ponderativo] ‘moito’: *con aquel que muit'amar || mais ca si sabia* (94: 46–47); *mayor || ben sabia ca ssi querer* (146: 19–20). Outros casos: (205: 39), (207: 11–12), (258: 11), (282: 16), (293: 6), (303: 17–18), (315: 12), (331: 14), (337: 22), (378: 32), (389: 20).

¹⁶⁶ *E mays foron de cento mentiras que m'el disse!* (Pero Mafaldo, 1240, XEL), *e de tall amor amo mays de cento* (Anónimo, 1401, XEL), *morrerō y mays de çento* (TC. Ápud XEL).

- 483. Mais ca tres** [pondera unha certa cantidade de persoas ou cousas]: *Dis[s]e -ll'est'el cond[e], e muis mais ca tres || lle disseron aquesta razon medes* (63: 81–82). Na lingua medieval observamos outras frases onde o número tres, un número sen dúbida ningunha cargado de simbolismo, xoga un papel clave.¹⁶⁷
- 484. Mais coitada que por seu fillo a leõa** [pondera a preocupación e/ou abnegación dunha nai para cos fillos]: *por el [o fillo] foi mas coitada / que por seu fill 'é leõa* (55: 58). A comparanza é proverbial. Documentamos na península abundantemente esta imaxe da leoa coma nai paradigmática, desde a baixa Idade Media ata os nosos días.¹⁶⁸
- 485. Mais (craro) ca o sol, Mais craro que é sol** [pondera o claror ou o resplandor]: *Mais fremosa e crara | que lũa nen sol é* (296: 25); *mais crara | que o sol en ouriente* (174: 30); *a ssa gran fremosura | mais ca o sol esprandece* (288: 34). Tamén na prosa medieval: *ca mays rresplâdeçent era que o sol* (CT. Ápud XEL). A comparanza rexístrase na lingua actual.¹⁶⁹
- 486. Mais doce ca mel** [pondera a dozura]: *e deu-lle tal comuyon / que foi mais doce ca mel* (4: 49–50); *son mais doces ca mel* (278: 10). A comparanza perdura na lingua actual: *máis qu'a mel eres dulce* (Rosalía de Castro, *Cantares gallegos*, 1863, TILG).
- 487. Mais dun palmo** [valor ponderativo] ‘unha lonxitude non pequena’: *ca lle passou as queixadas | mais dun palm'* (157: 23). A UF documentámola tamén na prosa medieval: *a lança lle fezo entrar ños costados mays de hũ palmo* (CT. Ápud XEL). Perdura en gal. moderno (3 concorrencias no TILG).
- 488. Mais fremoso que (o) sol** [pondera a fermosura]: *mais fremosa que o sol/que sol* (85: 24), (262: 7). A comparanza chega aos nosos días (DFCG, p. 626).

¹⁶⁷ *Non perdeu o ome bõo | valor de tres djeiradas* (323: 38); *que comer ja non podia | nen sol troçir tres bocados* (357: 14). Esta preferencia polo número tres tamén se documenta en cast. antigo: *E leía e escribía más que tres escribanos* (L. García de Salazar, *Istoria de las bienandanzas e fortunas*, 1471–1476, CORDE); *E asy se paso aquella noche mas que tres luenga* (Anónimo, *Historia de la linda Melosina*, 1489, CORDE); *Diez ducados que me den me contentan más que tres* (B. Torres Naharro, *Comedia Soldadesca*, 1517, CORDE); *Tente en tus pies, y comerás más que tres* (H. Núñez, *Refranes o proverbios en romance*, 1549, CORDE); *Que éste por panfarrón medre más que tres* (J. Rodríguez Florián, *Comedia llamada Florinea*, 1554, CORDE); *son para más que tres* (L. Milán, *El cortesano*, 1561, CORDE); *beuía mucho más que tres yndios juntos* (Pizarro, *Relación del descubrimiento y conquista de los reinos del Perú*, 1571, CORDE); *Hércules fué para más que tres* (J. de Pineda, *Diálogos familiares de la agricultura cristiana*, 1589, CORDE) etc. Na lingua actual nalgunhas destas frases o número *un* ocupa o lugar do *tres*: así, en lugar de *mais de tres* diríamos *máis de un* (cantiga nº 63), *un céntimo/pataco* en lugar de *tres...* (nº 323), e *nin un bocado* en lugar de *tres* (nº 357). Noutros casos, usamos a frase (*comer/valer...*) *por tres*.

¹⁶⁸ *La tu madre era leona entre los leones* (Anónimo, *Biblia romanceada*, 1400, CORDE); *como leona que los perros le an matado sus hijos* (Anónimo, *Polindo*, 1526, CORDE etc. Sete casos máis de comparanzas nos s. XVI e XVII no CORDE en cast.); *Yo la vi como una leona a quien han robado sus hijos* (Galdós, *Gloria*, 1876–7, CORDE) etc. En gal. moderno tamén se rexistra a frase: *como leona que defende ás crías* (A. Rodríguez Baixeras, *O rei dos ameneiros*, 1987, CORGA). En port. actual documentamos 37 concorrencias da comparanza *como una leoa* con este valor (Internet, CPW).

¹⁶⁹ *Tan craro como o Sol* (Anónimo, *Tertulia en la Quintana*, 1820, TILG); *máis crara de que [sic] o sol* (R. Otero Pedrayo, *O señorito da Reboraina*, 1960, TILG); *crara coma o sol* (X. M. Díaz Castro, *Nimbos*, 1961, TILG) etc.

- 489. Mais frio ca neve** [pondera a friaxe]: *tornou mais frio ca neve* (336: 59).
- 490. Mais gente que en feira** [pondera a afluencia de xente]: *Enton vëo y mais gente | que non ven a hũa feira* (43: 73); *E mais gente que en feira / [...]* *Foi log'ali ajuntada* (262: 43–45). Na lingua actual a *feira* pondera o barullo, o ruído máis ca a cantidade de xente.¹⁷⁰
- 491. Mais groso ca de bren** [pondera a gordura]: *un cervo no monte, / mui mais gros[s]o ca de bren* (276: 13). Unha comparanza paralela témola referida a un cabalo: *semellava cabalo / que comera muito bren* (244: 33). O *bren* é o farelo, polo tanto a UF pondera a gordura dun animal ben cebado.¹⁷¹
- 492. Mais mëos que can** [ponderación negativa: pondera o maltrato ou a nula consideración]: *mas mëos que can | o ten* (17: 62–63). A fraseoloxía co *can* é abundante na lingua medieval e tamén na lingua actual (no DFGC hai 75 entradas con esa palabra-clave). Vid. **Peor que a un can**.
- 493. Mais mole... ca (nen) manteiga** [pondera a brandura]: *Mais mol'a* *cabeça ten || ca non é pera fole || nen manteiga* (276: 41–43). É unha comparanza prototípica que chega aos nosos días. Rexístrase tamén na lírica profana afonsina: *chus mol[e] é que manteiga* (1240, XEL).
- 494. Mais morto que vivo** [pondera un estado físico ou mental extremo, de sumo esgotamento, embarazo ou desesperanza]: *era chëa de pecados | e mui mais morta ca viva* (45: 23); *Quiser'enton seer mais morto ca vivo* (65: 76); *assi jazendo, || que era mais morta ca viva* (89: 22–23) *E metërona mais morta ca viva / na eigreja* (105: 88–89); *con pouco pan e muito mao, | e mui mais morta ca viva* (325: 16). A UF chegou ata os nosos días.
- 495. Mais negro que hũa mora** [pondera o negror]: *un poço fondo e negro mais que hũa mora* (119: 37); *muit'espantosos e feos, | e negros mui más ca mora* (75: 154), *mais negro ca mora* (346: 13). A comparanza perdura en gal. moderno.¹⁷²
- 496. Mais negro que un carvon/que os carvões** [pondera o negror, físico ou psíquico]: *A dona tornou por esto / mais negra que un carvon* (84: 44); *negros mui mais que carvões* (85: 45);

¹⁷⁰ Algún caso hai en que o sema básico é o de multitude: *A xente acudiu, a praza volveuse unha feira* (Semanario *O tío Marcos da Portela*, 1884, TILG); *Había unha chea de xente como si fora feira* (J. Ibáñez, *Viaxe perdido*, 1949, TILG); *parecía unha feira* (4 concorrencias no TILG con ese valor).

¹⁷¹ A voz *bren* ‘salvado’ recóllea Francisco Porto Rey (*Diccionario gallego-castellano*, DdD); en cast. rexístraa o DLE e indica que é un posible celtismo, talvez da familia de *broa* (en inglés actual a verba *bran*, pronunciada con a palatal, significa ‘salvado’). A comparanza non chegou aos nosos días; nin sequera a voz *bren* é doada de documentar en gal. moderno, agás —con moitas dúbidas sobre o significado porque a voz pertence á xerga dos canteiros— na obra de Anxo Angueira (*Pensa nao*, 1999, TILG). En gal. moderno non faltan alusións aos animais ben cebados (*porco da ceba* é prototípico) e incluso se documentan comparanzas para ponderar a gordura (*¡ Unha pita gorda coma unha cocha da ceba...!*: Xavier Lama, *Primeiro Concurso de Obras Teatrais Inéditas “Camiño de Santiago”*, 1994, CORGA; *parece un porco cebado*: Gustavo Pernas, *Final de película*, 2006, CORGA).

¹⁷² *Moreno como unha mora, morena coma unha mora* (4 concorrencias nos cantigueiros populares galegos, TILG).

mais ca pez || tornou negra nen que carvon (146: 78–79); *o rosto negro / muito mais que os carvões* (199: 30).

497. Mais que o avarento requizas [pondera o moito que alguén ama algo]: *mais ama limpidõe / que avarento requizas* (312: 7). Integramos esta comparanza con reservas.¹⁷³

498. Mais toste ca vos dizemos ‘en moi pouco tempo, rapidamente’: *mas o frade mui felon // tolleu-lla outra vegada / mais toste ca vos dizemos* (8: 29–30); *foi sãa [...] mais toste ca vos dizemos* (268: 53). En gal. actual diríamos: *en menos que se tarda en contalo/dicilo, en menos tempo do que leva (rezar) un credo*.

499. Mais verde... que dun canbrai [pondera o verdor]: *mais verde a miña coor // que dun canbrai* (279: 21–22). No s. XIII os coñecidos panos ou tecidos de la de Cambrai (Francia) eran verdes; posteriormente o topónimo francés pasará a designar por antonomasia lenzos finos de cor branca.¹⁷⁴

500. Mal nen ben [negación enfática] ‘de ningunha das maneiras posibles,

nin pouco nin moito, nada’: *nunca per ren | outra sabia | dizer mal nen ben* (32: 13–15); *nen catou y mal nen ben* (115: 99). Hai unha ducia de documentacións desta UF no corpus medieval profano (XEL). Na lingua actual rexistramos seis concorrencias no TILG.

501. Mal parado ‘maltreito, calamitoso’: *quando o atan mal parado vyu* (5: 50); *ando nuu e mui mal parado* (65: 198); *dü’anfermedade | foi atan mal parado* (218: 12); *as cousas mui mal paradas* (376: 6). *Mal parado* perdura na lingua actual.¹⁷⁵

502. Mal pecado [expresa conmisericación] ‘por desgraza’: *e non ei, mal pecado, ja | temp’* (237: 66); *fórono enton prender // e, mao peccad’, avian / de o espreitar sabor* (245: 32–33); *o dem’infernal || leva ja de ti a alma; | e, mal peccad’, assi é* (311: 38). A fórmula de conmisericación¹⁷⁶ chega aos nosos días (documentamos unha ducia de casos no TILG).

503. Mal recado ‘imprudencia, falta de xuízo’, [rexido pola preposición *de* a UF cobra valor adxectivo]

¹⁷³ É difícil precisar se estamos diante dun símil estereotipado ou dunha UF con fixación idiomática plena. En calquera caso e ante a dúbida, optamos por incluíla con prevención. Non faltan casos paralelos nas linguas peninsulares e no español de América: *con tanto afán como el avaro sus riquezas* (V. Auber, *Ambarina: Historia doméstica cubana*, 1858, CORDE); *lo desea como el avaro las riquezas* (Sor Ángela de la Cruz, *Papeles de conciencia. Diario espiritual, 1874-1878*, CORDE); *¿quieres como un avaro quiere su oro (...)?* (J. M. Escrivá, *Camino*, 1939-1957, CORDE); *no quieres al Señor como el avaro sus riquezas* (J. M. Escrivá, *Surco*, 1986, CREA); *lo atesoraba [el poder] como un avaro sus monedas* (E. Mendoza, *La ciudad de los prodigios*, 1986, CREA); *atorosar mi deseo como un avaro* (A. Grandes, *El corazón helado*, 2007, CORPES); *acariñandoa coa mesma aquela que o avarento aloumiña os seus tesouros* (Cabanillas, O Mariscal, 1926, TILG); *deidá reverenciada, coma un avaro adoura a súa riqueza* (F. Dato, *Follatos*, 1891, TILG).

¹⁷⁴ *Vocabulario del comercio medieval*. Universidade de Murcia: <https://www.um.es/lexico-comercio-medieval/index.php/v/lexico/10805>.

¹⁷⁵ O uso máis frecuente é *sair mal parado* (figura no DRAG), mais tamén se documenta *quedar mal parado* ou *ver mal parado* (un asunto, preito etc).

¹⁷⁶ Das posibilidades trazadas por Corpas (1998, p. 51) para clasificar as fórmulas, *fórmula emocional* e *fórmula de disculpa* son as que máis se aproximan á conmisericación.

‘imprudente, falto de xuízo’: *monge que trager || con mal recado || a ssa fazenda sabia* (11: 12–14); *gentes de mal recado* (99: R); *aquest’é de mal recado* (311: R).

504. Mal seu grado ‘Contra o desexo ou a vontade da persoa que se indica’: *partíronos mal seu grado* (135: 38). A UF é sinónima de *sen (o) meu grado* que se documenta na lírica profana medieval. A UF subsiste na lingua actual.¹⁷⁷

505. Mal tempo ‘tempo metereolóxico adverso’: *u quiseron sayr || da vila, começou logo | mal tempo* (311: 22–23). Vid. **Tempo forte**.

506. Mal trager ‘atormentar, maltraer’: *con yrados; | ollos a catou, e começou-a mal a trager* (38: 44–45); *foi-ll’aparecer || Santa Maria e mui mal trager* (58: 45–46); *non devemos provar || de as trager mal* (162: 9–10); *trouxe-os mui mal porque eran encreus* (426: 13). En ocasións o valor aproxímase moito a ‘tomar a mal’ ou talvez ‘desdeñar’, é o caso do escudeiro que xulga mal que o seu señor vaia á misa antes da decisiva batalla: *Mais un seu escudeiro o troxe mal* (63: 52).

507. Mellor pobreza con omildade ca riqueza mal gãada [frase proverbial: pondera un ideal cristián,

de pobreza humilde mais honesta]: *Santa Maria fez veer ao clerigo que era mellor pobreza con omildade ca riqueza mal gãada* (75: 1–2). En gal. moderno documéntanse proverbios con semántica semellante: *Antes a probeza honrada que a riqueza roubada, Máis vale pobre honrado que rico malvado* etc. (Vázquez Saco, 2003, p. 727).

508. (Mendigar/Pedir) pelas portas/por portas ‘(estar) en situación de extrema pobreza’: *tolleit’e sen sen || viveu gran temp’e per portas pidia* (317: 67–68); *non quisesses [...] que con pobreza mui grande | pelas portas mendigas[s]e* (369: 64–67). Documentamos unha variante co verbo *andar* na lírica profana e mais en cast. medieval; a UF chega ao gal. moderno.¹⁷⁸

509. Meter a dano ‘prexudicar’: *demo chèo de mal, || cuidasch’a meter a dano | a mia serventa leal* (216: 45–46). Documentase a UF na lírica profana.¹⁷⁹

510. Meter (algo) no corazón de (alguen), Meter-lle en corazón (que) ‘facerlle pensar algo; convencer (unha persoa a outra de algo)’: *o demo no seu corazón || metera y tan grand’erigia* (15: 19–20); *en corazón || lle meteu que sse saysse* (274: 11–12).

¹⁷⁷ É posible documental nos corpus (TILG e CORGA), tal como aparece na lingua medieval ou con lixeiras variantes: *a mal de seu grado* (2 concorrencias), *a mal meu/seu grado* (3), *mal de seu grado* (2 concorrencia), *mal seu grado* (2).

¹⁷⁸ *Andaredes, por esta razon, | per portas alhenas mui gram sazón, | por que fostes querer ben tal senhor | per que sodes tornad’en pan pedir* (Pedr’Amigo de Sevilha, 1240, XEL); *o si dexare sus fijos andar por puertas pudiendo los acorrer* (Anónimo, *Fuero de Viguera y Val de Funes*, c. 1250, CORDE). En gal. actual persiste (*deixar/quedar por portas* ou *polas portas do mundo* co mesmo significado, ‘extrema necesidade’ (DFGC, p. 552).

¹⁷⁹ *Me quer meter a dano* (Estevan da Guarda, 1300, XEL); tamén rexistramos *ir/vir a dano* ‘ser ou resultar prexudicado’ (*veu a dano*, Estevan da Guarda; *foss’a dano*, Conde de Barcelos, 1300, XEL).

- 511. Meter as mãos** ‘participar en algo activamente, traballar coas mans’: *vêeron a aquel logo [...] os ūus dando dēiros, / outros metendo y as mãos* (309: 66–67). Hai usos paralelos na lingua actual.¹⁸⁰
- 512. Meter baralla entre (dúas ou máis persoas)** ‘sementar discordia’: *por non meter ontr’eles baralla, / a seu marido a foi comendar* (105: 71,2). En textos medievais peninsulares rexístranse variantes con outros verbos.¹⁸¹
- 513. Meter en dulta** ‘facer dubidar’: *que o metia en dulta* (365: 18).¹⁸²
- 514. Meter en escrito** ‘escribir nun pergameo, papel ou libro’: *Esto mandou en escrito meter* (261: 84); *contou o que vira [...] e o abade tan taste | o fez meter en escrito* (384: 60–61). Na lingua actual usamos a UF *poñer por escrito*.
- 515. Meter en paz** ‘facer que cese unha discusión ou unha pelexa, pacificar’: *o mundo met’en paz* (170: 17). Na lingua actual podemos dicir *poñer en paz* ou *poñer paz entre*.
- 516. Meter mentes (como/en/y)** ‘fixarse (en algo), pensar’: *No que o moço cantava | o judeu meteu mentes* (6: 42); *mentes meteu || com’era viv’* (13: 21–22); *meteo || mentes enas suas feiturás* (206: 15–16); *meted’y mentes | e queredo-o oyr* (249: 9). Outros casos: (18: 54–55), (45: 23), (67: 51), (156: 50–51), (165: 22), (211: 41), (306: 38), (366: 46), (392: 16). Esta UF non chegou aos nosos días. Vid. **Parar mentes**.
- 517. Meter o sen/siso (en), Meter seu coraçon,** ‘poñer moito empeño, entregarse’: *metera seu siso / en a loar noyt’e dia* (2: 14–15); *ena servir metia | seu coraçon e seu sen* (207: 9). Vid. **Põer/Seer a vontade en (alguen)**.
- 518. Meter pe** ‘poñer os pés (nun lugar), ir alí’: *El ouv’espanto do rio, | non ousou y meter pe* (245: 90). Aínda que aquí pode haber dúbidas sobre o valor fraseolóxico da unidade, noutros casos ese valor aparece máis claro: *Ante lle diserõ que fose sua carreya, ca nõ meteria ala pe* (HT. Ápud XEL).

¹⁸⁰ En gal. moderno a frase pode ter valores próximos: *Deose un caso aquí unha vez qu’eo inda nun quería meter as maos*: o valor é ‘participar’ pero as implicacións adoitan ser negativas: o suxeito non quere verse involucrado no asunto (J. A. Fernández, *El habla de Vegadeo*, 1997, TILG); *Dixo que estaba farta de meter as maos na merda*: uso fraseolóxico, o suxeito coidaba anciáns (B. Iglesias, *A historia escribese de noite*, 2001, CORGA). Tamén se documenta un uso fraseolóxico de connotacións eróticas: *aproveitara para meterlle as mans a Tere* (A. Rei Ballesteros, *Non sei cando nos veremos*, 2005, TILG).

¹⁸¹ *Cometya muitas vezes baralha cõ todas sas vizinhas* (Duarte I de Portugal, *Vidas de Santos de um Manuscrito Alcobacense*, 1301-1400, CGPA): aquí máis ben o significado é de ‘discutir’ pero tampouco cadra mal a acepción ‘promover discordia’: *buscauan manera de mouer baralla & rumor contra Metello* (J. Fernández de Heredia, *Traducción de Vidas paralelas de Plutarco*, 1379-1384, CORDE).

¹⁸² Porén, en textos medievais en gal.-port. a forma fraseolóxica predominante é co verbo *vir* (198 concorrencias para a frase *non bena/benna/beña/ vééffe/vena/venna/veña/viir en dulta, uena/veena em dulta* CGPA).

- 519. Meter punna** ‘poñer empeño’: *ssa punna y meteu* (156: 42). O substantivo *punna* rexístrase na prosa medieval gal. e mais no cast. da corte afonsina.¹⁸³
- 520. Meter seu poder (en)** ‘esforzarse todo o posible (por)’: *poder* || *seu meteu en acaba-la* (274: 6–7). Integra esta UF J. J. Nunes no seu glosario das Cantigas de Amigo (DDGM, s. v. PODER).
- 521. Meter so a grade** ‘subxugar’: *a ssa virgüidade* | *legou forte no vencello* || *o demo que nos quisera* | *todos meter so sa grade* (253: 8–9); *guarda-me polo prazer teu* | *do dem’e de sa grade*, || *so que el muitos meter vai* (237: 61–62). Na lingua actual a grade forma parte de varios refráns e UF.¹⁸⁴
- 522. Meter (ssa) femença, Meter/Parar y femença** ‘poñer moito empeño (en facer ou averiguar algo), prestar moita atención’: *Ouveron*; *e meteron ben femença* | *com’as vozes dizian* (96: 36–37); *METER ta/sa femença*: (119: 65), (137: 36–37); *METER y femença*: (305:), (344: 9); *mui gran rason*, | *a quen parar y femença*, || *en aver tal don* (225: 5–6).
- 523. (Meter/Põer) en carreira.** Vid. **Dar carreira(s).**
- 524. Meter-lle (a alguen unha persoa) en poder** ‘poñer esa persoa baixo o coidado ou a protección (de alguén)’: *semella-me sen mal*; / *e poren tenno que seja contra nos leal*, / *e metamoslle des oi mais o moço’en poder* (5: 85–87).
- 525. Meter-lle na voontade (que)** ‘convencelo para que faga algo’: *que ela na voontade* | *al Rey meta*, *se lle praz*, || *que dé* (382: 47–48); *meteu* || *al Rey est’en voontade* (382: 67–68).
- 526. Meter-sse ao/en/no camiño** ‘emprender unha viaxe’: *meteu-ss’ao camiño* (26: 27); *Onde foi hũa vegada* | *que sse meteu en camiño* || *pora veer o sepulcro* (288:); *no camynno se meter* // *foron* (171: 53–54). Outros casos: (97: 30), (147: 42), (189: 26). Na lingua actual dicimos *poñerse en camiño*.
- 527. Meter-sse na carreya/na via** ‘emprender unha viaxe’: *A moller outro dia* / *meteu-sse na carreya* (368: 35); *cedo* / *meteu-sse na via* (195: 185–186).
- 528. Mezcrar (unha persoa) con (alguen)** ‘facer por encirrar o ánimo de alguén contra esa persoa, sementar a discordia no ánimo de alguén en contra desa persoa’: *E sobr’esto tanto con el conde falaron*, / *que aquel bon home mui mal con el mezcraron* (78: 25–26); *atant’andou revolvendo*, | *que o foi con el mezcrar* (177: 13); *quem mezcrar* || *e buscar* || *mal con Deus queria* [...] *A nos* (380: 26–30). Vid. **Volver (unha persoa) con (outra persoa).**

¹⁸³ *Metian toda sua puña en afortelezar sua uila* (CT. Ápud XEL) etc. *Cojades vuestros panes cada que quisierdes e non vos fagan y otra punna ni otro agraviamiento nenguno* (Anónimo, *Normas de pago de impuestos [Documentos de Alfonso X dirigidos a Castilla la Nueva]*, 1264, CORDE), onde máis que significar ‘esforzo’ (Mettmann: DDGM, s. v. PUNNA), significa ‘imposición, forza’.

¹⁸⁴ *A grade que leva todos os torrós non é a millor* (Vázquez Saco 2003: 52), *N’o tempo d’a grade, o dono a trague* (M. Valladares, DdD); *andar coma a grade* ‘andar arrastrado ou padecendo’ (DFGC, p. 347), *caer na grade* ‘ficar enredado ou entrampado’ (A. Noriega, *Como falan os brañegos*, 1928, TILG), *mala grade vos calque!* (J. A. Ventín, *Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral*, 1935, TILG) etc.

- 529. Mil vegadas/vezes** ‘innumerables veces, moitas veces’: *Deus por ti quer perdõar / mil vegadas* (80, 25–26); *e mil vezes eno dia* (318: 47); *mil vezes lo beijava* (331: 16); *querria eu mil vegadas* (345: 79).¹⁸⁵
- 530. Morrer por (alguen)** ‘amar e/ou desexar moito alguén’: *cuidou a morrer por ela* (16: 13). UF propia da linguaxe amorosa da lírica profana gal.-port., en cuxo corpus se documentan por dúcias as concorrencias.¹⁸⁶ Forma enfática para ponderar a forza do amor.
- 531. (Mudar) como muda penas a andorÿa** [pondera un gran cambio]: *semellava que todo mudara || como muda penas a andorÿa* (54: 62–63). Integramos esta comparanza con dúbidas porque non logramos documentalala fóra desta cantiga. Sabemos que, efectivamente, antes de emigrar a anduriña pode mudar toda ou parte da súa plumaxe. Sendo como é unha ave moi vinculada ao home, sería lóxico que entrase a formar parte da fraseoloxía, ao igual que formaba parte das denominacións toponímicas medievais (*outarium de Pennis de Andorinis*, *monte das Andoryñas*, *vaçello das Andorinas* [XEL] etc.). Con todo, a súa fixación idiomática é dubidosa.
- 532. Mudar-sse o corazón (de determinada idea ou actitude)** ‘cambiar de opinión, de idea ou de actitude’: *e ouve des i da Virgen tan grandes amores, || que cuido que o corazón nunca ende mude* (257: 27–28); *A esperanza | que ás en mi é perduda || se daquesto que tu fazes | teu corazón non se muda* (336: 42–43).
- 533. (Mui) gran gente** ‘moita xente, unha infinidade (de determinadas persoas)’: *en hũa nave | con outra gran gente || entrou* (9: 120–121); *soya || aver gran gente de mouros* (277: 7–8). Outros casos: (96: 62), (131: 76), (132:90), (169: 54), (193: 8, 11), (211: 13), (235: 67), (266: 22), (302: 10), (325: 66), (329: 12), (351: 10), (364: 11), (386: 46).
- 534. (Mui) gran mannãa** ‘pola mañá, pasadas xa as primeiras horas do día’: *mui gran mannãa jantando* (119: 14); *Outro dia gran mannãa* (285: 60).¹⁸⁷
- 535. (Mui/un) gran tempo** ‘moito tempo’: *viveu mui gran tempo* (67: 62); *Aquesto fez un gran tempo* (121: 15); *jajũou gran tempo* (124: 16). Outros casos: (163: 16), (169: 33), (201: 15), (218: 15), (322: 30).

¹⁸⁵ O arcaísmo *vegada*, aínda que non é admitido pola norma académica, perdura nos escritores do XIX e do XX. En concreto, a UF *mil vegadas* documéntase en autores recoñecidos como Dieste e Méndez Ferrín (TILG).

¹⁸⁶ *Avia a morrer por vós* (Gil Perez Conde, 1240, XEL); *morrer por mi* (Johan Soarez Coelho, 1240, XEL) etc.

¹⁸⁷ Rexístrase tamén en cast.: *de muy gran mañana* (Anónimo, *Polindo*, 1526, CORDE).

536. Mur con mur [valor ponderativo de igualdade]: *nunca mur con mur || se mais semellaron* (265: 72–73). Se ben non podemos asegurar a frecuencia, a idiomaticidade desta frase, o certo é que a frecuencia desta construción, *N + preposición + N* (sendo *N=N*, é dicir, sendo exactamente o mesmo nome) en fraseoloxía é moi alta.¹⁸⁸

537. Nemigalla/Nimigalla ‘nada de nada’: *Por aquesto non deu nemigalla* (65: 25). Outros casos: (75: 23), (95: 74), (117: 27), (132: 14), (178: 19, 34), (221: 45), (237: 89), (253: 33), (269: 13), (300: 36), (334: 31), (348: 36), (365: 23), (369: 54), (376: 35). A expresión ten valor enfático. Soldáronse dúas palabras: a conxunción e mais o substantivo.¹⁸⁹

538. Nen bocado 1. [modificando o verbo *comer*] ‘absolutamente nada’: *ante que huviase comer nen bocado* (65: 138); *nunca carne comia nen pan nen bocado* (95: 21). A UF chega aos nosos días.

2. [modificando o verbo *comer* e sinónimos pondera a inapetencia]: *namorado // ficou dela en tal quisa / que sol comer nen bocado // non podia* (312: 36–38).

539. (Nen) pees nen mãos, Pees e mãos [referido ao corpo humano; pode cobrar un valor hiperbólico, enfático] ‘de arriba abaixo, completamente, todo’; [na modalidade negativa] ‘ningunha parte do corpo’: *daquel fogo sãos, || que lles non noziu ren || en pes nen en mãos* (134: 43–44); *E log ’ouveron sãos || ollos, pees e mãos* (57: 111–112)¹⁹⁰; *de pees e mãos | de todo foi contreito* (218: 16); *beijarei pees e mãos* (295: 49).

540. Nen se fosse de ferro [a estrutura ten valor concesivo, pondera a resistencia ou dureza]: *tantos son os bées de Santa Maria, || que lingua dizer todos nonos poderia, || nen se fosse de ferro* (110: 9–11). Documentábase tamén noutros textos afonsinos e mais na lingua actual.¹⁹¹

¹⁸⁸ As estruturas *N + con + N* na fraseoloxía e paremioloxía son moi escasas pero haber hainas: *Amor con amor se paga; Bico con bico o primeiro ano de boda; o segundo, cu con cu, e o terceiro ¿Qué trougueches tu?; Mal con mal, mátase o mal; ombro con ombro; ten con ten; Pan con pan comida de bobos; Xente con xente*. A semántica non coincide exactamente coa da frase medieval pero teñen en común nunha alta porcentaxe de casos o sema de [+ unión], [+ concatenación] ou [+ proximidade física]: para comparar un mur con outro mur hai que velos preto ou xuntos. Como se deduce do dito, non puidemos documentar esta comparanza fóra desta cantiga e, porén, é altamente verosímil, dada –repetimos– a súa poderosa expresividade, que si fose de uso común na época afonsina. As comparanzas actuais para ponderar a semellanza fanse coas gotas de auga ou cos ovos. A única estrutura paralela na que intervéñ a preposición *con* procede do español de México: *Sin duda son una gota con otra gota* (expresa igualdade), en: <https://www.facebook.com/p/Ahuazotepec-un-Pueblo-con-Historia-100064614441684>.

¹⁸⁹ Esta grafía é a predominante no corpus XEL, mais é posible documentar —sempre no XEL— as variantes fraseolóxicas: *ne migala, ne migalla, nen migalla, ni migala, ni migalla, nin migala, nin migalla*.

¹⁹⁰ Os ladróns, antes de seren milagrosamente curados, estaban cegos, mudos e contreitos de todos os seus membros; quer dicir que coa frase *pees e mãos* se sintetiza a curación completa.

¹⁹¹ *Trabalho avemos levado; ca, ainda que fossemos de ferro, bem dev[er]jamos seer canssados* (Afonso X, *Crónica Geral de Espanha de 1344*, 1344, CGPA). Na lingua actual, se ben non é imposible achar estruturas concesivas semellantes (¡*O que che ten aturado! anque che fora de ferro*: D. Blanco (ed.), *A poesía popular en Galicia 1745-1885*, 1869, TILG), a UF máis frecuente é (*non*) *ser de ferro*. Así, por exemplo, no seguinte refrán: *Pra comer e beber nadia se faga amarelo e traballe con cuidado, que o corpo non é de ferro* (Vázquez Saco 2003: 818).

- 541. Nen si nen si** [negación enfática] ‘de ningunha maneira’: *d’outra guisa non querría / ser Deus ome, nen si nen si* (283: 10–11). Mettmann (DDGM, s. v. SI) dá como significado ‘así’. Rodrigues Lapa (DDGM, s. v. SI) propón ‘ningunha cousa’, acepción máis acertada, ao noso entender, para o contexto por el citado: *verdad’ é que dar / non lhi pod’ en esta nen si nen si* (cantiga profana de Gil Conde).
- 542. Nen sol** ‘nin (tan) sequera’: *Assi guardou a Reña do Ceo || a ssa omagen, que nen sol o veo || tangeu o fogo* (39: 20–22); *non leixou do fogo, nen sol un sinal* (91: 60). Outros casos: (121: 51), (151: 23), (155: 40), (182: 27–30), (198: 19), (204: 15), (226: 44), (306: 38), (308: 31), (323: 43), (342: 7), (352: 20), (357: 14), (364: 29). Hoxe en día tamén podemos dicir *nin tan só*.
- 543. No tempo d’ante** ‘en tempos pasados, noutro tempo, en tempos (de antano)’: *Desto no tempo d’ante || achamos que fezera || a do mui bon talante || gran maravilla fera* (115: 20–23).¹⁹²
- 544. Noit’e dia** ‘continuamente, todo o tempo’: *metera seu siso / en a loar noyt’e dia* (2: 14–15); *fez obras noit’e dia || senpr’a meu prazer* (11: 50). Outros casos: (20: 8–9), (47: 7), (57: 4–7), (59: 28), (61: 8), (110: 11), (112: 6–7), (115: 51), (137: 20), (139: 9), (222: 52), (235: 12), (264: 59), (270: 4), (333: R), (350: 6), (383: 9), (421: 11). A UF documéntase no TILG dende o s. XVII ata o XXI.
- 545. Noites e dias** ‘(durante) moito tempo, ao longo de moito tempo’: *sempre, noites e dias* (71: 15); *e que me noytes e dias || mui de grado saudavas* (132: 103). Documentámola tamén no cast. do XIV. Chega aos nosos días.¹⁹³
- 546. Non achar/aver par, Non aver parella (en)** [valor ponderativo] ‘ser único, incomparable’: *par nunca ll’achará* (160: 5); *porque lle nunca ja achassen par* (180: 8), *non ll’achavan seu par* (232: 17); *Virgen que non á/ouve/ouvo par* (8: 14), (18: 23), (28: 9), (46: 28), (56: 20), (87: 7), (92: 16), (109: 11), (160: 3), (261: 8), (268: 8), (290: 5), (293: 22), (306: 20); *ao joyzo vaamos | da que non á par* (26: 85–86). Outros casos: (49: 11), (188: 40), (308: 10), (353: 5), (359: 3), (404: 18), (405: 54). Con *parella* só documentamos un par de casos: *a que non á parella* (368: 50), *parella || nunca ouv’en fremosfera* (384: 22–23). Vid. **Sen par**.
- 547. (Non aver) osso são** [valor ponderativo] ‘(estar) moi ferido ou maltreito fisicamente’: *non á osso são* (276: 36). No corpus do cast. antigo, no que nós sabemos, a primeira documentación é do XV: *non he carne nin nervio nin hueso sano* (Pedro de Corral, *Crónica del rey don Rodrigo, postrimero rey de los godos*,

¹⁹² En gal. moderno só se documenta *tempos de antes*. Coa variante *ante* só rexistramos un caso en brasileiro (nun rexistro coloquial e nunha variante local): *Os mais velho tem o dito que no tempo d’ante é que era pió* (<http://coisadecaicara.blogspot.com/2012/04/dona-martinha-parreira.html>).

¹⁹³ *Noches e dias en ál non comedi* (López de Ayala, *Rimado de Palacio*, c 1378-1406, CORDE). Esta UF chegou aos nosos días: *esta serpente qu’enrosca o peito meu noites e días* (Francisco M^a de la Iglesia, *A fonte do xuramento*, 1882, TILG) etc.

1430, CORDE). A UF, con distintos verbos (*deixar*; *quedar*, *ter*), chega aos nosos días (*óso san(o)*, unha ducia de concorrencias no TILG).

548. Non aver redêa têuda [resalta un movemento sen pausa posible] ‘non parar’: *fogindo non avia | niun redêa têuda* (181: 38). Documentase tamén na prosa medieval, en cast. e mais en gal.¹⁹⁴

549. Non cheirar o balssamo atan ben come (+ 1º TERMO DA COMPARANZA) [pondera o bo cheiro de algo]: *a omagen quant’en si mui bõo cheiro dava, || que specias d’Ultramar, balssamo nen onguento, || non cheiravan atan ben com’esta* (34: 26–28). Volvemos atopar o bálsamo nunha construción comparativa semellante na prosa medieval: *Sabede que êno mudo nõ ha jnçenso nõ frol nõ balsamo nõ outra cousa que tã bõo olor aja cõmo esta pẽna* (HT. Ápud XEL). Aínda que o grao de idiomatismo da UF se nos presenta coma discutible, si é certo que durante centos de anos

o bálsamo foi valorado na península polo seu bo olor.¹⁹⁵

550. Non dar lezer ‘non dar tregua nin respiro’: *e poys no rio affogados / foron, ca o demo non lles lezer / deu, que todos escarmentados / fossen* (38: 84–87). Mettmann (DDGM, s. v. LEZER) interpreta ‘non deixar en paz’ mais pódese puntualizar:¹⁹⁶ nós entendemos que os malvados son perseguidos sen descanso, sen tregua, polos demos; estes non cesan ata matalos a todos. Idéntico valor apreciamos nestoutro exemplo: *e non lle davan lezer [á Virxe] / [...]* *De pedir-llas* [as demandas] (361: 23–25). Incluso no exemplo da cantiga nº 94 (*un cavaleiro, / que lle non dava lezer, / tra en que a foi fazer / que sayu do mõeiteiro* [vv. 31–34]), non lle cadra mal o concepto ‘dar tregua’, en canto que o cabaleiro asedia a muller como se fai nunha conquista e aí acha lugar de seu a acepción militar da *tregua*.

¹⁹⁴ *Dexáronse correr derrendón ala hueste, que non ovo y rienda tenida*: (Anónimo, *Cuento muy fermoso de Otas de Roma*, 1300-1325, CORDE); *seede certos que nõ avera [rredea] deteuda fasta que con vosco topẽ* (HT. Ápud XEL). A frase deriva da colocación *ter a redêa* (*ao caballo*) ‘suxeitar o caballo, mantelo ou manterse parado’: *Mio Cid fincó ant’ellas, tovo la rienda al cavallo* (Anónimo, *Poema de Mio Cid*, 1140, CORDE); *Ector nõ quiso leyxar o caualo que tyña [per] la rredea* (HT. Ápud XEL).

¹⁹⁵ *Assi como el cinnamomo & ell balsamo que huelen muy bien* (Afonso X, *General Storia*, c 1280, CORDE); *Assy como o cinamomof[m] e balsamo dei odor; balsamo bemcheirante; de balsamo e das outras cousas de bõo odor* (Anónimo, *Orto do Esposo*, 1390-1420, CGPA); *Ca por el olio se entiendo buena uoluntad. & por el balsamo que huele bien* (Anónimo, *Siete Partidas de Alfonso X*, 1491, CORDE); *hojas olorosas de bálsamo* (Fernando de Mena, *Traducción de la Historia etiópica de los amores de Teágenes y Cariclea de Heliodoro*, 1587, CORDE); *produce ya ese bálsamo precioso, / que de olor celestial los prados ciña* (Lope de Vega, *Pastores de Belén, prosas y versos divinos*, 1612, CORDE); *el bálsamo es celebrado con razón por su excelente olor* (José de Acosta, *Historia natural y moral de las Indias*, 1590, CORDE). A día de hoxe o bálsamo é ponderado polas virtudes calmantes ou curadoras de feridas, como ocorre co famoso de Fierabrás no *Quijote*. Na lingua actual diríamos que algo ole a gloria.

¹⁹⁶ ‘Non deixar en paz’ pouco lle acae a determinados contextos en que se usa a UF *non dar lezer*. Por exemplo, *Mandou lo adufe tanger | e non lhi davan lezer* (Martin de Ginzo, XEL), onde claramente o significado é que tanxían sen parar, sen darlle un respiro ás mans ou ao instrumento.

551. Non dar nemigalla/(nulla) ren/unha figa/unha formiga/unha noz ‘non importar nada’: *Mais el por aquesto non deu nemigalla* (65: 25); *O jogar por tod’aquesto | non deu ren* (8: 37); *Por nulla ren que lle dis[s]ess’aquel seu || escudeiro, ela nulla ren non deu* (63: 56–57). Outros casos con *non dar ren*: (65: 15–17), (97: 87), (111: 19), (178: 36), (348: 26); *a madre polo demo | non deu hũa figa* (399: 60); *non dava por matalo | sol hũa formiga* (399: 20); *mas quant’hũa noz || non dou pela chaga* (265: 120–121); *Hũa noz || non daria por esto* (419: 152–153). Vid. **Non tēer en ren**.

552. Non dar un cravo (por algo) ‘non valorar ou non importar nada; ser implacable á hora de valorar algo’: *por queima-la non deu un cravo* (255: 73). A UF aparece tamén en cast. medieval.¹⁹⁷

553. Non dizer ssi nen non ‘non dicir nada’: *non disse ssi nen non* (283: 54). A UF perdura na lingua actual (con distintos verbos de lingua hai 8 concorrencias no TILG).

554. Non é de calar [valor ponderativo] ‘é necesario ponderar’: *E, par Deus,*

non é de calar | como foy corõada (1: 72–73). Este tipo de litote (*non ser de* + INFIN.) con valor ponderativo é bastante común e pódese considerar unha UF.¹⁹⁸

555. Non fazer falla ‘ser de matemático cumprimento’: *e dura || seu amor e non faz falla, || ante crece todavia* (132: 16–18). Mettmann (DDGM, s. v. FALLA) dá como significado de *fazer falla* ‘faltar’.

556. Non ficar/ter (sol) dous pepiões [valor ponderativo] ‘ter pouco ou nada de cartos’: *non lle ficaro[n] sol dous pepiões* (145: 28). En cast. medieval documéntase a UF ponderativa co vbo. *dar*: *non dar un pepion* ‘non dar nada’ (5 concorrencias no CORDE).

557. Non lle aver proveito ‘non lle valer de nada’: *proveito / non ll’avian romarias* (268: 17–18); *non ll’ouve proveito* (411: 47). Na lingua moderna as UF correspondentes serían: *facer mal proveito, non lle facer bo proveito*.¹⁹⁹

558. Non lle aver ren que fazer ‘non lle importar’: *Pois negaste / Deus, non mi á ren que fazer // de ssa Madre non negares* (281: 40–41).

¹⁹⁷ *Por su pleito un clavo non darié* (Anónimo, *Libro de Alexandre*, 1240-1250, CORDE). Nesa época os cravos teñen un valor importante para a construción de igrexas, catedrais etc. Así vemos que na cantiga nº 106, vv. 30–31, por exemplo, o cativo ofrece cen cravos en pago da súa liberación. En gal. moderno esta UF non se usa, só excepcionalmente logramos documentar unha frase próxima, *non ter un cravo: e non tendo un cravo xiquera unha branca pra poder faguer somellante marcha* (Semenario *A tía Catuxa*, 1891, TILG).

¹⁹⁸ Documentámolo na Idade Media nos dominios occidental e central: *E o pesar que me fazen soffrer | e a gran coita non é de dizer* (Johan Soares Coelho, 1240, XEL); *Sus miembros e su talla non son para callar* (Juan Ruiz, *Libro de buen amor*, 1330–1343, CORDE); *Nem menos he razãõ de calar que sempre teue de vso, e approuado costume deseiar as visitações* (Anónimo, *Tradução quatrocentista da vida de S. Teotónio*, 1455, CGPA). Tamén en gal. moderno: *cartas e fantasías que non son de contar* (Freixanes, *O enxoval da noiva*, 1988, TILG); *Entre os mellores escolios á súa laboria artística non son de esquencé-las glosas de D’Ors* (Filgueira Valverde, *Adral*, 1990, TILG); *Xornada de mar non é de taixar* (Vázquez Saco 2003: 493) etc.

¹⁹⁹ *Nunca fixo mal proveito* (J. M. Pintos, *A gaita gallega*, 1853, TILG); *oxalá non lle fagan bon proveito* (A. Gómez Ledo, *Escolma de poetas líricos gregos e latinos voltos en linguaxe galego*, 1973, TILG).

- 559. Non lle ficar coiro são** [hipérbole, pondera a intensidade dunha malleira]: *que lle deu d'açoutes tantos | que non ficou no costado || neno corpo coiro são* (227: 32–33). Na lingua do XIX rexistramos fraseoloxía de semántica semellante co núcleo léxico *coiro*.²⁰⁰
- 560. Non lle pōer vida (a alguen)** ‘dalo por morto, non contar xa con el’: *E a saeta [...] ate eno toutiço entrara || de guisa que lle non pōyan vida* (129: 10–13).
- 561. Non poder caber no corazón** ‘non poder crer, non resultar comprensible’: *No meu corazón non pod'esto caber* (38: 92). R. Lorenzo (DDGM, s. v. CABER) dá como primeiros valores para *caber* ‘acceptar, admitir’. Na lingua actual a UF fixouse con *cabeza*.²⁰¹
- 562. Non saber contar/dizer, Non se poder contar** [valor ponderativo, pondera o incontable ou indícible en sentido mormente positivo]: *claridade | e alegría tamanna || que contar non saberia* (365: 34); *tantos santos cantavan / que vos non sei dizer quantos* (288: 23); *faz de miragres quantos || ome contar non podía* (196: 59–60). Outros casos con *non se poder contar*: (241: 54), (386: 50). A ponderación chega aos nosos días²⁰². Vid. **Quen diria?**
- 563. Non saber que fazer (de ssi)** [pondera un estado extremo de turbación, dúbida, tristeza ou desánimo]: *Pois que lle beijou a mão [...] de ssi || non sabia que fizesse* (206: 20–22). Outros casos: (167: 10), (222: 31–32), (321: 25), (355: 37), (369: 79).
- 564. Non saia dest'ano (se)** [expresión enfática, valor aseverativo; é unha especie de xuramento]: *Non saya dest'ano // se esto que vos eu rogo / o faço por null'engano* (328: 80–81). A UF non chegou aos nosos días.²⁰³
- 565. Non seer en preito** ‘non ser posible, non haber maneira’: *non foi en preito | que sol ùu fio achasse* (273: 36); *mais esto non foi en preito || que consello lle posesen* (385: 32–33). Documentase tamén na lírica profana.²⁰⁴ Actualmente está en desuso.
- 566. Non seer gran cousa** ‘non deber causar estrañeza; entrar dentro do normal’: *Non é gran cousa se sabe | bon joyzo dar || a Madre do que o mundo tod'á de joigar* (26: R). Hoxe en día diríamos *non é cousa do outro mundo, non é milagre*.
- 567. Non tanger en cravilla** ‘non tocar nada en absoluto’: *non poderon / nen tanger en cravilla* (169: 41). Na

²⁰⁰ *Xurando romperlle o coiro sin deixarlle cuarta sana* (Semanario *O tío Marcos da Portela*, 1877, TILG); *heiche de virar o coiro co'o d'a fóra para dentro* (J. Pérez Ballesteros, *Cancionero Popular Gallego*, 1886, TILG); (*poñer*) *o coiro com'un pandeiro* (J. Valcarce, *Paliques. Colección de parrafeos en verso gallego*, 1901, TILG) etc.

²⁰¹ *Eso non me cabe na cabeza* (M. Vidal, *Don Porrazo. Novela de costumes*, 1909, TILG); *Non me cabe na cabeza que ti traballases para el* (X. Cid, *Foumán*, 1987, TILG) etc.

²⁰² *Non se pode contar, porque non hai beizos que poidan con tanto* (E. Araúxo, *Cinsa do vento. Libro da Ribeira Sacra*, 1996, TILG).

²⁰³ Hai UF próximas en gal. moderno. Por exemplo: *que (me) morra se...* (*Qué morra si t'olvidar*: M. Núñez, *Salaios*, 1895, TILG); *¡Que me morra se sei unha palabra!* (A. Gómez Ledo, *Escolma de poetas líricos gregos e latinos voltos en linguaxe galego*, 1973, TILG).

²⁰⁴ *Non é en preito, | que cuid'en al* (Fernan Gonçalvez de Seabra, 1240, XEL).

cantiga o que non puideron tocar é unha igrexa, malia os esforzos por destruíla. Non atopamos esta frase fóra deste texto e non podemos estar seguros da súa fixación idiomática.²⁰⁵

568. Non tēer en ren ‘non importar nada, non valorar en absoluto’: *non t̃ya en ren* || *d’ir en romaria* (153: 11–12); *estorvo do demo / nono tēemos en ren* (378: 9).

569. Non vai nin ven. 1. [Valor minimizador] ‘é inútil, carece de importancia’: *Non vai nin ven* // *de jajūar* (277: 28–29). *Aquest’ é son [n] o que non vai nin ven* (299: 33). Documentámolo tamén na lírica profana (*cousa que non vai nen ven*, Pero da Ponte, XEL). Na lingua actual esta UF sufriu un proceso de personificación (‘non lle importar algo a alguén’) e leva necesariamente un pronomes persoal coa función de CI: *non lle ir nin lle vir (algo a alguén)*.

2. ‘actuar, moverse, desenvolver unha función’: *ten* || *en poder os elementos*; | *ca nen ũu non vai nen ven*, || *senon quanto o seu Fillo* | *quer* (332: 42–44). Este valor tamén se conserva na lingua actual.²⁰⁶

570. Non vistes maior [valor ponderativo] ‘moi grande’: *mentira foi, non vistes mayor* (97: 57); *lles poseron fogo, non vistes mayor* (186: 66).

571. Nos/Polos rancões [con vbos. coma ‘esconder’ e sinónimos] ‘nun lugar onde é difícil ser encontrado’: *non foi ele come o que serra* || *sa port’ e s’asconde dentro nos rancões* (145: 22–23); *que non morresse de fame | a scusa polos rancões* (305: 53). A UF chega aos nosos días.²⁰⁷

572. Nunca viu ome, Nunca viron estes meus ollos, Nunca vistes [valor ponderativo, é variante da UF **Non vistes maior**; pondera algo inusual ou extraordinario]: *nunca viu ome quen* || *tan mao feito fezesse* (281: 65–66); *tu es a mais fremosa cousa que estes meus* || *ollos nunca viron* (16: 71–72); *a mui gran façanna* || *que ali mostrou a Virgen*, | *nunca vistes tan estranna* (222: 41–42). Na lingua actual a variante con valor ponderativo predominante é *nunca vin*.²⁰⁸

573. Nunca viuda nen oyda [pondera algo extraordinario]: *tal cousa*, | *qual viuda nen oyda* || *nunca foi*

²⁰⁵ En cast. antigo a voz *clavija* intervéen en varias formas (pseudo)proverbiais: *Mala clavija es la del mismo madero* (Hernán Núñez, *Refranes o proverbios en romance*, c 1549, CORDE); *la Verdad es la clavija y la Mentira la cuerda* (Mateo Alemán, *Guzmán de Alfarache*, 1599, CORDE). En gal. actual temos, por exemplo, un par de proverbios: *Á porta vella, caravilla nova*; *O mal nunha casa acaba coas caravillas* (Vázquez Saco, 2003, pp. 222, 477). Na lingua actual, tocante ás UF paralelas a *non tanger en cravilla*, para referirmos a un ser humano diríamos *non tocar nin un pelo/nin un fio da roupa*; para unha edificación non hai fraseoloxía, salvo, talvez, (*non puideron tocar*) *nin a primeira pedra/nin unha pedra*.

²⁰⁶ *Que neste, nin vai nin vén Don Pedro* (Álvaro de las Casas, *A morte de Lord Stailer. Drama poético en tres esceas*, 1929, TILG), *Alma que non vai nin vén marcha camiño da morte* (Xulio Sigüenza, *Verbas ao ar*, 1957, TILG) etc.

²⁰⁷ Documentátese, por exemplo, na paremioloxía: *O que non levan os ladrós, aparecerá polos rincós* (Vázquez Saco, 2003, p. 793).

²⁰⁸ Hai dúcias de concorrencias no TILG: *nunca vin pel tan branca* (Cunqueiro, *Merlín e familia*, 1955, TILG) etc. Tamén na lírica medieval profana é a forma ponderativa máis frecuente desta serie: *hunha pastor | que, poyz fuy nado, nunca vi tan bela* (Pedr’Amigo de Sevilha, 1240, XEL) etc.

(128: 42–43). En gal. moderno a UF máis próxima é *nunca visto* (*nin imaxinado*).²⁰⁹

574. O deant'atrás ‘en modo contrario ao que é normal’: *Que o rostro lle tornar || fez Deus o deant'atrás* (108: 70–71). Na lingua actual a UF constrúese normalmente coa preposición *con*.²¹⁰

575. O mais de. 1. [Seguido de núcleo nominal] ‘a maior parte de’: *o coração non partiu || de querer seu ben e de o mais d'al cobiiçar* (16: 27–28); *avia tolleito || o mais de seu corp'* (77: 8); *o mais d'Arreixaca | a Aljama mi deu* (169: 44). Outros casos: (198: 17); (221: 13); (335: 21).

2. [seguido dun adxectivo] ‘o máis + ADX. posible’: *serrou as fêestras | o mais de rrijo que pode* (151: 24).

576. Og'este dia, Oge dia ‘hoxe en día’: *Og'este dia esta vertud'an* (259: 51); *veredes a omagen [...] oge dia enclinada | estar* (202: 44–45); *E aly ssé oge dia* (342: 30).

577. Oge sen cras ‘hoxe mesmo, sen esperar a mañá’: *ond'oge sen cras || compri logo mia petiçon* (146: 105–106). Integramos a UF con dúbidas sobre a súa fixación porque non a documentamos fóra desta cantiga; porén, a día de hoxe a expresión *sen agardar/esperar a*

mañá(n) ten un uso relativamente frecuente.

578. (Ollos) come perdiz [pondera a forma pequena dos ollos]: *fez-ll'ollos come perdiz | pequenos a aquel donzel, | mui fremosos* (146: 112–124). A UF *ollos de perdiz* chega aos nosos días.²¹¹

579. (Os) dias meus ‘A vida, o tempo en que a persoa en cuestión está viva’: *un miragre vos direi eu / que ela fez grande nos dias meus* (22: 7–8), *meus dias son acabados* (357: 19). A UF subsiste na lingua actual.²¹²

580. Os que o demo serven an del taes galardões ‘do malo só mal se pode esperar’: *na garganta | se lle foi atravessando; || ca os que o demo serven | an del taes galardões* (199: 25). Posible frase proverbial: parece un antecedente do refrán documentado en gal. moderno: *Así paga o demo a quen o serve* (López e Soto, 2008, p. 1); *Dar mal pago; así fai o demo a quen-o sirve* (Vázquez Saco, 2003, p. 286).

581. Palla é contra vento [pondera a facilidade con que algo ou alguén é desfeito]: *quen contra ela vay, palla é contra vento* (34: 8). O grao de fixación é talvez discutible. Con todo, documéntase doadamente en

²⁰⁹ En cast., antigo e moderno, si se documenta: *no vista(s) ni oída(s)*, 9 concorrencias no CORDE (das cales unha é *cosa no vista ni oída*); *no visto ni oído*, 2 no CORDE; *nunca vista(s) ni oída(s)* e *nunca visto(s) ni oído(s)*, 35 concorrencias no CORDE; *no vista ni oída*, 1 caso no CREA; *nunca visto ni oído*, 1 no CREA. En gal. e port. modernos, polo menos nos corpus manexados, só se rexistra *nunca visto* e 2 veces *nunca visto nin imaxinado* (TILG).

²¹⁰ *Co de diante para (a)tras*: 3 concorrencias no TILG, 2 no CORGA; *o de diante para (a)tras*, 1 no TILG, 1 no CORGA.

²¹¹ *Tes ollos de perdiz* (D. Blanco (ed.), *A poesía popular en Galicia 1745-1885*, 1884, TILG).

²¹² *Todo aquilo que ocorreu nos meus días* (M. Forcadela, *Paisaxe con muller e barco*, 1990, CORGA).

contextos relixiosos.²¹³ A comparanza debe ter a súa orixe nas palabras bíblicas que falan dos impíos que serán coma a palla ante o vento, en Xob (21:18) e mais nos salmos (1:4, 35:5, 83:13).

582. Par a par ‘ao lado de, en situación de igualdade’: *e juntada / con el no ceo, par a par* (1: 77–78); *a que con Deus, que é lume, | sé no ceo par a par* (177: 4). Álvarez de la Granja (2005, p. 32) rexistra só o valor locativo ‘ao lado de’; porén, resulta para nós evidente que hai que lle sumar un valor modal, paralelo ao da UF *de igual a igual*. Nos exemplos que achegamos María aparece alzada á mesma categoría ca o fillo, non poderíamos asegurar se por licencia poética, por pura norma de cortesía ou por amor sen máis consideracións. Este valor de igualdade xerárquica da UF vese ben noutras documentacións na península: *¿Conmigo fablas par a par? ¿Quién te dio esa osadía?* (A. Martínez de Toledo, *Corbacho*, 1438, CORDE).

583. Par Deus (de ceo) [expresión enfática aseverativa]: *E, par Deus, non é de calar/ como foy corōada* (1: 73–74); *Par Deus de // ceo* (369: 93). Outros casos de *Par Deus*: (196: 30), (217: 6), (353: 92). Vid. **Por Deus**.

584. Parar mentes (a/como/en/que/sobre/y) ‘fixarse (en algo); mirar; reflexionar (sobre algo)’: *non pares | mentes a mia pecadilla* (75: 70); *que vëessen parar || mentes como sabia* (18: 57–58); *Para mentes | en*

quant’agora aqui viste (75: 168); *O poboo parou mentes | que foss’u soya yr* (206: 30); *Sobr’el mentes non parava* (158: 10); *parou y mentes* (84: 34). Outros casos: (51: 24–25), (65: 212), (77: 20), (84: 26, 34), (134: 24–25), (165: 22), (199: 32), (205: 13), (206: 21), (224: 12), (235: 8), (241: R), (266: 9), (272: 42), (274: 46, 57), (275: 30), (282: 27), (305: 6), (311: 11), (313: 18), (325: 11), (335: 33, 76), (349: 11), (352: 6), (414: 18). A UF pode rexer un pronome persoal (*mi/lli*), un dativo con valor locativo, circunstancial: *Toll’as mãos dante ta faz || e para-mi mentes, ca eu non tenno anfaz* (16: 66); *Para-mi ben mentes, || ca eu sōo a que* (85: 32); *Mas parou-lle muito mentes, | e pois que a ben catou* (293: 25). Vid. **Tëer mentes**.

585. Parar/Pōer a mesa ‘cubrir a mesa con mantel e dispoñer nela o servizo necesario para comer’: *as mesas mandou agynna || pōer* (132: 122–123); *ca ele os convidava e os recebia, || con que lles parava mesa en branca toalla* (95: 32).

586. Partir a alma (de alguen/do corpo) ‘falecer’: *per que alma tan toste partida / lle foi do corp’* (15: 169–170); *pois ta alma for de ti partida* (119: 62); *quando do seu corpo | a ssa alma foy partida* (152: 38). Vid. **Sair-lle a alma**.

587. Partir o corazón de ‘deixar de pensar (en)’: *pero, con tod’esto, o corazón non partiu || de querer seu ben* (16: 27–28).

²¹³ *Quando el candil delos malos se apagara, e verna sobrellos su quebranto, dolores les parte con su saña. E ssera como la paja delante el viento* (Anónimo, *Biblia ladinada*, c 1400, CORDE). En port. e brasileiro actual documéntase un par de ducias de casos en Internet (CPW): *palha que o vento arrebatou/carrega/dispersa/espalla* e, sobre todo *palha que o vento leva*, sempre en textos de carácter pedagóxico-relixioso.

- 588. Partir(-lle)/Quebrar(-lle) o corazón** [valor enfático] ‘experimentar unha dor ou un sufrimento intensos’: *con med’a poucas xa lle partiu || o corazón* (58: 37–38); *quebrava-ll’ o corazón* (156: 30), (227: 28).
- 589. Passar razon e maneira** ‘exceder o razoable, ser demasiado grave’: *mas tant’era chëo || de luxuria, que passava razon e maneira* (137: 6–7). Integrámola con certas dúbidas porque non a volvemos documentar; si se documenta, en troques, a coordinación dos dous substantivos.²¹⁴
- 590. Pedir en don** ‘pedir algo coma quen pide un favor especial’: *que lle pediss’en don || que ambos en romaria | fossen fazer oraçon* (127: 23–24); *tanto ti peç’en don* (146: 97).
- 591. Pedir(-lle) o seu amor** ‘declararse’ *Pediu-lle seu amor; e porque ela mal llo acolleu* (5: 92).
- 592. Pela/Per ventura** ‘por acaso; talvez’: *E se daquesto, pela ventura, || que digo non me creedes en* (15: 140–141); *Pero se aquest’é fol, pela ventura, || aguarda-lo-ei* (65: 115–116); *E se per ventura aven || que* (283: 37–38); *Vaamos catar a cuba [...], e per ventura | pod’y algun pouc’aver* (351: 37–38).
- 593. Pelas terras** ‘por diversas terras, polo mundo adiante’: *deste feito foron pelas terras pregões* (85: 74). Outros casos: (129: 33–35), (267: 20) (328: R), (362: 26, 34).
- 594. Peor que a un can** [pondera o maltrato]: *mais a dona a trouxe peor que a un can* (64: 68).
- 595. Peor que can** [pondera a maldade e/ou a fereza]: *daquel peor que can* (298: 70); *ome que assaca, | que é peor que can* (401: 69). Hai que ter en conta que noutrora os cans contaxiaban doadamente a rabia e con iso eran considerados de maneira moi negativa. Comparanzas semellantes chegan ata a lingua actual.²¹⁵
- 596. Peor que golpello** [pondera a maldade]: *a pesar do dem’astroso | que é peor que golpello* (273: 53). O raposo é animal proverbial polas súas malas artes. De aí que na lírica medieval apareza *don Velpelho* coma personaxe nun escarnio de A. Lopez de Baian e de aí que tamén poida ponderar a maldade. Esa caracterización negativa documentámola tamén en cast. antigo.²¹⁶

²¹⁴ *Aa maneyra et aa razõ da sua vida* (TC. Ápud XEL), *qualquer maneira et por qualquer outra razon* (8 concorrencias no s. XIV e 10 no XV, XEL), *maneira et raçon/razon* (3 no s. XV, XEL); documéntase tamén en cast. antigo: *razón y manera* (3 concorrencias nos s. XVI e XVII, CORDE).

²¹⁵ *Era máis malo que un can* (R. Lois, *Pelra... entre seixos*, 1888, TILG); *era pior que un can da rábea* (E. Labarta, *Alegría que pasa. ¡Unha mala visita!*, 1908, TILG) etc.

²¹⁶ *Acercándose va mala vulpeja* (J. de Castellanos, *Elegías de varones ilustres de Indias*, 1589, CORDE).

597. Peor que rapaz [Valor ponderativo: pondera a maldade]: *Fuge, mao, | mui peor que rapaz* (47: 35); *Poren no ynferno ide log'entrar / con vosso mal rey, mui peor que rapaz* (82: 43–44). Documentábase tamén na lírica profana: *Vi eu de coteifes azes | con infanções [s]iguazes | mui peores ca rapazes* (Afonso X, 1240, XEL).²¹⁷

598. Peor que tafur [Valor ponderativo: pondera a maldade]: *Pois a dona foi ferida mal daquel, peyor que tafur* (5: 103).

599. Per cabo de ‘a carón de’: *Que ambas suas mãos assi s'encolleran, / que ben per cabo dos onbros todas se meteran* (77: 11); *cavalgava | per cabo dũa xara* (148: 24).

600. Per concello ‘publicamente’ (Mettmann: DDGM, s. v. CONCELLO): *deron-lle por consello // que a Santa Maria de Tocha o levasse, / esto por concello, ca Deus y mostraria / miragre sinaado* (315: 40–43). Entendemos que tanto a acción de levalo como a petición de axuda na igrexa se fan de maneira pública e notoria.

601. Per cousa que [valor concesivo] ‘por moito que; aínda que fixese/metese... o que fixese/metese...’: *Per cousa que el fezesse | nen dissesse nen*

rogasse || a todos, non foi en preito | que sol ùu fio achasse (273: 35–36); *non á tan sabedor || maestre nen tan calafetador || que podesse calafetar mellor || per cousa que y podesse meter* (339: 60–63). A UF non chegou aos nosos días.²¹⁸

602. Per forza ‘usando a forza, de maneira violenta’: *que jouvessen con ela per forza* (5: 71); *vẽo a vila cercar [...] pola per forza fillar* (28: 18–20). Outros casos: (28: 25), (127: 34), (181: 16); (216: 28), (217: 22), (264: 18), (291: 12). Noutros contextos o significado é ‘necesariamente, por forza’: *e tanto lle prometeu || que por forza fez que fosse con ela falar* (64: 53–54); *En tod'est'a lazerar || ouve per forza o vÿo* (351: 22–23).

603. Per mão(s) de ‘por medio de, a mans de’: *se leixou || matar na cruz per mãos de judeus* (133: 7–8); *paixon e morte quis prender || mui forte na cruz per mão dos judeus* (426: 7–8).

604. Per meogo de ‘polo medio e medio (de)’: *entrou || per meogo do paaço* (245: 66).

605. Per meu grado ‘(do que) eu me comprazo, (cousa) que me comprace’: *E desto contado || vos será per mi || miragr'e mostrado [...] e ben ascuitado || será, per meu*

²¹⁷ *Rapaz* funciona como núcleo ou palabra clave de varias UF en gal. moderno, cuxo significado concreto depende do nome ou do verbo rexente: *contento/satisfeito coma un rapaz* (TILG); *pícaro, como un rapaz* (M.^a X. Queizán, *A semellanza*, 1992, CORGA); *falas coma un rapaz* (Suso de Toro, *Tic Tac*, 1993, CORGA); *namorouse como un rapaz* (Paco Carro, *Tempo ordinario (Historias de Compostela) / O mirón*, 2014, CORGA); *sentíase coma un rapaz* (X. Durán, *O asasino invisible*, 1998, TILG); *tratábame coma un rapaz* (Marilar Aleixandre, *O coitelo en novembro / A morte na arca*, 2010, CORGA) etc. Ou *comportarse coma un rapaz* (TILG, CORGA), onde claramente se pondera un comportamento discutible, non bo. Un comportamento que pode ser francamente malo (sería sinónimo de *malo coma o demo*), ou un comportamento inapropiado, inmaturo (este é o caso do uso co verbo *comportar*).

²¹⁸ Hai algún uso esporádico —no que nós sabemos— a comezos do s. XX: *Por cousa que che diga, que non ch'abrand'o peito* (Germán Justo, *Desfogos*, 1907).

grado, || *e dev'a seer*, (192: 7–14); *de cujo nome o mundo | será chëo per meu grado* (328: 88). Seguimos a liña interpretativa de J. J. Nunes (*por meu grado* ‘gostosamente’, DDGM, s. v. GRADO) e Álvarez de la Granja (2005, p. 27), ‘co meu agrado e consentimento’.

606. Per meya a + SUBSTANTIVO LOCATIVO FEMININO

‘en medio, na parte central’: *o levava || per meya a vila* (62: 48–49). Esta construción tamén se documenta en cast. medieval.²¹⁹

607. Per muitas vezes ‘moitas veces’: *fez idas || per muitas vezes a Salas* (161: 39–40). A UF tamén se documenta na prosa profana medieval.²²⁰

608. Per nehũa/nulla maneira [negación enfática] ‘de ningunha maneira’: *per nulla maneira // est'alva vestir provasse* (2: 53–54); *per nehũa maneira // aquesto fazer non pode* (312: 61). Outros casos con *nulla maneira*: (137: 51), (165: 67), (271: 13), (302: 27), (325: 71), (335: 65), (345: 53), (377: 37), (379: 47).

609. Per niun preito ‘baixo ningunha condición, de ningunha maneira’ *poren per niun preito || non quis combater mandar* (28: 107–108); *mais pavor per niun preito || non ouve* (341: 62–63).

610. Per niun sen ‘de ningunha maneira’: *se lles falass'alguen || en casar; per niun sen || sol non lle foss'outorgado* (135: 52–54).

611. Per poder de ‘por medio do dominio, forza ou vontade de; grazas a’: *per poder de Jesu Cristo* (67: 94); *guariu a Reyã tan ben || per poder da Groriosa* (256: 37). Outros casos: (134: 80), (283: 49).

612. Per pouco ‘case’: *assi que per pouc'un dia | o ouvera de perder* (185: 13); *per pouco rebentou* (244: 32).

613. Per sa ventura bõa, Per sa malaventura/ventura maa ‘por sorte/desgraza, afortunada/desafortunadamente’: *mas ela, por sa ventura || bõa, foi-ss'aa omagen | da Virgen* (303: 27–28); *foi prenne per ssa malaventura* (201: 20); *morto per ssa ventura || maa* (315: 32–33); *por sa gran malaventura* (392: 23).

614. Per sinas ‘movendo as mans e/ous dedos da man’: *Aqueste non falava nen oya/ mais per sinas todo ben entendia* (69: 21, 62). Outros casos: (101: 11–15), (269: 21, 26). Esta UF non pasou ao gal. moderno.²²¹

615. Per/Por manna 1. ‘por costume’: *ca xo avia por manna* (194: 17); *nos engana per manna* (360: 12).

2. ‘(levado) polas súas malas artes ou mal costume’: *fillar foi per*

²¹⁹ *Veniendo contra mí por media la carrera* (Berceo, *Vida de Santo Domingo de Silos*, 1236, CORDE); *de buelta por media la uilla* (Afonso X, *Estoria de Espanna*, 1270, CORDE).

²²⁰ *Assi se mostrou o bento Senhor per muitas vezes em esta terra aos homens bõos* (Chrétien de Troyes, *A Demanda do Santo Graal*; 1245-1265, CGPA); *amte per muitas vezes me rrequereo* (Gomes Eanes de Zurara, *Crónica do Conde D. Pedro de Meneses*, 1401-1500, CGPA).

²²¹ Documentamos no TILG *chamouna por sinás* (X. M^a García, *Cativo da miña tristura*, 1971), pero aí temos o plural de *sinal* (< lat. *signale*), mentres que o medieval *sinas* remite ao plural de *sina* (< *signa*, un neutro en plural). Na lingua actual a UF correspondente sería (*falar/entender*) *pola man, polos dedos ou por acenos*.

manna (191: 13); *nono paredes per manna* (386: 53); *Per barcas nen per engen[n]os, | nen per arte nen per manna* (358: 15).

616. Per/Por (nihūa/nulla) ren [reforza unha negación] ‘de ningunha maneira, nin por canto, (nada) en absoluto, para nada’: *non* + VERBO (+ COMPLEMENTO) + *per/por (nulla) ren* (15: 21), (17: 67), (19: 22), (27: 73), (30: 38), (32: 13), (38: 9), (45: 18, 56), (50: R), (51: 86), (61: 13), (64: 78), (67: 51), (82: 13), (96: 56), (105: 52), (115: 97), (124: 46), (126: 16), (142: 18–20), (144: 19), (146: 46), (152: R), (155: 45), (157: 25), (165: 32, 45), (169: 30), (181: 22), (188: 15), (192: 131), (196: 12), (199: 28), (202: 14), (208: R), (209: 7), (211: 46), (212: 21), (213: 88), (215: 51), (216: 4, 28), (226: 46), (232: 21), (242: 27), (248: 7, 27), (251: 11), (269: 42) (271: 53), (285: 58), (286: 6), (298: 15), (299: 23) (300: 67), (305: 48, 57) (306: 8), (309: 25), (316: 10), (317: 23), (318: 45), (324: 32), (332: R), (341: 46), (345: 52), (347: 12) (352: 53) (353: 12), (361: R), (364: 17), (379: 53), (382: 22, 43), (386: 50); (419: 22); *per nihūa ren*: (136: 40). Ás veces aparece en construcións na modalidade interrogativa (indirecta) e daquela o valor se aproxima a ‘pouco que sexa; algo, o máis mínimo’: *Maravillo-m’eu com’ousa | a Virgen rogar per ren || aquele que as sas festas | non guarda* (277: R).

617. Per/Por (nulla) ren que [valor concesivo] ‘por moito que’: *Per nulla ren que ll’o Emperador dissesse,*

nunca quis || a dona tornar a el (5: 180); *Por nulla ren que lle dis[s] ess’aquel seu || escudeiro, ela nulla ren non deu* (63: 56–57); *mais por ren que lle disses[s]e, | partir no[n] s’ende queria* (75: 49); *per ren que fezesse nunca ja perdōada || de Deus nen de sa Madre seer non poderia* (201: 32–33); *Nunca tanto dizer pode | que ss’ela tornar quisesse [...] per ren que lle dis[s]esse* (355: 35–36).

618. Perder o sen [pondera un sentimento exacerbado] ‘tolear’: *o sen || perdia por ela* (16: 22–23); *sa madr’ouvera por el a perder / o sen* (76: 18–19); *ela a el amava / que xe perdia o sen* (84: 13); *con esta coita | cuidava o sen perder* (156: 25); *o sen a perder ouvera* (312: 43). En ocasións parece significar ‘entrar en pánico’: *Mai-la agua o troux’ a derredor || de guisa que lle fez perde-lo sen* (142: 37–38: non podemos interpretar ‘perder o coñecemento’ porque se encomendou logo á Virxe).

619. Perder o siso ‘tolear’: *con gran coita ouvera / o siso end’ a perder* (104: 14); *de pavor / del perdera o siso* (41: 10–11). Outros casos: (331: 44). Hai algún contexto onde o valor é máis o de perder as facultades (mobilidade, capacidade de fala): *perdeu todo o siso* (329: 42). A UF chega aos nosos días.

620. Perder o tempo ‘non facer nada de proveito; desaproveitar o tempo’: *perdend’el e meu tempo* (401: 90); *pouco me presta || de perder por ti meu tempo* (399: 32–33). Documentamos tamén a UF na lírica profana.²²²

²²² *Non perdi eu, meu amigo, des que me de vós parti, | do meu coraçõ gram coita nem gram pesar; mais perdi | quanto tempo, meu amigo, | vós non vivestes comigo* (Juião Bolseiro, 1240, XEL).

621. Perder os sentidos (dos corpos)

‘sufrir perda de coñecemento, caer nun estado de inconsciencia’: *os sentidos perderon | dos corpos en essa ora* (194: 37). En gal. moderno usamos o singular, *perder o sentido*.²²³

622. Poble mēudo ‘plebe, vulgo’: *mandou assũar taste | o poblo grand’e mēudo* (208: 48). A UF documéntase con posterioridade e chega aos nosos días.²²⁴

623. Põer ante si ‘situar a alguén nun lugar preferente, situalo no centro dos intereses propios’: *Quenas coitas deste mundo ben quiser soffrer, Santa Maria deve sempre ante si põer* (5: R).

624. Põer as mãos, Trager a mão ‘tocar (unha parte do corpo) coa man con intención curativa, impoñer a man’: *per aquel pe a mão yndo e viũdo | trouxe muitas vezes, e de carne conprindo | con dedos nerviosos* (37: 32–34); *e polo corpo todo foi-lle traguend’ a mão, | e tornou-llo tan fresco, tan fremos’e tan são* (201: 56–57); *sol que ponnas sas mãos / sobre tal door, saude // an* (321: 32–33); *foi e log’essa vegada // pos as sas mãos moi taste / aly per u mal sentia* (333: 57–58). Outros casos con *trager*: (265: 133–135), (235: 97). Salvo o caso do rei (nº 321) sempre é a Virxe a que fai esta imposición de

mans e, cando non, é alguén a quen ela llo manda facer no seu nome, como por exemplo: *e ta mão tragerás | sobr’ele eno meu nome* (127: 53–55).

625. Põer a(s) mão(s) (en/sobre alguen)

1. ‘agredir, golpear’: *Sandeus, non ponnades / en ele as mãos* (9: 101). A UF, con lixeiras variantes, consérvase na lingua actual: *Peito de Lobo nunca quixo poñerlle man ós fillos* (Castelao, *Retrincos*, 1934, TILG).

2. ‘Intervir a favor de alguén, preocuparse por’: *a Virgen groriosa / que sobre nos mão ponna* (341: 6). Mettmann (DDGM, s. v. POER) dálle a *põer mão sobre* o valor ‘amparar’, perfectamente válido neste contexto (cantiga nº 341) pero noutros exemplos da prosa medieval quizais resulte preferible a acepción ‘preocuparse por’: *Mais a porta estaua bem sarrada et por ende, mao seu grado, lles cõuẽo de tornar et poer mao sobre si* (CT. Ápud XEL).

626. Põer fala ‘fixar unha entrevista, marcar data para falar’: *mia fala como alcaide | pera un dia porrei* (185: 21).

627. Põer forza ‘esforzarse’: *non ouveron poder, / per forza que y posesen, sol dun logar o mover* (217: 22–23). A UF documéntase tamén na prosa medieval.²²⁵

²²³ O uso do plural testemuñase en gal.-port. con posterioridade: *cõmo em hũ ponto de séer tirados de todoslos sentydos que antes aviam, et asy cõmo de novo lles vierõ os sentidos et sysos que despoys ouverom* (Afonso X, *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV*, 1300-1330, CGPA); tamén se documenta o plural en cast. antigo: *pierden los sentidos* (7 concorrencias, entre 1438 e 1653, CORDE).

²²⁴ *Foy solto per o povoo meudo* (Afonso X, *Crónica Geral de Espanha de 1344*, 1400, CGPA); *povoo meudo* (Fernão Lopes, *Crónica de D. João I*, 1400-1460, CGPA); *povo meudo* (Domingo Paes / Fernão Nunes, *Chronica dos Reis de Bisnaga*, 1501-1600, CGPA). Tamén se documenta con profusión *pueblo menudo* en cast. antigo (decenas de casos no CORDE desde o s. XIII ao XVI). Na actualidade o uso desta colocación é escaso (6 concorrencias no TILG, 2 no CORGA).

²²⁵ *Et poyna toda sua forza por me seruyr* (HT. Ápud XEL).

- 628. Põer na via** ‘facilitar os medios (para lograr algo), encamiñar’: *porrei-t’end’eu ena via* (231: 53); *ca eu te porrei na via* (325: 47).
- 629. Põer no corazón (de fazer algo/que...)** ‘tomar a decisión (de facer algo), comprometerse (a facer algo)’: *no corazón pos de non casar* (105: 31); *en aquela ora | pos eno seu corazón || que daquelo que lle davan | que lle déss’en seu q[u]yõn* (353: 46). A UF non chegou aos nosos días.
- 630. Põer o corazón en (alguen)** ‘confiar plenamente en (alguén)’: *por Santa Maria | podía aver perdon, || se a serviss’e posesse | en ela seu corazón* (155: 48).
- 631. Põer preito con (alguen)/ontre ssi** ‘acordar (algo con alguén)’: *e pos preit’atal [...] con ele que se fo ss’a como quer / e que a fillasse pois por moller* (58: 18–21); *Eles de Lisbõa eran, | e atal preito poseron || ontre ssi que correr fossen | o Algarv[e]* (277: 10–11).
- 632. Põer/Seer a voontade en (alguen)** ‘confiar plenamente en alguén, depositar en alguén todas as esperanzas’: *en Santa Maria | sa voontad’e seu sen || posera* (173: 16–17); *pois sa voontade / foi na Virgen* (196: 15). Vid. **Tëer a(s) voontade(s) en (alguen)**.
- 633. Por amor de** ‘debido a, grazas a, para honrar a’: *amava a Santa Maria || e por amor dela dava sas rações* (145: 12–13); *deu y grand’alg’o soldan || por amor da Virgen* (165: 72–73). Outros casos: (145: 27), (182: 36), (236: 23), (246: 11), (258: 37).
- 634. Por ben que (+ VERBO EN SUBXUNTIVO)** [valor concesivo] ‘por moito que’: *mais non poderon | daquel logar o mover || que na eigreja entrasse | por ben que fossen puxar* (127: 34–35). A UF documéntase en gal. moderno.
- 635. Por costume** ‘por norma; coma algo habitual’: *áno ja por costume* (304: 19). Con este valor conmuta por *de costume* (vid. arriba); *queimar oyo d’oliva | nas lampadas por costume* (304: 29). A UF chegou aos nosos días. Vid. **Por uso**.
- 636. Por dereito** ‘con todo o dereito’: *dos Romãos Rey || é per dereit’e Sennor* (A: 17–18).
- 637. Por Deus** 1. [co vbo. *dar*] ‘en nome de Deus, exercendo a caridade’: *Esto nos dan do allëo || por Deus* (15: 43–44); *sol por Deus un dëiro || non dava* (45: 8–9); *por Deus dava | quanto collia* (67: 13); *por Deus nen por sa Madre | non dava sol nen dinneiro* (75: 15).
2. [valor apelativo, reforza unha súplica; neste uso pode acompañar os verbos *pedir*, *rogar* e sinónimos]: *Por Deus || de quen é Madre de piadade || Santa Maria, ay amigos meus, || roguemos-lle* (15: 71–74); *Mas tornemos y log’a cordura, || por Deus* (15: 144–145); *Por Deus, mia filla* (55: 28); *por Deus, ben m’ascuitade* (67: 64). Vid. **Por mercee**.
- 638. Por maneira** ‘por maña’: *e que aquesto comprisse | entrou-l’ende por maneira* (43: 23). Mettmann (DDGM, s. v. MANEIRA) dá como valores para *maneira* nesa UF, ‘costume, hábito, uso, práctica’. A UF

documentábase tanto en gal.-port. como en cast. medieval.²²⁶ Canto ao sentido da UF no contexto da cantiga nº 43, debemos entender, tendo en conta que logo o personaxe vai incumprir a prometido, que esa promesa a fai coma unha ‘maña’ para conseguir o que quere, pero sen sinceridade.

639. Por mercee [valor apelativo, reforza unha súplica] ‘por favor’: *Sennor, por mercee non me desanpares* (267: 65); *por mercee, mia Sennor, || te peço que tu mi acorras* (291: 36); *a nossos erros non cates | por mercee* (313: 54); *que falasse || con el Rei e por mercee | lle pediss’ e lle rogasse* (328: 70–71).

640. Por mesura ‘por piedade, por bondade (túa)’: *Ai, Sennor groriosa, || se a Ostia tées, | dá-mia por ta mesura* (149: 36). A mesura é unha virtude paradigmática de todo bo amador. Na lírica profana é sinónimo de moderación ou autocontrol; mais tamén é sinónimo de ‘virtude por excelencia’ ou bondade. Nas oracións na modalidade imperativa, nas súplicas amorosas, podemos dicir que a mesura conmuta por ‘bondade innata que hai no ser amado’ ou por piedade,

conmiseración.²²⁷ E así tamén nesta cantiga afonsina que nos ocupa.

641. Por paravra ‘de forma oral’: *Des que [...] lles ouve dito || por que os viir fezera | por paravr’e por escrito* (386: 20–21). A UF aparece amplamente documentada nos corpus medievais.²²⁸ Na lingua actual nestes casos dicimos *de palabra*.

642. Por prazer de [valor causal] ‘por ser o gusto ou a vontade de’: *por prazer da Groriosa* (6: 70), (43: 78), (48: 42), (336: 63), (354: 45). Outros casos: (19: 13), (21: 52), (125: 125), (218: 56), (405: 63). Ocasionalmente rexistramos a variante co artigo: *polo prazer da Madre* (329: 76).

643. Por quanto 1. [Valor causal] ‘porque, visto que’: *e por quanto s’el casara, | tan gran pesar ouv’enton* (104: 13); *Deus te vingará || de ti por quanto quisische | do demo ssa compan[n]ia* (125: 100–101); *errara || en seu connocer || por quanto viltara || a fii tan cara* (192: 117–120); *mio fui merecer, || por quanto na ta hermida | mandei o fogo pōer* (316: 40–41); *Ca por quanto tu pintavas | meu nome de tres pinturas, || leva[r]-t-ey suso ao çeo* (384: 45–46).

²²⁶ Porén, dous dos textos que máis axudan a entender o significado desta frase autónoma (sen ser modificada por unha estrutura con *de* ou *que*, ou por un adxectivo) están en cast.: *socorro que auran por manera. o por alguna maestrias* (Anónimo, *Judizios de las estrellas*, 1254-1260, CORDE); *las maneras son toda cosa que ayuda al omne por que pueda fazer por manera lo que non podría fazer tan ligera mente por / fuerça; [et] non las puede aver omne si de otrie non las aprende* (Juan Manuel, *Libro de los estados*, 1327-1332, CORDE: contrapón J. Manuel o que se aprende ‘por manera’ a atributos como a forza e a valentía, que serían ‘naturais’).

²²⁷ Documentamos ducias de casos: *doede-vos por mesura | de mim* (Don Denis, 1240, XEL), *por Deus, mia senhor; | e por mesura e por quanto ben | vos el foi dar* (Vasco Gil, 1240, XEL), *por Nostro Sennor; | e por mesura [...] jay, meu lume, doédevos de min!* (Pai Gomez Charinho, 1240, XEL) etc.

²²⁸ Pode modificar distintos verbos: *fez sua manda por paravoa* (Pedro Eanes notario, *Santa Maria de Belvis*, 1382, XEL); *apertarō tãto que por paravoa nẽ por sinal, des aquela ora nõ poyde mostrar nihũa cousa* (Anónimo, *Miragres de Santiago*, 1390, XEL); *per palabra requeriron* (Anónimo, *Libro do Concello de Pontevedra*, 1440, XEL) etc.

2. [valor ponderativo, intensificador, modificando o verbo *poder*] ‘(facer) todo o posible’: *pero por quanto podessen || que non foss’el descoberto* (215: 62–63).

644. Por seu/sou 1. ‘moi devoto, entregado ou fiel á persoa en cuestión’; [con verbos como *fillar*] ‘ao seu servizo’: *nos erdar || por seus de sa masnada* (1: 8–9); *Poi-la Groriosa o cavaleiro por seu || fillou* (16: 80–81); *Gran poder á [...] en deffender quen se chamar por seu* (22: 5–6); ANDAR + *por seu/meu* (84: 43), (291: 48, 52); FICAR + *por seu(s)* (101: 41–42), (135: 33–34); (299: 1); OUTORGAR-SE + *por seu/sou* (281: 72); (314: 62); TER + *por seu(s)*: (390: 21).

2. ‘da súa propiedade, en propiedade’: *Assi gannou a eigreja | Santa Maria por sua* (214: 50); (235: 61).

A UF, con valor n^o 1 referido a persoas, non a documentamos na lingua actual; si se documenta no sentido n^o 2 referido a cousas.²²⁹

645. Por uso ‘por costume’: *miragres mui fremosos | fez senpr’, e á-o por uso* (352: 57), *collera-o por uso* (369: 15).

646. Por verdade [expresión con que se asegura que algo, do que o falante non é testemuña directa, é certo]: *ante dez dias, oý por verdade, || que a nave foss’a aquela cidade [...] foi el y chegado* (267: 90–93); *un mui gran miragre | vos direi que me juraron || omees de bõa vida | e por verdade mostraron* (302: 5–6); ACHAR + *por verdade*: (292: 67–68), (305: 31), (355: 111), (356: 33).

647. Pouco á ‘hai pouco tempo’: *desta guisa avõo | pouc’á a un cavaleiro* (45: 6). Outros casos: (48: 6), (149: 14), (185: 5), (202: 7), (203: 7), (274: 5).

648. Pouco nen muito ‘nada’: *non podia / pouco nen muito comer* (318: 45). A UF documéntase tamén na prosa medieval e chega aos nosos días.²³⁰

649. Prender ocajon ‘poñerse en perigo, concitar a desgraza’: *el nona creeu, || e foi-ss’e prendeu ocajon* (146: 51–52); *é gran dereito | de prender gran[d]’ocajon || o que contrafazer cuida* (293: R); *me guarde de morte | per ocajon prender* (401: 37).

650. Prender torto ‘sufrir un agravio, ser tratado inxustamente’: *algún torto prende; gran torto prendia* (264: 12, 14). Outros casos: (265: R).

²²⁹ *Dariache o que nin sequera os grandes Don Afonso e Don Ramiro chegaron nunca a ter por seu* (Dario X. Cabana, *Morte de Rei*, 1996, TILG). Nestes casos o valor é paralelo ao do esquema, tan propio da lingua actual, de *de meu, de teu, de seu...*, onde o significado é de ‘propiedade inalienable’. Da mesma maneira, *ter por seu* tamén expresa ese concepto. Unha variante, doada de documentar en gal. de hoxe en día, da UF con *por* cobra un valor distinto, de uso e desfrute: *Tiñan o tempo por seu* (García Barros, *As aventuras de Alberte Quiñoi*, 1972, TILG).

²³⁰ *E nenhuu nõ seya ousado d’enbar[gar]lhos en pouco nen en muyto* (Afonso X, *Foro Real*, 1280, CGPA); *nom choveo pouco nem muyto; nõ dizer pouco nem muyto do que hi avya* (Afonso X, *Crónica Geral de Espanha de 1344*, 1344, CGPA); *nõ preçaua pouco nõ moyto* (HT. Ápud XEL).

- 651. Prender viltança** ‘sufrir un agravio’: *dá-me vingança, || ca pris viltança || en ta romaria* (57: 55–57). A voz documéntase doadamente na literatura medieval peninsular,²³¹ non así a colocación con *prender*. Non chega aos nosos días.
- 652. Qual nunca + ESTRUTURA VERBAL** [valor ponderativo, indica un grao superlativo]: *coita que mi o demo dá || qual nunca moller ouve nen averá* (298: 59–60); *fillaron dano | dele, qual nunca fillaram* (366: 11); *ouve door tan grande | qual nunca cuidei aver* (391: 23). A ponderación documéntase en gal. moderno.²³²
- 653. Qual quer que seja** [Expresa indiferenza ante varias opcións posibles]: *dá -me meu fillo morto || ou viv'ou qual quer que seja* (6: 63–64); *Dade-mia qual quer que seja, | sequer viva, sequer morta* (354: 35). A construción admite un uso pronominal e admite un uso entre adverbial e adxectivo, como vimos, mais tamén rexistramos *qual* con valor de determinante: *Poder á Santa Maria | grande d'os seus acorrer, || en qual logar quer que sejan* (185: 4). A UF documéntase durante a baixa Idade Media: *toda cabeça de rrio, qual quer que seja* (Afonso X, *Xeral Historia*, 1300, XEL).
- 654. Quanto (mais) + poder (+ INFINITIVO), Quanto mellor + poder** [intensifica e reforza a acción verbal] ‘a máis non poder, coa máxima potencia, a toda velocidade’: *quanto mais pod'a Roma começou de ss'ir* (5: 62); *rezõaron quanto mais poderon* (26: 91); *foi-sse quanto ss'ir pude* (158: 25); *começou / sa oraçon quant'ela pode mellor* (298: 36–37). Outros casos: (91: 48–50); (94: 25), (97: 44), (102: 14–15), (128: 38–39), (137: 11), (104: 29), (147: 43), (277: 25–26), (285: 52), (299: 11), (309: 11), (332: 69), (335: 62), (336: 18), (366: 65), (367: 54).
- 655. Que quer** ‘algo, algunha cousa; todo’: *mas se de quant'el mostrou || foss'a mi que quer mostrar* (46: 54–55); *que quer pod'acrescentar* (258: R); *poren que quer comeremos | que non leixaremos nada* (277: 31).
- 656. Que quer que** ‘calquera cousa que’ (R. Lorenzo, DDGM, s. v. QUEQUER): *A moller, a que pesava | de que quer que el mandasse* (75: 43); *Ca que quer que seja daquesta Sennor || valrrá muit' a que de mal contado for* (123: 5–6). Outros casos: (203: 13–15), (212: 7–8), (287: R), (349: 7), (369: 15).
- 657. Quebrar-lle o coraçon:** Vid. **Partir(-lle) o coraçon**.
- 658. Quedo quedo** ‘moi amodo, paseniño’: *se levantou o monge; e gran medo || ouveron os outros, e quedo, quedo || foron tanger hũa ssa canpanña* (54: 71–73). Esta frase integrámola con algunha dúbida. Son moi raras as UF consistentes na repetición literal dunha verba: *lagarto lagarto* e *pan pan* son as únicas que rexistramos. Porén,

²³¹ No que sabemos, a primeira documentación de *viltança* é a do Cantar de Mio Cid: *Grant es la biltança de ifantes de Carrión* (Anónimo, *Poema de Mio Cid*, c 1140, CORDE).

²³² Hai unha ducia de concorrencias de *cal nunca + estrutura verbal* con valor ponderativo no TILG, datadas entre 1863 e 2012.

esta máis ca probable UF medieval ten ao seu favor a rica concorrencia de construcións paralelas na lingua actual.²³³

659. Quen diria?, Quen o contaria?

[interrogación retórica con valor ponderativo: pondera algo incontable, inenarrable, inabarcable]: *Quen diria, || nen que osmar poderia || teu ben e ta gran mesura?* (340: 36–38); *con quanto ben nos vñisti, | queno contaria?* (40: 40–41). Documentábase tamén na prosa medieval.²³⁴

660. Quen faz tal feito, | desta guisa o rende

[frase proverbial: expresa como xusta a correspondencia entre erro ou crime e castigo]: *E aquel que o ferira | eno fogo o queimaron, || dizendo: “Quen faz tal feito, | desta guisa o rende”* (6: 89–90). A UF preséntasenos como un antecedente da paremia actual *Quen o fai, que o pague*.²³⁵

661. Quen ou quen [valor indefinido]

‘un ou outro’ (Mettmann: DDGM, s. v. QUEN), ‘un ou dous, algún’: *mui poucos y ficaron, | senon foi ou quen ou quen* (244: 18).

662. Quen quer que ‘quenquera que’:

quen quer que o oya (6: 23); *quen quer que o visse espantar-s-ia* (61: 23). Outros casos: (144: 16), (153: R), (167: R), (238: 66), (319: 16), (324: 16), (361: 31).

663. Quer... quer [valor disxuntivo-distributivo]:

a guisa d’om’esforçado, | quer en guerra, quer en paz (183: 8). Esta estrutura correlativa documentábase na lírica profana (*quer me queyrades, senhor, bem, quer mal*: Afonso Sanchez, 1301, XEL) e chega aos nosos días.

664. (Querer/querer-lle) mui gran ben, (Querer-lle) ben grande, (Querer-lle/se) gran ben

‘moito’: *avia un fillo que mui gran ben || queria* (269: 11–12); *a sa moller queria mui gran ben* (5: 19); *Un sobrynn’est’abadessa | avi’, a que mui gran ben || queria* (285: 24–25); *ben / grand’a seu fillo queria* (4: 70–71); *atan gran ben lle queria*: (338: 16), (353: 41), (354: 17); *estes dous, que gran ben || se querian* (135: 49–50). Ningunha destas formas intensificadoras se conservan en gal. moderno.²³⁶

²³³ *Todo estaba calado. Quediño, quedo* (F. Porto Rei, *Papel e tinta*, 1901, TILG); *e digo quedíño, quedo* (Antonio García Hermida, *Charetas*, 1916, TILG); *falaba quedíño, quedíño* (R. Rodríguez Díaz, *Alentos da terra meiga*, 1927, TILG); *O galán, quedo quedíño, en xuro de prometida donoulle unha rosa; con deixo e mimo de avó, inquire quedo quedíño* (R. Cabanillas, *Camiños no tempo*, 1949, TILG); *como bolboretas repousadas, as ágoas quedo quedíño* (R. Cabanillas, *Prólogo a Antifona da cantiga*, 1951, TILG).

²³⁴ *Mais ¿quen uos poderia contar as muy grandes alegrias que hi aquel dia forõ feitas [...]?* (TC. Ápud XEL), *quen vos poderia contar o doo que por el faziã* (HT. Ápud XEL) etc. A frase, con valor admirativo-ponderativo, chega aos nosos días. Na lingua actual o seu uso frecuente é seguida dunha cláusula completiva introducida por *que*, mais temos tamén casos de exclamación sintacticamente autónoma: *E pra demostrar o gran inxenio que poseía, fixo unha vez ¡quén diria! un órgano para o San Cílistino da Mahía* (C. Abelleira, *Cousas e contos de por aló*, 1936, TILG) etc.

²³⁵ <https://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/Ficha.aspx?Par=58660&Lng=2>. Hai variantes:

O que as fai, atópaas; O que as fai, que as pague (Vázquez Saco, 2003, p. 253). En cast. documentamos os proverbios correspondentes no XVII: *Quien la hace la espere* (D. A. Velásquez, *El celoso*, 1602, CORDE); *Quien la hace la paga* (J. de Barrionuevo, *Avisos*, 1654, CORDE).

²³⁶ Só teñen uso as formas *querer/quererlle ben* (con acusativo ou con dativo): *Eu querer quixente ben; Eu querer queroche ben* (Pérez Ballesteros, *Cancionero Popular Gallego*, 1886, TILG), se ben a estrutura con dativo é a predominante.

665. (Querer-lle) gran mal/tan gran mal ‘(desamar) moito’: *sempr’ acostumad’ an || de querer gran mal à do mui bon talan* (27: 70–71); ca lle queria gran mal (287: 36); *ssa sogra lle queria tan gran mal* (186: 16).

666. Revolver a pousada ‘promover discordia e confusión’: *Ao demo non pro[u]gue | dest’, e con grand’ enveja || revolveu a pousada* (241: 39–40). Un valor semellante documéntase na lírica profana.²³⁷

667. Riba de ‘na beira de’: *andaron riba d’ un rio* (254: 13); *Riba d’ Odian’ á hũa ssa eigreja* (319: 14).

668. Sacar as linnas do sêo ‘poñer ao descuberto as intencións, a forma de ser verdadeira ou íntima (de alguén)’: *Foi sacar ao demo logo as linnas do sêo* (67: 63). Integramos

esta expresión con dúbidas. Por varias razóns: unha, porque non a volvemos documentar, fóra desta cantiga; dúas, non sabemos a ciencia certa se a UF está ben segmentada. Cabe a posibilidade de que a UF *sexa sacar(lle) as liñas (a alguén) ou sacar do seo* ‘descubrir’.²³⁸ Con todo, a favor desta formulación conxunta, *liñas do seo*, está o feito de documentarmos *liñas das mans, liñas do corazón, liñas do cerebro, liñas do fígado, liñas do espírito, liñas do sentimento*.²³⁹

669. Sacar/Toller das mãos ‘librar (a alguén) dunha malleira ou da morte a mans doutra persoa’: *chegou un Conde, que lla foy das mãos toller* (5: 73); *non vïia quen lla das mãos sacasse* (5: 104); *a querian poren matar; || mai-lo crerigo das mãos |*

²³⁷ *Saben trastornar a pousada* (Pero da Ponte, 1240, XEL; neste escarnio o valor máis exacto é ‘poñer todo patas arriba’, un sentido que tamén lle cadra á cantiga afonsina). Na lingua actual verbos como *revolver/ remexer* seguen aparecendo en UF sinónimas da medieval: *remexer o caldo, remexer a feira* (López e Soto, 2020, pp. 121, 308); *revolver o caldo* (TILG).

²³⁸ Nebrija integra esa frase, *sacar del seno = exsinuo*, no seu *Vocabulario español-latino*, publicado en 1495 (Ápud CORDE).

²³⁹ As liñas das mans son importantes na arte da quiromancia que se cultiva desde a noite dos tempos e que chega aos nosos días. Da importancia deste saber dá fe o padre Feijoo, quen, aínda no XVIII, lle dedica tempo e espazo e parece estar convencido de que hai en toda esa cuestión un fondo de verdade científica: «La oposición que hai entre los autores de Chiromancia en quanto a la atribución de los espacios de la palma a los planetas confirma que cada uno discurre a proporción de su antojo. Unos atribuyen a Venus el monte que está a la raíz del pulgar, y otros, a Marte. ¡Monstruosa equivocación, siendo tan diversos los genios de estos dos planetas! El que está a la raíz del dedo pequeño, atribuyen unos a Mercurio, y otros, a Venus. El triángulo, que en medio de la mano se forma de las líneas del corazón, cerebro y hígado (assí las llaman), dicen unos que es de Mercurio, otros, que de Marte.» (B. J. Feijoo, *Theatro crítico universal*, 1728, CORDE); *as linhas do espírito* (que se tecen e se torcen) documéntanse facilmente en brasileiro actual (ducias de concorrencias en Google).

En gal. moderno documentamos as *liñas do sentimento*: *Antón da Carballeira, sabe desenmarañar as liñas do sentimento i arrincar auga das penas* (R. Frade, *O rey da carballeira*, 1917, TILG); *xa nos imos afacendo a fiare na roca da enxebrea, non o liño aspro i enfouzado, cal se facía noutroira, senón as liñas morosas, sedeñas, que dando altor ás ideas, erguen os pensamentos i os sentimentos* (Semanario *O tío Marcos da Portela*, 1917, TILG). E temos a frase, aboada por Noriega Varela (*Como falan os brañegos*, 1928, TILG), *torcer as liñas* ‘experimentar as dores do parto’, que parece remitir de novo ao interior do corpo. Está claro que *liñas* é unha voz altamente polisémica. Dalgunha maneira, as «liñas», especialmente nunha sociedade precientífica, servían para trazar unha forma «interna» (do corazón, do espírito...), corporal e psíquica.

Recordemos, á derradeira, que o sentido de *liña* como ‘orientación no modo de pensar’ ou ‘conduta’ chega ata os nosos días, tal como se pode apreciar na acepción nº 6 do DRAG e mais do DEL. Canto ao sentido de *seo*, xa nas traducións bíblicas peninsulares do s. XIII aparece cun significado semellante a ‘corazón’: alude á intención íntima ou oculta da persoa; o que alguén trae no seu seo é a súa intención última, a súa esencia.

muit'agynna lla tollia (125: 55–56). A UF está no límite da literalidade, é dicir, está a medio camiño entre a interpretación literal e o valor fraseolóxico. A variante con *sacar* chega aos nosos días.²⁴⁰

670. Sair a concello ‘facer algo público; ser algo de público coñecemento, divulgarse’: *E porque achar non pode consello | nos que fiava, porend'a conçello | non ousou sayr* (62: 27); *porque aqueste feito sol non saiss'a concello* (215: 46).

671. Sair a + PRONOME PERSOAL, Sair-lle de cara ‘saír ao encontro, plantarse diante’: *San Basill'a pe de dũa serra || sayu a el por xe ll'omillar* (15: 27–28); *enton seus ãemigos | lle sayron de cara* (148: 27); *fez de fora chamar, || e pois que sayu a ele* (164: 21–22); *que ll'arreferyu // como non sayu a ele* (285: 62–63). Documentamos tamén *parárselle de cara* na prosa medieval: *parouxellj de cara logo, assy que llj nõ pode fugir* (TC. Ápud XEL).

672. Sair do (seu) siso ‘tolear’: *creceu-lli tal felonía, || que de seu siso sayu; || e seu fill'enton prendia, || e u o forn'arder vvyu || meté-o dentr'* (4: 62–63). Na lingua actual ese

mesmo concepto pódese render co substantivo *siso*.²⁴¹

673. Sair-lle a alma (da carne/do corpo) [a UF presenta un claro fondo ideolóxico-relixioso, é de uso literario] ‘falecer’: *E u ll'a alma saya, || log'o demo a prendia* (11: 36–37); *quando ll'a alma de sa carne foi saida* (75: 175). Outros casos: (119: 73), (132: 160–161), (138: 74–75), (149: 70), (239: 59), (274: 71–72).²⁴²

674. Sair-lle a mal ‘ter as accións de alguén resultados negativos, saír lle mal (algo a alguén)’: *quanto fazia | por ben saya-ll'a mal* (281: 11). Documentamos a UF tamén na lírica profana.²⁴³

675. Sair(-se) o día ‘finalizar o día’: *Poilas vodas foron feitas | e o dia sse sayu* (42: 62). Documentamos a UF na lírica profana e mais na prosa medieval.²⁴⁴ Non chegou aos nosos días.

676. São com'hũa maçaã [pondera a calidade de san]: *quantos enfermos fores beijar | serán tan sãos com'hũa maçaã* (105: 108–109). A UF subsiste na lingua actual (DFGC, p. 428).

677. São e vivo, Vivo e sã [valor enfático] ‘ben vivo, vivo sen dúbida ningunha’: *sacaron o menço | du o*

²⁴⁰ *Se non lle sacan das mans ese pobre monicreque é capaz de esnaquizá-lo* (A. Santamarina, *Carlo Collodi: As aventuras de Pinocchio*, 1987, TILG).

²⁴¹ *Amolecer/faltar/perder/toller/trastornar o siso, andar mal gobernado do siso, (tirar) fóra do siso* (variantes tiradas do TILG).

²⁴² Na lingua actual documentamos unha variante da UF medieval para significar un estado do ser a medio camiño entre a esfera dos vivos e dos mortos: *Fuxeume a alma do corpo e ando no medio dos vivos como si estivera morto* (Cabanillas, *Vento mareiro*, 1921, TILG).

²⁴³ *Et mays que a ben a mal lhe salrrá* (Pero Vivíaz, 1240, XEL). Hoxe en día úsase *sair a mal con (alguén)*, referido ás relacións humanas (DRAG, s. v. SAÍR).

²⁴⁴ *Jurastes que toda vya | verriades de bon grado, | ante que sayss'o dia* (Pero Garcia Buralgès, 1240, XEL); *ante que o dia sayo, moytos gregos tomarõ porto* (HT. Ápud XEL).

judeu o posera || viv'e são (6: 74–75); “*Este terrei eu trões que vir [...] O meu são e vivo viür sen lijon nen mal*” (76: 29–31); *dá-mia viva | e sãa ora en don* (84: 59). Outros casos: (84: 67) (107: 31–32), (142: 57), (241: 3), (352: 43), (355: 112), (383: 54). A UF rexístrase na lírica profana e mais en gal. moderno.²⁴⁵

678. Se Deus m’ajude/ampar/defenda (de mal)/parca/veja 1. [valor atenuante ante un erro, algo que resulta increíble, atrevemento ou ofensa posibles]:

Se Deus m’ampar; / por salva poss’esta dar (7: 57–58); *gran traíçon y penssastes, || e, se Deus m’anpar [...] non vos pode durar* (26: 71–74); *Se Deus me parca, || querría saber* (145: 57–58). Outros casos: (28: 32–34), (30: 3–4, 26), (31: R), (227: 6), (297: 12), (316: 18), (347: 45).

2. [valor esconxurador] ‘Deus nos arredre/libre’: *foy-os segurar || que non fosse corrudo || o reino, se Deus m’anpar* (28: 135–137); *Pouco devemos preçar || o demo, se Deus m’anpar* (190: 3).

3. [valor impetrante] ‘se Deus quere axudarme (lograrei facer algo ben)’: *E dest’un miragre, se Deus m’anpar, || mui fremoso vos quer’ora contar* (52: 5); *un miragre vos quero contar || que Santa Maria fez, se Deus m’anpar* (63: 7); *direi, se Deus me defenda* (323: 7).

4. [valor aseverador, especie de xuramento]: *Se Deus m’anpar, ||*

Santa Maria guardarme || quis por merecimentos || non meus (33: 64–67); *que a Virgen muit’amar || sabia, se Deus m’anpar* (59: 16); *Se Deus me veja, || esta claridade non e humãa* (69: 32–33). Outros casos: (108: 24), (115: 168), (234: 6), (321: 35).

679. Se Deus quiser [valor desiderativo, enuncia algo referido ao tempo futuro]: *Mais, se Deus quiser, esto non será* (58: 70); *e, sse Deus quiser, || assi yrá tod’aquela | que atal feito fezer* (235: 76). Na lingua actual predomina o presente de indicativo, aínda que non é infrecuente documentar o futuro de subxuntivo (*Se Dios quixer*) na lingua literaria (8 concorrencias no TILG, 1 no CORGA).

680. Se non (+ NÚCLEO SUBSTANTIVO/CLÁUSULA DE RELATIVO) [valor adversativo] ‘agás, salvo’: *non escapou baron || nen moller dos que y eran, | se aquela soa non* (236: 17–18); *nunca faz se ben non* (286: 11); *mais pero, se non luz, || nulla ren non acharon* (419: 147–148); *agua non avia || se non quant’o cavaleiro | da fonte lles dar quera* (48: 16–17); *Sandeçe || non á en aquel se non quanto parece || aas gentes* (65: 85–86). Con máis frecuencia, porén, documéntase nas *Cantigas grafado senon: todo-los matou || senon el* (131: 31–32). Na lingua moderna este valor adversativo de *senón* perdura.²⁴⁶

²⁴⁵ *Dinantes de me meter sano e vivo nun dos wagós en Ourense pra chegar calavre a Vigo* (Semenario *O tío Marcos da Portela*, 1884, TILG); *o dun tratante que lle caeu un macho cargado e quedoulle vivo e san* (Risco, *Etnografía: Cultura espiritual (Historia de Galiza)*, 1962, TILG).

²⁴⁶ *Porque xa non manda sobre nós senón o rei* (González Senra, *Carta recomendada*, 1812, TILG) etc.

- 681. Se por ben vir** ‘se é o caso, sempre que sexa conveniente, se che/vos parece’: *door*; || *de qual vos guarde Deus, se por ben vir* (126: 22–23); *de nos seja | loada, se por ben vir* (269: 54); *merçees que me gâes | se o Deus por ben vir* (401: 53); *sey ca o fara || se o tu por ben vires* (401: 94–95). A UF é unha especie de deprecación para adxuntar á petición de algo.
- 682. Se quer que** ‘no caso de que’: *Se quer que seja || Deus que o jogo gâedes, | esta ygreja levade* (214: 27–28). Documentábase tamén na lírica profana: *se quer que moira poren* (Johan Garcia de Guilhade, 1240, XEL).
- 683. Se te/vos/lle (a)prouguer** [fórmula de cortesía; naqueles casos en que vai dirixida aos lectores o que temos é o recurso retórico da *captatio benevolentiae*] ‘se lle/vos parece ben, se gusta(des)’: *se ll’aprouguer* (B: 41), (203: 18); *se vos prouguer* (64: 22), (131: 88), (271: 24), (287: 5), (318: 18), (353: 6), (372: 5), (378: 27), (419: 116); *se te prouguer* (186: 55). A UF documéntase en gal. moderno, se ben o seu uso é literario.
- 684. Seer dado a (alguen)** ‘ser fiel a, devoto de’: *Este era todavia / mui dad’a Santa Maria* (102: 12–13). A UF chega aos nosos días.²⁴⁷
- 685. (Seer) de bõa vida** ‘ser boa persoa, levar unha vida exemplar’: *Enton o preste, | com’era de bõa vida, || foi con el* (128: 43–44); *omees de bõa vida* (302: 6). Outros casos: (149: 4), (192), (288: 9), (312: 87), (336: 27).
- 686. (Seer) de bon/mal solaz** ‘de bo/mal talante, (ser) simpático/antipático’: *era mui fremoso e apost’assaz, || e ar mui leterado e de bon solaz* (93: 12–13); *foi aquest assaz || e mui fremoso [...] e de bon solaz* (404: 15–17); *Vai ta via, | mui’tes de mal solaz* (47: 30).
- 687. (Seer) de creer** ‘(ser persoa) merecedora de creto, fiable’: *o’y contar || a omees bõos e de creer* (144: 8–9); *omêes bõos | e que eran de creer* (173: 6). A UF documéntase con certa frecuencia na prosa medieval en gal. e mais en cast.²⁴⁸
- 688. Seer deitado a** ‘ser dado a’ (Mettmann, DDGM, s. v. DEITAR): *era [...] a lussuria tan deitado* (111: 17–18). Hoxe diríamos (*moi*) *inclinado a*.
- 689. Seer dereito** ‘ser xusto, ser de lei’: (*Gran*) *dereit’è* (34: R), (35: 4), (52: 3), (56: R), (35: 130), (103: 54), (108: 3), (116: 4), (117: 5), (163: 12), (186: 50), (230: 3), (244: R), (245: 8), (264: 5), (313: 6), (318: R). Outros casos: (43: 55–56), (163: 12), (220: 5, 10, 15), (229: 4), (240: 29), (293: R), (318: 53), (329: R).
- 690. (Seer) do bando de** ‘ser partidario de’: *senpre Deus e ssa Madre | amou e foi de seu bando* (221: 12); *sõo de seu bando, || e que ando || a loando* (300: 42–44). A expresión chega aos nosos días, referida case e sempre a partidos

²⁴⁷ Aínda que na maior parte dos casos *ser dado a* alude a afeccións, intereses ou hobbies, é posible documentar en gal. moderno o uso referido a persoas: *É un belo rapaz moi dado a nós* (Álvaro de las Casas, *Xornadas de Bastián Albor*, 1931, TILG).

²⁴⁸ *Homêes bõos, et de bõa ydade, et de creer* (HT. Ápud XEL); *personas coronadas qe son bien de creer* (Berceo, *Vida de San Millán de la Cogolla*, c 1930, CORDE) etc.

políticos ou faccións enfrontadas. Chama a atención este uso medieval no que parece entrar en xogo a loita entre o ben (representado por Deus e María) e o mal. Un caso paralelo documéntase no gal. do s. XIX: *vaite ó inferno que aló sin pagar hai criados, e fan danza bellamente ós que siguen o seu bando* (Semnario *O tío Marcos da Portela*, 1884, TILG).

691. Seer en falla ‘faltar, incumprir’: *non querría en falla / seer do que prometudo ey* (355: 32–33). Documéntase tamén en cast. medieval.²⁴⁹

692. Seer fis ‘estar seguro, ter a certeza’: *soon fis || que te porrá consello* (115: 141–142). Outros exemplos: (5: 181), (35: 112), (63: 91), (146: 83), (238: 61), (245: 117), (246: 37), (251: 7), (265: 100), (292: 2), (404: 46–47), (419: 136), (421: 12).

693. Seer hora ‘ser o momento oportuno para facer algo’: *Sal acá, alma, | ca ja tenp[o] é e ora* (75: 155).

694. Seer (moi) ben andante ‘irille ben, ser afortunado na vida’: *Daly adeante || foi mui ben andante* (195: 199–200). Rexístrase tamén na lírica profana.

695. Seer obra de aranna ‘ser un traballo mal feito, pouco consistente ou pouco

fundamentado’: *Obra d’aranna [...] E, Sennor, sse Deus nos valla, | aquesto que vos fazedes || en convidar tan gran gente, | e pescado non tēedes* (386: 43–45). Noutro lugar xa falamos da expresión *ser o conto da araña* (Soto & González, 2009, p. 215) coa que se alude a un traballo mal feito; esta expresión (e a variante *ser coma o traballo da araña*), conservada na fala das anciás da nosa familia valdeorresa, pode considerarse emparentada coa frase afonsina. A fábula do verme e a araña está na contística popular europea e tamén figura na obra de Tomás de Iriarte e é moi probable que haxa unha conexión directa entra esa fonte literaria —as fábulas que se aprendían na escola— e a súa subsistencia en falantes valdeorreses. Con todo, existe a posibilidade dun valor fraseolóxico paralelo xa na lingua medieval, sobre todo se temos presente que o labor da araña forma parte das imaxes relixiosas.²⁵⁰

696. Seer tan... que mais non pode seer [expresión ponderativa; o verbo *ser* pode conmutar por outros verbos]: *tan luxurioso // era que mais non podía seer* (336: 23–24); *üu tan fremoso minyo || que mais seer non podía* (345: 71–72); *foi o braço tan*

²⁴⁹ *Los que tal ficieren ó fueren en falla ó en consejo de ello* (Anónimo, *Leyes establecidas contra los judíos y moros...*, 1412, CORDE).

²⁵⁰ *Edificou unha casa de araña* (Xob 27: 18): esta posible UF aparece nunha enumeración de cousas frustradas, sen efecto; fálasa da sorte que Deus reserva ao malvado. No Corán (29: 40–43) relaciónase aínda máis explicitamente a *casa que utiliza a araña* coa debilidade fatal dos prepotentes (Pedrosa, 2011, p. 137). Este autor engade: «De hecho, existe un cuento de animales de gran difusión, el que tiene el número 283D en el catálogo de cuentos universales de Antti Aarne y de Stith Thomson, que muestra analogías adicionales con los relatos que estamos analizando, porque presenta una competición entre la araña y otro ser más diestro y más sabio cuyo desenlace lleva a constatar que la “casa de la araña” es una obra de menor calidad. Así es como ha sido resumido (en el mismo catálogo de Aarne y Thompson) el argumento más común de este tipo cuentístico: “La araña se ríe del gusano de seda que trabaja tan lentamente. El gusano de seda dice que su trabajo es valioso, mientras que el de la araña no sirve”» (Pedrosa, 2011, p. 137).

inchado || *que mais seer non podia* (346: 20–21). Hai variantes próximas na lingua actual.²⁵¹

697. Seer tempo (de) ‘ser o momento oportuno para facer algo’: *Sal acá, alma, | ca ja temp[ol] é e ora* (75: 155); *E diss’el: “Temp’é d’andar* (216: 37–38); *me quero /yr con el, ca temp’é* (251: 102).

698. Seer vento que passa [pondera o carácter efémero ou insubstancial de algo]: *dultava // que alma non era / senon vento que passava* (365: 12–13). A ponderación chega aos nosos días e é doado documental na linguaxe poética, tanto en gal. coma en cast.²⁵²

699. (Seer/tornar) sandeu con amores [pondera un desexo amoroso extremo] ‘tolerar por causa do amor ou do desexo amoroso’: *cuidou [...]* *sandeu tornar* (16: 13); *sandeu || vyyu con amores* (16: 35–36); *con seus amores a poucas tornou sandeu* (64: 51).

700. Seer-lle tēudo de ‘estar obrigado a’ (R. Lorenzo: DDGM, s. v. TEUDO): *que de dar tēudo ll’era* (382: 14). Documentase doadamente na prosa medieval.²⁵³

701. Sen al ‘sen máis (dilación), sen mediar máis palabras ou consideracións, sen dúbida ningunha, sen remedio’:

Log’outro dia sen al || se foron (135: 72); *de mal todavia / guarda-os sen al* (102: 4–5); *cuidavam / que mort’era sen al* (284: 11). Outros casos: (104: 21), (109: 41), (125: 38), (185: 41), (187: 36), (212: 17), (236: 36), (239: 73), (274: 36), (314: 41), (317: 36), (356: 21), (359: 36), (380: 31).

702. Sen arte ‘inocentemente, sen receo’: *E o crerigo sen arte / de a comungar coidou* (104: 26). Documentase tamén na prosa profana.²⁵⁴

703. Sen baralla (de) ‘tranquilamente, sen ter problemas ou guerra (con)’ (Mettmann, DDGM): *u cuidou a viver sen baralla* (95: 11); *o levarei sen falla, || sen baralla || d’outre* (115: 127); *a alma sayda || foi do corpo sen baralla* (132: 159–160); *morte ja vencera | sa vida sen gran baralla* (221: 47); *levamos, | un alguazil, sen baralla* (254: 26).

704. Sen contenda 1. ‘Sen dúbida’: *d’oj’a quinze dias serei sen contenda || no Parayso* (65: 226–227); *ben sei logo sen contenda || que el Rei [...]* *vos acorrerá* (321: 37–38).

2. ‘sen loita, sen oposición’: *e eu te conjur’e mando; que a digas sen contenda* (67: 93).

3. ‘sen esforzo’ [este valor derivase do anterior e pode confundirse co valor 1; en calquera caso xa en latín

²⁵¹ *Un interés tan grande que non pode ser máis* (Manuel Vidal, *Don Porrazo. Novela de costumes*, 1909, TILG). Este tipo de estruturas con valor ponderativo, adxectivo + *que non pode/podía ser máis* ou *que non pode/podía ser máis* + adxectivo, documéntanse unha ducia de veces no TILG.

²⁵² *Alegrías e penas son o vento que pasa* (R. Cabanillas, *Da terra asoballada*, 1917, TILG); *cuando ya no seamos sino viento que pasa* (J. Hierro, *Quinta del 42*, 1952, CORDE). Lembremos tamén a fermosísima *Trova do Vento que passa*, a balada de António Portugal e Manuel Alegre do ano 1963.

²⁵³ *Disse que nõ querria, ca nõ era teudo de a tomar, pois que ia passara o plazo* (TC. Ápud XEL); *E o q(ue) a ley faz he teudo de a faz(er) comp(ri)r* (Afonso X, *Primeyra Partida*, 1350, CGPA) etc.

²⁵⁴ *Et quando me estes estraños andan a m̃j tã sen arte, teño que moyto mays o deuedes uós fazer, que sodes meus naturaes* (CT, ápud XEL). Aquí, porén, cádralle mellor outra das acepcións posibles de *arte*, ‘engano, maña’.

contendo pode ter esa acepción, ‘esforzarse’]: *tan* || *santo que viu sen contenda a do Bon Talan* (66: 12–16); *chorando sen contenda* (115: 254: enténdese que o chanto flúe libremente, sen obstáculos); *o mercador que a Virgen* | *guiara ben sen contenda* || *con seu aver ao porto* (172: 31–32); *coserei aquestes panos* | *daquest’altar sen contenda*, || *se poder achar agulla* (273: 26–27); *pode guardar sen contenda* || *ben o que ll’a guardar deren* (323: 5–6).

705. Sen dovida, Sen dovidança ‘indubidablemente’: *O romeu, que ssen dovida cuidava* | *que Santiag’aquelo lle mandava* (26: 48–49); *sen (nulla) dovidança*: (303: 8), (409: 49). A UF *sen dúbida* perdura hoxe en día. Vid. **Sen dulta**.

706. Sen dulta/dultar/dultança ‘sen dúbida ningunha, sen ningún xénero de dúbida’: *sen dultar*: (226: 49), (261: 60), (263: 23), (284: 30), (308: 51), (380: 46); *sen (nēua/nulla) dultança* (9: 85), (24: 47), (136: R), (154: 29), (241: 60), (268: 12), (289: R), (294: 27), (303: 18), (312: 80), (352: 42), (367: 52); *sen (nulla) dulta*: (51: 52), (67: 89, 98), (213: 63), (331: 52), (369: 51). Estas UF non chegaron aos nosos días.

707. Sen falida ‘sen falta; con certeza, desde logo que si’: “*As comprid’a voontade del conde?*” *Diss’el*: “*Sen falida* (78: 71–72); *convida-nos* || *a gran prazer* || *de dar sen falida* (192: 156–158); *Mas tu sen falida* || *mia messengeria* || *faz* (195: 129–131); *Mas un dia, sen falida*, || *ena gran festa d’Agosto* (225: 16–17); *e que de çera levasse* | *un estadal sen falida*

(385: 29); *sen falida* || *de teu marido filla* | *averás* (411: 56–57).

708. Sen grado ‘contra vontade, a contragusto’: *os da nave sen grado* || *sayron en por escapar* (112: 27–28).

709. Sen guisa ‘sen xeito, sen medida; sen sentido’: *ca tanto foi sen guisa*, || *que [...] non lle poderon a chaga serrar* (105: 63–66); *como pecou* || *eno mundo mui sen guisa* (291: 25–26); *é cousa sen guisa* / *de fazeren avolezas* (312: 5); *non é mui sen guisa* | *de ss’ende mui mal achar* || *o que a Santa Maria* | *s’atrev’a fazer pesar* (316: R); *demanda* | *sen guisa* (386: 33).

710. Sen lezer ‘sen máis tardar’: *sen lezer* / *ao sagrado* / *foron* (11: 84–86); *pois esto viia*, || *a un judeu foi sen lezer* || *provar se ll’alg’enprestaria* (25: 19–21); *E ele vëo sen lezer* (261: 21). Outros casos: (306: 23), (324: 33), (339: 33), (427: 33). Este valor dáse sobre todo con verbos de movemento. Na lingua moderna ocorre o mesmo: *Vaime ti, sensitivo, vaime ti, sen lecer* (Bouza Brey, *Seitura*, 1955, TILG).

711. Sen mesura 1. ‘desmesuradamente, moi (+adjectivo)’: *Deus gran sen mesura* (40: 17), (352: R); *rico* | *sen mesura vos farey* (216: 17); *o ventre* | *lle creceu sen mesura* (315: 30).

2. ‘sen piedade’: *Esbullou-a aquel ladron* | *falsso con gran loucura*, || *des i degolou-a log’y* | *sen doo e sen mesura* (237: 74–75).

3. ‘carente de autodomínio, sen moderación’: *quis y jazer con ela*; | *mas per nehũa maneira* || *aquesto fazer non pode*, | *empero que prazenteira* || *era muit’ende a donzela* | *e el muito sen mesura* (312: 63).

- 712. Sen (nulla) falla** ‘certamente, sen dúbida’ (Álvarez de la Granja, 2005, p. 26): *u lles pareceu sen falla || Santa Locay* (2: 31); *e sen falla || mui mais se pagava desto | ca de seer ben erdada* (75: 25–26); *A moller sen falla coidou a fiir* (86: 40); *faz o ome morto | resorgir sen nulla falla* (178: R). Outros casos: (131: 34); (132: 157), (202: 35), (250: 13), (253: 31), (254: 25), (267: 51), (268: 5), (329: 21), (365: 21). En ocasións cobra un valor semántico algo distinto: ‘de forma imperiosa, inexorablemente’: *Entanto o preste morreu, e sen falla || ficou o vilão del escomungado* (65: 27).
- 713. Sen outra cousa** ‘sen que medie outra causa, sen máis’: *hũa ferida [a] tan || grande que, sen outra cousa, | morreu logo* (84: 57–58). Non volvemos documentar esta UF na lingua medieval. Porén, si se rexistra na lingua actual.²⁵⁵
- 714. Sen (outra) tardada** ‘sen máis tardar, axiña, inmediatamente’: *u paryu sen tardada* (1: 27); *e logo | tornou sen tardada* (9: 66); *yde | logo, sen outra tardada* (128: 40). Outros casos: (13: 12), (15: 131), (75: 81), (78: 57), (89: R), (377: 21), (420: 29). Tamén pode significar ‘sen falta, irremediabilmente’: *ouver’a seer morto | a desora, sen tardada* (322: 18).
- 715. Sen par** [valor adxectivo] ‘único, sen igual’, [valor adverbial] ‘de maneira inigualable’: *Virgen sen par* (25: 6–7); *que sen par || é preçada || e loada* (300: 12). Outros casos: (33: 11), (94: 15), (100: 17), (101: 13), (144: 7), (162: 4), (169: 14), (171: 10), (226: 14), (242: 12), (272: 58), (283: 23), (380: 45), (402: 19). A UF chega aos nosos días.
- 716. Sen que (+ ESTRUTURA VERBAL)** [Valor aditivo] ‘amais de que’: *e sen que perdud’avian | todo quant’ ali trouxeran, || atan gran medo da sina | e das cruces y preseran* (181: 36–37); *sen que lles dá sa graça [...] guarda-os nas grandes coitas* (286: 5–6); *sen que a ten coitada, | faz-lle que diga nemiga* (343: 45).
- 717. Sen sospeita** ‘sen medo, sen receo’: *Sen sospeyta || di-m’hũa ren, eu te rogo* (132: 97–98). Nalgúns textos significa ‘sen previo aviso, de maneira inopinada’: *Outro dia madurgada | todos daly se partiron; || e depois que cavalgaron | e sen sospeita se viron, || muito s’en maravillaron* (344: 36–38). A expresión non chegou aos nosos días.
- 718. Sen (todo) esto** ‘á parte disto’ (R. Lorenzo, DDGM, s. v. ESTO): *e dẽostava; || sen esto os mõeiteiros | e as igrejas britava* (45: 12–13); *Sen tod’esto de linnage mui[t]’ alt’ era* (285: 15). Outros casos: (71: 16); (151: 11), (152: 24), (213: 33), (318: 40).
- 719. Sen vagar, Sen outros vagares** ‘sen parar(se), sen descanso, sen demora’: *pois chamar-a || fez, vẽo sen vagar* (7: 31–32); *combatudo || o muro foi*

²⁵⁵ *Siguiron cantando astra que, sen outra cousa, o de máis lonxe se meteu* (F. Romero, *Contos*, 1892, TILG); *Quería-no aforcar sen outra cousa, con toda a filantropía do amo* (R. Otero Pedrayo, *O señorito da Reboraina*, 1960, TILG); *Así mántante, sen outra cousa* (X. Miranda, *Morning Star*, 1998, TILG) etc.

sen vagar (28: 55–56); *fez quedar a tormenta | logo, sen outros vagares* (172: 18); *Ela o fez sen vagar y prender* (261: 35).

720. Serrar a porta ‘negar axuda’: *non erra || d’acorrer a seus amigos nen lles porta serra* (95: 43–44); *pera aver mercee | nunca a ssa porta serra* (199: 49). A UF chega aos nosos días.

721. Sobre mesura ‘en grao superlativo, fóra de todo límite’: *fremosa sobre mesura* (405: 23). Documentábase tamén en cast. medieval.²⁵⁶

722. Sobre tod’aquesto ‘ante todo, principalmente, especialmente’: *outrossi onrrar-m-ás, || e sobre tod’aquesto | sempre me loarás* (296: 31–32). O demostrativo *aquesto* conmuta por *esto* e así documentámolo na prosa medieval.²⁵⁷

723. Sobre tod’esto ‘por riba; para maior abuso ou castigo’: *E demais, sobre tod’esto, | el assi os pennorava, || que quanto quer que achasse | do mōesteiro fillava* (48: 21–22); *que lles non ficassen sãos | coiros nen nervos nen vêas, || e demais, sobre tod’esto, | escabeça-las faria* (325: 36–37).

724. Tal e atal [referido a persoas ou cousas que non se queren ou non se poden precisar]: *El Rey contou-lle: “Tal e atal.”* (97: 52). Na lingua actual é doado documentar *tal e tal* (TILG).

725. Tal nen qual [referido a persoas] ‘ninguén’, [referido a cousas] ‘nada de nada’: *demais quen lla defendesse | non avia tal nen qual* (165: 18); *Dous anos foron que nunca | falara el tal nen qual* (324: 45).

²⁵⁶ *Flamas grandes sobre mesura* (Berceo, *Vida de San Millán de la Cogolla*, c 1230, CORDE).

²⁵⁷ *Doule grandes rriquezas de gaãdos, et de ouro, et de plata [...] et sobre todo esto doule hũ fillo emçima de sua velleçe* (XH).

- 726. Têer a morte no bico** ‘estar para morrer, estar a piques de morrer’: *eu fico || aquí con est’ome bõo | que é onrrad’e mui rico, || que non leixarei agora | pola vella que no bico || ten a mort’a mais dun ano, | e pero non e finada* (75: 58–61). O crego que di estas palabras está pouco disposto a atender a velliña e o ton móvese entre o enfado e o desprezo. O significado desta posible UF é difícil de precisar porque non a podemos documentar fóra desta cantiga. Porén, a súa forte resonancia coloquial e un certo coñecemento da fraseoloxía do gal. actual lévanos a hipotizar ese valor, distinto do significado que propón Mettmann (DDGM, s. v. BICO), ‘ter em poder, ameazar’.²⁵⁸
- 727. Têer (alguen) no corazón** ‘acordarlle sempre ese alguén, telo sempre presente’: *Sempre no corazón meu // a terrei pera servi-la* (311: 56–57). Vid. **Têer o corazón en (alguen)**.
- 728. Têer a(s) voontade(s) en (alguen)** ‘telo presente, pensar en alguén’: *ten | sempr’en mi a voontade* (125: 20–21); *en Deus sas voontades | tēen sempre* (294: 29).
- 729. Têer bando de (alguen)** ‘ter unha persoa alguén da súa parte, contar co seu favor’: *el Rei [...] da Reynna / dos ceos tīa bando / contra mouros* (345: 12–13).
- 730. Têer en car** ‘valorar, ter en alta estima’: *foi depois en car tēuda || mui mais ca ante* (294: 43–44). A voz *car* é un provenzalismo (M. Rodrigues Lapa, DDGM, s. v. CAR). A UF documéntase en cast. medieval baixo a forma *tener en caro*.²⁵⁹
- 731. Têer en desden** ‘desdeñar, menosprezar’: *Porque me tēes en desden* (74: 12); *os mezcraores en desden | tev’e nunca por eles deu ren* (97: 86–87). Outros casos: (153: R), (244: 4–5); (286: 7), (287: 23), (316: 12).

²⁵⁸ Mettmann parece que considera a morte como o suxeito do verbo *ter*, mentres que nós consideramos que o suxeito é a vella. Todo depende do enfoque mais o enfoque responde a determinados esquemas mentais e en última instancia, remite á cosmovisión, á concepción que sobre a morte ten o pobo galego. Se enfocamos a morte como suxeito que leva a vella na boca, coma quen a vai devorar, pensamos en Saturno, nunha personificación de morte devoradora, cruel; pero en Galicia a morte non responde a ese arquetipo exactamente, é algo ou alguén máis familiar e humanizado: dános avisos, pode apadriñar un afillado etc. Se enfocamos a vella que leva a morte no bico, esa imaxe fainos pensar no vello de Castelao (don Ramón, en *Os vellos non deben de namorarse*) quen, na hora da morte, expulsa unha luciña branca pola boca. A imaxe de levar ou ter a morte no bico (=‘boca’) dános idea de inminencia, coma quen a vai botar fóra (a morte ou mellor a alma, mais sempre equivale a ‘morrer’) dun intre a outro: algo semellante ocorre coa UF *coa boca á barriga* ‘estar a piques de parir’ ou *ter na punta da lingua* ‘a piques de ser dito’. Pénsese tamén na frase *bico da mañán* (DdD) que alude ao inminente mencer. Na fraseoloxía da lingua actual hai varias UF que renden conta da morte inminente: *estar cun pé aquí e outro acolá*, *estar cun pé na cova*, *ter os pés á porta do cemiterio* (López & Soto, 2020, p. 521) etc. Tampouco non faltan exemplos en gal. moderno da frase *ter (algo) no bico* e sinónimos: *Levar/ter no bico un cantar* (varias concorrencias no TILG); *no bico as cancións de Rosalía teñas* (M. Curros, *Aires da miña terra*, 1886, TILG); *As mulleres encetando un pranto no bico dos labres* (D. Cortezón, *A vila sulagada*, 1981, TILG); *mercou un punteiro. Levaba sempre a Alborada no bico* (X. Neira Vilas, *Historias de emigrantes*, 1968, TILG); *tem a resposta no bico da lingua* (= ‘está a piques de responder’) (https://pgl.gal/wp-content/uploads/2014/03/150114_galegooportunidade-e81-1.pdf, p. 68) etc.

²⁵⁹ *Crécel’el corazón e tiénese más en caro a su compañía, e a su muger* (Anónimo, *Libro de los cien capítulos*, c 1285, CORDE). Na prosa gal. medieval tamén documentamos en *caro* co verbo *parar*: *Et o conde nõ se lle parou en caro, mays fezo o que aquelle don Paayo lle rrogaua* (TC. Ápud XEL), onde é posible analizar *parar en caro* ‘ser remiso’, por considerar a persoa reticente que algo é gravoso, custoso.

732. Têr en pouco ‘menosprezar’: *as sas festas | non guarda e en pouco ten* (277: R); *nen que tennades en pouco | seus feitos* (316: 12); *e dereit’è que tal aja | quena en pouco tever* (318: 53); *ten en pouco | de seer desleal* (401: 78). Na lírica profana documentamos a variante *ter por pouco*: *el tiinha por pouco, | de falar migo* (Lourenço, jogral, 1240, XEL). Na lingua actual úsase *ter en pouco*.

733. Têr en vessadre ‘ter baixo suxeición’: *ten o dem’en vessadre* (90: 23). Sabemos que o *vessadre* era un tipo de correa que se usaba para atar o falcón á alcándara (Mettmann, 1989, p. 392). Como nome común só rexistramos *vessadre*, á parte da obra afonsina en gal., nun vocabulario medieval de comercio.²⁶⁰

734. Têr mentes ‘prestar atención, reparar’ (Carolina Michaëlis, DDGM, s. v. MENTE) [ocasionalmente é

posible interpretar atención visual] ‘poñer o foco en, mirar para, buscar coa vista’: *sol ena face non ll’ousavan mentes têr* (38: 74); *yr-sse fillou || perant’os doentes || e os santivigou, || pois lles teve mentes, || e disse-lles* (134: 34–36); *a gente, | que lle ben mentes tñia, || vírono como entrou* (228: 44–45); *A moça teve mentes | e dacá e dalá, || e poy viú a Ostia | alçar, disso* (251: 95–96); *na magestade / sol mentes non quis têr* (285: 79–80).

735. Têr noveas ‘participar nun acto relixioso específico, en honra dun ser sagrado, durante nove días seguidos’: *teveron y sas noveas* (378: 65); *teve na vella ygleja | noveas* (383: 63); *teve noveas | por daquel mal guareçer* (391: 13). Na lingua actual a expresión predominante é *facen unha novena*.²⁶¹

²⁶⁰ 1253: *Et melior corrigia de cervo, uel de corzo uel de gamo pro ad cintazes uel pro ad uessadre, ualeat tres denarios. Et melior corrigia de carnario seudado ualeat unum denarium (Ley de tasa portuaria. Portugalíe, Monum. Hist, I, 195, en: <https://www.um.es/lexico-comercio-medieval/index.php/v/lexico/16040/vessadre>).*

No seu estudo do Mestre Giraldo e os seus tratados de albeitaría e falcoaría, estudo publicado en 1911, C. Michaëlis (ápid Fidalgo 2003, p. 148) di: «Vessadre era o nome das tiras de coiro com que se prendia o falcão á alcándara (alcándora). Para elas escolhian o material mellor [...]. No período clásico já não entendiam o sentido do adjectivo substantivado. E por desconhecerem o sufixo *-adre*, absolutamente isolado na língua portuguesa, derivaram-no, Deus sabe como, de *avesso* < *adversus* ou de *avessar* < *eversare*, dizendo *avessados* [...]».

Aínda que nos desviemos un pouco do tema permítasenos discrepar, con todo respecto, da ilustre filóloga. Si que resulta verosímil relacionar esta voz, *vessadre*, con outras derivadas do latín *verso*, *versare*, *versatum*, ben documentadas no dominio galaico-portugués. Na obra de Giraldo aparecen sinónimos de *vessadre* ‘correa’ como son: *vessada* e *avessada*, voces que se deixan emparentar co port. *versar* e *versadoiro* ‘arado’ (voz provincial, miñota, recollida por Figueiredo). O propio Figueiredo (1913, p. 228) trae *avessada* ‘correa’ de *avessado* e este do latín *adversatus*. En latín tanto *verso*, como *versatio* ‘acción de volver, retornar’, como *adversor*, *adversante* (en Tácito [Gaffiot, 1934, p. 67], *adversante vento* ‘que sopra na dirección contraria’), teñen en común o sema de ‘dar a volta, ir en dirección contraria’ como efectivamente se fai cando se ara co *versadoiro* (gal. *vesadoiro*). E esa acción, de dar voltas ou retorcer, faise cando se trenza unha correa con tiras de coiro. A terminación *-adre* podería vir dunha base **adversator* (< *adversator*) ou **versatro* (< **versatorio*, de onde trae García de Diego [1984, p. 37] *vesadoiro*). O paso de *-o* a *-e* quizais estea causado pola analoxía con formas adxectivais e adverbiais en *-e* presentes nesa ampla familia (*versatilis*, *-e*; *versabilis*, *-e*; *adverse*; *adversante* etc.).

²⁶¹ Admite variantes: *andarlle/rezarlle unha novena (á Virxe)*. Unha variante moi próxima á UF medieval aínda é posible documental na lingua do XIX: *veu a Ourense pra s’encomendar a san Antonio de Villariño, téndolle unha novena pra que fixese o milagre* (Semenario *O tío Marcos da Portela*, 1884, TILG).

- 736. Têer o coraçon en (alguen)** ‘confiar plenamente en, ter depositados en alguén os pensamentos’: *na Virgen / tiia seu coraçon* (8: 27–28); *tennades || firmement’ en ela vossos corações* (145: 7–8). Outros casos: (273: 46), (287: R), (294: 8–9), (305: R), (395: 3).
- 737. Têer ollo por** ‘mirar, ter cuidado de, preocuparse por’: *ante ss’ergeu mui correndo, | que non tev’ollo por al, || mas foi ao altar logo* (249: 32–33). Nas cantigas afonsinas só se documenta a UF na modalidade negativa mais na prosa profana rexístrase tamén a modalidade afirmativa: *teuerō ollo por el* (TC. Ápud XEL).
- 738. Têer por ben** ‘dignarse facer algo ou estimar oportuno’: *mais torn’a alma no corpo, | se o vos por ben teverdes* (45: 73); *Poren lle rogo que por ben tenna* (280: 24); *ter por ben que cho diga* (296: 28). Na lingua actual dicimos *ter a ben*.
- 739. Têer por mal** ‘xulgar algo como malo; parecer mal’: *tev’o feito por mal, || e fez faze-la enmenda* (164: 36); *En fazer oraçon longa | muito o tenno por mal* (314: 39); *por mal tēen || o ben* (340: 54); *Queria [...] ir-se / ao Reyno d’Aragon // Mais al Rey muito pesava | e tiinna-o por mal, || porque ele o criara* (382: 34–37). Documentábase a UF tamén no cancionero profano.²⁶² Na lingua actual diríamos *tomar a mal*. Vid. **Trager (a) mal**.
- 740. Têer via** ‘dirixirse a’: *Ouçamos || u tēedes via, || se ides a França* (9: 25–27).
- 741. Têer-lle a carreira** ‘saírlle ao encontro a alguén, asaltalo’: *Que lle teves’s a carreira | con outro de ssa conpanna || en un logar encuberto* (194: 15–16). Documentamos a UF en cast. medieval.²⁶³ En gal. moderno documéntase unha semellante: *terlle o camiño* (López & Soto, 2020, p. 128).
- 742. Têer-se con (alguen)** ‘manterse ao seu lado, serlle fiel’: *sempre lle consellava que con Deus || se tovesse muit’* (265: 60–61); *un ome que se tiinna // con ela* (377: 7–8). Documentábase tamén na prosa medieval.²⁶⁴
- 743. Tempo forte** ‘tempo bravo’: *o tempo forte | seria quedado* (9: 134).
- 744. Tempos grandes** ‘moito tempo’: *Daquest’avêo, tempos sson passados || grandes, que* (38: 17–18); *o que fisica manda | fazer por aver saude || o enferm’en grandes tempos, | sãa per sa gran vertude || tan toste Santa Maria* (321: 5–7). Documentábase igualmente na lírica profana: *dos tempos grandes traspasados* (Afonso Gomez, 1240, XEL).
- 745. Tirar de dulta** ‘despexar calquera dúbida’: *Por nos de dulta tirar, || praz a Santa Maria || de seus miragres mostrar* (18: R); *de [sa] dulta tirado* (365: 43).

²⁶² *E non me tenhades por mal, se en vossas armas tango* (escarnio de Afonso X, 1240, XEL); *ben sei que por mal vo-lo terran* (Cantiga de Galisteu Fernandez, 1240, XEL).

²⁶³ *Commo desbarataron los Turcos que les tenien la carrera* (Anónimo, *Gran Conquista de Ultramar*, 1293, CORDE).

²⁶⁴ *Os do conde teuerōse hñu pouco cō seu senhor; começou logo da primeyra a seer muy bõa moller et a tēersse con Deus* (TC. Ápud XEL). Tamén en cast.: *tente con Dios* (Berceo, *Vida de Santo Domingo de Silos*, c 1236, CORDE).

- 746. Todo o mundo** ‘a xeneralidade dos individuos, todos’: *cujos feitos | todo o mundo’ apregõa* (55:). Tamén se rexistra na prosa medieval: *se o eu leixasse morrer u o acorrer podesse, todo o mundo mo teria por mal* (Chrétien de Troyes, *A Demanda do Santo Graal*, 1245-1265, CGPA).
- 747. Toller as maos de (alguen)** [adoita usarse na modalidade imperativa; con esta UF unha persoa exhorta a outra para que deixe de sobar ou golpear unha terceira]: *Tol || tas mãos dela, se non, farey-te perecer* (5: 114–115).
- 748. Toller d’ant’a faz** ‘facer que algo ou alguén deixe de estar visible’: *Esto dito, tollen-xe-lle d’ant’a ffaz* (82: 54). A UF non chegou aos nosos días.
- 749. Tol-t’alá** [valor despectivo, expresa rexeitamento] ‘quita de aí’: *Disseron: “Tol-t’alá [...]”* (419: 125).
- 750. Tornar (algo) sobre (alguen)** 1. ‘volverse algo en contra de alguén’: *aquel escarno todo | á de tornar sobre si* (104: 7); *sobr’el se torn’o dano* (175: 4). 2. ‘descargar contra, facer recaer (algo en alguén)’: *todo seus despeyto | daquel anel que perdera | tornou sobre la mesquin[n] a* (369: 74).
- 751. Tornar cabeza (por algo)** ‘facer caso, prestar atención’: *O alcaide por tod’esto | sol cabeza non tornou* (185: 50).²⁶⁵
- 752. Tornar come pez, Tornar negro** [pondera un estado de ánimo extremo e negativo, a causa dun gran sobresalto, preocupación ou desgusto]: *A dona tornou por esto | mais negra que un carvon* (84: 44); *tornou negra* (146: 79); *tornou tal come pez* (147: 30). A imaxe conceptual subsiste na lingua actual: *poñer(se) negro* ‘irritar(se), exasperar(se)’.
- 753. Tornar de mão** ‘cambiar de dirección’: *Poi-l’aquesto diss’a Virgen, en un mui bel chão / o leixou. E el[e] tornou-sse logo de mão / a ssa casa* (119: 66–67).
- 754. Trager (a) mal** ‘parecer mal’: *Mais un seu escudeiro o trouxe mal* (63: 52); *e seu marido porende | un dia trouxe-a mal* (212: 16–18). Na lírica profana documéntase unha UF sinónima, *ter a mal* (*et mays que a ben a mal lhe terran*: Pero Vivíaez, 1240, XEL). Hoxe diríamos *tomar a mal*.
- 755. Tremer-lle o corazón** ‘estarsecer’: *acordou enton || a monja, trem u quer que el estavaendo-ll’o corazón; || e con espanto daquela vijon* (58: 60–61). A UF chega aos nosos días (4 concorrencias nos corpus).
- 756. U quer que** ‘onde queira que’: *per u quer que andava* (116: 25); *u quer que el estava* (116: 29); *u quer que a el achen, | ela con el é achada* (128: R). Outros casos: (130: 27), (285: 19), (305: 25), (384: 12), (401: 67).

²⁶⁵ A UF enfatiza o nulo caso que o alcalde lles fai aos homes que temen unha traizón. Exemplos desta UF coa preposición *a* témolos na prosa medieval: *Et el rrey dõ Fernãdo era home de bõ talente et pesoulj muyto porlo mal que requeira do yrmão; et pero cõ mesura et con piadade nõ llj quiso tornar cabeça a ello et foyllj sofrendo muytas cousas* (TC. Ápud XEL); tamén se documenta co adverbio *y*: *Et o caualeyro tâ gram deuocõ auya en aq[ue]las misas que oya, que lle nõ tornaua y a cabeça* (TC. Ápud XEL). Para este uso fraseolóxico en cast. medieval, vid. Carrasco, 2020, p. 887.

- 757. Ûa castanna** [pondera o pouco valor]: *non lles mi[n]g[u]ou dele | que valves[s]’ũa castanna* (386: 63). Documentátese esta ponderación en cast. medieval.²⁶⁶
- 758. Un ñeiro** [pondera o pouco valor] ‘nada’: *un ñeiro || non dava* (45: 8–9). A UF documentátese na prosa medieval peninsular.²⁶⁷
- 759. Uneun** ‘individualmente, considerando ou figurando un de cada vez’: *Un e un, e dous e dous / log’y vëeron* (18: 71–72). Na lingua actual este esquema fraseolóxico coa conxunción copulativa é posible documental,²⁶⁸ se ben son máis frecuentes outras variantes: *de un en un, un a un, un por un*. Vemos polo texto afonsino que o esquema é extensible a outros números, coma o dous.
- 760. Un figo, Dous figos** [pondera a pouca ou nula importancia que algo merece]: *que o que me consellades sol non val un mui mal figo* (321: 42); *non demos || pelo demo un figo* (210: 27–28); *non querria por mia culpa / que vos valia dun figo // perdessedes* (376: 51–52); *nonos preçaron dous figos* (181: 42). Na lingua actual documentátese *non valer un figo* (2 concorrencias no TILG).
- 761. Un pan** [pondera o pouco aprecio ou o pouco valor]: *lealdade | non preçan quant’un pan* (401: 70). Rexístrase esta UF tamén na lírica profana.²⁶⁹
- 762. Un tempo** ‘espazo temporal indeterminado de mediana a longa duración’: *jouve | un tempo* (124: 45). A UF perdura na lingua actual.
- 763. Valer mais** ‘ser mellor, ser preferible’: *Muito valvera mais* (30: R); *Mais valvera que* (75: 159); *mais val de çëar daqueste | ca jazer assi gemendo* (369: 99).
- 764. Valer mais non seer nado/vivo** [expresión enfática para remarcar unha posibilidade non desexada ou para intensificar unha contrariedade, desgraza ou sufrimento]: *Muito valvera mais, se Deus m’anpar, || que non fossemos nad[o]s* (30: R); *Mais valvera que non fosse | eu en este mundo viva, || pois ei de soffrer tal coita* (75: 159–160). Documentátese tamén na lírica profana.²⁷⁰ A UF chega aos nosos días.

²⁶⁶ *Non dava más por ellos que por una castaña* (Anónimo, *Poema de Fernán González*, 1250, CORDE); *non valgo una castaña* (Alfonso de Villasandino, *Cancionero de Baena*, 1379-1425, CORDE). En port. temos a frase nun vello refrán: *Dom de Espanha não vale uma castanha* (<http://www2.fe.usp.br/~cemoroc/Lauandiana5Linguagem.pdf>, p. 138). En cast. documentátese estoutro: *Fuerza sin maña no vale una castaña* (<https://www.ciudad-real.es/varios/refranero/f.php?p=3>). En gal. moderno non se rexistra a ponderación co verbo *valer* pero si entra a castaña a formar parte de varias UF negativas: *dar a castaña, levar unha castaña* etc. (DFGC, s. v. CASTAÑA).

²⁶⁷ *No li prestavan físicos quanto val’un dinero* (Berceo, *Vida de San Millán de la Cogolla*, c 1230, CORDE); *non quiso retener valía d’un dinero* (Anónimo, *Libro de Alexandre*, 1240-1250, CORDE); *E mandou aos seus, so pena dos corpos, que nem hũũ non filhasse quanto fosse vallia de hũũ dinheiro; elle lhes respondeu que lhe nõ farya ãmenda da vallya de hũũ dinheiro* (Afonso X, *Crónica Geral de Espanha de 1344*, 1344, CGPA).

²⁶⁸ *Feliciteinos un e un* (A. Domínguez, Juan Griego, 1992, CORGA); *pronunciaba un e un os nomes todos dos fianna* (Suso de Toro, *O país da brétema. Unha viaxe no tempo pola cultura celta*, 2000, CORGA).

²⁶⁹ *Non dan del[e] valia dun pan* (Afonso Fernandez Cubel, 1240, XEL); *non valrredes hun pan* (Afonso Lopez de Baian, 1240, XEL).

²⁷⁰ *Mais me valvera non nacer!* (Fernan Rodriguez de Calheiros, 1220, XEL); *mi valera muy mais non nacer* (Martin Perez Alvin, 1300, XEL) etc.

- 765. Veloso come ovella** ‘moi viloso ou peludo’: *come ovella || era velos’e coberto de lãa* (69: 57–58). Rexistramos comparanzas semellantes con animais emparentados na prosa medieval: *veloso dos péés ata acabeça, cõmo cabra* (XH. Ápud XEL). Na lingua actual documentamos unha UF paralela: *ter máis la que unha ovella* (Ferro, 2006, p. 199).
- 766. Ver pelo toutiço.** Mettmann (DDGM, s. v. TOUTIÇO) dá o valor ‘estar tolo’. Na nosa opinión a explicación é imprecisa. Un valor máis aproximado sería ‘non saber ver ou discernir’: *Muit’ é atrevudo || e sandeu aqieste frade, | e tenno-o por perdudo, || ca non vee ben dos ollos, | mas pelo toutiço vee* (297: 41–43). Esta UF hai que integrala nun conxunto de estruturas fraseolóxicas irónicas, relativamente comúns no noso idioma, do tipo seguinte: *comer cos ollos* (DFCG, p. 478), *facer co cu* (DFGC, p. 230), *pensar co carallo/co estómago/coa [cabeza] de abaixo/cos pés*,²⁷¹ é dicir, ‘facer algo mal ou de maneira inadecuada’; o proceso pode ser mental ou físico pero para significar un resultado negativo elíxese unha parte do corpo atípica ou impropia para esa acción concreta. Este tipo de UF teñen un claro paralelismo con estoutra serie: *Pero onde tes os ollos?, Onde tes a cabeza?* En cast. actual dise *tener los ojos en el cogote*, moi próxima á medieval estudada. A voz *toutiço* (variante *couquizo*) ‘parte superior da cabeza’ segue viva en gal. actual.
- 767. Vestir acarón** ‘vestir roupa interior, de dentro’: *celiço por camisa || sempre acaron vestia* (132: 26–27). A UF *roupa de a carón* perdura en gal. actual (DFGC, p. 599, aboada por falantes arzuáns).
- 768. (Viir) a mão** ‘ao alcance, á disposición (de alguén)’: *polo amor de Santa | Maria dava que quer || que vëess’a sua mão | aos pobres* (212: 7–8).
- 769. (Viir) a prazer** ‘apetecer’: *as cambya / como lle ven a prazer* (382: 6).
- 770. Viir maa ventura** [no modo exhortativo é unha especie de maldición, úsase para desexarlle mala sorte a alguén]: *E maa ventura venna | quen altar assi desbulla* (273: 30); *maa ventura venna | a quantos en esto jazen* (341: 33).
- 771. Viir sobre (alguen)** ‘acometer’: *viron atan gran poder || de mouros viir sobr’eles* (165: 25–26).
- 772. Viir-lle a coraçõn (de)** ‘virlle algo á cabeza; ocorréselle’: *Estand’el assi en prezes, | veo-lle a coraçõn || a rima que lle mingua* (202: 27–28); *vëo-ll’a coraçõn || de pedir o seu fillo | da omagen enton* (251: 36–37). Antigamente os nosos devanceiros pensaban que a memoria e a intelixencia residían no corazón. Algunhas linguas modernas conservan restos desta mentalidade precientífica (inglés *by heart* ‘de memoria’, francés *apprendre par coeur* ‘aprender de memoria’ etc.).

²⁷¹ *Pensar co carallo* (R. Caride, *O sangue dos camiños*, 2003, TILG), *Pensan máis co estómago* (semanario *O tío Marcos da Portela*, 1884, TILG), *pensan [...] coa de abaixo* (Suso de Toro, *Tic-Tac*, 1993, TILG), (*facer/pensar*) *cos pés* (DFGC, p. 529). Rexistramos tamén nas redes sociais *ter os ollos no cu* (*calquera q non teña os ollos no cu ve perfectamente que [...]*). En cast. a UF *tienen los ojos en el cogote* para indicar que ou non ven ou ven mal, aparece, por exemplo, en V. Blasco Ibáñez (*La bodega*, 1905, CORDE).

773. Viir-lle a/en mente, Viir-lle emente

‘acordar, ter presente’: *Sennor, venna-ch’a mente // se che fiz algun serviço* (55: 42–43); *Mas aa tarde ll’en mente | vëo como falecer // fora* (246: 17–18); *aquesto / nunca lle venna emente* (303: 35). Outros casos: (300: 40), (384: 32).

774. Vinno botado ‘viño estragado’: *era mui coitado // en aver a jejüar [...]*

e beber vin[n]o botado (88: 24–28). Mettmann (DDGM, s. v. BOTADO) di ‘viño alterado’. A colocación non se documenta en ningún outro texto medieval, no que nós sabemos. É imposible precisar se na sociedade do XIII o viño *botado* estaba «picado», avinagrado ou estragado por un exceso de auga. Nun libro de receitas de 1500 atopamos unha composición custosa (cunha ducia de ovos e queixo) para *adobar vino blanco botado* (Anónimo, *Libro de recetas. Salamanca, Universitaria 2262,*

CORDE). A UF non se conservou en gal. actual mais si en port.²⁷²

775. Viv’e são. Vid. **São e vivo.**

776. (Viver) en viço ‘(vivir) unha boa vida, folgada e satisfactoria’: *merescamos | vivermos por senpr’en viço // con ela e con seu Fillo* (253: 89–90). Documentábase tamén na prosa profana: *bem sey que nõ viuemos aqui em viço* (HT. Ápud XEL).

777. Volver (unha persoa) con (outra persoa) ‘poñer estoutra persoa en contra daquela’:

E outros privados que con el conde andavan | avian-ll’enveja, e porende punnavan | de con el volve-lo (78: 21–22). O uso transitivo do verbo ‘volver’ non é moi frecuente, nin na lingua medieval nin na moderna.²⁷³ Esta UF ten un significado afín ao da que vimos arriba co verbo *mezclar*.

²⁷² Documentámolo no primeiro quartel do XVII: *Em 1626-28, recentemente empossado para dirigir a comunidade religiosa de Santa Maria de Miranda pelo período de um triênio, D. Martinho de Almada “achou hum quarto de vinho botado”* (Ramos, 2011, p. 273); nunha obra lexicográfica do s. XVIII (Alewijn & Colle, 1714, p. 919) traducen –do portugués ao holandés– *viño botado = doode* ‘(viño) morto’, é dicir, que perdeu a acidez, responsable de manter a súa estrutura; noutra obra (Pacheco, 1744, p. 345) lemos: *Vinho botado, que he, o que botou, e perdeu a cor*. En port. a colocación chega aos nosos días: *botado adj. Prov. minh. O mesmo que turvo, corrompido, (falando-se do vinho). (Talvez corr. de voltado)* (Figueiredo, 1913, s. v. BOTADO); documentamos a frase tamén nas cantigas tradicionais do pobo: *O amor de homem casado / quem o há-de pretender? / É como o vinho botado, / que se não pode beber* (<https://cantosdaterra.net/ct/site/letras/print.asp?id=484>). En gal. moderno hai outras frases para render este concepto: *este viño dáche a esteba ou está (un pouco) ido ou está apagado* (falantes de Valencia do Sil, Vilamartín de Valdeorras, Ourense).

²⁷³ *Volveu na mão os dados* (XEL): aquí hai un uso transitivo pero a semántica —‘voltear’— é distinta. En gal. actual non se conserva a construción medieval con *con*. Hai varias paralelas con *contra*. Co verbo *volver* o esquema máis frecuente é *suxeito + volverse + contra algo/alguén*; os casos de transitividade apenas chegan á media ducia nos corpus manexados: *volvemas contra ela* (F. Sampedro, *A aristocracia imposibel: O discurso político de Nietzsche*, 2001, CORGA: ben entendido que nese exemplo nin o complemento directo nin o circunstancial son de persoa), *volvemo contra o acosador* (I. López Silva, *Chámame señora, pero tratame coma a un señor. Memoria persoal do machismo na cultura*, 2018, CORGA: só un dos actantes é de persoa) etc. Outra correspondencia parella coa construción medieval estudada é co verbo *poñer*: *púxonos na súa contra* (X. I. Taibo, *Por tras dos meus ollos*, 1999, TILG). Un derivado de *poñer* dános talvez a correspondencia máis perfecta en gal. moderno: *o seu carácter indispono con todo o mundo* (DRAG, s. v. INDISPOÑER) pero en termos de frecuencia o uso é moi baixo. So atopamos unha concorrencia —da estrutura *suxeito + indispor + complemento directo distinto do suxeito, non correferente + con alguén*— nos corpus: *era unha intriga dos Guzmán co fin de indispoñela con Afonso* (María Gándara, *Magog*, 1997, CORGA).

3. Conclusións

Co presente estudo puidemos comprobar a riqueza fraseolóxica que atesoura esta obra afonsina, as *Cantigas de Santa María*. Aínda que unha certa porcentaxe de unidades suscite dúbidas sobre se é lícito etiquetalas como UF con pleno dereito (en canto que non podemos asegurar o grao de fixación e de idiomaticidade), aínda así, a riqueza segue sendo innegable. Unha segunda conclusión importante é que o léxico específico das unidades fraseolóxicas pode servir de axuda para o coñecemento do léxico xeral (vímolos en varios casos: *barata, fazfeiro, trebello, vessadre* etc.).

Esta revisión da fraseoloxía medieval e do léxico inherente permitiunos tamén afondar na etimoloxía dalgunhas voces (temos o caso de *a'scodudas* ou da *pilla*), facilitounos o estudo do cambio semántico de certas UF (caso de *a vao, dar con alguén, en xogo* etc.) e deitou novas luces sobre a datación no dominio galego ou galego-portugués de verbas como *gage* e de maneira indirecta, *torto*, así como de unidades fraseolóxicas como *caend'e levantando* e *de ben en mellor*.

Porén, dúas son quizais as conclusións de maior transcendencia histórico-lingüística: a primeira é a que nos fai volver a unha idea xa sabida e non por iso menos importante. A idea de unión e interrelación con outros dominios lingüísticos peninsulares. Vimos ao longo deste traballío como resultou imprescindible acudir non só ao galego-portugués, senón ao portugués e brasileiro actuais á hora de establecer a identidade plausible de certas UF: algo esperable e lóxico dada o íntimo parentesco xenético entre as linguas amentadas. Por outra parte, casos específicos (*a redro*) permitíronnos elucubrar sobre a posible influencia das linguas occidentais sobre o dominio central, o castelán, enfoque pouco traballado na historia do español na nosa humilde opinión. De onde se deduce unha conclusión máis: a riqueza de enfoques, a discrepancia, por exemplo á hora de trazar posibles significados diferentes aos establecidos (vimos casos *–a seu sinal, dar carpynnas, de mesura, de ravata, ver polo toutiço* etc.- en que precisamos e/ou complementamos a opinión de W. Mettmann) é sempre un factor enriquecedor para o estudo do léxico.

A segunda lévanos de novo a subliñar a vitalidade, o grao de conservadorismo lingüístico poderoso do noso idioma. Sorprende en que alto número se conservan as UF medievais. E sorprende como algúns dos que podemos considerar trazos esenciais do idioma, sinais de identidade lingüística, están xa aí, na lingua medieval (caso de *aque-vo-la aquí*, onde probablemente temos o dativo de solidariedade, ou no uso de *de seu*, o posesivo indicador de propiedade inalienable). O galego afonsino subsiste, despois de 750 anos desde que pasara á escrita, como un bo modelo literario e tamén lingüístico en senso pleno.

4. Referencias bibliográficas

- Alewijn, A., Collé, J. (1714). *Tesouro dos vocabulos. Das dúas Linguas. Portuguêza, e Belgica*. Pedro vanden Berge.
- Alvar López, M. (1978). En torno a Calabrina (S. Or., 104 b). *Berceo*, 94-95, 7-16.

- Álvarez Blázquez, X. M. (2008). *Cantares e romances vellos prosificados. Discurso lido o día 28 de novembro de 1964, no acto da súa recepción, polo ilustrísimo señor don Xosé María Álvarez Blázquez*. Real Academia Galega.
- Álvarez de la Granja, M. (2003). Proposta de clasificación semántico-funcional das unidades fraseolóxicas galegas. *Cadernos de fraseoloxía galega*, 4, 9-35.
- Álvarez de la Granja, M. (2005). Glosario de locucións adverbiais do galego medieval. *Cadernos de fraseoloxía galega*, 7, 13-40.
- Barral Rivadulla, M. D. (2003). Ángeles y demonios, sus iconografías en el arte medieval. *Cuadernos del CEMYR*, 11, 211-235.
- Brazão Gonçalves, E. (1996). *Dicionário do falar algarvio*. (2ª ed.). Algarve em Foco Editora.
- Brea, M. (coord.) (1996). *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais, con estudio biográfico, análise retórica e bibliográfica específica* (2 vols). Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro.
- Carrasco Tenorio, M. (2020). *La Gran Conquista de Ultramar. Edición crítica y estudio filológico del Ms BNE 1187* [Tese de doutoramento, University of Lausann]. <http://serval.unil.ch>.
- Catalán, D. (1974). *Lingüística ibero-románica: crítica retrospectiva*. (Volumen 1). Gredos.
- CGPA = Varela Barreiro, X. (Dir.) (s. d.). *Corpus do galego-portugués antigo*. <http://ilg.usc.gal/cgpa/zonaprivada/consultas/concordancia.php#> [Data de consulta: xaneiro 2025].
- Cintra, L. F. L. (1984). *A linguagem dos Foros de Castelo Rodrigo*. Imprensa Nacional-Casa da Moeda.
- CODOLGA = López Pereira, E. (dir.) (2006-). *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae*. <http://corpus.cirp.es/codolga/>. [Data de consulta: novembro 2024].
- Coelho, A. (1874). *Questões da lingua portuguesa*. (Parte 2). Livraria Internacional de Ernesto e Eugénio Chardron.
- CORDE = Real Academia Española (1998-). *Corpus diacrónico del español*. <https://corpus.rae.es/cordenet.html> [Data de consulta: novembro 2024].
- CORGA = Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (2001-). *Corpus de Referencia do Galego Actual*. <http://corpus.cirp.gal/corga/> [Data da consulta: xaneiro 2025].
- Corpas Pastor, G. (1998). Expresións fraseolóxicas e colocacións: clasificación. En X. Ferro Ruibal (Coord.), *Actas do I Coloquio Galego de Fraseoloxía* (pp. 31-63). Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- CORPES = Real Academia Española (2013-). *Corpus del Español del Siglo XXI*. <http://www.rae.es> [Data de consulta: novembro 2024].
- CPH = Davies, M. e Ferreira, M. (2006-). *Corpus do Português: Historical / Genres*. <http://www.corpusdoportugues.org/hist-gen/> [Data de consulta: novembro 2024].
- CPN = Davies, M. (2018-). *Corpus do Português: Now*. <https://www.corpusdoportugues.org/now/> [Data de consulta: novembro 2024].

- CPW = Davies, M. (2016-). *Corpus do Portugués: Web/Dialects*. <http://www.corpusdoportugues.org/web-dial/> [Data de consulta: novembro 2024].
- CREA = Real Academia Española (1998). *Corpus de referencia del español actual*. <http://www.rae.es> [Data de consulta: novembro 2024].
- CT = Benoît de Saint-Maure (1370). *Crónica troiana*. Edición de R. Lorenzo (1985). *Crónica troiana. Introducción e texto*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa.
- DCECH = Corominas, J., e Pascual, J. A. (1980-1991). *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Gredos.
- DdD = Santamarina, A. (Ed.) (2003). *Diccionario de Diccionarios*. <https://ilg.usc.gal/ddd/index.php> [Data de consulta: novembro 2024].
- DDGM = González Seoane E. (coord.), Álvarez de la Granja, M. e Boullón Agrelo, A. I. (2006-2022). *Diccionario de diccionarios do galego medieval*. <http://ilg.usc.gal/ddgm/index.php>.
- DFGC = López Taboada, C. e Soto Arias, M. R. (2020). *Diccionario de fraseoloxía galego-castelán castelán-galego*. Xerais.
- DLE = Real Academia Española (2014). *Diccionario de la lengua española*. (23ª ed.). Espasa.
- DRAG = González González, M. (dir.) (s. d.). *Diccionario da Real Academia Galega*. Real Academia Galega. <https://academia.gal/diccionario> [Data de consulta: novembro 2024].
- Du Cange, C. F. (1733). *Glossarium ad scriptores mediae et infimae latinitatis*. Oliva Caroli Osmont.
- Ferreiro, M. (1999). *Gramática Histórica Galega I. Fonética e Morfosintaxe*. Laivento.
- Ferro Ruibal, X. (1987). *Refraneiro Galego Básico*. Galaxia.
- Ferro Ruibal, X. (2006): Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas. *Cadernos de fraseoloxía galega* 8, 179-265.
- Fidalgo, E. (2002). *As Cantigas de Santa María*. Xerais.
- Fidalgo, E. (coord.) (2003). *As Cantigas de Loor de Santa María*. Xunta de Galicia. http://www.cirp.es/pub/docs/argamed/cantigas_loor.pdf.
- Figueiredo, C. (1913). *Novo dicionário da língua portuguesa*. Editora de A. M. Teixeira.
- Gaffiot, F. (1934). *Dictionnaire Latin-Français*. Hachette. <http://micmap.org/dicfro/search/gaffiot/ocam> [Data de consulta: xaneiro 2025].
- García de Diego, V. (1943). *Contribución al Diccionario Hispánico Etimológico*. Instituto Antonio de Nebrija (CSIC).
- García de Diego, V. (1984 [1909]). *Elementos de Gramática Histórica Gallega (Fonética-Morfología)*. *Verba*, anexo 23. Universidade de Santiago de Compostela.
- García-Sabell Tormo, T. (1991). *Léxico francés nos cancioneiros galego-portugueses*. Galaxia.
- González García, L. e Soto Arias, M. R. (2016). Galeguismos no español de América: coincidencias semánticas entre unidades fraseolóxicas galegas e do español de América. En M. González González (Ed.), *Lingua, pobo e terra: estudos en homenaxe a Xesús Ferro Ruibal* (pp. 245-301). Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

- HT = Afonso X (copia de 1350): *Historia troiana*. Edición de K. M. Parker (1975). Instituto Padre Sarmiento.
- Lairón, A. (ed.) (2001). *Libre de diverses statuts e ordenacions fets per lo consell de la vila de Algezira*. Universitat de València.
- Leite de Vasconcellos, J. (1896). Dialectos alemtejanos (Contribuições para o estudo de dialectologia portuguesa). *Revista Lusitana*, IV, 13-77.
- L'Hermite-Leclercq, P. (1988). Le reclus dans la ville au Bas Moyen Âge. *Journal des savants*, 3-4, 219-262.
- López Taboada, C. e Soto Arias, M. R. (2008). *Dicionario de Fraseoloxía Galega*. Xerais.
- Lorenzo Vázquez, R. (1977). *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla*. (Tomo II. Glosario). Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- Mejía Ascencio, Z. M. (2014). *Tlauelilocayotl: locos, soberbios y bellacos. Raíces de una Teología franciscana en el Nuevo Mundo* [Tese de mestrado, Universidad Nacional Autónoma de México]. <https://ru.dgb.unam.mx/bitstream/20.500.14330/TES01000722965/3/0722965.pdf>.
- Mettmann, W. (1972) = Afonso X, o Sabio, *Cantigas de Santa Maria*. Edición de Walter Mettmann (Vol. IV: Glossário). Coimbra: Universidade.
- Mettmann, W. (1986) = Afonso X, o Sabio, *Cantigas de Santa Maria*. Edición de Walter Mettmann (Vol. I). Castalia.
- Mettmann, W. (1988) = Afonso X, o Sabio, *Cantigas de Santa Maria*. Edición de Walter Mettmann (Vol. II). Castalia.
- Mettmann, W. (1989) = Afonso X, o Sabio, *Cantigas de Santa Maria*. Edición de Walter Mettmann (Vol. III). Castalia.
- Michaëlis de Vasconcellos, C. (1873). Étymologies espagnoles. *Romania*, II/5, 86-91.
- Michaëlis de Vasconcellos, C. (1895). Fragmentos Etymologicos. *Revista Lusitana*, III, 129-190.
- Monteagudo, H. (2007). A emerxencia do galego-portugués na escrita instrumental. Unha panorámica histórica. En A. I. Boullón Agrelo (Ed.), *Na nosa lyngoage galega: a emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media* (pp. 275-312). Consello da Cultura Galega. Instituto da Lingua Galega.
- Montero Cartelle, E. (2007). La emergencia escrita medieval de los romances centrales (leonés y castellano). En A. I. Boullón Agrelo (Ed.), *Na nosa lyngoage galega: a emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media* (pp. 205-225). Consello da Cultura Galega/Instituto da Lingua Galega.
- Montoya Martínez, J. (1991). *O cancionero marial de Afonso X, o Sabio*. Universidade de Santiago de Compostela.
- Pacheco, J. (1744). *Divertimento erudito para os curiosos de noticias historicas*. Oficina Augustiniana.
- Pardo Ferrín, M. (1959). *Aportación a la historia del Monasterio de Sobrado durante la Alta Edad Media*. [Tese de doutoramento, Universidade de Santiago de Compostela]. [https://corpus.cirp.gal/codolga/files/sobrado_pardo.pdf].

- Pedrosa, J. M. (2011). El Mito de Aracne: Versiones orales y escritas. *Oráfrica*, 7, 131-147.
- Pla Colomer, F. P. e Vicente Llavata, S. (2020). *La materia de Troya en la Edad Media hispánica. Historia textual y codificación fraseológica*. Iberoamericana/Vervuert.
- Ramos Maia Marques, G. N. (2011). *Do vinho de Deus ao vinho dos Homens: o vinho, os Mosteiros e o Entre Douro e Minho*. [Tese de doutoramento, Universidade do Porto]. <https://repositorio-aberto.up.pt/handle/10216/57439>.
- Rodrigues Lapa, M. (1970). *Cantigas D'escarnho e de Mal Dizer*. Galaxia.
- San Pedro, B. (1769). *Arte del Romance Castellano*. Imprenta de Benito Monfort. https://www.larramendi.es/private/es/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1033559.
- Tallgren, O. J. (1907). *Estudios sobre la Gaya de Segovia*. [Tese de doutoramento, Universidade de Helsinki]. <https://ia601306.us.archive.org/12/items/estudiossobrelag00talluoft/estudiossobrelag00talluoft.pdf>.
- TC = Anónimo, (1295). *Crónica Xeral e Crónica de Castela*. Edición R. de Lorenzo (1975). *La traducción gallega de la Crónica General y de la Crónica de Castilla* (Tomo I: *Introducción, texto anotado e índice onomástico*). Instituto de Estudios Orensanos Padre Feijoo.
- TILG = Santamarina, A. (dir.), González Seoane, E. e Álvarez de la Granja, M. (2003-). *Tesouro informatizado da lingua galega*. <http://ilg.usc.gal/TILG/> [Data de consulta: xaneiro 2025].
- TLPGP = Álvarez, R. (coord.) (2014-). *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. <http://ilg.usc.es/tesouro/> [Data de consulta: novembro 2024].
- UC = Ferreiro, M. (dir.) (2018-). *Universo Cantigas. Edición crítica da poesía medieval galego-portuguesa*. <http://universocantigas.gal> [Data de consulta: novembro 2024].
- Vázquez Saco, F. (2003). *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral*. Edición de J. Beloso Gómez et al. Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- XEL = Varela Barreiro, X. (coord.) (2006-2018). *Corpus Xelmírez*. <http://ilg.usc.gal/xelmirez/> [Data de consulta: decembro 2024].
- XH = Afonso X (copia de 1300). *Xeral Historia*. Edición de R. Martínez López (1963). *General Estoria. Versión gallega del siglo XIV. Ms. O. I. I. del Escorial*. Publicacións de Archivum.